

**ACTA NÚM. 7 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE ABRIL DE 2016.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:30 horas** do día **28 de abril de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes:

Sesión extraordinaria do día 15 de marzo de 2016 (acta núm. 4/16).

Sesión extraordinaria do día 29 de marzo de 2016 (acta núm. 6/16).

2. Solicitud de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM para o sinalamento de aliñacións na N-525. Tramo I. Núcleo da Susana.

3. Solicitud de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual da OE-5 Galeras, no ámbito do antigo hospital.

4. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2. Grupo de Vivendas San Ignacio de Loyola.

5. Aprobación definitiva do estudo de detalle para a rehabilitación de fachada en bloques de vivendas na rúa de Carlos Maside.

6. Aprobación da adhesión do Concello á Red Española de Ciudades por el clima.

7. Aprobación dos Estatutos da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago.

8. Constitución do Consello Municipal de Medio Ambiente.

9. Aprobación inicial da ordenanza de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos.

10. Proposta de creación da Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.

11. Resolución de alegación, e aprobación definitiva do Regulamento do Consello Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela.

12. Resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do orzamento e cadro de persoal do Concello para o ano 2016.

13. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a adopción de medidas para mellorar a información das incidencias de tráfico polas obras.

14. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a implantación de novos servizos de telecomunicación no lugar de cabinas telefónicas.

15. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a mellora de información e acceso ao bosque de Galicia e cidade da cultura.

16. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación a obras a levar a cabo nos barrios Amio-San Lázaro.

17. Designación dun/unha concelleiro/a no Pleno da Mancomunidad da Comarca de Compostela.

18. Solicitude do grupo municipal do BNG, de comparecencia do alcalde.

19. Solicitude do grupo municipal do Partido Popular, de comparecencia do concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade.

20. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.

21. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

22. Rogos e preguntas.

23. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Alcalde: Boa tarde a todos e a todas, antes de dar comezo coa orde do día, dúas cuestións, hoxe tivemos antes do pleno, xunta de portavoces, e acordouse facer unha mención especial e un recoñecemento do conxunto da Corporación ao Padre Isorna,

bueno mostrando o pesar do conxunto dos grupos municipais polo seu falecemento, e o recoñecemento público por unha traxectoria na que moitos e moitas nos sentimos reflectidos, e acordamos facelo constar ao inicio da sesión e que constará na acta como recoñecemento do conxunto dos grupos.

E antes de pasar de pasar a tratar os asuntos da orde do día, toca por desgraza, gardar o minuto de silencio que vimos gardando dende que se acordou, terían que ser este mes catro minutos de silencio, mantemos o minuto de silencio simbólico polos asasinatos machistas que aconteceron ao longo deste mes, que por desgraza, son catro no conxunto do estado.

Así que imos comezar co minuto de silencio.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES:

Alcalde: Empezamos co primeiro punto da orde do día.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Unha cuestión de orde señor alcalde de acordo co artigo 67.

Pasaron dez meses deste goberno e observamos, señor alcalde, un reiterado incumprimento dos acordos do pleno, das proposicións, tamén das mocións.

O Sr. Alcalde, señor Noriega, afirmou e afirma continuamente que escoitaría, que traballaría para acadar consensos durante a campaña, no programa electoral, ao longo destes dez meses, encheron todos vostedes as súas bocas desas verbas.

Recuperar a centralidade do pleno do concello como órgano decisorio, literal do voso programa.

Que o pleno garanta a capacidade propositiva dos grupos municipais, tamén literal do programa de Compostela Aberta.

Moitas verbas en definitiva, pero tamén é certo que ningún feito.

O derradeiro incumprimento que nos consideramos moi grave foi no pleno do mes de febreiro. Acordamos neste pleno, ao respecto da tramitación da nave 5, a realización dun procedemento de audiencia, era unha moción do Partido Popular, é certo, aprobada co consentimento do goberno. Os membros do goberno abstivéronse, asistiron nove concelleiros de Compostela Aberta, é certo que faltou un de vostedes.

O certo é que co voto de calidade do alcalde poderían ter rexeitado ese acordo, ou non saben o que votan, ou desprezan o resultado das votacións.

Cuestións as dúas na nosa opinión moi graves.

O acordo deixaba meridianamente clara a audiencia como paso previo para tramitar ese expediente, que por certo, vai na liña da transparencia e da participación, que tanto din que practican vostedes.

Aprobaron o prego sen audiencia o pasado venres. Polo tanto a vista dese desprezo, á vista desa actitude en relación coa vontade soberana dos veciños representados neste salón de plenos, e para facer constar na acta o noso malestar e o noso rexeitamento a esta forma de entender a democracia, en base ao artigo 65 do Regulamento, imos retirar todas as mocións e tamén, este grupo municipal, lamentablemente, teño que dicir, abandonará o pleno ao inicio do debate das mocións, por suposto, co máximo respecto tanto aos compañeiros do PSdeG-PSOE e do BNG que presentan mocións, como tamén a estes colectivos que hoxe traen as súas inquiredanzas a este salón de plenos.

Nós non imos participar de debates estériles, non imos participar en paripes, non imos debater a sabendas de que os acordos e as votacións, os resultados son ignorados polo señor alcalde.

Que quede claro señor Noriega que o único causante desta situación é vostede, coa súa actitude antidemocrática, en todo caso, sinceramente e coa máxima humildade, prégoille que reflexione e mude o seu comportamento, faga de alcalde de todos, tamén dos votantes e dos concelleiros do Partido Popular, e tutele o cumprimento de todos os acordos.

Moitas grazas.

Alcalde: Bueno señor Agustín Hernández que conste en acta a súa intervención.

Non direi que me agrada, dende o punto de vista do debate democrático a retirada do debate das súas mocións. Dende o punto de vista da intensidade do pleno, provócame un certo alivio.

Dito isto, e o digo dende o máis profundo respecto, volvo a reiterar que o máis importante que conste en acta o seguinte:

“Téñolles advertido en xunta de portavoces do que son as competencias de cada órgano de goberno no Concello de Santiago, e pesar de telos advertido do que son as competencias que están reguladas no pleno, na xunta de goberno e alcaldía, hai unha

certa permisividade á hora de debater todo tipo de temas nesta sesión plenaria, sempre que quede blindada a competencia de cada quen.

Hai asuntos que son debatidos por esta Corporación Plenaria, onde claramente, na parte resolutiva dise en exercicio desas competencias, “instar ao grupo de goberno no exercicio das súas competencias”. Nós estamos dispostos a debater todo, incluso, creo que estamos a ser moi laxos, porque aquí se están a debater cousas que poderían ser rogos. Cuestións e aparecen así no textos, que non son competencia plenaria, pero facémolo, porque entendemos que o pleno é o máximo órgano, e hai dereito polo menos a tratar os asuntos, outra cousa é que esteamos dispostos, dalgunha maneira a que se faga unha invasión no exercicio das competencias de cada órgano, tanto da alcaldía, como de grupo de goberno, e iso xa o teño dito, tanto en xunta de portavoces, como aquí, que conste en acta que iso non estamos dispostos.

Moitas veces facemos abstencións de asuntos da orde do día, que entendemos que non son competencia plenaria, e non estamos a impedir que se debatan, porque ese debate xa se iniciou ao inicio da lexislatura, e xa se dixo, que nunha corporación onde non existen maiorías absolutas, a cuestión competencial é sensible. Non quixen en ningún momento, alimentar o xogo, sobre a cuestión de que se esta a evitar o debate dos asuntos, podemos tratar de todo tipo de cuestións, pero sentímonos vencellados polos acordos que verdadeiramente son competencia de pleno, polo resto, sentímonos orientados ou condicionados, pero se vostedes entenden que ten que existir outra maioría de goberno alternativa, que exerceite as competencias de Xunta de Goberno e da Alcaldía, teñen tamén, métodos democráticos para impulsalas, e para conseguir eses acordos que vostedes senten vulnerados.

Dígollo dende o máximo respecto, e dende o coñecemento da administración local, máis alá do que poden ser, escenografías ou paripes políticos, que tamén é a miña opinión do que vostedes están a facer.

Dígollo dende o máximo respecto, a unha persoa que me consta que coñece a administración. Coñece as competencias que aparecen reguladas na administración local para cada órgano, sabe que asuntos vinculan ou vencellan a cada parte, e nese sentido, é consciente diso, outra cuestión é que pretenda que todos os asuntos, e todas as competencias que aparecen reguladas dentro da administración local, ou dentro dos propios regulamentos pois non sirvan e todos os asuntos teñan que estar vencellados a dinámica plenaria, entón aí, verdadeiramente, estaríamos a alterar as regras do campo de xogo, e eu a iso si que non estou disposto.

Polo tanto, bueno, que conste tamén esa aclaración, porque da a sensación de aquí se están facendo incumprimentos de cuestións competencias deste pleno, cando non é así.

Os procedementos de licitación son procedementos regulados, aquí as mesas, en todos os pregos hai mesas con presenza de todos os grupos.

Aquí hai unhas cuestións que se chaman competencias da alcaldía, outras que se chaman competencias da Xunta de Goberno, e outras que se chaman competencias da Corporación, que están tamén regulamentadas por lei, e polo Regulamento orgánico, e eu seino ao igual que vostede o sabe.

Se quere facer unha escenografía sobre outro tipo de cuestións, está no seu dereito señor Agustín Hernández.

Eu lamento, e aprendo en cada pleno, a pesares de que cheguemos as doce da noite de todos os posicionamentos. Incluso non son impermeable aos mesmos, dáme que pensar.

Se vostede pretende aforrarnos ese exercicio de auto reflexión que a min me provoca o debate na sesión das mocións e retiran os asuntos, bueno, eu o lamento, pero pediríalle que reconsiderara a súa situación, ao igual que este anuncio que hoxe fai aquí na orde do día, e eu lle pido que considere a súa situación e que debata os asuntos, independentemente de que poidan existir discrepancias políticas, ou poida facer constar, porque eu creo que unha cousa non está reñida coa outra.

Unha vez aclarada esa cuestión de orde e ese posicionamento, pasaríamos ao que é aprobación das actas correspondentes e logo tamén as intervencións solicitadas por parte de diferentes colectivos de intervención na sesión plenaria vencellados a asuntos que trataremos logo, xustamente no que é o debate das mocións.

Pasamos logo a aprobación das actas que corresponden á sesión extraordinaria do día 15 de marzo de 2016, que é acta núm. 4/16, e a sesión extraordinaria do día 29 de marzo de 2016, que é acta núm. 6/16.

Algo que engadir, algo que corrixir ás actas.

Foron aprobadas por unanimidade as actas correspondentes, á sesión extraordinaria do día 15 de marzo de 2016 (acta núm. 4/16), e a sesión extraordinaria do día 29 de marzo de 2016 (acta núm. 6/16).

Antes de pasar ao punto número da orde do día, como saben, hai dúas peticións de intervencións por orde cronolóxico, por unha parte a de Ricardo Méndez Crespo en representación do comité de empresa de Urbaser, e logo está, a de Luís Magariños Iglesias, estes dous cidadáns van a facer a súa intervención vencelladas a asuntos que van ser tratados no debate das mocións, pero como é habitual nestes últimos meses, e as intervencións e o que é a fixación da posición de cada quen faise ao inicio da sesión.

Polo tanto chamamos a Ricardo Méndez Crespo, a facer uso da súa palabra, en representación do Comité de empresa de Urbaser, por unha moción que logo se vai debater, e presentada polos compañeiros do BNG.

O tempo da intervención son tres minutos.

Don Ricardo Méndez Crespo: Boas tardes a todos.

Antes de nada quixera agradecer a Corporación Municipal a oportunidade que me dan para expoñer neste pleno, o problema que vimos padecendo neste pleno dende fai anos os traballadores de Urbaser, empresa responsable da recollida do lixo e da limpeza viaria da nosa cidade.

Os traballadores de Urbaser xa temos falado tanto co responsable municipal do actual goberno como cos anteriores, expoñéndolles o problema da recollida no casco histórico de Compostela, principalmente no Franco, rúa da Raiña, rúa do Vilar, rúa Nova, rúas nas que se concentra o maior volume de negocio de hostalería.

Problema que a día de hoxe aínda non se atallou, e que esta dando lugar a unha mala imaxe da cidade, cara aos veciños e veciñas que viven nesas rúas, cara a cidadanía de Compostela, e sobre todo, de cara ao sector turístico.

Imaxe que a nosa cidade non se merece, e que polo tanto, tampouco nos merecemos os traballadores de Urbaser.

Levamos anos realizando a limpeza desa zona, aguantando o incivismo duns poucos que tanto está a prexudicar ao noso traballo, cargando bolsas tiradas no chan, e de calquera maneira, en vez de usar os contedores de lixo, bolsas que acaban rompendo polo sobrepeso, emporcando toda a rúa con cristais rotos, graxas, restos de comida, etc.

Isto que parece unha tontería, supón para o noso traballo diario un grave risco para a nosa saúde, xa non só polos riscos que temos que padecer, cortes, pinchazos, caídas, e mesmo risco bacteriolóxico xa habitual na nosa profesión, pero tamén, supón un risco para os veciños e veciñas desas rúas.

Xa temos falado deste problema coa dirección da nosa empresa, os cales nos remiten ao concello, xa que eles nada poden facer, para obrigar a aqueles e aquelas a que cumpran a normativa municipal.

Xa temos falado co concello e mesmo coa asociación de hostalería de Compostela, pero tanto uns coma os outros, parecen que non queren asumir a súa parte de responsabilidade.

O concello fai uns anos que ten unha normativa municipal, onde se regula o uso de contedores, normativa que por desgraza non se está a cumprir, e que parece que non se quere facer cumprir, nin dende este goberno nin dos anteriores.

Non podemos tolerar que o incivismo duns poucos prexudiquen á maioría da cidadanía de Compostela, aos traballadores que limpamos a rúa, e todos e a todas os que se acercan a nosa cidade para contemplala.

Queremos unha Compostela limpa, unha Compostela que sexa un exemplo pola súa limpeza, que se poida pasear todos os días polas súas rúas, tanto de día como de noite.

Queremos un traballo digno e con garantías para a nosa saúde no día a día.

Moitas grazas, por permitirnos a intervención.

Alcalde: Moitas grazas Ricardo pola túa intervención e por expoñer as razóns da mesma, logo debateremos a moción presentada polo BNG na quenda correspondente, para posicionarnos o conxunto da corporación sobre este tema.

Convidámosvos a permanecer, será debatida máis tarde.

Toca agora a quenda de Luís Magariños Iglesias en representación dunha iniciativa cidadán para facer unha proposta de cambio de nome do Auditorio, tamén será unha proposta que será logo debatida máis tarde.

Don Luís Magariños Iglesias: Estimados membros do pleno municipal, agradecemos a oportunidade que se nos brinda para intervir neste pleno da nosa condición de veciños de Santiago, e queremos agradecer en primeiro lugar ao grupo do BNG o seu apoio e asesoramento para tramitar esta iniciativa, sen o cal hoxe non podería ser abordada.

Agradecemos tamén ao resto dos grupos PSdeG, Partido Popular e Compostela Aberta, cos que mantivemos reunións nos últimos meses sobre este asunto, e todas foron moi cordiais, e a oposición foi bastante receptiva coas nosas propostas.

A iniciativa que queremos presentar hoxe aquí sería de cambio de nome, efectivamente, do Auditorio de Galicia, para Auditorio Nacional de Galicia, ou Galiza, non entramos no debate sobre o termo “Galicia” ou “Galiza”, esa sería unha cuestión para abordar posteriormente, e a nos en principio tanto nos daría.

Mediante a agregación do adxectivo nacional ao nome actual. Non sería, polo tanto exactamente un cambio de nome, senón unha modificación nominativa coa idea de reforzar esa proxección simbólica, que esta institución cultural de primeiro nivel, non só para Santiago, senón para o conxunto de Galicia.

A finais dos 80 cando se inaugurou, sendo alcalde o señor Xerardo Estévez, pois é o único auditorio que existe en Galicia que ten o nome do país e non da cidade na que está instalado.

Tampouco queremos entrar aquí sobre cuestións nominativas, sobre nacionalidade, nación, nacional, creo que iso está bastante resolto nos textos xurídicos.

O Estatuto de Autonomía define a Galicia como nacionalidade no artigo 1, e a propia Constitución Española.

De feito sen ir máis lonxe, o día 25 de xullo é oficialmente denominado, como o día nacional de Galicia, así está no DOG nos decretos que se aproban cada ano.

Polo tanto, a semántica sobre os termos nación-nacionalidade, propoñemos retomar as palabras do expresidente Fraga cando dicía, na ponencia constitucional no 78 “que el hecho indiscutible de que nación y nacionalidad es lo mismo”.

Pensamos, tamén, que o custe económico deste cambio de denominación do Auditorio sería moi reducido. A rotulación do edificio pode facerse aproveitando unhas obras, e os folletos, papelería, etc, unha vez que se agoten as existencias actuais é cuestión de renovar, é dicir, o custe é inexistente a ese nivel.

Propoñemos, polo tanto que o Auditorio de Galicia, pase a chamarse Auditorio Nacional de Galicia, pois consideramos que esta medida de baixo custe e fácil implementación, axudaría, como xa comentamos, a elevar a proxección simbólica e prestixio da institución como tal, do propio Auditorio e de Santiago de Compostela como capital cultural e política de Galicia.

Estamos seguros tamén de que isto iría contribuír para o aumento da expectación, pola atracción de máis público nos concertos e eventos, e outros actos que alí se realicen.

Grazas.”

Alcalde: Moitas grazas pola túa intervención. Debateremos logo a proposta do BNG, que propón abrir un debate sobre a cuestión na xunta de portavoces.

Pasamos logo, unha vez atendidos os requirimentos de participación veciñal, a continuar coa orde do día, entrariamos do punto dous ao punto cinco en asuntos de urbanismo.

2. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. NÚCLEO DA SUSANA.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística con data 7 de abril de 2016, que trae o conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“A modificación formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co obxecto de establecer as aliñacións definitivas dos terreos que dan fronte á estrada estatal N-525, no tramo urbano que atravesa o núcleo de A Susana (puntos quilométricos 332+150 - 332+513 na marxe esquerda, e 332+150 - 332+494 na marxe dereita)

1. PLANEAMENTO VIXENTE

No tramo de referencia, o vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) establece as aliñacións dos terreos lindantes a unha distancia xenérica de 12,5 metros dende o eixe da estrada, o que supón unha sección total de 25 metros entre aliñacións.

Non entanto o anterior, a disposición transitoria 16ª do Plan xeral, nomeada “**Liñas de edificación nas estradas do Estado**” sinala o seguinte:

“Nas estradas de competencia estatal N-550 e N-525 as determinacións referentes ás liñas de edificación contempladas no Plan xeral entenderanse como orientativas á espera da resolución definitiva do expediente de delimitación que desenvolva a regulación da excepcionalidade á que se refire o art. 25.2 da Lei 25/1988 de estradas; en tanto non se produza dita resolución tódalas actuacións estarán ao que resolvan as preceptivas autorizacións da administración de estradas.

2. NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

O artigo 33 da vixente *Lei estatal 37/2015, do 29 de setembro, de estradas* –que substitúe ao antigo 25 da Lei 25/1988, de estradas do Estado–, sitúa a liña límite de edificación nas estradas convencionais e multicarril a unha distancia de 25 metros, medidos dende a aresta exterior da calzada máis próxima.

Porén, o mesmo artigo 33, no seu apartado 3, prevé a *excepcionalidade* de que o Ministerio de Fomento poida autorizar, por razóns xeográficas ou socioeconómicas e en

tramos perfectamente delimitados unha distancia inferior, previo informe (non vinculante) das comunidades autónomas e das entidades locais afectadas.

Artigo 33 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas (vixente dende o día 1.10.2015):

1. (...) A ambos lados de las carreteras del Estado se establece la línea límite de edificación, que se sitúa a 50 metros en autopistas y autovías y a 25 metros en carreteras convencionales y carreteras multicarril, medidos horizontal y perpendicularmente a partir de la arista exterior de la calzada más próxima. La arista exterior de la calzada es el borde exterior de la parte de la carretera destinada a la circulación de vehículos en general.

La franja de terreno comprendida entre las líneas límite de edificación establecidas en las respectivas márgenes de una vía se denomina zona de limitación a la edificabilidad. Queda prohibido en esta zona cualquier tipo de obra de construcción, reconstrucción o ampliación, incluidas las que se desarrollen en el subsuelo, o cambio de uso, a excepción de las que resultaren imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las construcciones o instalaciones ya existentes.

(...)

2. A los efectos de lo dispuesto en el anterior apartado, los nudos viarios y cambios de sentido, las intersecciones, las vías de giro y los ramales tendrán la línea límite de edificación a 50 metros medidos horizontal y perpendicularmente desde la arista exterior de la calzada en cada caso.

3. El Ministerio de Fomento, previo informe no vinculante de las comunidades autónomas y entidades locales afectadas a emitir en un plazo no superior a dos meses, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o tramos perfectamente delimitados.

O Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas –cuxa vixencia mantén a disposición final 1ª da actual Lei de estradas–, tamén habilita ao Ministerio para establecer a liña límite de edificación a unha distancia inferior nas zonas urbanas, sempre que o planeamento urbanístico o permita, e a través dun procedemento que se integra polos seguintes trámites:

1. Delimitación provisional pola Dirección Xeral de Estradas
2. Información pública por prazo de 30 días soltos, con publicación de anuncio no Boletín Oficial do Estado, e audiencia ás Comunidades Autónomas e ás Entidades Locais afectadas.

3. Resolución definitiva polo Ministerio.

Artigo 85 do Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas:

Casos especiais

1. Con carácter general, en las carreteras estatales que discurran total o parcialmente por zonas urbanas, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el artículo anterior, siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, con arreglo al procedimiento que reglamentariamente se establezca (artículo 25.2).

2. Asimismo, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente, previo informe de las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o comarcas perfectamente delimitadas (artículo 25.3).

(...).

4. A efectos de lo previsto en los apartados 1 y 2 del presente artículo, la Dirección General de Carreteras determinará provisionalmente la línea límite de edificación y someterá el correspondiente estudio de delimitación a información pública, por el plazo de treinta días hábiles que se anunciará en el «Boletín Oficial del Estado», a fin de que cualquier persona física o jurídica pueda formular las alegaciones que estime pertinentes.

Simultáneamente, dicha Dirección General remitirá a las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, el referido estudio de delimitación, a fin de que, en dicho plazo y un mes más, se manifiesten.

En caso de conformidad, o si las Comunidades Autónomas o las Entidades locales no contestasen en el plazo mencionado, el expediente se elevará al Ministro de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente para su resolución definitiva.

En el supuesto de disconformidad, se procederá con arreglo a lo indicado en el párrafo segundo del apartado 1 del artículo 10 de la Ley de Carreteras y 33 de este Reglamento.

3. NECESIDADE E CONVENIENCIA DA MODIFICACIÓN

A presente Modificación obedece á necesidade de fixar de xeito definitivo as aliñacións do tramo da estrada N-550 que atravesa o núcleo urbano da Susana, en coherencia coa liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, todo elo de conformidade coa normativa sectorial aplicable, anteriormente referenciada, e co establecido pola DT 16ª do PXOM.

En outubro de 2011 o Concello de Santiago instou da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia o inicio do procedemento aplicable para a delimitación da liña límite de edificación, no tramo da estrada N-525 correspondente ao núcleo da Susana. Nas reunións mantidas entre os técnicos municipais e os da Demarcación, formulouse por estes unha proposta alternativa, consistente en fixar unha distancia orientativa de 17,50 metros dende o eixe da estrada, tal e como se reflicte na acta da reunión que tivo lugar o día 22 de marzo de 2013.

Con data 23 de abril de 2014 o Concello remitiu ao Ministerio de Fomento o proxecto de Modificación puntual do Plan xeral, elaborado polos servizos técnicos municipais, para os efectos de que pola administración titular da estrada se iniciase o procedemento de delimitación regulado polo artigo 85.4 do Regulamento da Lei de estradas do Estado.

Cumpridos os trámites esixidos polo artigo 85 do Regulamento xeral de Estradas, o Secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, mediante resolución de data 8 de febreiro de 2016, aprobou definitivamente o expediente de Modificación da liña límite de edificación no tramo da estrada N-525 comprendido entre os seguintes puntos quilométricos (LLE-5-C-2014):

- na marxe esquerda, PP-KK 332+150 ao 332+513
- na marxe dereita, PP.KK 332+150 ao 332+494

A través da presente Modificación preténdese incorporar ao planeamento urbanístico xeral as aliñacións que resultan da nova liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, axustando o planeamento municipal á nova liña de edificación definitivamente aprobada en febreiro de 2016 consonte á normativa sectorial de estradas.

4. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

De conformidade co autorizado pola administración titular da estrada, a aliñación resultante sitúase con carácter xeral a 17,5 metros do eixo da estrada, o que garante unha sección total para o sistema viario público de 35 metros entre aliñacións enfrontadas. Isto supón unha sección maior que a prevista no vixente Plan xeral (25 metros entre aliñacións), pero inferior á que resultaría de aplicar a liña límite de

edificación establecida con carácter xeral na Lei de estradas (25 metros a cada lado da aresta exterior da explanación)

No tramo no que se desdoubrou a traza orixinal da N-525, e seguindo as instrucións dos técnicos da Demarcación, suprimense as aliñacións fixadas con fronte á dita variante, manténdose unicamente a a liñación fronte á vía que realmente deu soporte á edificación, que é a que corresponde á traza primitiva da estrada N-525.

No ámbito suxeito á aplicación da ordenanza 11 (núcleos tradicionais incorporados ao solo urbano), a Demarcación fixou a mesma liña límite da edificación, e non acolleu a proposta municipal de manter a liña da edificación existente. En consecuencia, as edificacións afectadas quedan sometidas ao réxime que define o artigo 33.1, apartado 2º da Lei de Estradas, asimilable ao de fóra de ordenación.

No plano 6 do documento apréciase con claridade a diferenza entre as aliñacións previstas no PXOM vixente e as que se propoñen nesta Modificación.

5. SOLICITUDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Modificación, en canto afecta ao sinalamento de aliñacións do PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do Plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- Solicitud de inicio da avaliación ambiental simplificada
- Borrador da Modificación proposta
- Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:
 - a) *Los objetivos de la planificación.*
 - b) *El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
 - c) *El desarrollo previsible del plan o programa.*
 - d) *Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
 - e) *Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
 - f) *Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
 - g) *La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
 - h) *Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
 - i) *Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
 - j) *Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan.*

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo -isto é, o da administración pública competente para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística (artigo 123.1.i)

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha Modificación do plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno

Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a adopción dos distintos acordos que integran o procedemento de aprobación do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou, en abril de 2016, o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** da Modificación puntual do PXOM para o sinalamento de aliñacións na N-525. Tramo I. Núcleo da Susana.
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, segundo consta no informe asinado o 6 de abril pola arquitecta da Sección Municipal de Planeamento.
3. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación do órgano competente.
4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM para o sinalamento de aliñacións na N-525 (Tramo I - Núcleo da Susana), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2016.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados no artigo 30 da LAA.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Alcalde: Jorge Duarte a túa quenda, eu vou seguir minutando segundo o que aparece no regulamento orgánico, é certo, que dada a intensidade dos asuntos a tratar e a cantidade, bueno pregamos, se podedes, como diría o señor Brunete, pois ser parcos en palabras, ou limitados, sintéticos, etc.

Creo que non era “parco” Brunete, “lacónico”.

Don Jorge Duarte Vázquez: Moi boas tardes a todos e a todas, vou intentar ser claro e sinxelo explicando máis que lacónico.

Este primeiro punto que traemos é a solicitude de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM para sinalar aliñacións no núcleo de Santa Susana.

Nese núcleo hai uns terreos que dan fronte á estrada N-525, e que a raíz da petición dalgunhas licenzas, xenerase un problema, que dende aquí, de oficio polos servizos técnicos municipais, se intenta regular.

No vixente plan xeral establece unha separación entre aliñacións no fronte a esta vía de 25 metros entre aliñacións, 12,5 dende o eixe, sen embargo, aínda que iso é o que establece o plan xeral, na disposición transitoria 16 do plan xeral, nomeada “liñas de edificación nas estradas do estado” di que se entenden como orientativas á espera da resolución definitiva do expediente de delimitación que ten que facer o Ministerio de Fomento.

Polo tanto, aínda que hai unhas aliñacións fixadas no plan, realmente mentres non aprobe o Ministerio de Fomento esas liñas, séguese mantendo a normativa sectorial aplicable, que neste caso sitúase a 25 metros en estradas convencionais e estradas multicarril, medidas horizontalmente e perpendicularmente a partir da aresta exterior da calzada máis próxima, co cal serían 35 metros dende o eixe, que fai que todas as ordenacións estean fora de ordenación nese vial.

O Real Decreto que regula, 1812/1994, que aproba o Regulamento xeral de estradas di que isto poderase reducir a través dunha delimitación provisional pola Dirección Xeral de Estradas, cunha resolución definitiva do Ministerio de Fomento.

Como dicíamos a raíz dunhas peticións de licenzas, que se solicitan neste núcleo, hai unha necesidade de fixar dunha forma, dun xeito definitivo, as aliñacións neste tramo de estrada no núcleo da Susana, en coherencia coa liña *límite de edificación autorizada pola administración titular, de tal forma que poidamos reducir ao que di a lei sectorial de estradas e poder adaptala, en principio, ao que fixa o plan.*

En outubro de 2011 o Concello instou á Demarcación de Estradas do Estado o inicio do procedemento de aplicación para a delimitación. Despois de distintas reunións e intentar fixar ese límite en 12,5 metros, que era o que fixaba o plan xeral onde non hai edificacións, chegouse a un acordo, o único acordo posible no seu momento co Ministerio de Fomento, o 22 de marzo de 2013, en fixar unha alternativa de 17,5 metros dende o eixe da estrada.

Iniciouse a tramitación da modificación puntual e o 23 de abril de 2014, o proxecto de modificación puntual do plan xeral foi iniciada a aprobación, por parte da Dirección Xeral de Estradas.

Con resolución definitiva do 8 de febreiro de 2016, que aproba unha nova liña límite de edificación na cal se establecen eses 17,5 metros, que son máis dos que fixaba e sobre todo, tampouco respecta o que había no núcleo tradicional, no ámbito do núcleo tradicional.

Polo tanto, a través da presente modificación, preténdese incorporar ao planeamento urbanístico xeral as aliñacións que resultan da nova liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, axustando o planeamento municipal á nova liña límite de edificación definitivamente aprobada en febreiro de 2016.

Esta proposta que hoxe traemos aquí, non é a que nos gustaría traer como definitiva, porque entendemos que o Ministerio de Fomento, a Demarcación de Estradas, neste caso, debería recoller as peticións do Concello, e naquela parte de núcleo tradicional ter aceptado a liña de delimitación da nosa proposta que sería conservar a edificación proposta no núcleo, e no resto entendemos que a proposta é de 12,5 metros era a máis conveniente.

De todas formas entendendo que hai peticións de veciños dende fai de cinco anos que están desexando poder construír as súas vivendas, e ás cales, esta liña de límite de edificación proposta polo Ministerio na actualidade lles vale, entendemos que é o momento de iniciar este expediente, aínda que non esteamos totalmente de acordo coa delimitación fixada por Estradas, e pretendemos seguir dialogando con eles, porque o que hoxe facemos é iniciar o expediente de avaliación ambiental.

O expediente de avaliación ambiental estratéxica que hoxe traemos para iniciar, contéplanse tres alternativas:

Unha que sería deixar o planeamento como estaba, respectando as aliñacións vixentes no núcleo tradicional, e deixando o resto en 12,5.

Outra proposta que sería, o desprazar a 25 metros dende o eixe da estrada, que son máis de 35 dende o eixe.

E esta que é unha postura intermedia, que nos serviría para desbloquear o caso destas licenzas que están en tramitación.

Como dicía non é a mellor proposta para nos, entendemos que hai que respectar ás vivendas tradicionais do núcleo, e entendemos que deberíamos seguir apostando por iso.

De todas formas tráese agora, porque esas vivendas tradicionais, calquera actuación que se queira facer entre os 17,5 a liña da estrada, seguiría a estar fora de ordenación.

Polo tanto, é un avance, aínda que non a solución que nos gustaría.

Iniciamos o expediente de avaliación ambiental así coas tres opcións, e propoñemos a que hai un acordo con Fomento para levala adiante, con 17,5, pero non renunciámos durante este proceso a poder reducir a aliñación a 12,5 e ademais a axustala onde está o núcleo tradicional ao borde da edificación existente.

Alcalde: Grazas Jorge, Rubén a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Eu para cumprir cos tempos, que falamos pola mañá, medio minuto simplemente.

Como comentaba o concelleiro a xuízo do Bloque Nacionalista Galego sería moito máis positivo eses 12,5, que estes 17,5, é unha evidencia.

Agora entendemos que o concello fixo o que tiña que facer neste caso, que a última palabra lle corresponde ao titular desa estrada, neste caso o Ministerio de Fomento, e polo tanto entendemos que é a solución posible neste momento, que como comentaba o concelleiro, e coincidimos con el, pois aínda que non responde a todas as nosas expectativas, dende logo supón un paso cara adiante para aqueles veciños e veciñas desa zona do noso concello que teñen unhas expectativas de construción inmediata e que durante os últimos anos non as puideron levar cara diante.

Polo tanto, parécenos positivo que se poida aprobar canto antes esta solución, que como digo, é mellor co que había, pero que aínda queda lonxe do que nos entendemos que sería a solución óptima, polo tanto, imos votar favorablemente.

Alcalde: Grazas Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, moi boa tarde compañeiras e compañeiros de corporación.

Si me gustaría antes de entrar no fondo deste asunto, dicir que, a nosa participación no mantemento das nosas proposicións e mocións e o debate das mesmas, non prexulga que coincidamos na avaliación que fai o señor alcalde das consecuencias xurídicas dos acordos do pleno, pero nos si que mantemos as nosas mocións e proposicións.

Quero dicir, que estas aliñacións das que falaba o concelleiro de espazos urbanos, eran no seu momento provisionais, e a verdade é que estaban pendentes da aprobación definitiva polo Ministerio de Fomento, en base a un estudo do devandito Ministerio.

En base a iso, e tendo en conta a reserva, de que a adopción de acordo neste caso non vai prexulgar nin vai vincular ao acordo futuro sobre a aprobación inicial do plan, nós votamos a favor desta proposta.

Alcalde: Grazas señor Paco Reyes, Teresa a súa quenda.

Dona Teresa Gutiérrez López: Boas tardes.

Por tratarse dunha modificación necesaria para axustar as aliñacións a un ámbito afectado por unha estrada estatal e tendo en conta que mentres non se produza este axuste, non é posible tramitar licenzas neste ámbito, mostramos o noso acordo.

Máis cando, primeiro, trátase dun axuste necesario, tal e como prevé o plan xeral na súa transitoria décimo sexta.

Segundo, se consegue, que en vez dos 25 metros establecidos de forma xeral para este tipo de vías dende o borde exterior da calzada se fixe en 17,5 metros dende o eixe da calzada, é dicir, conseguimos ganar 11 metros que se mantén dentro da nova aliñación.

Foi unha negociación realizada durante o goberno do Partido Popular que beneficia aos habitantes do núcleo rural, e que se materializou xa na resolución do Ministerio de Fomento do 8 de febreiro deste ano que aproba definitivamente a modificación da aliñación iniciada a instancias do noso grupo municipal durante o goberno anterior.

Agora só queda, que o plan xeral se axuste a esta aliñación que xa como dixemos esta aprobada, e polo tanto, manifestamos o noso acordo, con que se inicie o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Estamos de acordo co documento estratéxico e o borrador de modificación do plan, elaborado pola xefa de planeamento, dona Esther Sánchez, e co informe xurídico da xefa de xestión urbanística, dona Pilar Rubín.

Por outra parte, aclarar dous asuntos:

Un, que as vivendas existentes non se ven prexudicadas, é dicir, ás vivendas existentes non lles prexudica o feito de que a aliñación pase por encima das súas vivendas, en cambio, si que permite prever que non se constrúan novas vivendas, o cal redunda no beneficio da seguridade vial que tamén é un factor importante a ter en conta.

Moitas grazas e nada máis.

Alcalde: Grazas Teresa, enténdese debatido o asunto.

Rematado o debate, consonte co informe transcrito ao inicio, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 22 de abril de 2016, o Pleno da Corporación por unanimidade, e acadando polo tanto o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

Primeiro: Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM para o sinalamento de aliñacións na N-525 (Tramo I - Núcleo da Susana), promovida polo Concello de Santiago, xunto co documento ambiental estratéxico e co borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2016.

Segundo: Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados no artigo 30 da LAA.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

3. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA OE-5 GALERAS, NO ÁMBITO DO ANTIGO HOSPITAL.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística con data 8 de abril de 2016, que trae o conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmulase pola Sección Municipal de Planeamento a resultas da encomenda efectuada por providencia do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 27 de outubro de 2015.

O ámbito da Modificación correspóndese coa parcela catastral 7081201NH3478A0001EE, propiedade da Universidade de Santiago (USC), ocupada polo edificio do vello Hospital Provincial, na rúa de Galeras.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) inclúe a parcela no sistema local de equipamento asistencial (AS-36), e na disposición final 3ª da súa normativa remite a ordenación detallada deste ámbito á *Modificación puntual do PXOU e do PE-1 para a creación da ordenanza especial OE-5 (Galeras-Universidade)*, que foi definitivamente aprobada polo Pleno do Concello de Santiago o 16 de xullo de 2001.

Na citada ordenanza especial (OE-5) a parcela afectada pola presente Modificación cualifícase como **equipamento de carácter privado, AS-G**, coas condicións particulares que deseguido se transcriben:

Condicións particulares

Parcela AS.G

A edificación que se consolida é a parte correspondente ao vello Hospital Provincial, tal e como se recolle nos planos de ordenación. Resulta necesario, polo tanto, derrubar as zonas correspondentes aos anexos e engadidos posteriores, e resolver adecuadamente as novas fachadas que resultan da supresión dos volumes que desaparecen.

Manteranse as características construtivas e estruturais do edificio e a súa distribución, admitíndose unicamente aquelas actuacións de rehabilitación, acondicionamento e adaptación que resulten estritamente necesarias para adaptar o edificio aos novos usos propostos.

Admítese a separación funcional da edificación en dúas pezas ou edificios independentes, de acordo co indicado nos estudos tipolóxicos incluídos no anexo II, e sempre que se garantan para cada unha das pezas separadas as condicións de accesibilidade, etc., que resulten esixibles.

A zona cualificada como espazo libre privado que dá fronte á rúa das Galeras será de uso público, sen que poidan instalarse elementos de peche deste recinto, que quedará integrado co espazo público circundante, con independencia do seu carácter de ben privativo.

As zonas libres privadas que dan fronte á nova zona verde serán de uso privativo para o servizo do edificio, e nelas poderán instalarse elementos de peche, que deberán estudarse no propio proxecto do edificio, garantindo a súa correcta integración no conxunto da urbanización.

Usos

En edificio exclusivo autorízanse os usos residencial-comunitario; asistencial e sanitario.

No suposto de que o edificio se organice en dúas pezas funcionalmente independentes, as condicións de uso aplicaranse a cada unha destas pezas, entendendo cada unha delas como edificio exclusivo.

Neste caso, admítase de xeito complementario o uso hoteleiro, ocupando como máximo unicamente unha das dúas pezas.

As condicións volumétricas de edificación son as que se definen graficamente nos planos e alzados de ordenación da Modificación puntual anteriormente citada, e representan a volumetría actual consolidada, cunha pequena ampliación no corpo da á norte, segundo reflicte o plano de alzados (nº 3).

2. XUSTIFICACIÓN DA OPORTUNIDADE DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende a consecución dos obxectivos sinalados no Protocolo entre a USC e o Concello de Santiago que foi aprobado polo Pleno Municipal o día 30 de xaneiro de 2015, e cuxas cláusulas 1 e 2 recollen os seguintes compromisos para a administración municipal:

1. O Concello de Santiago de Compostela redactará e tramitará unha modificación da OE-5, co obxecto de flexibilizar a conservación integral do vello Hospital mantendo a esencialidade do edificio construído, tanto no que se refire ás fachadas pétreas como a súa tipoloxía hospitalaria tan característica, e a envolvente volumétrica que marca a altura das cornixas.

2. Ademais dos usos considerados na OE-5: residencial comunitario, asistencial, sanitario e todos aqueles que se describen no artigo 136 do PXOM, Sistema de equipamentos e dotacións, a modificación introducirá como usos permitidos os terciarios.

A finalidade última da Modificación é facilitar a posta en uso do inmovble, evitando o seu crecente deterioro, e incentivando as súas posibilidades de utilización, para o cal se estima necesario ampliar os usos autorizados e flexibilizar as condicións de intervención sobre a edificación existente.

O edificio, tanto pola súa posición estratéxica na cidade como polo seu carácter de elemento representativo dunha singular arquitectura e da memoria histórica de Compostela, merece unha especial consideración dende o punto de vista urbanístico.

O seu estado de crecente deterioro, no contexto dun mercado inmobiliario pouco favorable, xustifica o exercicio do *ius variandi* a fin de facer compatible a preservación das súas características esenciais coa mellora da súa funcionalidade ou aptitude para albergar novos usos, dotacionais e de carácter terciario.

3. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

O alcance da Modificación, segundo se describe nas páxinas 14 a 16 do documento, pode sintetizarse en varios aspectos:

1. Diversificación de usos: Amplíase o catálogo de usos autorizables, engadindo aos xa permitidos polo plan vixente -residencial comunitario, sanitario, asistencial e hoteleiro- os seguintes: sociocultural, docente, comercial e oficinas. Así mesmo, permítese a combinación de varios usos, admitindo a ocupación do inmovble con usos non exclusivos.

En todo caso, no documento de Modificación que se someta a aprobación inicial concretaranse as condicións específicas de implantación dos usos permitidos, establecendo as limitacións ou cautelas que resulten precisas a fin de garantir o carácter eminentemente dotacional da actuación e a unidade de proxecto e de explotación do conxunto.

2. Condicións volumétricas: A Modificación manterá as actuais características tipolóxicas do edificio, así como a súa ocupación en planta, volumetría e fachadas, regulando a resolución de cubertas e a posibilidade de completar ou non a última parte do corpo da á norte, segundo prevé o plan vixente.

3. Dotación de prazas de aparcadoiro: A posibilidade de crear novas plantas de soto condicionárase á viabilidade da súa execución sen afectar ou danar elementos esenciais e definidores do edificio. Por tal motivo considérase xustificado excepciónar a dotación obrigatoria de prazas sempre que se acredite que a súa execución excede das posibilidades reais e razoables de intervención no subsolo da edificación existente. No mesmo senso, avalíaranse as diferentes opcións de execución e/ou xestión dun aparcadoiro soterrado baixo a rasante dos espazos públicos do ámbito.

4. Espazos libres privados: Defínense as condicións de actuación sobre os espazos libres privados da parcela, diferenciando os da fachada oeste e leste da edificación.

5. Condicións estéticas: Establécese a conservación da fachada pétrea monumental, nas condicións sinaladas no documento.

4. SOLICITUDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- Solicitud de inicio da avaliación ambiental simplificada
- Borrador da Modificación proposta
- Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:
 - a) *Los objetivos de la planificación.*
 - b) *El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
 - c) *El desarrollo previsible del plan o programa.*
 - d) *Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
 - e) *Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
 - f) *Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
 - g) *La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
 - h) *Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
 - i) *Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
 - j) *Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan..*

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo -isto é, o da administración pública competente para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística -artigo 123.1.i)-.

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou, en febreiro de 2016, o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** da Modificación puntual da ordenanza OE-5 Galeras do Plan xeral de ordenación municipal, no ámbito do antigo hospital.
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, segundo consta no informe asinado o 7 de abril de 2010 pola arquitecta da sección municipal de Planeamento.
3. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación do órgano competente.
4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual da ordenanza OE-5 Galeras do Plan xeral de ordenación municipal, no ámbito do antigo hospital, promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en febreiro de 2016.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados no artigo 30 da LAA.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Alcalde: Jorge a súa quenda.

Don Jorge Duarte Vázquez: Boas tardes de novo.

O que hoxe traemos é igualmente, o inicio da avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual da Ordenanza especial 5, de Galeras, que regula o uso da parcela onde está o antigo hospital.

O proxecto fórmulase pola sección municipal de planeamento, para introducir as achegas feitas polo convenio asinado o 30 de xaneiro de 2015, polo Pleno municipal da anterior corporación e a Universidade de Santiago de Compostela.

O vixente plan xeral de ordenación municipal inclúe a parcela como dicía no sistema local de equipamento asistencial, e dentro da ordenanza, unha ordenanza especial 5, que foi definitivamente aprobada o 16 de xullo de 2001. Na citada ordenanza especial a parcela afectada, pola presente modificación, cualifícase como equipamento de carácter privado, coas condicións particulares que veñen a ser mantemento do volume existente, fala de condicións volumétricas de edificación, que son as que se definen graficamente nos planos, que son as que hai na actualidade, mantendo como dicía esa volumetría.

Nos usos previstos estaban o uso residencial comunitario, o asistencial, o sanitario, e os que están con esta tipoloxía no plan xeral.

Digamos que a raíz da sinatura do convenio do 30 de xaneiro de 2015, naquel convenio recóllese o seguinte:

O Concello de Santiago de Compostela redactará e tramitará unha modificación da ordenanza 5, co obxecto de flexibilizar a conservación integral do vello hospital, mantendo a esencialidade do edificio construído, tanto no que se refire ás fachadas pétreas, como a súa tipoloxía hospitalaria tan característica, e a envolvente volumétrica que marca a altura das cornisas.

E no punto segundo, di que ademais dos usos que había introduciranse os usos como usos permitidos os terciarios.

A finalidade última que tiña o citado convenio, e que recolle a presente modificación puntual, será intentar facilitar a posta en uso do inmovble, evitando o seu crecente deterioro, e incentivando as súas posibilidades de utilización, para o cal se estima necesario, posibilitar a introdución de novos usos con carácter complementario aos xa definidos pola ordenanza.

Como dicía o estado de crecente deterioro no contexto do mercado inmobiliario pouco favorable no que estamos, xustifica a modificación desta ordenanza especial coa finalidade de poder darlle unha solución ao antigo hospital, que leva na situación de abandono e deterioro dende o ano 99.

O alcance da modificación que hoxe traemos, e como digo é o inicio da avaliación ambiental, na cal se presentan distintas, tres propostas diferentes, para que de aquí á aprobación inicial concretemos cal será exactamente cada un dos usos permitidos, o que pode ocupar cada un dos usos permitidos, e outras cuestións de maior detalle da modificación puntual de planeamento.

Digamos que hoxe o que se estudan son tres propostas, decantámonos por unha para iniciar a avaliación ambiental estratéxica e definiremos e concretaremos o alcance e a superficie de cada un destes usos na aprobación inicial.

O alcance da modificación, polo tanto hoxe é, por un lado ten unha diversificación de usos, amplíase o catálogo de usos autorizables, engadindo aos xa permitidos polo plan vixente, os usos de sociocultural, docente, comercial e oficinas, engádense, como dicía, aos que xa había de residencial comunitario, que incluía parcialmente o uso hoteleiro, nunca máis do 50%, ao uso sanitario e asistencial.

Polo tanto, no documento da modificación que se someta á aprobación inicial será onde se concreten as condicións específicas de implantación dos usos permitidos, establecendo as limitacións ou cautelas que resulten precisas a fin de garantir o carácter eminentemente dotacional da actuación e a unidade de proxecto e de explotación do conxunto.

En canto ás condicións volumétricas, a modificación manterá as actuais características, de manter a volumetría actual.

En relación coa dotación de prazas de aparcamento, plantexase a posibilidade de crear novas plantas de soto, condicionadas á viabilidade da súa execución sen afectar ou danar elementos esenciais e definidores do edificio, singularmente a fachada pétrea.

Por tal motivo, considerárase xustificado excepcionar a dotación obrigatoria de prazas sempre que se acredite que a súa execución excede das posibilidades reais e razoables de intervención no subsolo da edificación existente, ou a posibilidade de avaliar distintas opcións de execución ou xestión dun aparcadoiro soterrado baixo a rasante dos espazos públicos do ámbito.

Con respecto aos espazos libres privados, defínense as condicións de actuación sobre os espazos dianteiros.

En consecuencia, o que se propón hoxe a este pleno, é:

Iniciar o trámite de avaliación ambiental, no cal definimos esa ampliación de usos, quedando pendente de concretar no documento que se elabore para contar con aprobación inicial, que tamén será por parte do pleno, cando realmente axustemos a cantidade de metros cadrados que poderá ter cada un destes usos.

Entendendo que estes usos, haberán de ser complementarios dos que fixaba a ordenanza especial no momento da súa aprobación.

Alcalde: Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

O grupo municipal do BNG xa se ten manifestado neste pleno no anterior mandato en diferentes ocasións, sobre a coincidencia da necesidade dunha actuación urxente no marco do vello hospital de Galeras.

Somos uns convencidos de que hai que actuar e que hai que actuar o antes posible, basicamente, por catro razóns:

A primeira, porque dende que no ano 2003 se deixou de utilizar, pois é un edificio que se está a deteriorar a pasos axigantados e cada ano corremos maiores riscos.

En segundo lugar, porque cremos que é imprescindible acometer o remate desa peza da cidade, sobre todo, cando estamos a piques de inaugurar o novo centro de saúde de Galeras, cando xa se acabaron varias promocións de vivenda no entorno, cando se acaban de facer actuacións non exactamente na peza, pero no perímetro como é o caso da rúa Carretas, ou o centro de acollida aos peregrinos.

Polo tanto, creo que é unha zona da cidade que pide a berros unha actuación inmediata.

Cremos que é importante actuar, porque somos conscientes de que esa actuación pode axudar a desbloquear outro dos problemas estruturais que ten hoxe Santiago, como todos e todas sabemos, que é esa ubicación, aínda que agora pois hai máis luces que sombras a respecto da nova facultade de medicina, pero tamén, a devolución á titularidade municipal do uso da actual facultade de odontoloxía, incluso os usos futuros doutros elementos, como pode ser incluso a propia actual facultade de medicina.

Polo tanto, para nós é indiscutible que hai que actuar, e que hai que actuar o antes posible.

Estamos tamén de acordo con algo que plantexaba o concelleiro que xa estaba recollido como comentaba el no anterior convenio impulsado polo goberno do Partido Popular conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela, que ten que ver, coa conservación do edificio, porque aínda que é un edificio que non esta catalogado, e polo tanto, non habería a necesidade legal de preservar, para nós, ten unha importancia arquitectónica, dende unha perspectiva de que no seu día pois foi un exemplo importante da arquitectura hospitalaria non só no ámbito da área de Santiago senón do conxunto do país, pero sobre todo, porque aínda que non está catalogado formalmente dende unha perspectiva arquitectónica, si que está catalogado dun xeito sentimental e na memoria histórica desta cidade.

Polo tanto, para nós parécenos que é moi positivo conservar a fachada, parécenos que é positivo conservar a estrutura, non sei se detridente ou cómo se lle chame a esa estrutura de edificio hospitalario, e tamén nos parece positivo conservar a envolvente volumétrica.

Agora ben, hai algo no que estamos radicalmente en contra, estabamos cando o propuña o Partido Popular, e estamos cando o propón Compostela Aberta, e é no cambio de usos, como comentaba o concelleiro os usos que estaban definidos para ese ámbito eran o residencial comunitario, o sanitario, o asistencial, e o hoteleiro.

Con este cambio de usos o que se abre é a posibilidade de introducir un uso comercial e un uso de oficinas, entre outros, que dende o noso punto de vista desvirtúan o que entendemos que debía ser o proxecto de cidade para ese ámbito, e incluso, o proxecto de aparcadoiro, ao que facía referencia antes o concelleiro, sen desbotalo, tamén cremos que é arriscado facer previsións dese tipo, sen ter unha solución de mobilidade global para ese ámbito da cidade.

Vimos de vivir un conflito que non foi precisamente pequeno nesta cidade, a respecto dunha rotonda uns metros máis para atrás, discutimos moito neste pleno sobre as situacións específicas de mobilidade nese ámbito, e polo tanto, creo que non é unha cuestión menor.

En calquera caso, para nos o que era moi importante, era manter o carácter público dese edificio, e no seu defecto, de non poder o seu carácter público, polo menos que mantivera o seu carácter de servizo público.

A qué me refiro?, bueno, que nos cremos que era unha opción óptima para reverter algunha das débedas históricas que hai con esta cidade, sobre todo no que ten que ver con equipamentos de atención social específicos, estoume a referir, creo que era un ámbito óptimo para poder facer prazas residenciais para persoas da terceira idade públicas.

Era un ámbito óptimo para poder ter prazas, que non existen, para crónicos de media e longa estancia en Santiago, fora dos privados.

Cremos que sería un sitio óptimo para poder compartir con prazas de centro de día para persoas tamén maiores públicas, e que incluso tamén sería un sitio óptimo para poder ofertar prazas residenciais para enfermos ou familiares de enfermos que non son da área limítrofe de Santiago, e que se teñen que desprazar ao CHUS para tratamentos longos ou de media estancia.

Polo tanto, cremos que é un sitio, e así o propuxemos, e sempre o defendemos, para que puidera existir unha actuación directa da Xunta de Galiza.

Eu, respecto totalmente a posición da Universidade de Santiago. A Universidade de Santiago despois de moitos anos con este problema bloqueado, o que intenta é darlle unha solución, e darlle unha solución que lle permita acceder a liquidez para poder acometer outros plantexamentos de futuro como pode ser o campo da saúde no entorno do CHUS, e polo tanto, paréceme lexítimo que a Universidade de Santiago, o que faga é plantexarlle ao Concello de Santiago, unha recalificación e polo tanto un cambio de usos para poder facer máis apetecible en termos de mercado, e en termos inmobiliarios a venda deste inmovible.

Agora ben, nós, como grupo político o que non podemos apoiar é unha recalificación para que se poida asentar nese edificio unha superficie comercial como a que esta prevista.

Nós cremos que non é o que precisa Santiago, que non é o que precisa o pequeno comercio da cidade.

Cremos que nesa mesma rúa hai un supermercado, no seu día ata fai pouco había dous, e que incluso, pode provocar outro tipo de problemas, e dende logo, incluso, outro tipo de uso como o de oficinas ou demais, cremos que sería un desperdicio, incluso no

proxecto privado inicial que existía para aquí, sendo privado, pois estamos falando dun residencial comunitario, pensado para persoas maiores, exactamente privado, e seguro que non ía ser precisamente barato, con servizos comunitarios de lavandería, e doutro tipo de servizos, que incluso, dende unha perspectiva de opción privada, dende o noso punto de vista, sería o menos malo.

Polo tanto, eu creo que esta é unha peza absolutamente singular para Santiago, e creo que sería un erro histórico que ao final os baixos dese edificio sexan unha gran superficie comercial de alimentación ou doutro tipo, con independencia, de que iso poida facer, evidentemente, máis apetecible á hora de poder subir uns cantos de centos de miles de euros o prezo final da subhasta.

Polo tanto, opuxémonos no seu día cando se trouxo á valoración deste pleno, dese convenio, dese protocolo de intencións coa Universidade, e ímonos opor unha vez máis hoxe neste pleno.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Rubén Cela, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, compañeiros e compañeiras de corporación.

O convenio data de 16 de xuño de 2001, e establecía as bases para a ordenación do ámbito vacante a consecuencia do traslado do hospital xeral de Galicia, hospital clínico, da zona de Galeras á Choupana.

Todas as previsións da ordenanza municipal executáronse, estando rematada na actualidade a urbanización do ámbito, así como están tamén executadas as edificacións de nova planta previstas.

Un dos obxectivos do proceso era dotar á Universidade de Santiago de Compostela de capital investidor para acometer a construción da nova facultade de medicina do campus da saúde.

Das previsións existentes para o ámbito quedou pendente de execución a implantación de novos usos no edificio do antigo hospital provincial.

As vicisitudes da posta en valor deste edificio coas súas dificultades levaron a sinatura dun novo convenio de data 30 de xaneiro de 2015 entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago, co obxectivo de ampliar os usos autorizables de entre os previstos na ordenanza de equipamento e dotacións, permitindo os usos terciarios, de

modo que esta implantación de novos usos, resultará coherente coa conservación das características definidoras do inmovible do vello hospital.

O certo é que o inmovible sufriu nestes catorce anos un considerable e evidente deterioro, e que sen dúbida o mellor freo a este proceso de menoscabo do edificio, é a pronta ocupación e utilización do mesmo.

A proposta que se trae á aprobación neste pleno, estrutúrase na protección da fachada pétrea monumental, admitindo unha posible reforma estrutural do edificio, e a maior flexibilidade posible na regulación de futuras actuacións no inmovible, é dicir, que se permita encaixar o maior número posible de iniciativas de uso, como elemento facilitador da ocupación do inmovible.

Non obstante o anterior debemos contemplar que o alcance desta pretensión pódese atopar delimitado polas dificultades de executar a reserva existente na ordenanza dun aparcadoiro público baixo rasante.

Igualmente hai que destacar que o convenio referido de 30 de xaneiro de 2015, entre o Concello e a Universidade de Santiago, reduciu as obrigas da universidade a proceder a liberar dos actuais usos docentes o edificio da escola de odontoloxía ao remate do curso 2016-2017, devolvendo o seu uso ao concello.

Dende o noso punto de vista, esta estipulación mostra unha lamentable falta de previsión no referente a acondicionar o proceso a afectación da posta en valor do edificio no mercado para o financiamento da construción da nova facultade de medicina, máxime en canto que a proposta de convenio da Xunta coa Universidade de Santiago, vincula en boa medida o futuro e a construción da nova facultade, á contía que se obteña da dita posta en valor. O que en ningún caso, asegura, a construción da nova facultade de medicina, e moito menos, asegura a construción dos edificios adxacentes que deben acoller as facultades de odontoloxía, enfermería, conxunto que se constitúe en pedra angular do campus vida da USC, ademais se esquece que non soamente hai usos docentes, no que é a actual escola de odontoloxía senón tamén usos asistenciais, e non se contempla no convenio que se liberen eses usos asistenciais.

Por responsabilidade o grupo municipal do PSdeG-PSOE vai a votar a favor desta proposta do goberno, aínda que entendemos que non asegura en ningún extremo a consecución dos fins que alimenta dita proposta, que sería asegurar a dotación das facultades das ciencias da saúde, como elemento esencial para o desenvolvemento do Campus Vida.

Ademais, tendo en conta, que a adopción deste acordo non prexulga, nin vincula o acordo futuro sobre a aprobación inicial do plan, nos imos votar a favor.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas Paco.

Dona Teresa Gutiérrez López: Boas tardes de novo.

Como no caso anterior estamos ante o inicio da avaliación ambiental estratéxica para realizar unha modificación puntual do plan xeral.

Neste caso afecta á ordenanza OE-5 en Galeras, e máis concretamente, á ordenación do edificio do antigo hospital provincial.

Esta modificación se inicia a consecuencia dun protocolo asinado o 9 de febreiro de 2015 polo anterior goberno municipal coa USC.

O obxecto da modificación é ampliar os usos permitidos a terciarios, co obxecto de facilitar o uso do edificio con tres consecuencias para nos importantes.

Por un lado, pode pórse en valor este inmovble que deixará de deteriorarse conseguindo eliminar un punto degradado na zona de Galeras, nunha mazá que co centro de saúde, quedará completamente formalizada.

Por outra parte, supón, un apoio para a USC e así o protocolo de feito asinouse porque a USC o pediu, para a consecución de financiación para o traslado da facultade de medicina facilitando a venta do inmovble.

E logo, a cambio, un beneficio para o concello, que conseguirá que se concrete a entrega do edificio de estomatoloxía por parte da USC ao final do curso 2016-2017.

A modificación é unicamente, como todos comentamos, respecto aos usos, mantéñense os usos existentes, polo tanto, se poderá seguir usando como residencial comunitario, como sanitario, como hoteleiro, que xa o tiña, pero ademais, engádense, sociocultural, docente, comercial e oficinas.

Sobre todo mantense o seu carácter dotacional e tamén se mantén o carácter unitario do conxunto. Aspectos que deberán concretarse nun posterior documento urbanístico.

En canto ás condicións volumétricas, indícase no borrador do plan, que son as que resultan da regulación actual, para a continuación dicir, que se manterán as características tipolóxicas do edificio. Aquí hai unha pequena contradición, posto que

non se concreta se vai permitir ou non completar a última planta da ala norte, que na súa parte posterior é máis baixa que a da ala sur.

E tamén, cóstanos que se deberá subsanar un erro que existe na ordenación actual, xa que a aliñación do patio interior que figura no plano non se corresponde coa planimetría do edificio, co cal isto ten que ser corrixido.

Estamos de acordo, en canto ás condicións previstas para as prazas de aparcamento, os espazos libres privados e as condicións estéticas. Especialmente con que se considera a protección da fachada pétrea monumental que ata agora non tiña ningún tipo de protección.

Como non podía ser doutro modo, posto que se trata dunha iniciativa do noso grupo, estamos de acordo polo tanto co documento ambiental estratéxico elaborado pola técnica da sección de planeamento e con que se remita ao órgano ambiental, co cal votaremos afirmativamente.

Dous comentarios máis, nos entendemos que isto supón un apoio á USC, alegrámonos do cambio de opinión do Partido Socialista, no sentido de que cando trouxemos aquí o protocolo pois non estaba de acordo e agora vai votar a favor, e volvemos a insistir, en que é un protocolo e non un convenio.

Nada máis.

Alcalde: Jorge Duarte segunda quenda, por favor concreto.

Don Jorge Duarte Vázquez: Só quería compartir un sentimento. Comparto plenamente as opinións de Rubén, e para nós tamén é fundamental que o uso deste edificio teña o carácter que estaba definido, polo tanto, o que agora abrimos é intentar que realmente sexan usos complementarios, e dende logo, que aínda que dende aí se dixo que isto ía ser un centro comercial, nada máis lonxe da intención deste grupo, e cando haxa que levar adiante esa aprobación, haberá cal é o proxecto de modificación puntual que se aprobe inicialmente.

Entendemos, que dentro deste ámbito había unha superficie de uso comercial de 1.700 metros cadrados que xa estaba destinado no edificio que hoxe ocupa a Seguridade Social, entendemos que un uso complementario que non ten porque ser comercial, de centro comercial como falabades.

O que todos queremos é que este edificio que pertence á Universidade, non ao Concello, poda ter un destino, e todos estaríamos encantados en dúas cousas:

Unha que manteña a fachada, que manteña o propio edificio, e dentro as opcións nas que se está traballando hoxe en día, hai algunhas que poderían, incluso, manter o que eu creo que é máis importante, que é uso asistencial, hospitalario, e creo que é na liña na cal deberíamos de traballar, que os usos que contemple o edificio sexan para poñer a disposición da cidadanía espazo asistencial e dotacional.

Alcalde: Gracias Jorge, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Eu tamén moi brevemente, porque creo que xa expresei todo o que tiña expresar na primeira quenda, pero só unha aclaración a respecto do que acaba de comentar o señor concelleiro.

A referencia aos usos comerciais non é que a faga o Bloque Nacionalista Galego, e que é no que se fundamenta a petición da Universidade de Santiago cando se asina ese protocolo, non era convenio certamente, era protocolo de intencións, e creo que as aspiracións da Universidade sempre foron transparentes e claras e de fronte, e é para poder conseguir un mellor prezo na subhasta, e poder vender o edificio a un mellor prezo, precisaban que abaixo se puidera establecer unha superficie comercial de alimentación ou do que sexa, cousa que non estaba permitido co actual planeamento, polo tanto, o que solicita a Universidade é que o concello proceda a unha recalificación para que iso se poida facer, e polo tanto, para que poida subir o prezo do inmovble para a súa venta.

Polo tanto que aí abaixo o que se vaia facer, e coa reforma que se vai aprobar, e evidente que vai existir unha superficie comercial, non dixerun un centro, digo unha superficie comercial supoño que de alimentación, e supoño que non vai ser especialmente pequena, pois é unha evidencia, e non é algo que diga o BNG, senón que é o que propuxo no seu día claramente a propia universidade, o que se recolleu no protocolo, e o que vai neste propio expediente.

Nada máis.

Alcalde: Moitas gracias señor Rubén Cela. Pasamos logo á votación señor secretario.

Rematado o debate, consonte co informe transcrito ao inicio, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 22 de abril de 2016, o Pleno da Corporación por 23 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais Compostela Aberta, Partido Popular e PSdeG-PSOE (10 CA, 9 PP e 4 PSdeG-PSOE) e 2 votos en contra dos/as concelleiros/as do BNG, e acadando polo tanto o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

Primeiro: Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual da ordenanza OE-5 Galeras do Plan xeral de ordenación municipal, no ámbito do antigo hospital, promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en febreiro de 2016.

Segundo: Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados no artigo 30 da LAA.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM E DO PE-8 NO ÁMBITO DO EQUIPAMENTO UNIVERSITARIO EU-2. GRUPO DE VIVENDAS SAN IGNACIO DE LOYOLA.

O informe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística de data 7 de abril de 2016, que trae o conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“A Modificación formúlase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto principal de excluír do ámbito do sistema xeral de equipamento universitario EU-2 a parcela ocupada polo grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (*Banco do Pobre*), con referencia catastral 5666901NH3456F.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da súa **disposición transitoria 9ª**, amplía o ámbito de ordenación do Plan especial do Campus Universitario (PE-8), engadindo, entre outras, unha peza sita na beira sur da Avenida Mestre Mateo, limítrofe co ámbito do Plan parcial do SUP-5 (Choupana) e do Hospital Clínico Universitario (PE-9).

A peza sinalada, ocupada en parte polo grupo de vivendas de Santiago de Loyola, cualifícase polo PXOM como parte do **sistema xeral de equipamento universitario EU-2**, e adscríbese, para a súa obtención, ao desenvolvemento urbanístico do polígono de solo urbano non consolidado P-22 (Burgo das Nacións-Universidade)

En desenvolvemento das determinacións do PXOM, tramitouse un procedemento de **Revisión e adaptación do Plan especial do Campus Universitario (PE-8)**, que resultou definitivamente aprobado polo Pleno Municipal con data 1 de outubro de 2010.

Neste documento, os terreos aos que afecta a presente Modificación foron cualificados como zona de edificación universitaria (**ZEU-34**), destinada á execución da nova Facultade de Medicina.

2. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

O proxecto de Modificación formúlase pola Sección Municipal de Planeamento a resultas dunha encomenda efectuada pola Concellería delegada da Área mediante Providencia asinada o día 16 de abril de 2015.

Na dita providencia poñíase de manifesto a falta de execución do polígono 22, e os inconvenientes que isto supoñía para os ocupantes das vivendas de San Ignacio de Loyola, avaliándose a conveniencia de eliminar a afección urbanística derivada da súa cualificación como sistema xeral de equipamento universitario.

No documento ambiental estratéxico elaborado pola arquitecta municipal analízanse os efectos que se derivarían das distintas alternativas de ordenación, resultando deste análise a selección da alternativa que mantén as vivendas existentes, pero sen renunciar á implantación dun equipamento na parcela non edificada.

De acordo coa dita análise, **a Modificación proposta vén xustificada por dous motivos principais:**

1. O cambio nas previsións da USC respecto do novo emprazamento da Facultade de Medicina, que se prevé emprazar noutra zona, no contorno do Hospital Clínico.
2. O estado de deterioro das edificacións existentes, que se ve agravado pola súa actual incursión na situación máis estrita de fóra de ordenación (que só habilita obras de conservación e mantemento), e pola ausencia dunha previsión de desenvolvemento do polígono 22 ao que figuran adscritas.

3. CONTIDO DA MODIFICACIÓN

Como xa se indicou ao principio, o obxecto principal da Modificación é excluír da reserva de sistema xeral de equipamento universitario (EU-2) a parcela ocupada polo grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (5666901NH3456F), sita na beira sur da avenida de Mestre Mateo, que pasa a integrarse na **ordenanza 9 A** do Plan xeral.

A parcela non edificada (catastral 5666902NH3456F) mantén a súa cualificación como sistema xeral de equipamento universitario (EU-2), definíndose no documento as condicións específicas para a súa edificación e urbanización.

Consecuentemente co anterior, **axústase a delimitación do ámbito do Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8)**, cuxo linde queda agora definido pola avenida de Mestre Mateo, o que supón deixar sen efecto as previsións do precitado Plan especial para a peza agora excluída do seu ámbito de ordenación (ZEU-34)

A nova delimitación do sistema xeral EU-2 obriga tamén a revisar a concreción dos **sistemas xerais adscritos ao polígono 22**, co resultado que deseguido se indica:

- 4.278 m² no Campus Sur (EU-2)
- 3.500 m² no Parque das Hortas (PU-20)

A adscrición do sistema xeral PU-20 trae causa das sentenzas que anularon as determinacións do vixente Plan xeral no ámbito dos polígonos 11 (Castiñeiriño) e 42 (Cruceiro da Coruña), aos que se adscribira parte do citado sistema xeral. Deste xeito aprovéitase a presente Modificación para permitir a obtención dunha parte das Hortas e, ao mesmo tempo, non alterar de forma significativa a superficie total de solo de sistema xeral adscrita polo PXOM vixente ao polígono 22.

4. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

De conformidade co disposto polo artigo 29 e seguintes da Lei 21/2013 *de avaliación ambiental*, remitiuse á Consellería de Medio Ambiente o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) xunto co borrador da Modificación.

Por resolución da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 31 de xullo de 2015 formulouse o preceptivo **Informe ambiental estratéxico** e resolveuse non someter a Modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (expediente 2015AAE1802)

Na resolución faise expresa mención do **informe emitido polo Servizo de Planificación da Paisaxe**, do que procede subliñar as seguintes cuestións:

- O desenvolvemento de calquera das opcións baralladas -refírese ás alternativas descritas no DAE- *requirirá dun estudo mais en profundidade, que permita medir a implantación de novos edificios e infraestruturas.*
- As alternativas 2 e 3 non presentarán novos impactos paisaxísticos sobre o perfil urbano, se ben apuntan que a alternativa 2 (parque-miradoiro) *constitúe un valor positivo* para a cidade e para a zona en particular, ao configurar unha *rede verde* nunha parte da cidade de recente transformación.

Sobre esta cuestión, é preciso ter en conta que o DAE xa considerou as vantaxes e inconvenientes asociados a cada unha das alternativas posibles, e que finalmente optou pola selección da alternativa 3, por canto mantén a reserva dun equipamento vinculado á Universidade ou ao Hospital universitario, cuxa edificación leva aparelladas actuacións de mellora na urbanización existente, o que favorecería a futura integración do grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola. Tamén se ponderou que a cualificación da parcela como zona verde obrigaría á administración á súa expropiación, mentres que a solución proposta na Modificación permite a obtención dun equipamento de sistema xeral mediante adscrición ao futuro desenvolvemento urbanístico do polígono 22.

5. TRAMITACIÓN

A Modificación proposta haberá de tramitarse a través do procedemento de aprobación do planeamento xeral regulado polo artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sendo competente para a aprobación definitiva o Pleno Municipal segundo dispón o artigo 61 da citada Lei, en relación co 123.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Ao terse xa obtido a resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 31 de xullo de 2015, pola que se formulou o Informe ambiental estratéxico, procede continuar o procedemento de aprobación do Plan co cumprimento dos trámites esixidos polo apartado 6 e seguintes do artigo 60 da LSG.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 (Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola), segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2016.

Segundo. Someter o expediente a **información pública** durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 31 de xullo de 2015, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro. En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, **o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Alcalde: Jorge a súa quenda.

Don Jorge Duarte Vázquez: Bueno esta proposta que é tamén de inicio de avaliación ambiental para modificación puntual da parcela ocupada polo grupo de vivendas San Ignacio de Loyola.

Nace ante a falta de execución do polígono 22 e os inconvenientes que isto supoñía para os ocupantes das vivendas de San Ignacio de Loyola, digamos, que esta parcela estaba destinada a ser equipamento universitario, e estaba condicionado, o uso desta parcela era polo tanto dotacional.

Durante estes últimos anos dende a aprobación do plan, nestas vivendas non se podía acometer ningún tipo de actuación, a parte das mantemento, en canto á mellora das edificacións, porque estaba prevista aí a implantación da nova facultade de medicina.

Polo tanto estaba bloqueada esta parcela con esa reserva para ser o lugar onde se ubicaría a futura facultade de medicina.

O cambio nas previsións da Universidade respecto do novo emprazamento da facultade de medicina, que se prevé emprazar noutro ámbito no entorno do hospital clínico, e o estado de deterioro das edificacións existentes, que se ve agravado, como dicía, pola súa actual incursión na situación de fora de ordenación, que como dicía só habilita obras de

conservación e mantemento, e ademais, por ausencia de previsión de desenvolvemento do polígono 22, ao que figuraban adscritas estas vivendas.

Para explicalo un pouco, a previsión era facer aquí a facultade e estas vivendas irían realoxadas no polígono 22 onde se farían vivendas para os habitantes destes dous bloques.

Polo tanto, ao non iniciarse nin o desenvolvemento do polígono 22, e ao cambiar de obxectivo de implantación a universidade, faise necesario, e entendemos que é de xustiza tendo en conta a situación das vivendas, cambiar a cualificación desta parcela, e devolverlle o uso residencial, polo que pasaría a integrarse na ordenanza 9A.

Axústase a delimitación do ámbito do Plan especial de ordenación universitaria, excluindo como dicimos, esta parcela que pasará a ser uso residencial, mantendo o resto da parcela que é colindante co hospital para usos dotacionais.

E dende aquí, e despois de conversas cos veciños, ademais de comprometermos a facer este cambio de uso, e manter o uso de vivenda, unha vez que poidamos levar adiante esta modificación puntual, e poidamos establecer como definitivo a ordenanza 9A residencial.

Comprometémonos dende o concello a incentivar e apoiar unha liña de axudas a través da declaración dunha zona ARI ou aquela figura que máis rápido nos permita actuar cun programa de fomento da rehabilitación nestas vivendas que levan, por culpa da clasificación urbanística que tiñan, pois realmente sen poder acometer obras de mellora nos últimos tempos.

Alcalde: Gracias Jorge, Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Pois certamente como comentaba o concelleiro este punto ten bastante que ver co punto anterior, porque ao final todo ten que ver bastante co futuro da facultade de medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

En calquera caso cremos que esta é unha moi boa proposta, congratulámonos de que por fin isto se poida aprobar en pleno, e tamén da solución complementaria que acaba de comentar o concelleiro e que por parte do noso grupo temos demandado en moitas ocasións.

Os compañeiros e compañeiras que estaban no anterior mandato, saben que foron múltiples as preguntas que lle formulamos ao grupo de goberno, naquel entón do

Partido Popular, trouxemos a este pleno en forma de mocións, de rogos, fixemos bastantes xestións e tivemos un contacto permanente cos veciños e veciñas de San Ignacio de Loyola, porque o que é certo é que xa van moitos anos, demasiados, cando menos sete anos dende que os veciños e veciñas desta zona de Santiago, pois viven cunha espada de Damocles, e co perigo e posibilidade de expropiación das súas vivendas.

Polo tanto estamos a falar de persoas preocupadas, porque non sabían o futuro que lles agardaba, tanto a eles como as súas propias residencias, que polo tanto son os seus recordos, os seus afectos e a súa vida.

A todas estas persoas o que se lles esixiu pois un sacrificio para levar adiante un proxecto de cidade, e creo que agora é de xustiza que se lles responda por parte das administracións públicas dun xeito proporcional.

Nos cremos que a solución que se plantexa aquí, posiblemente non é a óptima, digo non é a óptima, porque posiblemente a solución óptima sería non dividir a propia parcela, e a zona que agora non é mesmo non é residencial que puidera quedar catalogada como zona verde, pero tamén entendemos os problemas que iso plantexa de liquidez, e polo tanto, das materialmente posibles, cremos que é unha opción absolutamente correcta, porque o que permite, polo menos, é dar unha seguridade xurídica a estes veciños e a estas veciñas.

Hai que ter en conta que estamos a falar dunha poboación en moitos casos envellecida, con recursos económicos tamén limitados, e que como comentaba o concelleiro durante estes sete anos como mínimo, non puideron acometer reformas estruturais nas súas vivendas.

A nós cóstanos que hai vivendas que teñen problemas estruturais no tellado, nas cornisas, que teñen problemas de humidade e incluso de canalizacións, e doutro tipo, e polo tanto, que nos parece absolutamente indispensable é que ademais do feito de sacar como digo, esta espada de Damocles, pois se actúe na dirección que acaba de comentar o concelleiro, e que nós temos plantexado neste pleno en varias ocasións.

Que se habiliten vías de financiamento complementarias para poder acometer, pois unha reforma estrutural das vivendas, sexa en formato de área de rehabilitación integral, ou sexa a través doutro tipo de axudas específicas, creo que é unha cuestión de xustiza cos veciños e coas veciñas das vivendas de San Ignacio de Loyola.

Alcalde: Moitas gracias Rubén Cela, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Efectivamente este punto está vencellado na historia co punto anterior que acabamos de debater.

Segundo o Plan xeral de ordenación urbana de 2008, estaba prevista a construción da nova facultade de medicina sobre os terreos nos que actualmente se sitúa o grupo de vivenda de San Ignacio de Loyola.

O proceso supoñía a expropiación dos terreos para tal fin e o realoxo dos veciños expropiados nos edificios situados en dúas parcelas do SUNP-22 de Volta do Castro.

Os veciños de San Ignacio de Loyola naquel entón amosaron o seu acordo.

Agora expónse un novo proxecto. A nova facultade de medicina construírase nos terreos ocupados actualmente polo hospital Xil Casares, antigo hospital da Isna. O que supón, entre outras consecuencias, o definitivo carpetazo ao plan director do complexo hospitalario universitario de Santiago, co que as posibilidades de ampliación do actual hospital clínico van quedar cortocircuitadas cunha importante perda de espazo asistencial sobre o previsto no plan director mencionado.

Certo que o estado de deterioro das vivendas existentes no grupo de San Ignacio de Loyola nas actuais circunstancias, fora de ordenación, e que só permite obras de conservación e mantemento, e pola ausencia de previsión de desenvolvemento do polígono 22 ao que figuran adscritas, non permite a súa abordaxe, pero precisamente, a situación de deterioro das vivendas, esixe, dende logo, non só desafectación, senón á súa inclusión nun ARI, nunha área de rehabilitación integral, nun xesto de solidariedade e de xustiza por unha promesa incumplida, a do realoxo en mellores condicións das que gozaron estes últimos anos debido á demora por parte da Xunta de Galicia en abordar a construción da nova facultade de medicina, como peza esencial no desenvolvemento do campus vida da Universidade de Santiago, proxecto merecedor do recoñecemento de campus de excelencia internacional.

Ademais para nos, na proposta non queda suficientemente xustificada a elección da alternativa tres, fronte a dúas, cando esta última foi considerada mesmo polo servizo de planificación da paisaxe dependente do Instituto de Estudos do Territorio, como un valor positivo para a cidade no seu conxunto, e para a zona en particular, en boa medida debido á consolidación que supoñería o parque miradoiro, coa cualificación da parcela como zona verde.

E polas devanditas consideracións, que o grupo municipal do PSdeG-PSOE ten a verdade o corazón partido nun proceso que ameaza con deixar ao campus vida da Universidade de Santiago de Compostela, sen a reclamada nova facultade de medicina,

e que no mellor dos casos atrasou en oito anos, o seu inicio de construción, así como permitiu nese mesmo tempo o deterioro das condicións de habitabilidade das casas do grupo de San Ignacio de Loyola, e polo tanto, a propia calidade de vida dos veciños e veciñas do devandito grupo de casas.

Este é un proceso que só pretende lavarlle a cara a Xunta de Galicia, e que non asume a verdadeira responsabilidade que esta cidade e a Xunta ten cos veciños e as veciñas de San Ignacio de Loyola.

Por iso, por responsabilidade, entendendo que a desafectación é un mal menor a estas alturas, que é necesaria precisamente esa área de rehabilitación integral, pero tamén, coa responsabilidade e co recoñecemento de que nos non queremos participar neste proceso de lavado de cara fronte a Xunta de Galicia.

O noso voto do grupo polos veciños e veciñas de San Ignacio de Loyola, vai ser dun voto afirmativo, pero dende logo, o facemos dende a vergoña de membros desta corporación.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Gracias señor Paco Reyes, Teresa a súa quenda.

Dona Teresa Gutiérrez López: Primeiro corrixir ao concelleiro que trouxo esta proposta, porque non é o inicio de avaliación ambiental estratéxica, o sinto, xa está feita a avaliación ambiental estratéxica, e é o inicio da aprobación inicial da modificación.

Ao igual que os puntos anteriores, este asunto iniciouse no mandato do grupo popular no goberno anterior.

O plan xeral de 2008, prevía a implantación neste ámbito, como todos sabemos, dunha dotación universitaria, e no PE-8 de 2010, concreouse que a dotación universitaria sería a Facultade de Medicina, pola súa proximidade ao hospital clínico.

A obtención desta peza vinculábase ao desenvolvemento urbanístico do solo urbano non consolidado, Burgo das Nacións P-22, entre as cargas asignadas a este polígono, estaba o realoxo dos ocupantes das vivendas do grupo San Ignacio de Loyola.

Estas determinacións puxeron aos propietarios das vivendas como todos sabemos nunha situación de fora de ordenación con precariedade, posto que dificultaba a toma de decisións tanto do arranxo de vivendas como de venta, debido a un horizonte de realoxo, sobre todo tendo en conta que este horizonte de realoxo era totalmente

inconcreto tanto no tempo como no espazo, e dificultaba a xestión das vivendas para as persoas que viven alí, e que ademais son familias con poucos recursos económicos.

O 24 de outubro de 2014, unha representación destes propietarios se reuniron co entón alcalde, Agustín Hernández, manifestando o seu interese, o deles, en que se modificara o planeamento, posto que eles o que desexaban, ou o que nos transmitiron era seguir residindo nas súas vivendas, e poder acometer reformas con garantías de non verse avogados a un realoxo.

Naquela reunión, o compromiso do noso grupo foi manter primeiro conversas coa USC para saber o seu interese real por este equipamento, posto que sen o certo acordo da USC sería imposible tramitar completamente a modificación do planeamento, e se USC mostraba o seu acordo, iniciar a modificación.

As conversas coa USC xa se estaban mantendo e tamén con relación a OE-5, e naquel momento era a USC a que consideraba inadecuado este dotacional para a citada facultade.

Co que o 16 de abril de 2015, eu mesma asinei unha providencia, encargando o inicio da redacción da modificación.

En cumprimento desta instrución antes do cambio da corporación, elaborouse por parte da xefa da sección de planeamento, o documento ambiental estratéxico que foi remitido ao órgano ambiental.

Hoxe xa conta con informe favorable, con informe de que non ten que someterse á avaliación ambiental estratéxica, e pronunciouse pola alternativa tres das propostas.

O considerado ata aquí era o obxecto inicial da modificación, e polo tanto consideramos que con iso nos teríamos cumprido o compromiso adquirido polo noso grupo cos veciños, pero ademais, isto danos a oportunidade, unha oportunidade urbanística de descargar ao desenvolvemento do P-22 da obtención desta parcela.

Isto permite, ademais solucionar, a adscrición ao Polígono 22, de dúas parcelas de Hortas, que tamén teñen moito interese para o concello, que se quedaran descolgadas polas sentenzas anulatorias dos polígonos P-11 e P-42, que foron anuladas porque no plan xeral se tiñan calificados como solos a desenvolver, cando en realidade a sentenza considera solo urbano consolidado en gran parte.

Por todo o exposto, nos estamos de acordo coa modificación no relativo ás determinacións das dúas parcelas catastrais afectadas do sistema anterior, e tamén no considerado coa posibilidade de adscribir ao polígono 22 as parcelas de Hortas.

Tamén estamos de acordo coa apreciación que se fai de que o acceso a San Ignacio de Loyola deba ser a través da zona máis elevada, a Eira da Palleira, co cal mellorará a circulación cara a rúa inferior, e ademais, permitirá que os dous bloques de vivendas teñan acceso rodado, porque agora só un deles ten acceso rodado, pero antes de finalizar, parécenos esencial considerar algo que xa se esboza no propio documento, e que comentou o concelleiro.

Dende o Concello, eu non sei se un ARI, un ARI creo que necesita 50 vivendas, aí creo que non hai 50 vivendas, pero o que si está claro é que hai futuros plans de vivenda, parécenos que o máis urxente é realizar un estudo de detalle.

Un estudo de detalle que marque o que se pode facer nese edificio, os que non o coñecen, non sei se saben que teñen unha escaleira de caracol pola que a xente entra nas súas casas a intemperie, entón, creo que, pero por outra parte tamén consideramos, ou polo menos, eu considero que é unha arquitectura singular que merece a pena ser conservada.

Entón creo que ese ámbito o que merece é un estudo de detalle, e un estudo da accesibilidade interior e exterior, entón, creo que certamente o concello que ten moito interese nas axudas sociais, e na política social, pois creo que intervir en reurbanizar exteriormente a zona e dar axudas para a rehabilitación de vivenda, pois é sen dúbida a mellor política social que o goberno de Compostela Aberta pode facer por este grupo de vivendas.

Rematado o debate, consonte co informe transcrito ao inicio, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 22 de abril de 2016, o Pleno da Corporación por unanimidade, e acadando polo tanto o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 (Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola), segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2016.

Segundo: Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 31 de xullo de 2015, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro: En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

5. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A REHABILITACIÓN DE FACHADA EN BLOQUES DE VIVENDAS NA RÚA DE CARLOS MASIDE.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística, con data 18 de abril de 2016, é o que seguir se transcribe:

“1. XUSTIFICACIÓN E ALCANCE DO ESTUDO DE DETALLE

O proxecto de referencia, formulado por iniciativa particular da Comunidade de Propietarios do edificio nº 6 da rúa de Carlos Maside, ten por obxecto definir as condicións para a rehabilitación da fachada dos edificios que conforman un conxunto residencial unitario na citada rúa.

O conxunto foi edificado consonte a un proxecto do arquitecto Manuel Gallego Jorreto que obtivo licenza municipal no ano 1976 e figura integrado polos seguintes portais da rúa de Carlos Maside: números 1, 2, 3, 4, 6, 8, 10, 12, 14, 16, 18, 20, 22, 24, 26 e 28.

A redacción do Estudo de detalle obedece á necesidade de garantir o mantemento do carácter unitario do conxunto, segundo esixe a ordenanza 9 do Plan xeral de ordenación municipal (artigo 146, no que se contén a ordenanza aplicable ás *Actuacións unitarias consolidadas*).

En consecuencia, o Estudo de detalle encádrase dentro dos que teñen por obxecto *concretar as condicións estéticas e de composición da edificación* (artigo 73.1.c) da Lei 9/2002, *de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia –LOUG-*, hoxe substituído polo 79.1.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia –LSG-*) sendo a súa finalidade garantir a homoxeneidade das intervencións a realizar nun conxunto unitario suxeito ao réxime da ordenanza 9 do PXOM.

O proxecto, elaborado polo arquitecto don Andrés Novo Castro, establece as condicións que permiten a rehabilitación da fachada cun acabado tipo *coteterm* sobre pranchas de illamento térmico e posterior pintado, o que supón un avance de 70 mm nas plantas altas, manténdose en todo caso a aliñación definida pola planta baixa do edificio.

2. TRAMITACIÓN

O documento, presentado con data 20 de outubro de 2015, obtivo o informe favorable da arquitecta da Sección Municipal de Planeamento, asinado o día 26 de outubro de 2015.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.2 da Lei 9/2002 -daquela vixente-, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 6 de novembro de 2015 e someteuse a **información pública** durante o prazo de vinte días, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 243, do día 22 de decembro de 2015, e no xornal *El Correo Gallego* do día 18 de decembro de 2015. Simultaneamente practicouse notificación persoal a todos os propietarios dos inmobles afectados segundo Catastro, e publicáronse edictos nos Boletíns Oficiais do Estado e da Provincia os días 2 e 7 de decembro de 2015, respectivamente.

Durante o trámite de información pública non consta a formulación de alegacións.

Con data 11 de febreiro de 2016 a arquitecta xefa da Sección Municipal de Planeamento emitiu informe no que fai constar que no ámbito obxecto do Estudo de detalle, concretamente no edificio nº 26 (bloque 3) renovouse hai uns dez anos a fachada cunha solución de cor e textura diferentes das que teñen as edificacións existentes e da que se propón no Estudo de detalle. Por tal motivo, e toda vez que a actuación se atopa incluída no ámbito do “*perímetro azul*”, someteuse o asunto á consideración da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico, a cal, na sesión do día 5 de abril de 2016, deu a súa conformidade ao informe do arquitecto municipal de Licenzas, no que se conclúe o seguinte:

Considérase por tanto que o modelo a seguir nas intervencións no mencionado conxunto deberá ser o proposto no Estudo de detalle mencionado.

Aínda que no Estudo de detalle non se contempla a modificación das carpinterías exteriores, considérase que calquera actuación nos cerramentos exteriores tendente á mellora das condicións de habitabilidade das vivendas debería incluír actuacións tamén na carpinterías e vidros das ventás (resolvendo ademais as posibles pontes térmicas nos encontros entre os cercos ou carpinterías e os paramentos de fachada)

No caso de que se pretendan substituír as carpinterías de fachada das vivendas, deberase facer con carácter conxunto e unitario, e o novo modelo deberá ser coherente co deseño e as cores actuais.

3. EFECTOS DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA

A disposición transitoria segunda da LSG establece, respecto dos plans que xa estivesen inicialmente aprobados antes do 19 de marzo de 2016 –data de entrada en vigor da Lei 2/2016- que *poderán continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002*, se ben *as súas determinacións haberán de adaptarse plenamente á nova lei* (apartado 2 da DT 2ª).

A LSG non introduce cambios que afecten ao contido e determinacións dos Estudos de detalle, xa que o artigo 79 reproduce neste punto a literalidade do antigo 73 da LOUG, de xeito non é preciso revisar ou adaptar o contido do documento inicialmente aprobado.

No que atinxe á tramitación, o artigo 80 da LSG amplía o período de exposición pública a 1 mes -na LOUG este prazo é de vinte días-, e establece a obrigatoriedade da notificación persoal a propietarios afectados e petición de informes sectoriais preceptivos.

Como xa se explicou antes, na tramitación do Estudo de detalle cumpríronse todos os trámites esixidos pola nova Lei, coa única excepción da duración do período de información pública, que foi de vinte días, fronte ao mes que agora esixe a LSG.

Dado o avanzado estado de tramitación do Estudo de detalle –no que xa foi cumprimentado o trámite de información pública-, entendo que non sería xustificado retrotraer o procedemento, polo que **proponse continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002, segundo permite o apartado 2 da disposición transitoria segunda da nova Lei.**

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a rehabilitación de fachadas na rúa de Carlos Maside, presentado pola Comunidade de Propietarios do edificio número 6 da rúa de Carlos Maside, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

Dada a inclusión dos predios afectados no ámbito do denominado *Perímetro azul* da cidade histórica, as obras a realizar haberán de someterse a informe da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

O acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.”

Alcalde: Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Antes de nada perdón, porque antes tiven unha pequena equivocación cando empecei a ler, e lin inicio de avaliación ambiental, e evidentemente, como dicía Teresa era aprobación inicial da modificación puntual.

O que hoxe traemos aquí no punto 5 é aprobación definitiva do estudo de detalle para a rehabilitación de fachada en bloques de vivendas na rúa Carlos Maside.

O que hoxe ven, en concreto, é a formulación dun estudo de detalle para todo o conxunto de vivendas proxectadas polo arquitecto Manuel Gallego Jorreto no ano 1976, na rúa Carlos Maside, e nace a raíz da petición dunha licenza para rehabilitar unha desas fachadas por parte dunha comunidade, resolvendo unicamente o illamento polo exterior, e un revestimento de fachada novo, que permitira garantir unha mellor eficiencia enerxética.

Nesta proposta en concreto non aparece o tema das carpinterías, por parte da comisión asesora se lles dixo que era interesante, que no propio estudo de detalle tamén quedaran reflexadas as carpinterías, e o que hoxe traemos en teoría é a aprobación deste estudo de detalle.

Ao fio da aprobación deste estudo de detalle nestas vivendas da rúa Carlos Maside, si me gustaría dicir, que este é un estudo detalle que aprobamos, entendo, que provisionalmente, toda a área de Vite foi declarada como área de rehabilitación integral,

polo tanto entendemos, que o prioritario unha vez que esta a declaración de ARI, é poder tramitar os estudos de detalle que permitan a instalación de ascensores polos exteriores dos edificios, xa que polo interior neste caso é imposible, e polo tanto, aínda que agora mesmo estamos aprobando este estudo de detalle que permite o illamento das edificacións por fora, dende o concello estamos impulsando a elaboración de cinco estudos de detalle diferentes para cada unha das tipoloxías que están en marcha, e este, aínda que agora aprobemos este estudo de detalle, será complementado por un novo estudo de detalle durante este ano 2016, que permitirá, ademais, da renovación de fachadas, coa mellora de eficiencia enerxética, cubrir algo que para nos é un obxectivo, tal e como dicía agora a concelleira Teresa Gutiérrez, que é mellorar a calidade de vida, mellorar as condicións de habitabilidade e sobre todo a accesibilidade das persoas que máis o necesitan nas súas vivendas.

Polo tanto, é un estudo de detalle que entendemos que resolve unha parte dos problemas, pero que os máis importantes e os máis graves non os resolven, e hai que ir a estudos de detalle que permitan a instalación de ascensores polo exterior.

O que traemos como dicía é a aprobación definitiva deste estudo de detalle, pensando que dende o Concello se está a traballar xa na redacción dun estudo de detalle en todas as tipoloxías deste ARI de Vite.

Alcalde: Moitas gracias Jorge, señor Rubén Cela.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde.

Simplemente dicir que estamos de acordo co plantexamento, e que imos votar favorablemente a este punto.

Alcalde: Gracias Rubén, Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: O voto do grupo municipal socialista tamén vai ser favorable a aprobación deste estudo de detalle, e tamén queremos dicir, que particularmente, coa incorporación como pretenden máis adiante dun estudo de detalle, para a incorporación dos ascensores que tamén é unha das necesidades, que nos entendemos, esenciais para o grupo de vivendas de Vite.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes, dona Teresa Gutiérrez a súa quenda.

Dona Teresa Gutiérrez López: Bueno este grupo como se comentou pertence á área integral de Vite, que quero insistir que tamén se tramitou por iniciativa do grupo Popular.

O estudo de detalle unicamente se refire ás fachadas nas plantas superiores, pero eu creo que si ten a súa importancia, aínda que sexa incompleto, aínda que lle falten as carpinterías, os ascensores, que por suposto deben ampliarse.

Ten a súa importancia, porque conservar os conxuntos da imaxe, do paisaxe da nosa cidade ten importancia, máis neste caso cando xa temos neste grupo unha vivenda que se rehabilitou sen licenza, e que cambiou e estropeou a imaxe conxunta.

En calquera caso, para nos é de grande importancia, que esta comunidade poida obter esta licenza, porque creo, que se algo nos critican a esta corporación e ás anteriores, entón tamén o mea culpa, é o moitísimo que tardamos en tramitar as licenzas.

Entón, creo que neste caso, esta ben que aprobemos este estudo que serve de base, e o que aquí esta serve, e debe conservarse e manterse no seguinte, como xa nos pronunciamos así tanto na comisión informativa e na comisión asesora, votaremos favorablemente.

Rematado o debate, consonte co informe transcrito ao inicio, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 22 de abril de 2016, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a rehabilitación de fachadas na rúa de Carlos Maside, presentado pola Comunidade de Propietarios do edificio número 6 da rúa de Carlos Maside, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

Dada a inclusión dos predios afectados no ámbito do denominado *Perímetro azul* da cidade histórica, as obras a realizar haberán de someterse a informe da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

O acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

6. APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO Á RED ESPAÑOLA DE CIUDADES POR EL CLIMA.

A proposta emitida polo concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia, o día 18 de abril de 2016, ten o seguinte contido:

“1.- A “Red Española de Ciudades por el clima” es la Sección de la Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) que aglutina cidades e pobos comprometidos co desenvolvemento sostible e a protección do clima.

2.- A actividade desta Rede está dirixida á promoción das políticas de desenvolvemento sostible e ao impulso de políticas locais de loita contra o cambio climático que contribúan á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e ao cumprimento do Protocolo de Kyoto.

3.- O obxecto desta Rede é converterse nun instrumento de apoio técnico para as Corporacións Locais, ofrecéndolles ferramentas para acadar un desenvolvemento sostible.

4.- Esta iniciativa foi posible gracias a que a FEMP e o Ministerio de Medio Ambiente establecieron o 04/11/2004 un Convenio de Colaboración Institucional para poñer en práctica iniciativas de prevención da contaminación e o cambio climático, dirixido ao impulso de políticas de desenvolvemento sostible a nivel municipal e no que se reflicte a necesidade de establecer unha estreita colaboración entre outras institucións e organismos públicos para impulsar estas actuacións.

5.- A Comisión Executiva da FEMP, na súa xuntanza celebrada o 22/02/2005, ratificou a proposta do Acordo da Comisión Xestora da Rede Española de Cidades polo Clima e da Comisión de Medio Ambiente e Ecoloxía da FEMP, pola que se establecen requisitos que deben cumprir os Concellos que se integren na “Red Española de Ciudades por el clima”.

Ademais, as cidades que participen na Red deberán asumir os compromisos adoptados na Conferencia de Aalborg+10 celebrada en xuño de 2004 e que desenvolven os principios básicos da Carta Europea de Cidades e Pobos Sostibles aprobados en Aalborg en 1994.

6.- Nunha primeira fase e en función das características propias de cada municipio, considérase necesario incorporar unha serie de actuacións que non teñan significativas implicacións económicas para os orzamentos municipais, pero que sirvan de referente para futuras accións, que posibiliten un cambio na tendencia da emisión de gases efecto invernadoiro e constitúan un marco de actuación para unha significativa contribución nos vindeiros anos.

7.- Nunha segunda fase, as medidas poderán ter ou terán unha maior relevancia ou implicación económica unha vez asentado o marco institucional e técnico, así como a participación dos axentes implicados.

8.- Achégase acordo da Xunta de Goberno celebrada o 15 de abril de 2016 onde se dá conta da presentación ao pleno de abril da proposta de aprobación de adhesión á “Red Española de Ciudades por el Clima”:

Por todo isto, sométese á consideración da Comisión Informativa as seguintes propostas de ACORDOS:

1º.- O Pleno da Corporación aproba a adhesión á “Red Española de Ciudades por el Clima” e, en consecuencia, que se realice unha declaración institucional por parte do Alcalde dirixida a toda a cidadanía onde se plasme o compromiso municipal de adhesión á Rede e á futura implantación de políticas municipais de redución de gases de efecto invernadoiro.

2º.- Que se designe un representante político para a Asamblea da Rede e un representante técnico para asistencia a reunións e grupos de traballo da mesma.

3º.- Que se organice unha Comisión Técnica para o seguimento das políticas de prevención e redución da contaminación donde estean representadas todas as concellarías implicadas nas políticas de urbanismo, transporte, medio ambiente, participación, etc.

4º.- Que se organice un foro de debate cidadá sobre as medidas e actuacións de redución das emisións contaminantes.

5º.- Que se realicen todos os trámites oportunos para que a alta na “Red Española de Ciudades por el clima” sexa efectiva.”

Alcalde: Se fai defensa señor Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Grazas señor alcalde, boas tardes compañeiras e compañeiros de corporación.

Como de seguro que xa todos sabedes a Rede Española de Cidades polo clima, é unha sección da Federación Española de Municipios e Provincias, que reúne as cidades ou vilas comprometidas co desenvolvemento sostible e a protección do clima.

A Rede está dirixida a adoptar e promocionar políticas de desenvolvemento sostible e referendar e apoiar, tamén o desenvolvemento de políticas locais de loita contra o

cambio climático que contribúan á reducir ou a mitigar unha das maiores ameazas que ten hoxe en día o medio ambiente no noso planeta.

A Comisión executiva da FEMP establece unha serie de requisitos que deben cumprir os concellos que se integren neles, e entre eles, e non menor, é a aprobación en pleno desta adhesión, que plantea en dúas fases:

O desenvolvemento unha vez que está adherido, que é unha primeira fase case máis simbólica de actividades.

E unha segunda fase que non delimita no tempo, pois que solicita, medidas de maior relevancia funcional, por chamarlle dalgún xeito, ou económica.

Ben, para ser breve, o que sometemos á consideración e aprobación deste Pleno é a adhesión a esta Rede Española de Cidades polo clima, e que consecuentemente, o Alcalde faga unha declaración institucional dirixida a toda a cidadanía que plasme o compromiso municipal nesta Rede.

Tamén dentro desta aprobación, aprobación que implica que se designe un representante político para a Asemblea da Rede, e un representante técnico para integrarse en grupos de traballo, ou en xuntanzas técnicas da mesma.

Así mesmo, esixe que se organice unha comisión técnica para o seguimento das políticas de prevención e redución da contaminación, que impliquen a todas as áreas do concello, que poidan ter competencias no tema.

E proponse un foro de debate cidadá sobre as medidas e actuacións de redución das emisións contaminantes.

E por suposto, que se realicen todos os trámites oportunos para que a alta a Compostela nesa Rede Española de Cidades por el clima.

É isto o que se somete a votación. Grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Xan Duro.

Dona Goretti Sanmartín Rei: É evidente que calquera proposta que se faga para intentar contribuír a redución do cambio de climático, e intentar, pois combater a contaminación e a crear un mundo máis limpo e máis saudable, vai ser benvida por este grupo, polo Bloque Nacionalista Galego.

E polo tanto, xa anunciamos que imos apoiar esta iniciativa.

Por outra parte, o que nos parece importante, e alén de apoiar iniciativas deste tipo, algunha outra xa vimos, e que se faga ese esforzo de transversalidade, de que isto sexa unha política que atravesese todas as áreas de goberno e que se comecen a implementar medidas dende o ámbito local, relacionadas tanto co transporte, co urbanismo, co intento de conseguir que non haxa emisións, que se reduza a emisión de gases contaminantes, mesmo tamén dende medio rural, poderían facerse medidas moi interesantes neste sentido.

Sería unha boa noticia para o sector agrogandeiro, pois tan necesitado de políticas e de medidas, que por exemplo poidan pórllle freo á plantación de eucaliptos, e que fosen na liña de intentar a promover a produción de forraxe, que por un lado tamén pode servir dende o punto de vista económico, ser moito máis barato, pero tamén contribúe a biodiversidade e a pórllle freo ao cambio climático, e a estar de acordo cunha tradición habitual no noso país.

Entón nese sentido, consideramos que dende o punto de vista local, despois dunha vez feito e cumprido este requisito, o lóxico é porse a traballar xa, neste tipo de cuestións.

Así, como non queremos desaproveitar a ocasión, para comentar que era bo tamén que houbera a nivel galego algunha planificación neste sentido, porque hai moitísima repercusión de industrias contaminantes no noso país.

Industrias que coñecemos todo o mundo, como toda a repercusión das centrais térmicas das Pontes, de Meirama, na ría de Pontevedra, Alcoa, e a propia Finsa en Santiago de Compostela.

Así que ven merece isto, unha actuación contundente, tanto do goberno galego, como por suposto de todos os gobernos locais na medida das súas posibilidades.

Alcalde: Moitas gracias Goretti, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde.

A proposta do goberno de Compostela de integrarnos nesta sección da Federación Española de Municipios e Provincias, o que permite e vai permitir participar dunha ferramenta para trasladar os obxectivos da política nacional de cambio climático e xestión de enerxía a escala local e neste caso, a escala da nosa cidade.

Sen embargo hai que dicir que sorprende que o goberno limite as primeiras actuacións a levar a cabo como novos membros da rede, á organización dunha comisión técnica para o seguimento das políticas de prevención e redución da contaminación, e a organización

dun foro de debate. Sen desmerecer o interese destas propostas, atendo a un estudo da Universidade Politécnica de Madrid, no que se repasaban as diferentes actuacións dos concellos membros da Rede dentro do sexto programa de acción en materia de medio ambiente da Unión Europea 2002-2012, avaliábanse cento vinte e catro actuacións de trinta municipios membros da Rede, que englobaban prácticas urbanas en edificación e planificación urbana, en tecnoloxía, enerxía e transporte.

Sería interesante, polo tanto, que xunto á proposta de pertenza á rede o goberno propuxese a este pleno un calendario de proxectos a levar a cabo, convertendo a Santiago nunha das capitais da loita contra o cambio climático, incorporando incluso unha proposta de fiscalidade verde para as ordenanzas fiscais de 2017.

A pesar da ausencia dun calendario de compromiso e actuacións, o grupo municipal do PSdeG-PSOE vai votar a favor da incorporación de Compostela a Rede de Española de Cidades polo clima.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas gracias a vostede señor Paco Reyes, Teresa.

Dona Teresa Gutiérrez López: Á vista da documentación entregada, revisadas as normas de funcionamento e a organización da Rede Española de Cidades polo clima, vemos que os obxectivos da mesma, expresados no seu artigo 5, son coincidentes cos obxectivos expresados por esta Corporación Municipal noutras ocasións, e concretamente e recentemente na adhesión ao Pacto dos Alcaldes.

Parécenos adecuada tanto a estrutura como o réxime xurídico, en canto que non é unha adhesión a unha nova entidade, senón participar nunha rede dentro da FEMP.

Tamén analizamos o plan de actuacións, tanto para a primeira como para a segunda fase, e constatamos que moitas desas actuacións propostas xa foron realizadas por este concello no goberno anterior.

En canto ao réxime económico non figura na documentación as cotas a pagar por cada concello, indicando unicamente que responderán a unha cantidade fixa por habitante. Visitando a páxina web, en cambio vemos, que a cantidade ascenderá a 300 euros.

Independentemente de que a cantidade sexa ou non importante, parécenos que o correcto tería sido indicar o importe da cota na documentación, pero como a proposta que se trae a pleno é exactamente o modelo proposto pola Rede traducido ao galego e numerado, pois non se lles ocorreu aportar novos datos, como este das cotas, ou

actualizar novos compromisos adquiridos polo concello en materia de cambio climático.

Os que figuran na proposta e as referencias da proposta son bastante antigas.

O que si nos parece chamativo, é que deixando as instrucións da Rede ben claro que o órgano competente para acordar a adhesión á mesma é o Pleno do Concello, finalmente a proposta se aprobará primeiro en Xunta de Goberno e posteriormente no Pleno do Concello, isto é o que no meu pobo se chama poñerse tirantes e cinto.

Ao marxe destas consideracións, estamos de acordo cos obxectivos e con participar na Rede e votaremos favorablemente.

Alcalde: Moitas gracias, Xan Duro algo que engadir?

Don Xan Duro Fernández: Un segundo só.

Aclararlle ao señor Paco Reyes que o que propomos neste documento non é a primeira medida que vai adoptar este concello, senón o que esixe a Rede é que se adopte a adhesión.

Aclararlle, tamén, a señora Gutiérrez que consultados os servizos xurídicos deste concello, parece ser que a aprobación deste tipo de adhesións non é unha competencia plenaria, tráese ao pleno, porque así o pide a Rede de Municipios e Provincias, e por iso someteuse á aprobación da Xunta de Goberno e Pleno, e sempre é bo ir ven amarrado con cinto e tirantes cando fai falta.

Dona Teresa Gutiérrez López: Se non nos competen non temos nada que dicir.

Alcalde: O que dixo o concelleiro esta ben dito señora Gutiérrez.

Don Francisco Reyes Santiás: Soamente lembrarlle ao señor Xan Duro, que o certo é que a Rede de cidades non impide que conxuntamente coa proposta da pertenza se veña cun calendario de compromiso de futuras actuacións.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas señor Paco Reyes.

Rematado o debate, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos

correspondente a súa sesión ordinaria de 22 de abril de 2016, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1º.- A adhesión á “Red Española de Ciudades por el Clima” e, en consecuencia, que se realice unha declaración institucional por parte do Alcalde dirixida a toda a cidadanía onde se plasme o compromiso municipal de adhesión á Rede e á futura implantación de políticas municipais de redución de gases de efecto invernadoiro.

2º.- Designar un representante político para a Asemblea da Rede e un representante técnico para asistencia a reunións e grupos de traballo da mesma.

3º.- Organizar unha Comisión Técnica para o seguimento das políticas de prevención e redución da contaminación onde estean representadas todas as concellarías implicadas nas políticas de urbanismo, transporte, medio ambiente, participación, etc.

4º.- Organizar un foro de debate cidadá sobre as medidas e actuacións de redución das emisións contaminantes.

5º.- Realizar todos os trámites oportunos para que a alta na “Red Española de Ciudades por el clima” sexa efectiva.

7. APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO.

A proposta emitida pola Alcaldía o día 25 de abril de 2016, que corrixe a emitida o día 18 de abril anterior, ten o seguinte contido:

“1.- O proxecto da “Asociación de Municipios del Camino de Santiago”, naceu en novembro do 2013 promovido pola Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Jaca, coa sinatura nesa cidade de un protocolo de adhesión dos Concellos de Santiago de Compostela, Logroño, Burgos, Astorga e Jaca. Dende ese momento ata a actualidade o número de municipios participantes foise incrementando.

2.- A constitución da mencionada Asociación conta co apoio do Ministerio de Fomento, Secretaría de Estado de Cultura, o Consejo Jacobeo así como empresas privadas cos fins e actividades que se recollen no artigo 5 e 6 dos seus Estatutos.

3.- O pasado 26/02/2016 celebrouse en León a I Asemblea Xeral, na que entre outras cuestións tratouse o tema dos Estatutos e as súas modificacións que deben ser sometidas á aprobación de cada un dos plenos dos Concellos participantes, xa que nos vindeiros meses producírase o rexistro da Asociación no Rexistro Nacional de Asociacións entre outros trámites, para estar en condicións de operar.

4.- De acordo coa Disposición Adicional Primeira dos Estatutos da “Asociación de Municipios del Camino de Santiago”:

El procedimiento para la creación de esta Asociación será el siguiente:

1) ”.....En el caso de los Ayuntamientos es necesario certificado de acuerdo plenario de la entidad local, adoptado con el voto favorable de la mayoría absoluta legal de sus miembros, haciendo constar la conformidad de creación de la Asociación y de sus Estatutos.....”

5.- Achégase acordo da Xunta de Goberno celebrada con data 15 de abril de 2016 onde se dá conta da presentación ao Pleno de abril da proposta de aprobación dos Estatutos da “Asociación de Municipios del Camino de Santiago”.

Por todo isto, sométese á consideración da comisión informativa o seguinte ACORDO:

Aprobación no Pleno dos Estatutos da “Asociación de Municipios del Camino de Santiago” (anexo I). O pago da primeira cota anual queda diferido ao ano 2017, facendo uso da moratoria concedida pola Asociación a aqueles Concellos que por falta de previsión financeira, non tiveran posibilidade económica no exercicio en curso (Anexo II).”

Achegado ao expediente figura o informe do Secretario Xeral do Pleno do día 13 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno tomou coñecemento do presente asunto, na sesión que tivo lugar o día 15 de abril de 2016.

Alcalde: Se fai defensa a portavoz do grupo, Marta Lois.

Dona Marta Lois González: Boas tardes señor alcalde, boas tardes compañeiras e compañeiros da corporación.

O proxecto da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago, naceu en novembro de 2013, promovido pola asociación de amigos do Camiño de Santiago de Jaca, coa sinatura nesa cidade dun protocolo de adhesión dos Concellos de Santiago de Compostela, Logroño, Burgos, Astorga, Jaca.

Dende ese momento ata actualidade o número de municipios participantes foise incrementando.

A constitución da mencionada Asociación conta co apoio do Ministerio de Fomento, coa Secretaría de Estado de Cultura, e co Consello Xacobeo, así como de empresas privadas con fins e actividades que se recollen no artigo 5 e 6 dos seus estatutos.

O pasado 26 de febreiro celebrouse en León a primeira Asemblea Xeral, na que entre outras cuestións, tratouse o tema dos Estatutos e as súas modificacións que deben ser sometidas á aprobación dos plenos dos concellos participantes, xa que nos vindeiros meses producírase o rexistro da Asociación no Rexistro Nacional de Asociacións.

De acordo coa disposición adicional primeira dos estatutos da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago, o procedemento para a creación desta asociación necesita do acordo plenario co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, facendo constar a conformidade de creación da asociación e dos seus estatutos.

Na Xunta de Goberno celebrada con data do 15 de abril de 2016, deuse conta da presentación ao pleno de abril precisamente da proposta dos estatutos desta Asociación.

Como aclaración tamén indicar que o pago da primeira cota anual queda diferido ao ano 2017, facendo uso, polo tanto, da moratoria concedida pola Asociación a todos aqueles concellos que por falta de previsión orzamentaria, non tiveran posibilidade económica no exercicio en curso.

Por todo isto, sométese ao pleno a aprobación dos devanditos estatutos da asociación.

Grazas.

Alcalde: Moitas grazas Marta.

Dona Goretti Sanmartín Rei: É evidente que nos parece positivo ao Bloque Nacionalista Galego que Santiago participe nesta nova asociación a redor dos municipios do Camiño de Santiago, unha nova que se acrecentaría arredor das corenta asociacións vinculadas ao camiño que hai no Estado Español. Todo o que sexa coordinar actuacións dos concellos é importante, así que estamos a favor desta iniciativa, aínda que hai dous aspectos que son do plano formal, aínda que entran directamente estas cuestións formais en temas de contido, que pensamos que se pode tamén dende Compostela reclamar que se modifiquen os estatutos, se estamos a tempo.

Un deles, é unha vez máis, relativo á linguaxe inclusiva que non figura en todo o texto, única e exclusivamente, figuran os cargos todos en masculino.

E o segundo indicar que todas as actuacións que se desenvolvan no territorio galego usen tamén o idioma galego na súa comunicación.

Con estas dúas cuestións que pensamos que se poden solventar, o BNG votará a favor por suposto.

Alcalde: Grazas Goretti, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas.

É indubidable, o interese da existencia dunha Asociación de Municipios do Camiño de Santiago para a nosa cidade, e para o que supón de instrumento para a nosa cidade a meta do camiño, e o que significa de ingresos para Galicia e para Compostela.

A proposta, ao noso xuízo, adolece dunha cuestión, que do mesmo xeito que a proposta anterior, un calendario de actuacións que permita a Santiago liderar e aglutinar a promoción do Camiño, e vencellado a isto, lembrar a ausencia dunha data aínda non confirmada de convocatoria de reunión do Real Padroado, para abordar a aprobación, financiamento e posta en marcha do Plan Compostela 2016-2020.

Hai que destacar que xa levamos dous anos de atraso, pois o anterior plan finalizou en 2014, e aínda descoñecemos o posible contido dun plan que debería estar aprobado o mesmo 2014, e que comezado a ser executado xa o ano pasado, no ano 2015.

Ademais, sorprende, hai que dicilo tamén, a contía dedicada para o período 2015-2021 por parte da Xunta de Galicia para o que é os plans dos camiños, porque se trata simplemente do 8,5% dos ingresos co propio plan da Xunta calcula para Galicia nese mesmo período.

O Xacobeo 2021 corre o risco de morrer de éxito ante a gran expectativa que os éxitos dos anteriores xacobeos espertaron e a distancia temporal do 2021 cos anteriores.

Esta expectativa esixe unha especial posta en valor do evento para non converterse nun punto de inflexión en caída.

Obviamente o noso voto vai ser favorable a proposta de goberno, pero entendemos que urxe unha actividade máis decidida e comprometida do goberno coa planificación e organización do Xacobeo 2021.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas gracias señor Paco Reyes, Dona María Antón.

Dona María Antón Vilasánchez: Moi boas tardes a todas e a todos.

Vaia por diante, que o noso grupo municipal do Partido Popular considera que todas as iniciativas que supoñan colaboración e cooperación entre os diferentes axentes que desenvolvan calquera tipo de actividades en prol do camiño de Santiago, xa sexan públicas ou privadas, son de interese e merecen non só a presenza do Concello de Santiago, senón tamén a súa implicación e participación activa.

Ter un foro de cooperación permanente, como pode ser esta asociación de municipios, parécenos particularmente interesante, porque se trata do ámbito máis próximo ás realidades e necesidades do camiño, e onde a competencia é plena da administración local.

Por en, antes de avanzar máis no asunto, solicitamos algunha aclaración sobre o que hoxe se trae a este pleno por parte do grupo de goberno.

A primeira cuestión fai referencia a un aspecto formal da proposta. Se collemos o informe do Secretario municipal, ao noso entender o secretario propón claramente que este asunto deba ser aprobado en Xunta de Goberno, xa que sería realmente o órgano competente. Levamos tirantes e cinto como dicía a miña compañeira.

Máis os propios Estatutos, como dicía a concelleira, da Asociación acordan que deba ser o pleno de cada concello quen aprobe estes Estatutos.

Sen embargo o informe do Secretario, conclúe que para garantir a absoluta validez do acordo plenario, a proposta da Alcaldía debe someterse á consideración da Xunta de Goberno, para que acade previamente o oportuno informe proposta favorable do devandito órgano.

Por en, o que se nos presenta como acordo da Xunta de Goberno, é o seguinte acordo:

“Proposta da Alcaldía para dar conta dos Estatutos da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago.”

Na miña humilde opinión, dar conta e aprobación son cousas distintas, dar conta á Xunta de Goberno, é que a Xunta de Goberno dáse por enterada de algo, pero non debería supoñer a aprobación en si mesma.

Non sei se o secretario quere facer algunha aclaración, neste sentido.

E outra cuestión que xurde da lectura dos Estatutos, e tamén nalgunha medida do propio informe do Secretario, é a representación na xunta directiva.

Segundo o artigo 14 dos Estatutos, a Asociación será representada e administrada pola Xunta Directiva que estará composta por cinco cargos: Presidente, Vicepresidente 1º, Vicepresidente 2º, Secretario, Tesoureiro, máis oito vogais.

Cada Comunidade Autónoma disporá de dous membros na Xunta de Directiva, un dos cinco cargos máis un vogal.

A Junta de Castilla e León dada a súa extensión do camiño contará con dous vogais máis, de maneira que haxa un vogal por provincia.

E a Comunidade Autónoma de Galicia dado o seu simbolismo da súa capital, Santiago de Compostela, ademais dos seus dous representantes contará cun vogal permanente na Xunta Directiva que corresponderá ao Concello de Santiago de Compostela.

Baseado neste artigo esta claro que Comunidade Autónoma de Galicia tería un cargo, un vogal e un vogal permanente do Concello de Santiago de Compostela.

Actualmente, pola Comunidade Autónoma de Galicia nesta asociación hai catro municipios incluído Santiago de Compostela.

Cómo se vai solventar a representación de Galicia na Asociación?

A vogalía permanente pode ser un freo para a presenza de Santiago nun cargo?

No caso de que poidan existir dous representantes na Xunta Directiva, cargo e vogalía, cómo se van elixir estes representantes?

Sabemos que o Alcalde, segundo os Estatutos, xa é representante, pero non sabemos nada máis.

E coido que son cuestións que sería interesante, pois ter unha resposta, pois como antes comentaba, non se trata só de estar, senón de traballar e non podemos pensar que somos a metade do camiño, pois temos todo feito.

Non hai nada peor que decepcionar co destino, é dicir non cubrir as expectativas dos que despois de percorrer o Camiño de Santiago non ven na cidade esa ansiada meta, máis aló que chegar.

E non escoitamos, nestes meses de goberno de Compostela Aberta, nada sobre o seu compromiso, a favor do Camiño de Santiago.

Non sabemos do traballo que iniciou este grupo no último ano de lexislatura, a favor de plans de actuacións dos camiños que percorren o noso concello, particularmente o Camiño Portugués e o Camiño Inglés.

Non vimos nos orzamentos de Compostela Aberta ningunha acción para continuar a mellorar a traza dos camiños, a súa sinalización, a recuperación de elementos do patrimonio, a súa promoción. Nin sequera vimos unha nova sinalización da oficina do peregrino a pesar dun rogo que xa trouxemos a este pleno no mes de xaneiro.

Tampouco vimos ao Alcalde, nin a ninguén do goberno santiagués representando ao concello na xuntanza de Burgos, onde se deu pulo a esta asociación despois do ano 2013.

E, espero que non consideren que a presenza do concello nesta asociación, é un acto simbólico máis.

A colaboración interinstitucional que permita unha gobernanza do Camiño de Santiago é fundamental para a preservación, mantemento e potenciación da Ruta Xacobeá. Fíxense se é tan importante, que é un dos requisitos establecidos polo Consello de Europa para os itinerarios culturais europeos.

Por certo, no 2017, celebráranse os trinta anos da primeira declaración do Camiño de Santiago como primeiro itinerario cultural europeo. Unha data que ao noso xuízo debe estar na axenda do goberno e nos orzamentos.

E bueno coas aclaracións das que falaba ao principio, o noso voto será favorable.

Alcalde: Gracias María Antón. Non sei se o secretario quere engadir algo?

Secretario: Soamente, ratificarme nos informes que fixen, ambos os dous informes destes dous puntos, son practicamente iguais.

Con respecto á problemática do principio da competencia, que como é sabido, non digo nada novo, a competencia é irrenunciable e ten que ser exercida polos órganos que as teñan atribuídas como propias, e calquera defecto no sistema de competencias que establece o noso ordenamento xurídico, pode conlevar a nulidade, o artigo 12 da Lei de Procedemento Administrativo, é unha obviedade o que estou practicamente dicindo.

No título X, ademais, temos un sistema específico, e non hai unha verticalidade, non hai un sistema xerárquico, non hai recurso de alzada da Xunta de Goberno sobre o Pleno, agás cuestións taxadas que non veñen ao caso, e entón o único que digo, é que efectivamente, hai unha costume na administración local, de se non hai problema, pois levar estas cousas ao pleno, pero dende un punto de vista rigoroso e técnico, como é o que teño eu que procurar, pois hai que dicir, o que hai que dicir, que é un tema que pertence á Xunta de Goberno, aínda que os municipios que participen, ao mellor, non sei se por darlle un pulo institucional, non o sei, é un tema político que non me compete, ou ben porque os concellos desta asociación se basean no artigo 21 da Lei de Bases porque non sexan municipios que non estean comprendidos no título X de gran poboación, supoño que en Castela e León a meirande parte deles non estarán comprendidos, .. entón eu dígolles paréceme ben que os leven ao pleno, pero polo menos que a Xunta de Goberno que é órgano primixenio se manifeste favorablemente, e o que fago precisamente na miña modesta labor.

O tema que plantexou a señora María Antón, teño que dicir humildemente, que a verdade é que non me plantexei esa problemática que di vostede, non entrei así polo miúdo en canto á representación, pero se é necesario estudareino, pero teño que dicirlle que non podo responderlle, porque non o plantexei.

Alcalde: Bueno, eu como estiven en León, vou dar unha réplica aclaratoria a cuestións que plantexa María Antón.

Dicir que a pesar de que houbo unha xunta previa en Burgos, onde se debaten os estatutos, acaban aprobándose en León, e eu alí estiven presente, e sei que son culpable de case todo o que acontece na cidade, máis alá desa situación, tamén dicir, no meu descargo que a cuestión de que eu non estivera en Burgos representando a cidade, e xa o dixen no seu momento, foi por un cambio de datas de celebración do pleno a petición do Partido Popular, pero eu creo que foi así, e a maiores foi despois o Partido Popular o que me recriminou que non estivera en Burgos.

Dito isto, que é unha cuestión de aclaración.

Comentar que é certo que hai cuestións que aínda están por interpretar, é certo que non hai un modelo de escolla a nivel autonómico do que son os representantes do resto da xunta directiva, é certo que na xuntanza de León si que estivo o Xacobeo representado, e supoño que habilitarán un método de escolla entre os concellos asistentes.

É certo de que eu fixen a petición de que por entidade de Compostela este concello tivera un vogal permanente na xunta directiva, porque entendía que non podía estar ao albur do proceso de rotación, dado que a chegada do camiño é Santiago, e ese foi basicamente a filosofía do proceso.

Eu coido que é unha asociación que ten entidade, que está impulsada directamente polas asociacións de amigos do camiño, pero que implicou a máis de cincuenta concellos do camiño francés, que implica a varias Comunidades Autónomas, e entendo, que pode ser tamén un vector de representación e de presión diante das diferentes administracións para o mantemento do camiño.

Logo a respecto do compromiso do grupo de goberno no mantemento do camiño, a min si que me gustaría clarificar a cuestión competencial, porque máis alá de que poidamos asumir a cuestión da sinalética, tamén hai competencias e competencias á hora de actuar sobre o Camiño de Santiago, e creo que aí cada administración debe asumir tamén as súas competencias, o que non pode ser é que esteamos subsumidos en toda a regulación do camiño pola vía autonómica e incluso para actuar sobre o camiño e incluso para a normativa urbanística para a concesión de licenzas, para actuacións, e logo tamén teñamos que ter a responsabilidade de actuar directamente sobre o camiño.

Eu, creo que cada institución debe cumprir o que debe cumprir, e que isto non é contradictorio coa cuestión da asociación.

Polo tanto, un pouco clarexar, porque estiven aquel día no debate do plenario, e tamén anunciar que o seguinte plenario será en Santiago de Compostela, que tamén se acordou nesa xuntanza, ao igual que se acordou que as cotas quedarían anuladas de momento ata o 2017, porque como dixo Marta había moitos concellos tramitando os orzamentos, e con orzamentos aprobados, e iso obrigaba a facer modificacións, ou obrigaba a facer exercicios complexos, e decidiuse adiar o que é a cuestión de cotas ata o vindeiro ano.

Dona María Antón Vilasánchez: A nosa dúbida como xa expresei antes era un tema formal na parte dos estatutos, sobre todo, recollendo un pouco o informe do secretario, se realmente na Xunta de Goberno se aprobara ou se dera conta, e despois amosar a nosa preocupación, porque efectivamente por parte do concello, independentemente de os temas competenciais son colaborativos, non é cuestión de dicir que o fagan outros, é un tema territorial, e eu aí entendo que o concello ten moito que dicir e moita participación, sobre todo, porque ese no fondo era un pouco o espírito da miña intervención.

Non podemos relaxarnos, precisamente porque sexamos a meta. Se a meta defrauda a eses centos e miles de peregrinos que veñen cada ano polo Camiño de Santiago, pois realmente estarémonos facendo un flaco favor.

Rematado o debate, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 22 de abril de 2016, o Pleno da Corporación

acorda por unanimidade, a aprobación dos Estatutos da “Asociación de Municipios del Camino de Santiago.

O pago da primeira cota anual queda diferido ao ano 2017, facendo uso da moratoria concedida pola asociación a aqueles concellos que por falta de previsión financeira, non tiveran posibilidade económica no exercicio en curso.

8. CONSTITUCIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE MEDIO AMBIENTE.

Alcalde: Constitución do Consello Municipal de Medio Ambiente, coido que hai emendas presentadas polo PSOE e o BNG. Fai defensa do texto o compañeiro Xan Duro.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Unha cuestión de orde señor alcalde antes de comezar o debate.

Nos quixeramos saber cal é eventual alcance do acordo ao que se chegue neste punto, porque na documentación que obra no noso poder, o que é acta da comisión, dedúcese que o que se sometería a votación sería a designación de dous expertos, e o resto sería unha dación de conta, iso por unha banda, non sei é así, e se é así, non se se van debater as emendas. E por banda, as emendas veñen formuladas como emendas de adición, e como emendas de adición non poderían ser, porque as prazas son taxadas e terían que referirse pois a quen sería o substituído.

Alcalde: Coido que iso o ía explicar Xan Duro, porque ese era o motivo de non poder aceptalas en principio.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: O digo por se o queren deixar enriba da mesa, porque tal e como esta é un pouco caos.

Don Xan Duro Fernández: Indican os servizos xurídicos perfecto.

Segundo di o Regulamento do Consello Municipal de Medio Ambiente, os membros do Pleno deste Consello serán nomeados ao principio de lexislatura, e está marcado o número de membros, como ben sabe, o señor Brunete mantivemos unha xuntanza fai un tempo para falar deste tema, é o único cambio que se propuxo foi que nos representantes das asociacións empresariais foi incluír a Cámara de Comercio, e incluíuse.

E tamén acordamos que unha das primeiras cousas que faría este consello para realmente converterse nun órgano de participación aberto, sería formular un cambio no

seu Regulamento, no que digamos, abría a posibilidade de que participara calquera persoa ou entidade que o solicitará formalmente.

Entón, isto case é un proceso burocrático para poder constituír o Consello, e poder facer ese cambio de Regulamento e poñerse a funcionar.

Segundo indica, tamén o seu regulamento, o que se somete á aprobación do pleno é a designación dos dous expertos ambientais, e o resto das persoas nomeadas son as que deciden cada unha das entidades que participan, non sei, que alternativa dache, Alejandro, sobre isto. Eu creo que na xuntanza que tivemos tiñamos bastante claro o proceso, non sei agora.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Eu en principio pregunto. Pregunto cómo se vai articular este punto da orde do día. O digo porque hai unha confusión que pon de manifesto ás emendas que presentan os outros grupos, eu simplemente digo, para enmarcar o debate.

Eu só advirto dunha situación un tanto contraditoria, un tanto caótica.

Alcalde: En principio que o se somete a votación son dous expertos. É certo que se fixo unha quenda con todas as entidades e que houbo un retorno, e como ti ben dis, as prazas están taxadas, polo tanto, a nosa posición en principio era someter a votación os dous expertos e rexeitar as emendas, pola razón de que xa estaban ocupadas polas entidades que se interesaron no proceso, ou iso foi o que me explicou Xan Duro, ao inicio da sesión, pero tamén me acollo ao que poida interpretar o señor secretario.

Secretario: Se hai números clausus, e dicir, si están taxados os membros, naturalmente, para incluír un membro na asociación habería que sacar a outro, senón hai números clausus pódense incluír.

Entón hai que deixar enriba da mesa o tema das emendas, e votar soamente os dous expertos, porque se efectivamente son números clausus habería que cambiar o Regulamento é expoñelo ao público.

Alcalde: Hoxe cando discutimos o tema, non había problema en aceptar as emendas ata que vimos que había números clausus.

Don Xan Duro Fernández: Con permiso do señor secretario, se non temos constituído o Consello Municipal de Medio Ambiente, supoño que a reformulación do Regulamento ten que pasar primeiro polo Consello e logo vir a pleno.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Hai outro problemíña tamén, no Regulamento se fala de que serán cinco os representantes da Corporación Municipal, atendo á proporcionalidade, nos xa dixemos que non fariamos causa política, pero bueno, si advertimos que o Regulamento fala de que teñen que ser cinco, e a na proposta veñen catro.

Simplemente facer esa puntualización.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas.

Vamos a ver, vou distinguir dous ámbitos, o formal e o práctico e político, e eu creo que temos que atender os dous, en calquera caso, no ámbito formal sométome ao criterio do secretario do pleno, e en calquera caso, si que me gustaría facer unha apreciación, con independencia de que haxa números clausus ou non, con independencia de que falemos deste Consello ou doutros consellos de participación, a min hai unha cousa que si que me preocupa, porque eu podo estar de acordo co reparto de membros en función de determinado de tipo de aspectos sectoriais, quero dicir, podo estar de acordo en que haxa tres representantes de entidades ecoloxistas, que haxa tres representantes de entidades sindicais, que haxa tres representantes de entidades sindicais agrarias, que haxa x representantes da administración, dos partidos políticos, con esa formulación, pero despois hai unha segunda derivada, que é cómo se escollen esas persoas, porque non é menor, claro, eu formulo unha pregunta, e sen ter ningún problema, por exemplo neste Consello hai un posto reservado a unha asociación xuvenil, está Barrio Pía, eu ata agora entendín que era un colectivo veciñal, non sei se está formalizado como asociación xuvenil.

En calquera caso, sei que a situación do tecido asociativo xuvenil en Santiago, no conxunto do país, non está precisamente no seu mellor momento, pero algunha asociación xuvenil creo que en Santiago hai.

Entón, con respecto ao tema das propias organizacións, non sei se á hora de seleccionar a cobertura deses postos hai un criterio, xa non digo obxectivo, porque hai veces que non é obxectivo, se hai unha consulta formal, non sei exactamente cómo, a miña pregunta vai máis por aí, se causa algún problema en base ao tema dos números clausus, non temos problema tampouco en retirar a nosa proposta, que a nosa proposta ven un pouco a raíz, tamén, da que realiza o grupo socialista, e en calquera caso, eu tómolle a palabra o señor concelleiro, eu creo que o espírito que había na primeira xuntanza, era a de constituír formalmente este consello, eu creo que é importante, porque vamos a cumprir un ano do inicio do mandato e eu creo que é importante que todos os consellos de participación cidadá en ámbitos sectoriais pois estean activados, e partir de aí, pois se non poden estar formalmente estas entidades ou outras integradas no Consello, polo menos que haxa o acordo de cursar convite para que participen.

Secretario: Se me permiten, e ao fio do que está dicindo o Sr. Rubén, o Regulamento é un regulamento de proposta e non de acordo, polo tanto, é o regulamento típico de participación, pero como hai números clausus o que non podemos é introducir, porque hai que encaixar, pois dentro da proposta do Presidente pódense incluír como ouvintes.

En todo caso constituír o Consello non é un impedimento con este Regulamento do ano 2000, e en todo caso, as cuestións que se están a suscitar serían propias dun estudo máis profundo para un posible cambio regulamentario.

Entón non se poderían designar estes señores, pero non hai ningún impedimento en que asistan como ouvintes, esa sería unha solución.

Don Xan Duro Fernández: Só dúas cousas, o espírito creo que o compartimos todos, isto realmente é burocracia, para despois realmente poder abrir o Consello á participación.

Efectivamente, Alejandro, o Regulamento di que hai cinco participantes, pero o que falamos na xunta que mantivemos, é que era un por grupo, e non íamos facer causa dese tema, entón volver a sacalo, non lle atopo ningún sentido.

E a base para facer esta proposta, tiramos da última acta, que xa non me lembro de que ano era deste Consello de participación, e fomos avisando aos mesmos colectivos que participaron daquela, uns respostaron, outros xa estaban disoltos, e con respecto ao representante da asociación xuvenil, consultouse á Consellería de xuventude que nos deron listado, enviouse correos e as que respostaron entraron, tampouco fixemos causa profunda desta selección, simplemente porque era un proceso burocrático para poder reformular o Consello Municipal de Medio Ambiente.

Eu lamento, se alguén se sentiu excluído, ou algo así, nunca foi intención desta concellaría, nin a deste goberno municipal, e agardo que na primeira convocatoria de plenario poidamos modificar isto, para que poidan participar os que teñan interese.

Alcalde: Qué facemos adiámolo para o seguinte pleno, e volven a ter máis reunións, a min resúltame totalmente indiferente.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Vamos clarificar o que votamos, cómo votamos, se é posible que haxa cinco representantes de asociacións ligadas ao agro.

Alcalde: Os números están taxados, iso foi o primeiro que dixen as emendas do PSOE e BNG non tiñan problema en ser aceptadas, pero foi cando nos saltou o tema dos números clausus.

Eu non teño ningún problema en deixalo para o seguinte pleno, e a mediados de mes de maio, e aclarase.

Agora ben, non sei que se vai avanzar na clarificación do asunto, digo.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Ao mellor se pode acadar un certo consenso das entidades que formen parte inicialmente deste consello. Digo isto, porque na reunión que tivemos no mes de febreiro, houbo uns nomes que quedaron enriba da mesa, nos non fixemos causa disto, estabamos dispostos a aceptalos, e agora descubrimos que os nomes que chegan ao final non coinciden cos nomes iniciais.

Entón todo isto, é como un pouco confuso, oscilante, eu creo que había que maduralo un pouco máis, e incluso sentar as bases do que debería ser a reforma do Regulamento na liña do que apuntaba o señor Cela, pois ao final de saberse, no caso de que haxa números clausus, de saber cal é o criterio para admitir a determinadas asociacións, o outro día comentaba o señor Reyes falando no pasillo, que ao mellor era unha maioría cualificada do pleno validando digamos pois as tres entidades propostas por grupo, por poñer un exemplo.

Despois claro, nos non estamos en contra de que se abra o máis posible o Consello Ambiental e outros consellos, pero evidentemente, se se abre moitísimo pois pasa a ser como unha especie de asemblea, pero todo ten que ter unha certa orde, señor alcalde.

Alcalde: Xan Duro, senón hai inconveniente adiámolo para o seguinte pleno, e para o pleno ordinario do mes de maio que veña clarificado.

Don Xan Duro Fernández: Mentres que quede suficientemente claro que esta concellaría cumpriu o que se acordou nas xuntanzas coa oposición, eu non teño ningún problema.

Alcalde: Non vamos continuar co debate queda para o seguinte pleno ordinario, pídolles que se reúnan.

Don Francisco Reyes Santiás: Soamente un comentario, eu estou de acordo coa retirada deste punto da orde do día e que quede para o próximo pleno, pero que ao próximo pleno veñamos cuns criterios, particularmente aqueles que poden ser obxectivos, por exemplo o que nos traíamos hoxe, que era o tema da incorporación de Unións Agrarias, neste caso nos sindicatos agrarios pódese coñecer cal é a representatividade de cada un deles, con respecto ás últimas eleccións sindicais.

Polo tanto, penso que o importante é volver a traelo para o próximo pleno, pero traelo cuns criterios cos que todos poidamos estar de acordo.

Alcalde: Moi ben queda retirado o punto 8, e queda adiado para o seguinte pleno ordinario.

9. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E REUTILIZACIÓN DE DATOS.

A proposta da concelleira de igualdade, desenvolvemento económico e turismo, de data 5 de abril do corrente ano, sobre o asunto de referencia ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1.- Elaboración a partir da ordenanza de transparencia redactada pola FEMP

a).- O grupo de traballo da FEMP que elaborou a ordenanza tipo estivo coordinado por tres persoas secretarías municipais, todas elas recoñecidas no ámbito xurídico e práctico da transparencia. En particular, Víctor Almonacid, Secretario en Alzira, é unha figura pública e relator habitual sobre posta en marcha de transparencia a nivel municipal. a maiores, contaron coa participación e achegas de grupos da sociedade civil adicadas á transparencia, como é o caso da Fundación Cívico.

b).- Empregaron como documentación complementaria á xerada por RECI (Rede Cidades Intelixentes) e EUDEL (Asociación de municipios vascos) sobre normativa e posta en marcha da transparencia en municipios.

c).- Tanto o proceso coma o resultado foi públicamente recoñecido como positivo, en particular a Fundación Cívico indica textualmente na súa valoración:.

“Con todo, consideramos muy positiva en su conjunto la nueva ordenanza de transparencia de la FEMP, así como el proceso de “co-creación” de la misma. Desde Cívico agradecemos al grupo de trabajo encargado de elaborarla haber tomado en consideración nuestras modestas recomendaciones.”

2.- Con data 11/02/2016 celebrouse a xuntanza da Comisión Informativa especial de participación, igualdade e transparencia da que se tomaron en consideración as seguintes encomendas:

a) Revisáronse e tomáronse en conta normativas doutras cidades (ex. Madrid) e a documentación da Rede de Concellos vascos pola transparencia dentro da EUDEL.

b) Levouse a cabo unha (segunda) revisión e simplificación do texto xurídico da normativa dentro das limitacións do marco xurídico vixente, derivadas da Lei de transparencia.

c) Partillouse co departamento de Normalización Lingüística do Concello, quen levou a cabo unha terceira revisión da linguaxe, nos ámbitos da inclusividade e corrección gramatical.

Por todo isto, tendo en conta o marco xurídico vixente determinado pola actual Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sométese á consideración da comisión informativa a seguinte proposta de ordenanza de transparencia, información e reutilización de datos da cal destácanse entre outros aspectos:

a) Dereito de acceso como dereito fundamental. Na exposición de motivos, refírese ao dereito de acceso como un dereito fundamental e non só constitucional, en base á xurisprudencia do TEDH e outras referencias xurídicas da UE.

b) Ampliación dos suxeitos obrigados en materia de publicidade activa e acceso á información pública, incluíndo ás persoas físicas ou xurídicas que presten de servizos públicos (concesionarias). No artigo 3.2 “No caso de adxudicatarias de contratos administrativos a documentación contractual deberá concretar a información que deben subministrar o prazo para facer efectiva esta obriga e os efectos previstos en caso de incumprimento”.

c) Ampliación da publicidade activa esixida ao goberno e grupos municipais. Obriga de publicar axendas de todas as persoas concelleiras, recollendo a recomendación da Fundación Civio sobre a información completa de cargos eventuais, e a publicación de gastos anuais dos grupos municipais. No anexo I.:

i) Axenda institucional do alcalde/sa e concelleiros/as.

ii) Relación individualizada dos cargos de confianza do Concello, responsabilidades, currículo normalizado da súa experiencia profesional e importe individual das súas retribucións brutas e netas anuais.

iii) Relación de gastos anual dos grupos municipais.

d) Ampliación da publicidade activa esixida ao Concello sobre o seu patrimonio (inventario municipal):

i) Relación do inventario de activos municipais, atendendo á clasificación, desglose e información da norma UNE 178303:2015 de cidades intelixentes.

e) Reutilización de datos. Especificación da obriga de posta a disposición da información reutilizable a través do portal de datos abertos:

i) Artigo 23, referencia ao portal de datos abertos e requisitos sobre o catálogo de datos.

f) Reutilización de datos. Especificación da obriga de publicación de datos en “formatos estándar, de uso libre e abertos”, detallando os criterios xerais de reutilización:

i) Artigo 24, principios sobre os datos.”

O Secretario Xeral do Pleno emite informe en relación ao presente asunto, con data 11 de abril de 2016.

Alcalde: Marta se fas defensa.

Dona Marta Lois González: Boas tardes de novo.

Traemos ao pleno a proposta de aprobación inicial da ordenanza de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos da administración do Concello de Santiago.

Como vostedes saben este texto xa foi levado a Comisión de transparencia, en dúas ocasións e todos os grupos puideron facer as achegas correspondentes, que maiormente foron incorporadas na súa totalidade ou case todas.

A transparencia supón para a xestión pública a mellora da súa eficacia, ao facer públicos e accesibles os resultados da súa actividade.

A transparencia lexitima a acción municipal, achegándoa á cidadanía, xa que posibilita a participación desta como un axente activo no desenvolvemento normativo.

O Concello de Santiago é sensible ao contexto social e a esixencia dunha administración eficaz, participada. Unha administración con paredes de cristal. Polo que esta ordenanza determinará as regras e criterios reitores que inspiren a súa actuación no ámbito da transparencia.

No ámbito internacional o dereito de acceso á información foi recoñecido como un dereito fundamental, entre outros, polo Comité de dereitos humanos das Nacións Unidas e polo Tribunal Europeo de dereitos humanos, en concreto a xurisprudencia do Tribunal Europeo de dereitos humanos, afirma que non se pode obstaculizar o exercicio

do dereito de acceso, nin esta xustificado o mantemento dun monopolio administrativo sobre a información pública.

Por outra banda, a normativa básica estatal, aínda recoñecéndoa como un dereito constitucional, non lle outorga o carácter de dereito fundamental. Consciente desta limitación, á ordenanza de transparencia que aquí se trae do Concello de Santiago de Compostela, fai unha clara aposta polo máximo recoñecemento e garantía deste dereito dentro do marco xurídico vixente.

A ordenanza regula tamén a reutilización da información municipal para adaptar ao ámbito da administración local a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre a reutilización da información do sector público. Faino dende un recoñecemento xeral desta posibilidade, sen necesidade de autorización previa e de forma gratuíta, poñendo a dispor da cidadanía os datos con formatos estándar de uso libre e abertos.

O texto como vostedes saben, parte da ordenanza de transparencia redactada pola Federación Española de Municipios e Provincias, e que despois foi adaptada pola FEGAMP.

Consideramos no seu momento este modelo como acaído, por unha serie de aspectos que non vou a mencionar agora aquí, para racionalizar un pouquiño o tempo, pero si non obstante, tamén dicir que a nosa proposta de transparencia vai máis alá da propia Lei de 2013, en diversos aspectos, por exemplo entre outros, considérase o dereito de acceso á información pública como un dereito fundamental e non só constitucional, en base a esa xurisprudencia do Tribunal Europeo de dereitos humanos, e a outras referencias xurídicas da Unión Europea. Vai máis alá porque se inclúen as concesionarias de contratos administrativos dentro dos suxeitos obrigados en materia de publicidade activa e acceso á información pública.

Vai máis alá porque se amplía a publicidade activa esixida ao goberno e grupos municipais, atendendo ás recomendacións levadas a cabo pola Fundación Civio, así publicaranse as axendas de todos os concelleiros e as concelleiras, a información completa dos cargos eventuais, incluíndo as súas retribucións, os seus currículos, e a relación de gastos anuais dos grupos municipais.

Vai máis alá, porque o concello estará obrigado a realizar un inventario de activos municipais.

Vai máis alá, porque se especifica tamén a obriga de posta a disposición da información reutilizable a través do portal de datos abertos.

E por último, porque se especifica tamén a obriga de publicar datos en formatos estándar de uso libre e abertos, detallando os criterios xerais de reutilización.

En definitiva, o obxectivo, desta ordenanza é garantir a transparencia na actuación do Concello de Santiago de Compostela.

Por todos estes argumentos mencionados, e polo que cremos que vai supor unha mellora das prestacións á institución, ademais dun beneficio indudable á cidadanía, agardamos o respaldo a este proxecto de ordenanza que hoxe sometemos á consideración da Corporación Municipal.

Antes de rematar, tamén quixera traer ao pleno a proposta que en reunións anteriores, tanto en comisión como nunha reunión previa de portavoces, a disposición final única, respecto a duración da entrada en vigor desta ordenanza, tal como sinala ese documento e que non estaba contido no ditame que hoxe traemos aquí, figuraban doce meses, e a petición que dende o grupo de Compostela Aberta traemos ao pleno, é poder ampliar esta duración a dezaioito meses.

Nada máis e grazas.

Alcalde: Gracias Marta. Don Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Para o grupo do Bloque Nacionalista Galego, como saben, pois sempre será unha absoluta prioridade todo o que teña que ver cunha maior transparentación tanto do funcionamento das administracións públicas, nomeadamente neste caso a administración local, como no funcionamento e no traballo dos cargos electos, todo o que se poida facer para mellorar a confianza dos veciños e das veciñas nas súas institucións e nos seus representantes públicos dende o noso punto de vista pois sempre será pouco.

Ese foi o motivo, para que precisamente, no mes de xaneiro deste ano, o Bloque Nacionalista Galego, trouxera a este pleno a petición, precisamente, de que se constituíra esa comisión de transparencia, porque entendíamos que pasado medio ano dende o inicio de mandato, pois era importante, por a funcionar esa comisión, e que un dos primeiros cometidos desa comisión tiña que ser analizar e tomar medidas prácticas para transparentar máis o funcionamento desta casa.

Non sei, como comentaba a concelleira, se convertendo o Pazo de Raxoi, pois nun edificio con paredes de vidro, que oxalá sexa así, pero cando menos convertendo este Pazo de Raxoi nunha institución que non sexa opaca.

Como comentaba a concelleira, basicamente o que vamos a debater e aprobar hoxe, pois é a ordenanza tipo da FEGAMP, que a súa vez, basicamente, é a ordenanza tipo de FEMP.

O fundamental do que se recolle nestas ordenanzas, xa está recollido nunha norma de rango superior e de obrigado cumprimento xa hoxe, que é a Lei de transparencia, nos non cuestionamos o feito de que se traia unha translación practicamente directa dunha ordenanza tipo, porque se as ordenanzas tipo están ben feitas, pois a súa translación pode ser positiva, como creo que é o caso.

Outra cuestión é, e tampouco cuestionamos por suposto a profesionalidade e o criterio dos autores e das autoras, tanto dos materiais, como das achegas como comentaba a concelleira que puideron aportar tanto a Rede de Cidades Intelixentes, como a asociación de municipios Vascos.

O que cuestionamos é que dende o noso punto de vista, o punto de partida debería de ser outro, eu sería moito máis favorable a que se iniciase unha ordenanza propia dende cero, como quen di, adaptada e pensada especificamente para o ámbito do Concello de Santiago.

Esta, basicamente, quitando algúns cambios lingüísticos e a simplificación dalgún artigo, como digo, é a da FEGAMP, as cuestións novas que incorpora, como por exemplo, o artigo 24 ao que facía referencia a concelleira de reutilización de información pública, pois tamén é copiado literal, cando digo copiado non o digo con ánimo pexorativo, é dicir, case todo nesta vida está inventado, entón copiar cousas que están ben, paréceme absolutamente lexítimo e correcto, pero neste caso da ordenanza de Xixón, e coas emendas que plantexou o Partido Socialista, pois o que temos tamén é, outros cantos copia e pega, doutra ordenanza que tampouco cuestiono que é a ordenanza do Concello de Zaragoza.

Dende o noso punto de vista, nos cremos que se queda corta nalgúns aspectos, e que, dende logo, o noso plantexamento de partida sería outro.

En calquera caso, nos consideramos, que é mellor que haxa ordenanza a que non a haxa, e polo tanto, imos votar favorablemente a este texto, porque co que pon nos estamos totalmente de acordo, outra cousa é que nos gustaría que puxera algunha cousa máis.

Dito isto, o que si que me gustaría resaltar é outra cuestión, que é de tipo político, que non é de tipo administrativo, nin formal, de como se plantexa a ordenanza, eu teño a convicción de que a transparencia neste concello non se vai solucionar nin para ben, nin para mal, cunha ordenanza, creo que é unha cuestión de vontade política, e este goberno

será transparente se quere ser transparente, con ordenanza ou sen ordenanza, para publicar as axendas dos concelleiros e das concelleiras non fai falta ter unha ordenanza, poderían estar publicados hoxe se esa é unha cuestión fundamental, que por certo, para min dende logo non o é.

O que si é que fundamental é ter unha actitude e unha actividade transparente, entón, hai cuestións que a min tamén me renxen un pouco, e que tamén lle teño trasladado á concelleira e a outros responsables do goberno, por iso tampouco nos vamos opor a esa ampliación de doce a meses a dezaioito para a implementación, porque creo que non é realista, cando non somos capaces de dar resposta en tempo e forma ás queixas presentadas por veciños e veciñas, por exemplo, en algo que xa está regulado e pautado, como é a comisión de queixas e suxestións, por unha norma que a partir de mañá se lle vai responder a todo veciño e veciña nun prazo inferior a un mes, creo que non é a realista, creo que non se ía cumprir, e creo que iso, ía xerar unhas expectativas e unhas frustracións posteriores, pois que dende logo non axudan.

E eu creo que hai outro tipo de cuestións que non se recollen na ordenanza, que como digo, é unha cuestión de vontade política, que si que axudarían a transparentar.

Hai cuestións, xa o temos mencionado aquí, pois dende a publicación na páxina web do concello da convocatoria de Xuntas de Goberno extraordinarias, que non se fai hoxe, e que temos que estar pouco menos que investigando se hai Xuntas de Goberno extraordinarias ou non, incluso a disposición desa documentación non só aos grupos da oposición, hai concellos como o Concello de Vigo, que para min tampouco é precisamente un exemplo de transparencia de nada, pero que ten un prazo habilitado para que os medios de comunicación despois desa Xunta de Goberno teñan unha hora para acceder ás carpetas desa documentación, con todo o que ten que ver que se ten avanzado nos últimos anos neste concello, que se poida avanzar moito máis, pois por exemplo na publicitación de todos e cando dito de todos, é de todos, os negociados sen publicidade no perfil do contratante aínda que así non esixa a lei de contratos, nin a lei de transparencia, o outro tipo de cuestións, que estes últimos días, por desgraza, estamos falando de procedementos administrativos e contractuais, que dende logo, non son un exemplo de transparencia.

Polo tanto, para min o fundamental, é unha cuestión de vontade política, a ordenanza está ben, creo que non aporta grande cousa nova con respecto ao que xa obriga a lei de transparencia.

En calquera caso, sexa benvida, e o que creo e que é fundamental, e o nos corresponderá a nos, tamén, como grupos da oposición, é velar e fiscalizar porque realmente a acción de goberno, e acción do conxunto da corporación, pois sexa o máis transparente posible.

Alcalde: Gracias señor Rubén Cela, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, boa tarde.

A transparencia dos asuntos públicos, é unha cuestión que depende non xa da vontade política, senón do cumprimento das leis vixentes.

Polo tanto, a presentación dunha ordenanza de transparencia para o noso concello non deixa de ser un compromiso explícito de todas aquelas cuestións que entendemos que deber ir máis aló do establecido no corpo normativo, pero cumprir o prometido no programa electoral do grupo de goberno, construír un concello con paredes de vidro, require, dende logo, moito máis que unha ordenanza.

Require a vontade política de cumprir con esa vocación de transparencia.

Require publicar os contratos menores, sen necesidade de que a oposición o solicite reiteradamente.

Require non abusar dos contratos menores, dos negociados sen publicidade, dos procesos de contratación por trámite de emerxencia, en definitiva, das contratacións dixitais.

Do mesmo xeito, a transparencia require cumprir as bases de execución cando se trata de recoñecementos extraxudiciais de crédito, ou publicar documentación das Xuntas de Goberno extraordinarias na páxina web.

O certo, é que en materia de transparencia ata o de agora, o grupo de goberno, sempre foi por detrás da oposición.

A oposición presentou en pleno unha moción para retransmisión por vía streaming dos plenos.

A oposición solicitou que se creará a comisión de participación, igualdade e transparencia, etc.

Eu non vou criticar que se presentase como documento base para a súa discusión o texto da FEGAM e da FEMP, que para nós é un texto de mínimos, cunha base de consenso mínima asegurada, e que serviu de punto de partida para recoller as achegas dos grupos da oposición e da cidadanía para que o enriqueceran e o levaran aínda máis lonxe que as propias leis.

O grupo municipal socialista realizou as súas achegas, como xa anunciamos publicamente no pasado neste pleno, en base a un texto que para nós é de referencia, a ordenanza de transparencia do Concello de Zaragoza, o primeiro das grandes cidades de España en ser aprobado, en ser elaborado, ademais, por un goberno socialista cun alcalde socialista.

Consideramos positivo que se aprobe unha ordenanza de transparencia no Concello de Compostela, pero moito máis importante, ten que ser o seu cumprimento e a súa ampliación con achegas que a cidadanía poida realizar.

O noso voto vai ser favorable á aprobación da ordenanza de transparencia de Compostela.

Moitas grazas.

Alcalde: Gracias señor Paco Reyes, Manuel.

Don Manuel Martínez Varela: Boas tardes alcalde, concelleiros e concelleiras.

Eu vou facer unha exposición, vamos a ver, o punto de partida, estamos a falar de transparencia de once meses por parte de Compostela Aberta.

Creo que o punto fundamental non é centrarnos como se dixo por parte dos voceiros anteriores, no tema da cuestión literaria da ordenanza, que é unha ordenanza tipo, senón do feito que a data de hoxe, o Concello de Santiago de Compostela, capital de Galicia, está a incumprir o que é a lei 19/2013, a Lei de transparencia dende a súa entrada en vigor, que foi en decembro de 2015.

E que hai que ter en conta que se recollen nos seus artigos 7 e 8 unha serie de obrigas de publicidade activa que non se cumpren.

Non se está levando a cabo o que é a publicación dos convenios subscritos.

Non se está levando a cabo, tampouco, a publicación das subvencións e axudas públicas concedidas.

Non se está levando a cabo, tampouco, a publicación das resolucións de autorización ou recoñecementos de compatibilidade que afectan aos empregados públicos.

Non se está levando a cabo, o que é a publicación, información e estatística necesaria, para valorar o grao de cumprimento e calidade dos servizos públicos, e así podemos seguir co establecido nos artigos 7 e 8, pero tamén hai que ter en conta a labor que se

levou a cabo durante estes once meses, porque non hai que esquecer que se deixaron de colgar os proxectos na páxina web do EDUS. Se un vai a esa páxina web, por exemplo, o proxecto de Vista Alegre na fase tres, non está publicado, xa esta en licitación; ou o de renovación de pavimentos de Rapa da Folla que foi a aprobar a Xunta de Goberno de 13 de novembro de 2015, e que tamén, se deixou de publicar no tema de planeamento e xestión, por exemplo a modificación puntual do PXOM no relativo A Rocha, ou tamén o que é a modificación puntual do plan xeral na rúa das Penas, 9C-Aríns, hai que ter en conta que o pleno tomou coñecemento da aprobación definitiva en data 9 de novembro de 2015, e o que aparece colgado na páxina web é a aprobación inicial.

E hai que ter en conta, tamén, que no tema do portal de transparencia, no tocante a persoal, tampouco se colgan o que son as actualizacións da RPT, como por exemplo a aprobada en novembro de 2015.

E hai que ter en conta tamén que no tocante ao pleno, a última acta que está colgada é a do 28 de outubro de 2015, e xa van dez plenos dende entón.

E hai que ter en conta que si vamos ao que é a Comisión de casco histórico, tamén se deixaron de colgar as actas e as convocatorias, a última que está recollida é a de agosto de 2015.

Entón vale, estamos a favor de que se traia unha ordenanza, si claro que si, non temos nada que obxectar a ordenanza, que se queira ir máis alá do establecido na lei, pois si estamos totalmente a favor, agora ben, hai que ter en conta unha cousa, se vemos o que é a forma de actuar, ou a forma de traballar temos moitísimas dúbidas de que se vaia cumprir o establecido nesta ordenanza, pero moitisimas, e vou por poñer un exemplo, foron vostedes os que encargaron á empresa que leva o mantemento da páxina web do EDUS que levara a cabo a actualización da mesma e fíxoo, pódeo ver calquera a páxina cambiou o formato exterior, e tamén lle pagaron a outra empresa para que levara a cabo o redeseño da web e as modificacións da páxina web municipal, pero que despois destas actualizacións se nos vamos a estas páxinas, porque un queda abraiado, porque se picamos, por exemplo, no que é o enlace de comunicacións previas, está en branco non hai nada, un pique aí, é o único que hai é unha páxina en branco que pon comunicacións previas, nin sequera explica o que son.

Temos outro enlace que pon acceso directo a rexistro de urbanismo, calquera pode pensar que isto é para presentar algún tipo de documentación, e se un entra aí, o único que existe é a explicación do que é un rexistro administrativo en calquera administración pública.

Se vamos a páxina web do Concello e vamos ás ordes do día do pleno, vemos uns enlaces que pon, ordes do día do 2014, do 2015, pica un a do 2015, e aparecen dende

2005 a 2016, e que ninguén se molestou en miralo e dicirlle á empresa que o separara por anos.

E hai outro enlace que fala de farmacias de garda, e está tamén baleiro.

E bueno, xa o que nos pareceu moi curioso, é que se un pica na páxina web do EDUS, no apartado de xestión de servizos básicos, o último que hai aí colgado é unha foto do señor Currás, porque se incorporan dous novos vehículos.

Entón encargáselle a unha empresa que faga un lavado de cara, faino pero vemos que ninguén se preocupou de mirar como quedou iso.

Entón, claro, con esta forma de traballar vostedes comprenderán que home non podemos ter moitas esperanzas de que se cumpra, eu creo que para desgraza da cidade.

Logo tamén con relación ás manifestacións que fixo a concelleira, vale, a ordenanza vai máis aló do establecido na propia lei, si é verdade, no relativo aos anexos que figuran aí na ordenanza, copiáronse os establecidos por parte da FEGAMP, co cal non hai ningún tipo de novidade introducida por Compostela Aberta nese sentido, fálase dos concesionarios de contratos administrativos, pero é que iso xa é obrigatorio por lei, esta no artigo 4 da Lei 19/2013, e que aínda que non se recollera na ordenanza, xa era aplicable.

Vamos a ver, cando se di que se vai crear unha comisión de transparencia, pero é que como se recordou anteriormente por parte dos portavoces dous outros dous grupos, a comisión actual informativa de transparencia convocouse a instancias da oposición, que tivo que pedir que se convocará, porque nin se convocaba, entón se queren crear unha nova comisión de transparencia nesta ordenanza, entendemos que tería que terse especificado cal sería a composición, cal sería o período de reunión, pero é que non se di nada, simplemente que se creará unha comisión de transparencia.

Bueno e logo as declaracións que saíron na prensa relativas ao que imos gastar, bueno vanse gastar 60 mil euros nun plan estratéxico de bo goberno, o que se denominan follas de ruta, pois bueno, gastárase, será igual que o que se gastou para facer a migración o software libre, tamén outra folla de ruta, que pagaron máis de vinte mil euros, e aínda estamos esperando por el, e no de 133 mil euros para o tema de xestión de expedientes, que se queren vincular á transparencia, pois mire, é que é obrigatorio por lei, e que a Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común, xa obriga a todos os concellos, a todas as administracións públicas, polo tanto, isto non é ningún tipo de novidade, é algo obrigatorio, ademais é totalmente curioso que se faga este tipo de referencia, o que é a tramitación de carácter electrónico cando este concello foi o primeiro concello en Galicia que levou a cabo unha licitación electrónica, dentro do

programa Leal en colaboración co Antega, seguindo o marcado pola Directiva Europea 55/2014, e abandonouse por parte deste equipo de goberno, cando a propia Directiva Europea, a Comunidade Europea sinala que este tipo de procedementos de licitación son os máis transparentes que hai, porque teñen dixitalizadas o que son as ofertas sen posibilidade de acceder a elas.

Repito, estamos a favor da ordenanza, si que estamos, incluso das aportacións que fai o Partido Socialista, non temos nada que obxectar as mesmas, parécenos moi ben, vale, a ordenanza, pero hai que cumprila. E xa se nos poñen a aportación que vemos por parte do equipo de Compostela Aberta que era substituír a disposición final do establecido na FEGAMP que establecía un período de entrada de vigor de 15 días, o substituían vostedes por 12 meses, para todos aqueles aspectos que vaian máis alá do establecido para publicidade activa, e agora imos subilo a dezoito meses, pois bueno, creo que sobran as verbas, a verdade é que esperabamos máis de vostedes, sobre todo, pola bandeira que facían da transparencia, e pensamos que esta ordenanza ia traer novidades que situaran a Santiago por riba doutros concellos, para que fora o que é un referente ou espello no que tiveran que mirarse outros concellos de España.

Moitas grazas.

Alcalde: Gracias a vostede, Marta Lois.

Dona Marta Lois González: Si moi brevemente, por unha banda, agradecer ao conxunto dos grupos da oposición o apoio a ordenanza de transparencia que aquí se presenta, e facer algunhas observacións, vou empezar polas consideracións que fixo o representante do Partido Popular.

Creo que hoxe aquí o que se trataba fundamentalmente era de discutir, tamén, a idoneidade ou o sentido mesmo da ordenanza, e non de facer desta proposta todo un recordatorio daquelas cousas que están mal feitas, eu me pregunto se o Partido Popular cando gobernaba qué foi o que fixo durante eses anos atrás cando tiña obriga.

E dito isto, dito isto, por favor, escoiten que eu tamén escoitei, houbo unha comisión de transparencia onde todos os grupos traballamos, e debatemos para chegar á mellor ordenanza posible.

As achegas practicamente na súa totalidade do Partido Socialista foron incluídas. As reflexións de mellora e de ir máis alá feitas polo Bloque Nacionalista Galego, Rubén, tamén foron recollidas, e todo aquilo que o Partido Popular quixese dicir dentro desa comisión puido ser introducido.

A pregunta que nos facemos dende Compostela Aberta é cales foron esas achegas, cáles foron ese ir máis aló do Partido Popular, parece que esta ordenanza tipo, que ven a ser unha copia, cando eu indiquei que hai aspectos nos que se mellora a proposta da ordenanza da FEGAMP, porque non o fixeron tamén na comisión de transparencia.

Dito iso, e para non seguir cos aspectos críticos, simplemente pechar agradecendo que se faga esta aprobación unánime de todos os grupos, pero con esta salvidade.

É cuestión de ordenanza simplemente, non, coincido que é necesaria vontade política. Todo o que ten que ver cunha aposta pola transparencia nas diferentes administracións é un camiño longo, un camiño de responsabilidade e de vontade política, e hai que empezar por algo, e hai que ter unha ferramenta unha ordenanza, e é unha condición necesaria pero non suficiente para acadar eses obxectivos que entendemos que son a longo prazo de facer administracións con paredes de cristal.

Moitas grazas.

Don Rubén Cela Díaz: Só unha consideración, fai falta normativa, eu creo que hai unha lei agora moi mellorable no ámbito estatal, pero que dende logo que supuxo un paso de xigante con respecto ao que había.

Agora haberá unha ordenanza, tamén aprobada no Concello de Santiago, polo tanto normativa hai, fai falta vontade política, e despois fan falta recursos, porque aquí vanse aprobar cousas, repito, oxalá teña que rectificar, pero aquí vamos poñer por escrito que o Concello de Santiago ten a obriga de contestar a veciños e veciñas determinado tipo de consultas nun prazo inferior a trinta días, bueno, hoxe temos que estar facendo amnistías de lotes enteiros de preguntas, de queixas, plantexadas na Comisión de queixas e suxestións por períodos de tempo longuísimos. Hai departamentos deste concello que sistematicamente non contestan, quero dicir, ou por falta de recursos ou por outro tipo de problemáticas, entón, en calquera caso, eu creo que non é menor que haxa normativa, que haxa vontade, pero despois ten que ir iso acompañado de recursos.

Alcalde: Gracias Rubén, don Manuel Martínez algo que engadir?

Don Manuel Martínez Varela: Facer unhas matizacións, díxose que non se fixeron achegas por parte do grupo Popular, é que nos non somos os que estamos gobernando, o texto é un texto tipo, parécenos ben, xa o repito, ao igual que as achegas feitas polo PSOE, pero é que eran vostedes os que tiñan que ter ido máis aló, non nós, nos nono somos os que estamos a gobernar.

En segundo lugar, díxose que non se fixo nada por parte do Partido Popular, quero lembrar que a Lei 19/2013, é unha lei do Partido Popular, é a lei de transparencia.

En segundo lugar, neste concello o que é o actual portal que hai de transparencia que é mellorable, recoñezo e recoñéceo calquera que é mellorable, fíxose en novembro de 2014 para adaptar a Lei 19/2013, porque antes a información estaba totalmente desperdigada na páxina web municipal. Foi o grupo Popular o que contratou a finais de 2014 un sistema de datos abertos, agora, pretenden facernos crer, que o sistema de datos abertos que se vai establecer con esta ordenanza que é unha novidade, non, non, é que había un sistema de datos abertos contratado que deixaron morrer, había única e exclusivamente que colgar os datos, e están nos informes de traspaso de poderes, e deixouse morrer, fomos nos os que creamos un sistema para consultar os veciños e as veciñas sobre calquera tipo de tema a través dun proxecto que era o participa, que era un mecanismo de participación para facer consultas calquera tipo de cidadán, a través da páxina web ou a través do móbil, e tamén foi abandonado.

Foi o grupo popular o que creou na páxina do DUS un portal específico para que as asociacións de veciños tiveran un fío directo coa concellaría, que tamén eliminaron.

Fomos nos tamén os que en materia de contratación, neste concello o único que se colgaba, eran os anuncios no Boletín Oficial da Provincia e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

Nos empezamos a colgar os listados de empresas participantes.

Fomos os que colgamos as actas das mesas de contratación.

Fomos os que colgamos os informes.

E, fomos tamén, a partir do que é xullo de 2014, os que fixemos que se colgarán na páxina web os procedementos negociados sen publicidade, e teño que lembrar que obtivemos grazas a ese procedemento, 1,3 millóns de euros de aforro nun ano.

Fomos como dixen anteriormente os que levamos a cabo a licitación electrónica, sendo o primeiro concello de Galicia, é que Santiago é capital de Galicia, ten que capitanear este tipo de actuacións, pero abandonouse e non sabemos o por qué.

E que en materia do que é información de carácter orzamentario, en materia de liquidacións, fomos nos o que incrementamos a información que se colgaba na páxina web.

Entón, home, dicir que non fixemos nada, algo fixemos, creo eu.

Moitas grazias.

Alcalde: Pasamos a votación.

Rematado o debate, consonte coa antedita proposta, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Especial de Participación, Igualdade e Transparencia, na súa sesión ordinaria do día 21 de abril de 2016, e despois das achegas dos grupos municipais, o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda:

a) A aprobación inicial da ordenanza de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos.

b) Someter a ordenanza a información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, resolvéranse estas, incorporándose ao texto da ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da ordenanza, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O acordo de aprobación definitiva, expresa ou tácita, da ordenanza co texto íntegro da mesma, deberá publicarse no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85.

O texto da ordenanza que ven de aprobarse inicialmente, é o que a seguir se transcribe:

Proxecto de ordenanza de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos da Administración do Concello de Santiago de Compostela

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Nun contexto social e político no que están en revisión as formas de relación da cidadanía coas institucións públicas e, en particular, coas persoas que exercen cargos de representación política, a transparencia e o libre acceso aos datos públicos convertéronse nunha demanda social inescusable.

Ningún dubida xa dos beneficios evidentes que a transparencia supón para a xestión pública: mellora a súa eficacia, ao facer públicos e accesibles os resultados da súa actividade, e lexítima a súa acción achegándoa á cidadanía xa que posibilita a participación desta como un axente activo no desenvolvemento normativo, ampliando ademais a súa capacidade para revisar a trazabilidade das decisións adoptadas.

O Concello de Santiago non é alleo ao contexto social e á esixencia dunha administración eficaz, participada e con “paredes de cristal”, polo que esta ordenanza determinará as regras e criterios reitores que inspiren a súa actuación no ámbito de transparencia, superando os estándares mínimos de publicidade activa definidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, lexislación básica e referencia obrigada para calquera desenvolvemento normativo sobre transparencia.

No ámbito internacional, o dereito de acceso á información foi recoñecido como un dereito fundamental, entre outros polo Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas e polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH). En concreto, a xurisprudencia do TEDH afirma que non se pode obstaculizar o exercicio do dereito de acceso nin está xustificado o mantemento dun monopolio administrativo sobre a información pública.

Porén, a normativa básica estatal, aínda recoñecéndoo como un dereito constitucional no artigo 105 b), non lle outorga o carácter de dereito fundamental. Consciente desta limitación, a ordenanza de transparencia do Concello de Santiago fai unha clara aposta polo máximo recoñecemento e garantía deste dereito dentro do marco xurídico vixente.

A ordenanza regula tamén a reutilización da información municipal para adaptar ao ámbito da administración local a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público. Faino desde un recoñecemento xeral desta posibilidade sen necesidade de autorización previa e de forma gratuíta, poñendo ao dispor da cidadanía os datos con formatos estándar, de uso libre e abertos.

En canto á estrutura, a ordenanza consta de 34 artigos divididos en 7 capítulos, unha disposición transitoria, unha disposición final e un anexo, no que se inclúen os criterios que cómpre introducir como publicidade activa da información na sección web ou no portal de transparencia do Concello de Santiago de Compostela.

No capítulo I, e baixo o título de “Disposicións Xerais”, establécese o obxecto e ámbito de aplicación da ordenanza, así como os seus principios xerais.

No capítulo II establécense os principios xerais da información pública a partir da definición da propia lei e garántese o acceso a ela. Sinálanse ademais os límites, a unidade responsable da información e as canles xenéricas de acceso.

No capítulo III concrépanse aqueles aspectos que deben constar na publicidade activa da información, que son desenvolvidos no anexo I da ordenanza.

Nos capítulos IV e V regúlanse de xeito exhaustivo o procedemento de acceso á información pública e da súa reutilización.

No capítulo VI establécese o procedemento para realizar reclamacións dentro do ámbito desta ordenanza, así como o réxime sancionador.

Finalmente, no capítulo VII, regúlanse as responsabilidades en materia de avaliación e seguimento da ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1: Obxecto.

Esta ordenanza ten por obxecto garantir a transparencia na actuación do Concello de Santiago de Compostela, así como o exercicio do dereito de acceso á información pública e á súa reutilización.

Artigo 2: Ámbito subxectivo de aplicación.

1. As disposicións desta ordenanza serán de aplicación a:

- a) A Administración do Concello de Santiago de Compostela.
- b) Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes do Concello de Santiago de Compostela.
- c) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, das entidades previstas neste artigo sexa superior ao 50 por cento.
- d) As fundacións de iniciativa pública local ou de participación maioritaria da entidade local, ben sexa na súa dotación fundacional ou patrimonial ou nos seus órganos de goberno.

e) As asociacións constituídas pola entidade local, organismos e demais entidades previstas neste artigo.

2. O Concello de Santiago de Compostela promoverá a adhesión voluntaria ao disposto nesta ordenanza naquelas sociedades mercantís nas que teña unha participación inferior ao 50 por cento.

Artigo 3. Outros suxeitos obrigados en materia de publicidade activa e acceso á información pública.

1. As entidades privadas que perciban axudas ou subvencións do Concello de Santiago de Compostela, procedentes dalgunha das entidades citadas no artigo 2.1, estarán suxeitas ás obrigas de publicidade activa determinadas nesta ordenanza, sempre que superen a contía de axuda ou porcentaxe sobre ingresos anuais dispostos no artigo 3 b) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

As obrigas de publicidade deberán ser concretadas en cada convocatoria de subvención e nos casos de concesión directa, indicando a forma e prazos e os efectos previstos de producirse algún incumprimento.

2. Calquera persoa física ou xurídica que preste servizos públicos ou exerza competencias administrativas de titularidade local, en todo o referido á prestación dos mencionados servizos ou no exercicio de potestades administrativas, deberá proporcionarlle ao Concello a información que sexa precisa para cumprir coas obrigas previstas nesta ordenanza. No caso de adxudicatarias de contratos administrativos, a documentación contractual deberá concretar a información que deben subministrar , o prazo para facer efectiva esta obriga e os efectos previstos en caso de incumprimento.

Artigo 4. Principios xerais.

Serán de aplicación para os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2.1 os seguintes principios xerais:

a) **Publicidade.** Presumirase o carácter público e accesible da información. O acceso poderá denegarse nos supostos expresamente previstos nas leis e nesta ordenanza mediante resolución motivada.

Asemade, publicarase por iniciativa propia aquela información que sexa relevante para garantir a transparencia da actividade, así como a que poida ser de maior utilidade social.

b) **Reutilización.** A información será publicada ou facilitada en formatos estándar, de uso libre e abertos que permitan a súa reutilización.

c) **Accesibilidade universal.** Garantirase o acceso universal das persoas á información pública nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e nesta ordenanza.

d) **Accesibilidade inmediata.** Estableceranse as medidas necesarias para que o acceso á información pública poida realizarse a través de medios electrónicos, sen necesidade de solicitude previa e de forma inmediata, e sen prexuízo do dereito que asiste ás persoas a elixir a vía de comunicación.

e) **Calidade.** A información pública que se facilite ás persoas debe ser veraz, fidedigna, actualizada e comprensible. En toda publicación realizada con posterioridade á aprobación desta ordenanza indicarse a unidade responsable da información e a data da última actualización. Así mesmo, os responsables da publicación adaptarán a información para publicar, dotándoa dunha estrutura, presentación e redacción que facilite a súa completa comprensión por calquera persoa.

f) **Compromiso de servizo.** A provisión da información pública deberá ser en todo momento eficaz, rápida e de calidade, debendo os empregados municipais axudar á cidadanía sempre que se solicite e mantendo un canle de comunicación específico entre o Concello e as persoas destinatarias da información.

Artigo 5. Dereitos das persoas.

1. No ámbito do establecido nesta ordenanza, as persoas teñen os seguintes dereitos:

a) A acceder á información suxeita á obriga de publicidade de acordo co establecido nesta ordenanza.

b) A seren informadas se os documentos que conteñen a información solicitada constan ou non en poder do órgano e, en caso de que non estean no seu poder, a que se lles informe sobre a entidade á que poderán dirixirse na súa procura cos límites do artigo 19 desta ordenanza.

c) A seren asistidas na súa busca de información.

d) A recibir o asesoramento adecuado e en termos comprensibles para o exercicio do dereito de acceso.

e) A recibir a información solicitada dentro dos prazos e na forma ou formato elixido de acordo co establecido nesta ordenanza.

f) A coñecer as razóns en que se fundamenta a denegación do acceso á información solicitada e, se fose o caso, nunha forma ou formato distinto ao elixido.

g) A obter a información solicitada de forma gratuíta, sen prexuízo do aboamento, de ser o caso, das exaccións que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal.

2. Calquera persoa, física ou xurídica, pública ou privada, poderá exercer os dereitos incluídos nesta ordenanza.

3. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza non serán en ningún caso responsables do uso que calquera persoa realice da información pública.

Artigo 6. Obrigas de transparencia, reutilización e acceso á información.

1. Para o cumprimento das obrigas de transparencia, acceso á información e reutilización, nos termos previstos nesta ordenanza, as entidades mencionadas no artigo 2.1 deben:

a) Elaborar, manter actualizada e difundir a través das súas páxinas web ou sedes electrónicas a información relevante para garantir a transparencia da súa actividade, permitir a súa reutilización e facilitar o acceso a ela.

b) Elaborar, manter actualizado e difundir un catálogo da información pública que conste no seu poder, con indicacións claras de onde pode atoparse, e ofrecer tamén o dito catálogo en formatos estándar, de uso libre e abertos, que permitan a súa reutilización, redistribución, reutilización e aproveitamento.

c) Adoptar as medidas de xestión da información que fagan fácil a súa localización e divulgación, así como a súa accesibilidade, interoperabilidade e calidade.

d) Publicar a información dunha maneira clara, estruturada e entendible para as persoas.

e) Publicar e difundir a información relativa ao dereito de acceso á información, ao procedemento para o seu exercicio e ao órgano competente para resolver.

f) Asesorar ás persoas para o correcto exercicio do dereito de acceso e asistilas na busca de información.

g) Facilitar a información solicitada nos prazos máximos e na forma e formato elixido de acordo co establecido nesta ordenanza.

2. Toda a información prevista nesta ordenanza estará a disposición das persoas con discapacidade nunha modalidade accesible, cumprindo o previsto na Lei 51/2003 do 2 de decembro de igualdade de oportunidades.

CAPÍTULO II: PRINCIPIOS XERAIS DA INFORMACIÓN PÚBLICA

Artigo 7. Definición.

Enténdese por información pública os contidos ou documentos que estean en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta ordenanza e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Artigo 8: Límites ao dereito de acceso.

1. O dereito de acceso poderá ser limitado nos supostos recollidos no artigo 14.1 da Lei 19/2013 do 9 de decembro.

2. Cando unha persoa solicite información dun procedemento en curso e teña a condición de interesada nel, será aplicable a normativa reguladora do procedemento administrativo correspondente, tal e como recolle a disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Artigo 9: Protección de datos persoais.

1. Calquera utilización da información pública a través dos distintos mecanismos previstos nesta ordenanza realizarase con total respecto aos dereitos derivados da protección de datos de carácter persoal, nos termos regulados na súa normativa específica e nos artigos 5.3 e 15 da Lei 19/2013.

2. Considéranse datos simplemente identificativos os das persoas físicas que presten os seus servizos nos órganos das entidades incluídas no artigo 2.1, consistentes no seu nome e apelidos, as funcións ou postos desempeñados, así como o enderezo postal ou electrónico, teléfono e número de fax profesionais.

Artigo 10. Unidades responsables da información pública.

1. O Concello de Santiago de Compostela determinará a(s) unidade(s) administrativa(s) responsable(s) das solicitudes de información da cidadanía, coas seguintes funcións:

a) A tramitación das solicitudes de acceso á información e, se é o caso, das reclamacións que se interpoñan.

b) O asesoramento ás persoas para o exercicio do dereito de acceso e a asistencia a aquelas na busca da información, sen prexuízo das funcións que teñan atribuídas outras unidades administrativas.

c) A inscrición, se é o caso, no rexistro de solicitudes de acceso, a través dunha sección específica para solicitudes de información do Rexistro Xeral.

d) Crear e manter actualizado un catálogo da información pública que conste en poder da entidade local.

e) A elaboración dos informes en materia de transparencia administrativa, reutilización e dereito de acceso á información pública.

f) A difusión da información pública creando e mantendo actualizadas ligazóns con enderezos electrónicos a través das cales poida accederse a ela.

g) A adopción das medidas oportunas para asegurar a paulatina difusión da información pública e a súa posta a disposición da cidadanía, da maneira máis ampla e sistemática posible.

h) Outras funcións que se lle poidan atribuír na materia necesarias para asegurar a aplicación das disposicións desta ordenanza.

Artigo 11. Medios de acceso.

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza están obrigadas a habilitar os medios para facilitar a información pública de modo que resulte garantido o acceso a todas as persoas, con independencia da súa formación, recursos, circunstancias persoais ou situación social. En todo caso, darase preferencia ao emprego de medios electrónicos e telemáticos.

2. Para estes efectos, ofrecerase acceso á información pública a través dalgún dos seguintes medios:

- a) Oficinas de información.
- b) Páxinas web ou sedes electrónicas.
- c) Servizos de atención telefónica.

CAPÍTULO III: PUBLICIDADE ACTIVA DA INFORMACIÓN

Artigo 12. Obxecto e finalidade.

1. Os suxeitos enumerados no artigo 2.1 publicarán, por iniciativa propia e de maneira gratuíta, a información pública cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade e a reutilización da información.

2. Especificamente, estarán obrigadas a publicar a información contida no anexo I, que se estrutura en sete áreas:

- a) Institucional, organizativa, planificación e persoal.
- b) Altos cargos e persoas que exercen a máxima responsabilidade.
- c) Xurídica e patrimonial.
- d) Contratación, convenios e subvencións.
- e) Económica, financeira e orzamentaria.
- f) Servizos e procedementos.
- g) Urbanismo e medio ambiente.

Para o cumprimento do obxecto desta ordenanza, o Concello de Santiago de Compostela poderá requirir a información que sexa precisa das persoas físicas e xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan competencias administrativas así como dos contratistas, nos termos previstos no respectivo contrato.

2. Tamén será obxecto de publicidade activa aquela información cuxo acceso se solicite con maior frecuencia e as resolucións que deneguen ou limiten o acceso á información, unha vez que sexan notificadas ás persoas interesadas e tras a disociación dos datos de carácter persoal que poidan conter.

Artigo 13. Lugar de publicación.

1. A información publicarase na páxina web ou na sede electrónica das entidades incluídas no seu ámbito de aplicación ou, se é o caso, nos portais específicos de transparencia e datos abertos.

2. A páxina web ou sede electrónica do Concello de Santiago conterá, así mesmo, as ligazóns ás respectivas páxinas web ou sedes electrónicas dos seus entes dependentes e resto de entidades vinculadas.

3. O Concello de Santiago poderá adoptar outras medidas complementarias e de colaboración co resto de administracións públicas para o cumprimento das súas obrigas de publicidade activa, incluíndo a utilización de portais de transparencia e de datos abertos doutras entidades.

Artigo 14. Órgano competente e forma de publicación.

1. As entidades incluídas no artigo 2.1 da ordenanza identificarán e darán publicidade suficiente á información relativa aos órganos competentes responsables da publicidade activa regulada neste capítulo.

2. Incluirase o catálogo completo de información obxecto de publicidade activa, indicando o órgano ou servizo do que procede a información, a frecuencia da súa actualización, a última data de actualización, os termos da súa reutilización e, se fose o caso, a información semántica necesaria para a súa interpretación.

Artigo 15. Prazos de publicación e actualización.

1. A información pública manterase publicada durante os seguintes prazos.

a) A información das áreas a), b), c) e f) das relacionadas no artigo 13.2, mentres manteña a súa vixencia.

b) A información da área d) do artigo 13.2, mentres persistan as obrigas que derivan dos acordos e, cando menos, dous anos despois de que estas cesen.

c) A información da área e) do artigo 13.2, durante cinco anos contados desde o momento en que foi xerada.

d) A información da área g) do artigo 13.2, mentres manteña a súa vixencia e, polo menos, cinco anos despois de que esta cese.

2. A información publicada deberá ser obxecto de actualización no prazo máis breve posible e, en todo caso, respectando a frecuencia anunciada.

3. Así mesmo, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que se manteña a información que deixe de ser actual ata que se cumpran os prazos previstos no apartado 2 deste artigo.

CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTO DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Artigo 16. Competencia.

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación do artigo 2.1 desta ordenanza identificarán e darán publicidade suficiente á información pública e aos órganos competentes para resolver as solicitudes de acceso a ela.

2. Os órganos das entidades a que se refire o artigo 2.1 da ordenanza que reciban as solicitudes de acceso non as tramitarán cando, aínda tratándose de información pública que posúan, esta fora elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outra entidade. Así mesmo, tampouco as tramitaráncando non posúan a información solicitada pero coñezan o órgano competente para resolver.

Nos casos mencionados no parágrafo anterior, remitiranlle a solicitude ao órgano que se considere competente e notificaranlle tal circunstancia á persoa solicitante.

3. Nos supostos nos que a información pública solicitada deba requirirse a persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, ou a contratistas da administración, a resolución sobre o acceso será ditada pola entidade á que se encontren vinculadas.

Artigo 17. Solicitude.

1. O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciárase coa presentación da correspondente solicitude, que se deberá dirixir ao titular do órgano administrativo ou entidade que posúa a información. Cando se trate de información en posesión de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, a solicitude dirixirase á administración, organismo ou entidade dos previstos no artigo 2.1 á que se encontren vinculadas.

2. A solicitude poderase presentar por calquera medio que permita ter constancia:

- a) Da identidade do solicitante.
- b) Da información que se solicita.
- c) Dun enderezo de contacto, preferentemente electrónico, para os efectos de comunicacións.
- d) Se fose o caso, a modalidade que se prefire para acceder á información solicitada.

2. O solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información. Non obstante, poderá expoñer os motivos polos cales solicita a información e que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución.

Artigo 18. Inadmisión.

1. Non se admitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

- a) Que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral. Neste caso, informarase na resolución do tempo previsto para a súa conclusión.
- b) Referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos.
- c) Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

d) Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta ordenanza.

Artigo 19. Tramitación.

1. Se a solicitude se refire a información que non conste en poder do suxeito a que se dirixe, este remitiralla ao competente, se o coñece, e informará desta circunstancia á persoa solicitante.

2. Cando a solicitude non identifique de forma suficiente a información, pediráselle á persoa solicitante que a concrete nun prazo de dez días, con indicación de que en caso de non o facer se terá por desistida e se suspenderá o prazo para ditar resolución.

3. Se a información solicitada pode afectar dereitos ou intereses de terceiras persoas, debidamente identificadas, concederáselles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que consideren oportunas. A persoa solicitante deberá ser informada desta circunstancia, así como da suspensión do prazo para ditar resolución ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo para a súa presentación.

4. Cando a información obxecto da solicitude, malia constar en poder do suxeito a quen se dirixe, fose elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outro, remitiráselle a solicitude a este para que decida sobre o acceso.

5. Se a información que se solicita está publicada e non se pide a posta en disposición nun formato distinto ao da publicación, comunicarse á persoa solicitante o lugar da sede electrónica onde se atopa, dándose por finalizado o procedemento.

Artigo 20. Resolución.

1. A resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberá ser notificada á persoa solicitante e ás terceiras afectadas que así o solicitaran no prazo máximo dun mes desde que o órgano competente para resolver reciba a solicitude.

Este prazo poderase ampliar outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e logo de notificalo á persoa solicitante.

2. Serán motivadas as resolucións que deneguen o acceso, as que concedan o acceso parcial ou a través dunha modalidade distinta á solicitada e as que permitan o acceso en habendo oposición dun terceiro.

3. Cando a simple indicación da existencia ou non da información supoña vulnerar algún dos límites ao acceso, indícarase esta circunstancia ao rexeitar a solicitude.
4. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase e notificase unha resolución expresa, entenderase que a solicitude foi aceptada.
5. As resolucións ditadas en materia de acceso á información pública son impugnables directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interposición da reclamación potestativa prevista no artigo 24 da Lei 19/2013.
6. O incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo terá a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos seus responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Artigo 21. Formalización do acceso.

1. O acceso á información realizarase por vía electrónica, salvo cando non sexa posible ou o solicitante sinalase expresamente outro medio. Cando non se poida dar o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.
2. Se existiu oposición dunha terceira persoa, o acceso só terá lugar cando, unha vez concedido, transcorra o prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo sen que se formalizase ou este fose resolto confirmando o dereito a recibir a información.
3. Se a información xa foi publicada, a resolución poderase limitar a indicarlle á persoa solicitante como pode acceder a ela.
4. O acceso á información será gratuíto. Non obstante, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal poderá dar lugar á existencia de exaccións segundo a normativa vixente na materia.

CAPÍTULO V: REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN

Artigo 22. Definición e posta a disposición.

Enténdese por reutilización o uso da información e dos documentos que constan en poder da entidade local e dos seus organismos vinculados por parte de persoas físicas ou xurídicas con fins comerciais ou non comerciais, sempre que este uso non constitúa unha actividade administrativa pública.

A posta a disposición da información reutilizable efectuarase a través do portal de datos abertos, onde se indicará o catálogo de conxuntos de datos dispoñibles para reutilizar. Cada conxunto de datos incluírá a data en que foi incorporado ao catálogo, a súa periodicidade de actualización e os formatos nos que está dispoñible.

Artigo 23. Criterios xerais para a reutilización.

1. Toda a información publicada ou posta a disposición pola entidade local e polo resto de entes obrigados, e en particular a considerada como publicidade activa, será accesible e susceptible de reutilización sen necesidade de autorización previa e de xeito gratuíto, salvo que nela se faga constar expresamente o contrario, de acordo aos seguintes principios:

- a) Dato aberto e procesable por defecto. Utilizaranse formatos estándar, de uso libre e abertos.
- b) Dato único. Evitarase a duplicidade dos datos, estando recollidos nun único repositorio.
- c) Dato compartido. Os datos deberán estar dispoñibles para a cidadanía e o conxunto da organización e deberán desenvolverse os mecanismos precisos para a integración das diferentes aplicacións informáticas utilizadas.
- d) Dato accesible. Utilizaranse as técnicas precisas para facilitar a accesibilidade dos datos, entre elas a utilización de enderezos e identificadores web persistentes e amigables.
- e) Dato xeorreferenciado. Cando a súa natureza o permita, indicarse a posición na que está situado o dato, de forma que sexa posible a súa localización nunha representación cartográfica.
- f) Dato descrito semanticamente. Os datos deberán estar asociados a descritores semánticos, que achegarán coñecemento sobre o seu significado e contexto.

2. A reutilización da información estará suxeita unicamente aos límites da Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización do sector público e ao disposto nesta ordenanza nos caso en que proceda a aplicación de condicións específicas.

Artigo 24. Condicións de reutilización.

1. A reutilización da información por persoas ou entidades está sometida ás seguintes condicións:

- a) O contido non poderá ser alterado se leva consigo a perda do sentido ou a desnaturalización da información, de forma que poidan darse interpretacións incorrectas sobre o seu significado.
- b) Deberase citar sempre a entidade que orixinariamente publicou a información como fonte e farase unha mención expresa da data da última actualización da información reutilizada.
- c) Non se dará a entender de ningún xeito que a entidade que orixinariamente publicou a información patrocina, colabora ou apoia o produto, servizo, proxecto ou acción no que se enmarque a reutilización, sen prexuízo de que se poida dar algunha destas circunstancias en función dun acordo específico, en cuxo caso poderá facerse constar nos termos incluídos nel.
- d) Deberanse conservar os elementos que garanten a calidade da información, sempre que iso non resulte incompatible coa reutilización que se vaia realizar.

2. A publicación ou posta a disposición de información pública leva consigo a cesión universal, gratuíta e non exclusiva dos dereitos de propiedade intelectual, polo prazo máximo permitido pola Lei 37/2007, do 17 de novembro sobre reutilización da información do sector público.

3. Os axentes reutilizadores deberán comunicar ao Concello as principais características da reutilización efectuada e, no seu caso, os prezos exisidos polos servizos prestados sobre a base desta. Así mesmo, deberán comunicar calquera modificación sustancial da reutilización e o cesamento desta.

Artigo 25. Publicación de información reutilizable.

1. A publicación activa de información reutilizable incluírá o seu contido, natureza, estrutura, formato, frecuencia de actualización, modalidade de reutilización, así como as condicións aplicables e, se é o caso, a exacción á que estea suxeita.

2. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza facilitarán os seus documentos en calquera formato ou lingua en que existan previamente e, sempre que sexa posible e apropiado, en formato lexible por unha máquina conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato como os metadatos deben cumprir normas formais abertas. Concretamente, utilizaranse estándares clasificados con tipoloxía de abertos, na súa versión mínima aceptada e estado admitido seguindo o establecido na normativa técnica de interoperabilidade.

3. O apartado 2 non supón que as entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza estean obrigada a crear documentos, adaptalos ou facilitar extractos deles,

cando iso supoña un esforzo desproporcionado que leve consigo algo máis que unha simple manipulación.

4. Os sistemas de busca de información e documentación publicada permitirán a indicación e busca de información reutilizable.

Artigo 26. Procedemento de tramitación de solicitudes de reutilización.

1. O procedemento de tramitación será o regulado nos artigo 10 da Lei 37/2007, do 16 de novembro. A competencia para resolver será o órgano unipersoal superior de cada entidade.

2. O órgano competente resolverá as solicitudes de reutilización no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude. Cando por volume e pola complexidade da información solicitada resulte imposible cumprir este prazo, poderase ampliar en trinta días. Neste caso, deberá informarse á persoa solicitante da ampliación e das razóns que a xustifican.

3. No caso de que se solicite simultaneamente o acceso á información regulado na sección III do capítulo II desta ordenanza e a reutilización da dita información, tramitaranse conxuntamente polo procedemento establecido nesa sección, aplicando os prazos máximos de resolución previstos no artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

4. Se no prazo máximo previsto para resolver e notificar non se ditase resolución expresa, o solicitante poderá entender rexeitada a súa solicitude.

CAPÍTULO VI: RECLAMACIÓNS E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 27. Reclamacións.

1. As persoas que consideren que non está dispoñible unha información de carácter público que debería estar publicada, poderán presentar unha queixa ante o órgano competente a través do sistema de queixas e suxestións.

2. Fronte a toda resolución, acto ou omisión do órgano competente en materia de acceso á información pública, as persoas interesadas poderán interpoñer reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno ou ante o órgano independente que estableza a Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Artigo 28. Infraccións.

1. Considerarase unha infraccións moi grave a alteración do contido da información, de forma que induza a confusión ou engado, ou a desnaturalización do sentido da información pública reutilizada.

2. Considéranse infraccións graves:

- a) A reutilización de documentación sen obter previamente a correspondente autorización nos casos en que esta sexa requirida.
- b) A reutilización da información para unha finalidade distinta daquela para a que se concedeu.
- c) O incumprimento grave doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

3. Considéranse infraccións leves:

- a) A falta de mención da data da última actualización da información.
- b) Calquera outra alteración do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.
- c) A ausencia de cita da fonte de acordo co previsto nesta ordenanza.
- d) O incumprimento leve doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

Artigo 29. Sancións.

1. Pola comisión das infraccións recollidas neste capítulo, imponse as seguintes sancións:

- a) Sanción de multa de ata 3.000 euros pola comisión de infraccións moi graves.
- b) Sanción de multa de ata 1.500 euros pola comisión de infraccións graves.
- c) Sanción de multa de ata 750 euros pola comisión de infraccións leves.

2. A comisión de infraccións moi graves e graves recollidas, ademais das sancións previstas nos parágrafos a) e b), poderase sancionar coa prohibición de reutilizar documentos sometidos a autorización ou modo de uso limitado durante un período de tempo entre 1 e 5 anos e coa revogación da autorización ou modo de uso limitado concedida.

3. As sancións graduaranse atendendo á natureza da información reutilizada, á súa cantidade, aos beneficios obtidos, ao grao de intencionalidade, aos danos e perdas causados, en particular aos que se refiren á protección de datos de carácter persoal, á reincidencia e a calquera outra circunstancia que sexa relevante para determinar o grao de antixuridicidade e de culpabilidade presentes na concreta actuación infractora.

Artigo 30. Réxime xurídico.

1. A potestade sancionadora exercerase, en todo o non previsto nesta ordenanza, ao abeiro do disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
2. O réxime sancionador previsto nesta ordenanza enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que puidera incorrerse, que se fará efectiva de acordo coas correspondentes normas legais.

Artigo 31. Órgano competente.

Será competente para a imposición das sancións por infraccións cometidas contra as disposicións desta ordenanza o órgano que resulte do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 32. Réxime disciplinario.

O incumprimento das disposicións desta ordenanza no ámbito da transparencia e o acceso á información por parte do persoal ao servizo da entidade local será sancionado consonte o disposto nos artigos 9.3 e 20.6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e na normativa de carácter disciplinario.

CAPÍTULO VII: PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Artigo 33. Planificación, seguimento e avaliación.

1. As actuacións en materia de transparencia plasmaranse en plans de actuación de carácter anual, ou de duración superior.
2. A comisión de transparencia realizará un seguimento e unha avaliación periódica da planificación, elevando os seus informes ao Pleno cando corresponda.
3. Os plans de actuación e informes de avaliación serán publicitalos a través da páxina web, da sede electrónica ou, de existir de forma específica, a través do portal de transparencia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA: Medidas de execución.

Tras a entrada en vigor desta ordenanza, levarase a cabo a adecuación das estruturas organizativas para nomear a(s) unidade(s) administrativa(s) responsable(s) das solicitudes de información da cidadanía e da publicidade activa. Para tal efecto, o

Concello de Santiago de Compostela iniciará o correspondente proceso de redeseño interno, así como de cantas disposicións, circulares ou instrucións internas puidesen resultar afectadas por ela, ditando as instrucións precisas para a súa adaptación.

Ademais, o Concello desenvolverá e presentará na comisión de transparencia un plan estratéxico e folla de ruta que conteña as necesidades de capacitación do persoal municipal, a revisión de procesos e ás ferramentas tecnolóxicas para garantir a evolución e mellora continua no relativo á transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos da Administración do Concello de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Réxime cualificado de acceso á información.

O disposto nesta ordenanza enténdese sen prexuízo do réxime de acceso cualificado á información municipal por parte das persoas concelleiras, recollido no regulamento orgánico municipal.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA: Entrada en vigor.

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, agás no que afecta ás obrigas de publicidade activa non previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, que o farán no prazo de dezoito meses despois da data de publicación.

ANEXO I PUBLICACIÓN ACTIVA DE INFORMACIÓN

a) INSTITUCIÓN, ORGANIZACIÓN, PLANIFICACIÓN E PERSOAL

- Competencias e funcións (propias e delegadas).
- Normativa de aplicación.
- Datos básicos de órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais, así como as ligazóns ás súas webs.
- Organigrama descritivo da estrutura organizativa (sede, composición e competencia) con identificación do perfil e a traxectoria profesional dos responsables.
 - Órganos decisorios.
 - Órganos consultivos.
 - Órganos de participación.
 - Órganos de xestión.
- Estrutura administrativa da entidade, con identificación dos máximos responsables de cada unidade co nivel mínimo de sección.

- Plans, mapas estratéxicos e programas anuais e plurianuais con seguintes contidos:
 - Obxectivos concretos.
 - Actividades.
 - Medios.
 - Prazo de execución.
 - Grao de cumprimento e resultados (avaliación periódica).
 - Indicadores de valoración.
- Relacións de postos de traballo, indicando as porcentaxes de persoal funcionario e laboral e, neste último caso, a porcentaxe de contratos fixos, temporais e eventuais. Detallarse a denominación dos postos de traballo, a unidade na que estean integrados, os niveis de clasificación, as condicións para ocupalos, a xornada de traballo, a forma de provisión e as retribucións correspondentes a estes..
- Os datos estadísticos relativos aos días de cotización e de baixa do conxunto dos empregados municipais e das principais categorías e grupos destes.
- Resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten ás empregadas e empregados públicos.
- A oferta de emprego público ou outros instrumentos similares de xestión da provisión de necesidades de persoal.
- Masa salarial do persoal laboral (artigo 103 bis Lei 7/1985).
- Número de postos de traballo reservados a persoal eventual (artigo 104 bis Lei 7/1985)
- Os procesos de selección e provisión de postos de traballo.
- A identificación das persoas que forman parte dos órganos de representación do persoal.

b) ALTOS CARGOS E PERSOAL DIRECTIVO

- Retribucións brutas e netas anuais dos cargos electos.
- A contía dos gastos protocolarios, axudas e gastos de viaxe, indicando a persoa perceptora e o motivo.
- Os beneficios tales como teléfonos móbiles, vehículos ou tarxetas de crédito, e o acceso gratuito ou subvencionado a instalacións e servizos municipais.
- Indemnizacións percibidas por abandono do cargo público.
- Resolucións que autoricen o exercicio de actividades privadas con motivo do seu cese.
- Declaracións anuais de bens e actividades dos cargos electos.
- Datos biográficos do alcalde/sa e concelleiros/as.
- Direccións electrónicas do alcalde/sa e concelleiros/as.
- Axenda institucional do alcalde/sa e concelleiros/as.

- Relación individualizada dos cargos de confianza do Concello, responsabilidades, currículo normalizado da súa experiencia profesional e importe individual das súas retribucións brutas e netas anuais.

c) XURÍDICA E PATRIMONIAL

- Ordenanzas, regulamentos e disposicións de carácter xeral.
- Texto dos proxectos de ordenanzas, regulamentos e outras disposicións de carácter normativo incluíndo as memorias e informes contidos no expediente.
- Ordenanzas fiscais e textos dos proxectos de ordenanzas fiscais.
- Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas formuladas polos particulares ou outros órganos na medida en que supoñan unha interpretación do dereito ou teñan efectos xurídicos.
- Documentos que deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.
- Ordes do día previas dos Plenos municipais e actas íntegras.
- Acordos da Xunta de Goberno
- Informes internos dos órganos de asesoramento xurídico e da Intervención, unha vez que sexan definitivos.
- Resolucións xudiciais que afecten ao Concello.
- Relación do inventario de activos municipais, atendendo á clasificación, desagregación e información da norma UNE 178303:2015 de cidades intelixentes:
 - Bens inmobles: terreos , construcións e edificacións..
 - Vía pública: pavimentos, sinalización, mobiliario, parques e elementos de publicidade.
 - Infraestrutura pública: alumado, distribución de auga, instalación semafórica, residuos, rego, tecnolóxicas.
 - Mobiliarios: vehículos, mobiliario de edificios, equipamentos específicos.
 - Outros activos: valores mobiliarios, créditos e dereitos, semoventes, dereitos reais, bens e dereitos reversibles.

d) CONTRATACIÓN, CONVENIOS E SUBVENCiónS

- Perfil do contratante no que se indique:
 - Contratos formalizados con indicación de:
 - Obxecto.
 - Importe de licitación e de adxudicación.
 - Duración, con expresión das prórrogas.
 - Procedemento utilizado para a súa celebración.
 - Instrumentos de publicidade.
 - Número de licitadores participantes no procedemento e identidade do adxudicatario.

- Modificacións dos contratos e decisións de desistimento e renuncia que lles afecten.
 - Composición, forma de designación e convocatorias das mesas de contratación.
 - Actas das mesas de contratación.
 - Listado e contías das operacións cos provedores, adxudicatarios e contratistas máis importantes do Concello.
 - Proxectos, pregos e criterios de licitación das obras públicas.
 - Modificacións dos proxectos de obras máis importantes.
 - Listado de empresas que concorran á licitación de obras públicas.
 - Identificación dos contratistas cos que se realizasen operacións por un importe superior a tres mil euros no exercicio, indicando o concepto e o importe das operacións realizadas..
- Listado de contratos menores.
- Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.
- Relación dos convenios subscritos con indicación de:
 - Partes asinantes.
 - Obxecto.
 - Duración.
 - Modificacións.
 - Obrigas de realizar algunha prestación.
 - Obrigas económicas.
- Encomendas de xestión con indicación de:
 - Obxecto.
 - Orzamento.
 - Duración.
 - Obrigas económicas.
 - Subcontratacións que se realicen con mención de:
- Adxudicatarios.
- Procedemento de adxudicación.
- Importe.
- Subvencións e axudas públicas concedidas con indicación de:
 - Importe.
 - Obxectivo ou finalidade.
 - Persoas beneficiarias.

e) ECONÓMICA, FINANCEIRA E ORZAMENTARIA

- Orzamentos anuais do Concello e dos órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais con descrición de:
 - Principais partidas orzamentarias.

- Estado trimestral de execución.
- Modificacións orzamentarias.
- Cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Liquidación do orzamento.
- Contas anuais rendidas e informes de auditoría de contas e fiscalización emitidos por parte dos órganos de control externo.
- O listado de facturas de importe superior a cincocentos euros fiscalizadas e contabilizadas polo Concello.
- Ratios orzamentarias:
 - Autonomía fiscal.
 - Capacidade ou necesidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria.
- Ingresos fiscais por habitante.
- Gasto por habitante.
- Investimento por habitante.
- Infraestruturas por habitante.
- Proporción ingresos urbanísticos/ingresos totais.
- Período medio de cobro.
- Informes trimestrais relativos ás medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais de pago a provedores.
- Débeda pública municipal consolidada e a súa evolución en comparación con exercicios anteriores.
- Custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais (Orde HAP/2075/2014, do 6 de novembro)
- Relación de gastos anual dos grupos municipais.

f) SERVICIOS E PROCEDEMENTOS

- Catálogo dos servizos prestados con descrición de:
 - Sede.
 - Equipamento.
 - Enderezos e canles de contacto.
 - Horario de atención.
 - Contido.
 - Disponibilidade.
 - Formas de prestación.
 - Procedemento para presentar queixas ou suxestións sobre o seu funcionamento
- Cartas de servizos e outros documentos de compromisos de niveis de calidade estandarizados coa cidadanía.
- Grao de cumprimento a través de indicadores de medida e valoración.

- Catálogo dos procedementos administrativos da súa competencia con indicación de:
 - Obxecto.
 - Formas de iniciación.
 - Documentación necesaria.
 - Trámites.
 - Normativa aplicable.
 - Prazos de resolución e sentido do silencio administrativo.
 - Instancias e formularios que teñan asociados, especificando os que son realizables vía electrónica.

g) URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) e mapas e planos que o detallan, así como as súas modificacións.
- O rueiro da cidade e a cartografía do municipio.
- Plans parciais aprobados.
- Convenios urbanísticos do Concello e as actuacións urbanísticas en execución.
- Información sobre usos e destinos dos solos.
- As licenzas de obras maiores e as de actividade, tanto outorgadas como denegadas, así como as sancións e as medidas de restablecemento da legalidade impostas en materia de disciplina urbanística.
- Políticas, programas e plans do Concello relativos ao medio ambiente e os correspondentes informes de seguimento.
- Estudos de impacto ambiental, paisaxísticos e avaliacións do risco relativos a elementos medioambientais de infraestruturas e servizos de titularidade local.
- Situación medioambiental (contaminación do aire e acústica) no Concello.

Alcalde: Vamos facer unha parada, de dez minutos.

10. PROPOSTA DE CREACIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

O informe proposta emitido pola xefa de servizo da área de acción social e a concelleira da área de igualdade, de data 6 de abril de 2016, ten o seguinte contido:

“I ANTECEDENTES:

A violencia contra as mulleres non é un problema que afecte ó ámbito privado, senón que, pola contra, se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á

liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciabes que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

Os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Galega 11/2007, do 27 de Xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recoñecen o ámbito municipal, como o marco idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero e, establecen que a Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

Por iso, a Secretaría Xeral da Igualdade, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ten encomendado o desenvolvemento de actuacións integrais encamiñadas á prevención e á erradicación da violencia de xénero.

A coordinación, polo tanto, é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Para cumprir con estes obxectivos, a Secretaría Xeral de Igualdade elaborou unha guía práctica para a constitución, en todos os concellos de Galicia, das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero. Esta guía explica dun xeito sinxelo e práctico os pasos que se deben seguir para a constitución e o funcionamento sistematizado da mesa local de coordinación.

II CONSIDERACIÓNS:

A posta en marcha das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero nas entidades locais de Galicia favorecerá a aplicación das medidas lexislativas vixentes no ámbito da violencia de xénero:

1. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Estas leis recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero e, establecen que a Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

2. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

3. Guía práctica para a constitución das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.

III MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (MLC)

DEFINICIÓN: Unha mesa local de coordinación interinstitucional é un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos municipais implicado, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero, co obxecto de procurar unha maior eficiencia da resposta ante a grave vulneración de dereitos que supón a violencia de xénero.

FUNCIÓN: A MLC ten as seguintes funcións:

- a) Determinar criterios para a detección precoz de casos de violencia de xénero no ámbito local.
- b) Acordar criterios comúns para a detección e a atención en casos de alto risco.
- c) Realizar o seguimento de casos de alto risco.
- d) Identificar situacións de posible descoordinación entre os distintos ámbitos a realizar propostas de mellora.
- e) Poñer en común e avaliar os datos sobre violencia de xénero de cada ámbito de actuación.
- f) Impulsar estratexias de sensibilización/prevenición.
- g) Avaliar os resultados das campañas de sensibilización/prevenición realizadas.
- h) Manter un contacto fluído co departamento autonómico competente na área de Igualdade e colaborar na difusión das actuacións de prevención de violencia de xénero propostas por este departamento.

OBXECTIVOS.- Como obxectivos específicos, destacan os seguintes:

- 1.- Mellorar a detección precoz de casos de violencia de xénero.
- 2.- Optimizar a coordinación dos axentes implicados na loita contra a violencia de xénero.
- 3.- Ofrecerlles unha atención e unha resposta áxil ás vítimas.
- 4.- Mellorar a protección daquelas que presenten alto risco.
- 5.- Informar e sensibilizar na materia tanto os profesionais como a poboación en xeral

BENEFICIOS.- O funcionamento sistematizado da MLC xera beneficios a distintos niveis e en todos eles a coordinación e a colaboración son as premisas fundamentais

para unha atención máis áxil, eficiente e eficaz ás mulleres que ven vulnerados os seus dereitos por mor da violencia de xénero:

a) Para as mulleres:

- Facilita a detección precoz de casos de violencia.
- Facilita unha resposta máis adaptada ás súas necesidades.
- Proporciona solucións segundo o seu nivel de risco.
- Impulsa accións e estratexias dirixidas a grupos específicos de poboación no municipio.

b) Para as entidades implicadas:

- Mellora a interrelación das liñas de traballo dos axentes integrantes da MLC.
- Favorece o coñecemento e a homoxeneización de criterios para a detección, a atención e o seguimento dos casos.
- Incrementa a eficiencia no uso dos recursos públicos.

c) Para toda a sociedade:

- Incrementa a percepción da violencia de xénero como un problema social.
- Impulsa accións e estratexias dirixidas a grupos específicos de poboación no municipio.
- Incrementa a confianza da cidadanía nas institucións públicas

COMPOSICIÓN.- Na MLC debe haber representación de todos os axentes que dentro do ámbito local estean involucrados, directa ou indirectamente, na materia, e será a seguinte:

Presidencia:

O alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela ou concelleiro ou concelleira en quen delegue

Vogalías:

A concelleira con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero.

Persoal do centro de información ás mulleres-CIM.

Persoal dos servizos sociais municipais.

Representante da Policía Local.

Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica).

Representante doutras institucións (eido xurídico, colexios de avogados/as, emprego, Xunta de Galicia, etc).

Representante dos centros educativos.

Secretaría:

Persoa técnica da concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, que é a competente na materia. Será a encargada de redactar a acta de cada sesión no prazo máximo de 30 días dende a reunión da MLC. A acta remitirase a todas as persoas integrantes da MLC (válido para todas as convocatorias da mesa) e deberá ser aprobada pola mesma na seguinte convocatoria.

A MLC poderá ampliar a representación a outras entidades, ben de forma estable ou ocasional, en razón da oportunidade.

PERIODICIDADE DAS CONVOCATORIAS.-

A MLC contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral (dúas veces ao ano), e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

A persoa que exerza a presidencia da MLC será a encargada de realizar a convocatoria. En cada convocatoria remitirase a orde do día e o borrador da acta da sesión anterior, que deberá ser aprobada pola mesma seguinte convocatoria.

Tras a creación da MLC, a persoa que exerza a presidencia convocará a primeira xuntanza no prazo máximo dun mes. Esta convocatoria, na que se incluírá a orde do día, farase por carta ou correo electrónico dirixida ás persoas representantes.

Se a presidencia da MLC o considera oportuno, a Secretaría Xeral da Igualdade poderá asistir á 1ª xuntanza de constitución.

Por todo isto, **PROPOÑO** que se convoque a Comisión especial de participación, igualdade e transparencia, previa ao Pleno, e que posteriormente o **PLENO ACORDE o seguinte:**

“Considerando que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciabes que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

Considerando que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

Considerando que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha

mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Como consecuencia do exposto con anterioridade, que o Pleno do Concello acorde:

Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero na cidade de Santiago de Compostela.

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

O/A alcalde/sa-presidente do Concello de Santiago de Compostela ou concelleiro ou concelleira en quen delegue

Vogalías:

A concelleira o concelleiro con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero.

Persoa técnica do centro de información ás mulleres-CIM.

Persoa técnica dos servizos sociais municipais.

Representante da Policía Local.

Representante das forzas e corpos de seguridade do grupo **UPAP** (Unidade de Prevención, Asistencia e Protección da Policía Nacional).

Representante das forzas e corpos de seguridade do grupo **SAF** (Servizo de Atención á Familia da Policía Xudicial).

Representante da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

Representante do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Representante do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Representante do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

Representante do Xulgado de Instrución Nº 3 de Violencia de Xénero en Santiago de Santiago de Compostela.

Representante da Fiscalía especializada en violencia de xénero en Santiago de Compostela.

Representantes de tres centros educativos da cidade de Santiago de Compostela.

Secretaría:

Persoa técnica da concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, que é a competente na materia

Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Que a constitución desta Mesa non supón gasto algún para o Concello”.

Alcalde: Se fas defensa da proposta a voceira do grupo, Marta Lois.

Dona Marta Lois González: Boas tardes de novo, señor alcalde e compañeiros e compañeiras de corporación.

Dende o inicio desta lexislatura neste pleno municipal aprobáronse por unanimidade diversas mocións dirixidas a amosar a repulsa institucional cara a violencia de xénero, e o compromiso deste concello para abordar esta grave problemática, tal e como temos manifestado anteriormente, as violencias machistas constitúen a expresión máis extrema das desigualdades sociais que afronta día a día hoxe as mulleres.

No que vai ano de ano, nos cinco meses levamos, 18 mulleres foron asasinadas a causa de violencia, por desgraza sabemos, que estas cifras non van quedar aquí, senón que cada día nos levantaremos coa angustia de ter novas sobre este feminicidio.

Creo que todas e todos estaremos de acordo en que se trata dun problema público, moi complexo e con múltiples dimensións, que require dunha abordaxe integral na cal necesariamente debemos intervir de forma coordinada todas as administracións públicas, os diferentes axentes sociais, e a cidadanía no seu conxunto.

Precisamos dunha actuación unánime e coordinada.

Esta proposta que presentamos hoxe no pleno, ten como obxectivo, precisamente avanzar nesta dirección, buscando artellar un espazo de traballo e coordinación entre o concello e outras institucións, e axentes sociais da cidade para abordar de forma conxunta a violencia de xénero no noso municipio.

Deste xeito, propoñemos a creación dunha mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, a cal se deseñou partindo dunha guía práctica que elaborou recentemente a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, para todos os concellos, e na cal se establecían cales eran as pautas e a metodoloxía a seguir para elaborar unha mesa destas características.

Nesta mesa, estarán representados os diversos axentes de Compostela que directa ou indirectamente están implicados na loita contra as violencias machistas.

En canto á representación do Concello propoñemos que formen parte da mesa, o responsable político da concellaría de igualdade, o persoal técnico do CIM, persoal dos servizos sociais, a policía local.

E por outro lado, a mesa estará conformada tamén por representantes das forzas e corpos de seguridade, representantes dos colexios profesionais de psicoloxía, avogacía, traballo social, educación social, un representante do Xulgado de Instrucción, núm. 3 de violencia de xénero en Santiago de Compostela, un representante da fiscalía especializada en violencia de xénero no municipio, representantes de tres centros educativos da cidade, e tamén queríamos incorporar aquí unha suxestión, unha achega levada a cabo dende o Bloque Nacionalista Galego, neste caso da compañeira Goretti, e que nos consideramos tamén que é acaído e necesario, que sería tamén incorporar a tres representantes do movemento feminista da cidade, e tamén o traemos aquí, non estaba incluído dentro do ditame presentado.

O traballo conxunto de todas estas persoas na mesa, entre outras cuestións, buscárase determinar criterios para detectar de forma precoz a violencia de xénero, e tamén criterios comúns para a detención e atención en casos de alto risco.

Tamén se realizará un seguimento coordinado, de casos de alto risco, identificaranse situacións de posible descordinación, e se realizarán propostas de mellora.

Con esta mesa se busca tamén por en común os datos sobre violencia de xénero en cada ámbito de actuación. Impulsar estratexias conxuntas de sensibilización e prevención.

Manter a coordinación coa administración autonómica para colaborar nesta materia.

Agardamos que o funcionamento sistematizado desta mesa repercuta directamente nunha mellor abordaxe desta problemática, e nunha mellor axilización da atención que reciben as mulleres que se atopan nesta situación.

Nada máis, agardamos que esta proposta sexa do interese do conxunto dos grupos da oposición.

Alcalde: Gracias Marta, Goretti a súa quenda.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben, dende o BNG felicitámonos por esta iniciativa, a verdade é que para combater a violencia contra as mulleres, nada é máis necesario que a coordinación interinstitucional, a planificación, os protocolos, todo o que sexa a posta en rede, tecer redes, ter coñecemento do que se está a facer, e dende unha

administración local pódese facer moito, porque hai moitísimo persoal que de forma directa coñece cales son os casos de risco e a problemática que hai.

Daquela non imos acrecentar cuestións sobre o defendido agora por Marta Lois, estamos completamente de acordo niso, o único que si botabamos en falta e pido desculpas por non facelo en tempo e forma, e por cuestións persoais non puido ser, máis pensamos que era absolutamente necesario que houbera representación do movemento feminista, porque o tecido asociativo ten moito que dicir nisto, de feito, houbo noutros lugares experiencias moi boas partindo do tecido asociativo, das redes de mulleres contra os malos tratos, partindo do movemento asociativo, e para nós é absolutamente fundamental que se incorporen tres persoas representando ao movemento feminista, que teñan moita experiencia, en como facer e como actuar para ter eses colchóns de defensa para moitas mulleres que poden en situación de risco, e mesmo moitas ideas para facer campañas ou promover medidas de sensibilización a respecto desta problemática.

Así que nos con esa incorporación felicitámonos e esperamos que marque un punto de inflexión esta e outras medidas no combate contra a violencia de xénero que sabemos que é un camiño longo e en que todas as unanimidades son necesarias.

Alcalde: Moitas gracias Goretti.

Dona Milagros Castro Sánchez: Moitas grazas señor alcalde, e boa tarde compañeiras e compañeiros de corporación.

Por suposto o grupo municipal socialista apoiará esta proposta de creación da mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, e aquí xa podería rematar a miña intervención, pero non quería deixar pasar a ocasión para dicir, repetir e recordar, que unha das máis grandes violacións dos dereitos humanos que hai agora mesmo no mundo é a violencia contra as mulleres.

Quédanos aínda tanto por facer que podemos despertarnos cada mañá coa noticia dun asasinato dunha muller.

Sobran motivos, polo tanto, para acadar acordos sobre a violencia de xénero, a situación é insultante e preocupante.

Dende o grupo municipal socialista cremos no consenso cada vez que falemos de violencia de xénero, polo que seguiremos sendo fieis ao compromiso con esas mulleres que sofren violencia, e polo tanto, apoiaremos e intentaremos mellorar todas as iniciativas que vaian dirixidas contra esta lacra da nosa sociedade.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas Mila, María Corral a súa quenda.

Dona Mª José Corral López: Grazas alcalde e boa tarde.

Agradecer a iniciativa a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, polo tanto votaremos a favor da constitución desta Mesa.

Nada máis.

Alcalde: Algo que engadir?

Dona Marta Lois González: Simplemente dar as grazas ao conxunto dos grupos da oposición polo apoio unánime.

Rematado o debate, consonte co informe-proposta transcrito ao inicio, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Especial de Participación, Igualdade e Transparencia, correspondente a súa sesión ordinaria de 21 de abril de 2016, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero na cidade de Santiago de Compostela.

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

O/A alcalde/sa-presidente do Concello de Santiago de Compostela ou concelleiro ou concelleira en quen delegue

Vogalías:

A concelleira o concelleiro con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero.

Persoa técnica do centro de información ás mulleres-CIM.

Persoa técnica dos servizos sociais municipais.

Representante da Policía Local.

Representante das forzas e corpos de seguridade do grupo **UPAP** (Unidade de Prevención, Asistencia e Protección da Policía Nacional).

Representante das forzas e corpos de seguridade do grupo **SAF** (Servizo de Atención á Familia da Policía Xudicial).

Representante da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.
Representante do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.
Representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
Representante do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
Representante do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
Representante do Xulgado de Instrución Nº 3 de Violencia de Xénero en Santiago de Santiago de Compostela.
Representante da Fiscalía especializada en violencia de xénero en Santiago de Compostela.
Representantes de tres centros educativos da cidade de Santiago de Compostela.
Tres representantes do movemento feminista.

Secretaría:

Persoa técnica da concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, que é a competente na materia

Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

A constitución desta Mesa non supón gasto algún para o Concello.

11. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO E CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O informe-proposta sobre as alegacións presentadas á aprobación inicial do Regulamento do Consello Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela, de data 5 de abril do corrente ano, asinado pola Directora-Xerente en funcións de Incolsa que leva o conforme da concelleira delegada de turismo, ten o seguinte contido:

“Na súa sesión ordinaria do día 21 de xaneiro de 2016, o pleno do Concello de Santiago de Compostela aprobou inicialmente o Regulamento do Consello Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela. Con data 8 de febreiro de 2016, o Boletín Oficial da Provincia publicou o anuncio polo que se lle daba publicidade á referida aprobación inicial, e polo que se abriu o período de información pública por prazo de 30 días para que os interesados puidesen presentar as reclamacións e suxestións que estimasen oportunas antes da súa aprobación definitiva.

Con data 17 de febreiro de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela o escrito remitido polo Secretario Xeral da Unión de Consumidores de

Galicia a medio do cal se fan unha serie de consideracións fácticas e xurídicas sobre a importancia de que no Consello Municipal de Turismo e Cidade teñan participación as organizacións representantes dos intereses das persoas consumidoras e usuarias.

Faise evidente, como consecuencia das argumentacións aportadas polo representante desta entidade defensora dos intereses das consumidoras e consumidores, que a participación activa dunha representación destas entidades no Consello Municipal de Turismo e Cidade enriquece e completa de forma indubitada a composición do mesmo, abranguendo deste xeito tamén a representación da poboación en canto que consumidora e usuaria dos servizos turísticos e do feito turístico en si. Como non pode ser doutro xeito, dende esta Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo acóllese e infórmase de forma favorable a súa proposta de inclusión no Pleno do Consello Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela, de cando menos un/unha vogal a proposta das organizacións ás que legalmente e en exclusiva lles corresponde a representación dos intereses xerais das persoas consumidoras e usuarias. E isto é así porque tanto a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, como a propia Lei do Turismo de Galicia, tratan a estas entidades como lexítimas representantes da cidadanía que deben ser tidas en conta para a súa participación nas accións, iniciativas e foros que lle podan afectar ás persoas representadas por elas.

Polo tanto, e en atención ao exposto, propónse a incorporación dun vogal máis á composición do Pleno do Consello Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela, o cal se nomeará proposta das organizacións ás que legalmente e en exclusiva lles corresponde a representación dos intereses xerais das persoas consumidoras e usuarias.

Como consecuencia desta proposta, faise preciso modificar o art. 6 do Regulamento Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela, que quedaría redactado da seguinte forma:

Artigo 6.º- Pleno.

O Pleno é o supremo órgano de decisión e formación da vontade do Consello. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: o Alcalde-Presidente da Corporación quen pode ser substituído por ausencia ou delegación polo concelleiro/a delegado/a de turismo.
- 1 representante de cada un dos grupos municipais presentes na Corporación, nomeados polo Pleno da Corporación.
- 2 representantes veciñais, os cales serán designados polo Consello de Relacións Veciñais de Santiago de Compostela.

- O/A Director/a-Xerente/a da empresa municipal de Turismo de Santiago de Compostela (INCOLSA).
- 1 representante da Catedral de Santiago, a través da súa Fundación.
- 1 representante da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.
- 1 representante da Asociación de Hostalería de Santiago de Compostela.
- 1 representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- 1 representante da Axencia de Turismo da Xunta de Galicia.
- 1 técnico/a da Concellería de Promoción Económica, Comercio, Emprego e Turismo.
- 1 responsable técnico/a do Plan de Xestión da Cidade Histórica.
- 1 representante do sector congresos, a través do responsable do Santiago de Compostela Convention Bureau.
- 1 representante do Centro de Estudos Turísticos da Universidade de Santiago de Compostela.
- 1 representante de Cursos Internacionais da Universidade de Santiago.
- 1 representante do sector cultural da cidade, a través da Xerencia do Auditorio de Galicia en tanto non exista outro órgano representativo do sector.
- 1 representante dos/as Guías Turísticos/as de Santiago de Compostela (APIT Galicia).
- 1 representante da asociación de intermediación de produtos turísticos / axencias de viaxes de Galicia (AGAVI).
- 2 representante das asociacións de comerciantes da cidade, designados pola Mesa do Comercio.
- 1 representante da Cidade da Cultura.
- **1 representante das organizacións de representación das persoas consumidoras e usuarias que inclúan no seu ámbito de actuación os servizos turísticos e se atopen inscritas no rexistro municipal de asociacións de Santiago de Compostela**
- 1 experto/a en turismo, designado/a polo Pleno do Consello Municipal de Turismo.

Os membros do Pleno do Consello serán nomeados polo/a Presidente/a ao principio da lexislatura e para a duración desta, podendo cada unha das entidades representadas propoñer a designación de titulares e suplentes así como efectuar e propoñer a substitucións dos designados, ao longo do seu mandato.

Os membros do Consello Municipal de Turismo e Cidade que o sexan en virtude da representación que ostentan, perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes dos seus respectivos colectivos.

As sesións do Pleno do Consello Municipal de Turismo e Cidade poderán asistir aqueles especialistas, técnicos/as e personalidades que se considere necesario. A súa participación será con voz pero sen voto.

No nomeamento dos membros terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes,

procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos sexo na súa composición. Así como o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo para a igualdade entre homes e mulleres.”

Alcalde: Marta Lois a súa quenda.

Dona Marta Lois González: Vou ser moi breve neste punto, pero vou tratar de resumir un pouco o obxecto desta aprobación.

O Pleno Municipal do pasado 21 de xaneiro aprobou o Regulamento do Consello Municipal de Turismo, co obxectivo de contar cun foro de reflexión, de diálogo, de debate sobre o sector turístico, no que estivesen presentes as principais entidades e administracións vinculadas con este ámbito estratéxico para Compostela, no que se entrecruzan diferentes perspectivas que merecen todas elas ser tomadas en conta.

Partindo, precisamente, desta premisa, de que a presenza de diferentes visións e perspectivas enriquece a propia aportación que o Consello municipal poderá ofrecer tanto o sector turístico en particular, como a cidade en xeral.

Dende a concellaría de turismo considerouse favorablemente a solicitude feita polo secretario xeral da Unión de Consumidores, na que se indicaba a importancia de que as organizacións representantes das persoas consumidoras e usuarias tamén teñan presenza neste consello.

Deste xeito, proponse a incorporación dunha persoa máis á composición do pleno do Consello Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela, que se nomeará a proposta das organizacións representantes das persoas consumidoras e usuarias.

Para levar a cabo esta incorporación que dará aínda unha maior diversidade de opinións ao Consello Municipal, é preciso, a modificación do artigo 6º do Regulamento do Consello onde se citan os compoñentes do seu pleno.

Nada máis, trasladar esta petición de incorporación da representación da asociación de consumidores e consumidoras galegos.

Alcalde: Gracias Marta, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Estamos de acordo coa incorporación, como xa o estivemos no seu día coa formulación inicial, máis que consideramos que isto, por suposto, pode acrecentar, dar diversidade e ter opinións que son importantes para dar toda esa visión heteroxénea necesaria, así que votaremos a favor.

Alcalde: Moitas gracias Goretti, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Simplemente manifestar o noso voto a favor desta proposta.

Alcalde: Gracias señor Paco Reyes, Maite a súa quenda.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez: Si nos tamén apoiamos á incorporación, porque ademais as veces é moi difícil separar o que é o uso hostaleiro e demais entre os visitantes e os propios cidadáns do Concello, polo tanto, estamos totalmente de acordo coa suxestión.

Alcalde: Gracias Maite, entendese polo tanto unanimidade no que é a resolución da alegación e na aprobación definitiva do Regulamento do Consello Municipal de Turismo e cidade de Santiago de Compostela.

Rematado o debate, consonte co informe transcrito ao inicio, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión ordinaria de 21 de abril de 2016, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade:

- a) Estimar a alegación presentada pola Unión de Consumidores de Galicia, no relativo á composición do Pleno do Consello Municipal.
- b) Aprobar definitivamente o Regulamento do Consello Municipal de Turismo e cidade e Santiago de Compostela.

O texto íntegro do Regulamento aprobado definitivamente deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

O texto do Regulamento definitivamente aprobado ten o seguinte contido:

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO E CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – Ano 2016

PREÁMBULO

Santiago de Compostela é unha cidade na que o fenómeno do turismo tivo un significativo crecemento nas últimas décadas, consolidándose como o primeiro destino por número de visitantes de Galicia e un dos principais destinos culturais do noroeste da península ibérica. A personalidade da nosa cidade, capaz de expoñer nunha soa urbe a

maioría da riqueza singular da cultura galega, atrae cada ano a milleiros de cidadáns de todo o mundo que chegan á nosa cidade a través dos seus Camiños.

Pero o éxito turístico dunha cidade histórica como Santiago de Compostela non debe medirse so no número de visitantes, senón que se depende tamén do desenvolvemento de políticas turísticas sectoriais, e da coordinación de políticas municipais con aplicación urbana para que ese éxito económico sexa sostible e convivible.

Na configuración dos negocios e produtos turísticos, na súa promoción e comercialización, interveñen multitude de axentes de diverso carácter, tanto público como privado, e de diversos ámbitos (transporte, aloxamentos, gastronomía, oferta complementaria, infraestrutura, servizos públicos, promoción, comercialización, etc.).

Polo tanto, é necesario que todos estes elementos da cadea que configura o sistema turístico, actúen de forma coordinada, é dicir, cuns obxectivos comúns, cunhas estratexias comúns, e cunhas actuacións coordinadas.

Neste senso, e co obxectivo de incrementar a cooperación entre os diferentes axentes públicos e privados que participan no desenvolvemento do turismo e garantir a calidade, a sostibilidade e a competitividade turística da cidade, así como a súa sostenibilidade, o Concello de Santiago de Compostela promove a creación do Consello Municipal de Turismo e Cidade.

Polo tanto, o Consello Municipal de Turismo e Cidade é un instrumento de diálogo, colaboración e asesoramento da política turística municipal, e se configura como un órgano de participación e debate no proceso de toma de decisións da política turística local.

Artigo 1.º- Creación.

Créase o Consello Municipal de Turismo e Cidade do Concello de Santiago de Compostela, coas atribucións, estrutura e funcionamento determinados no presente regulamento.

Artigo 2.º- Ámbito.

As funcións a desenvolver polo Consello Municipal de Turismo e Cidade circunscribíense territorialmente ao termo municipal de Santiago de Compostela.

Artigo 3.º- Natureza.

O Consello Municipal de Turismo e Cidade é un órgano colexiado de participación, de carácter complementario, establecido en base ás previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón o artigo 71 da Lei 5/97 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, os artigos 1 e 69 da LRBRL e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeadamente no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago de Compostela; sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

De conformidade coas determinacións legais citadas no parágrafo anterior e nos artigos 130 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e no Título IV do Regulamento de Participación Cidadá, terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co turismo. En consecuencia, configúrase como órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

Artigo 4.º - Funcións.

As funcións do Consello Municipal de Turismo e Cidade son as seguintes:

1. Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no desenvolvemento da política turística do Concello de Santiago, en orde a acadar acordos ao respecto.
2. Propor aos órganos municipais competentes criterios de actuación na liña do desenvolvemento e sustentabilidade do turismo e participar no seguimento da xestión municipal.
3. Informar e ser informado sobre asuntos específicos do sector e propoñer alternativas concretas aos problemas existentes na área de turismo para que sexan tratados polos órganos municipais competentes.
4. Ser informado dos ditames aprobados polas respectivas comisións informativas, e das resolucións e acordos do Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno Local e empresa municipal de turismo (INCOLSA), respecto daqueles temas relacionados co seu obxecto específico.
5. Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias das súas competencias.
6. Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais correspondentes.

7. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.

8. Constituírse en órgano de consulta nos procesos de elaboración das disposicións normativas de ámbito municipal neste eido e, en xeral, nos asuntos de transcendencia para o turismo do Concello.

9. Presentar anualmente unha memoria informe da súa actuación.

10. Establecer canles de relación con outras administracións e organizacións relacionadas co turismo.

Artigo 5.º - Estrutura.

O Consello Municipal de Turismo do Concello de Santiago de Compostela estará formado polos seguintes órganos: Pleno, Presidente/a e Secretario/a.

Así mesmo, poderanse constituír comisións de traballo, encargadas de preparar e desenvolver os traballos do órgano plenario do Consello.

Artigo 6.º - Pleno.

O Pleno é o supremo órgano de decisión e formación da vontade do Consello. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: o Alcalde-Presidente da Corporación quen pode ser substituído por ausencia ou delegación polo concelleiro/a delegado/a de turismo.
- 1 representante de cada un dos grupos municipais presentes na Corporación, nomeados polo Pleno da Corporación.
- 2 representantes veciñais, os cales serán designados polo Consello de Relacións Veciñais de Santiago de Compostela.
- O/A Director/a-Xerente/a da empresa municipal de Turismo de Santiago de Compostela (INCOLSA).
- 1 representante da Catedral de Santiago, a través da súa Fundación.
- 1 representante da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.

- 1 representante da asociación/colectivo máis representativa/o do sector hoteleiro/hospedaxes de Santiago, considerándose a máis representativa a de maior número de empresarios asociados.
- 1 representante da asociación/colectivo máis representativa/o do sector restauración de Santiago, considerándose a máis representativa a de maior número de empresarios asociados.
- 1 representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- 1 representante da Axencia de Turismo da Xunta de Galicia.
- 1 técnico/a da Concellería de Promoción Económica, Comercio, Emprego e Turismo.
- 1 responsable técnico/a do Plan de Xestión da Cidade Histórica.
- 1 representante do sector congresos, a través do responsable do Santiago de Compostela Convention Bureau.
- 1 representante do Centro de Estudos Turísticos da Universidade de Santiago de Compostela.
- 1 representante de Cursos Internacionais da Universidade de Santiago.
- 1 representante do sector cultural da cidade, a través da Xerencia do Auditorio de Galicia en tanto non exista outro órgano representativo do sector.
- 1 representante dos/as Guías Turísticos/as de Santiago de Compostela (APIT Galicia).
- 1 representante da asociación de intermediación de produtos turísticos / axencias de viaxes de Galicia (AGAVI).
- 2 representantes das asociacións de comerciantes da cidade, designados pola Mesa do Comercio.
- 1 representante da Cidade da Cultura.
- 1 representante das organizacións de representación das persoas consumidoras e usuarias que inclúan no seu ámbito de actuación os servizos turísticos e se atopen inscritas no rexistro municipal de asociacións de Santiago de Compostela.
- 1 experto/a en turismo, designado/a polo Pleno do Consello Municipal de Turismo.

Os membros do Pleno do Consello serán nomeados polo/a Presidente/a ao principio da lexislatura e para a duración desta, podendo cada unha das entidades representadas propoñer a designación de titulares e suplentes así como efectuar e propoñer a substitucións dos designados, ao longo do seu mandato.

Os membros do Consello Municipal de Turismo e Cidade que o sexan en virtude da representación que ostentan, perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes dos seus respectivos colectivos.

Ás sesións do Pleno do Consello Municipal de Turismo e Cidade poderán asistir aqueles especialistas, técnicos/as e personalidades que se considere necesario. A súa participación será con voz pero sen voto.

No nomeamento dos membros terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos sexo na súa composición. Así como o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo para a igualdade entre homes e mulleres.

Artigo 7.º - Presidente.

O Presidente do Consello Municipal de Turismo e Cidade será o Alcalde-Presidente da Corporación ou concelleiro/a en quen delegue. Terá como atribucións propias as seguintes:

- Ostentar a representación do Consello.
- Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día, tendo en conta no seu caso as peticións dos demais membros formuladas por escrito e coa suficiente antelación.
- Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- Dispoñer o cumprimento dos acordos do Consello.
- Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello Municipal de Turismo e Cidade.
- Nomear aos membros do Pleno de acordo coas propostas das organizacións representadas no Consello Municipal.

- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente.

Artigo 8.º - Secretario/a.

O/A Secretario/a do Consello Municipal de Turismo e Cidade será o/a Secretario/a Xeral do Pleno da Corporación ou persoal no que delegue.

Terá, entre outras atribucións, a de preparar as ordes do día, realizar as correspondentes convocatorias, levantar acta das sesións dos órganos do Consello Municipal de Turismo e Cidade, custodiar as mesmas, expedir certificacións dos acordos adoptados e aquelas outras que sexan propias do seu labor de Secretario/a, de acordo coa lexislación vixente.

Asistirá ás reunións do Pleno e das Comisións de Traballo do Consello Municipal de Turismo e Cidade con voz pero sen voto.

Artigo 9.º - Comisións de traballo.

De existiren, estarán integradas polo/a Presidente/a, ou membro do Consello Municipal en quen delegue, e aqueles membros que o Pleno do Consello designe en cada caso, coa asistencia do/a Secretario/a. Delas formarán parte necesariamente un representante de cada un dos grupos políticos presentes na Corporación.

Os acordos nas Comisións adoptaranse por consenso e, de non ser isto posible, trasladaranse ao Pleno do Consello todas as propostas existentes, indicando en todo caso os apoios de cada unha delas.

Artigo 10.º - Réxime de sesións.

O Pleno do Consello Municipal de Turismo e Cidade reunirse, en sesión ordinaria, alomenos unha vez cada tres meses e, con carácter extraordinario, previa convocatoria do/a Presidente/a ou solicitude por escrito e coa debida antelación da terceira parte da totalidade dos seus membros.

Artigo 11.º - Funcionamento.

O funcionamento do Consello rexerase pola normativa prevista para os órganos colexiados na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O voto dos membros do Pleno do Consello será persoal e indelegable, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares que deberán xuntarse á resolución correspondente.

Artigo 12.º- Adopción de acordos.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. O voto do/a Presidente/a nos casos de empate non terá carácter dirimente.

Artigo 13.º- Sede.

A sede e lugar de reunión do Consello Municipal de Turismo e Cidade será a Casa do Concello, ou lugar que en cada caso designe o/a Presidente/a na convocatoria.

Disposición derogatoria.-

Coa entrada en vigor do presente regulamento, quedará derogado o vixente Regulamento do Consello Sectorial de Turismo do Concello de Santiago de Compostela, aprobado por acordo do Pleno da Corporación o día 26 de xuño de 2008 e publicado no BOP de A Coruña do 11 de novembro de 2008, así como cantas normas municipais de igual ou inferior rango en canto contradigan o disposto no presente Regulamento.

Disposición final única.- Entrada en vigor

O presente regulamento non entrará en vigor ata que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorran quince días desde a dita publicación.

12. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 18 de abril do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Concello-Pleno na sesión extraordinaria celebrada en data de 15 de marzo de 2016 prestou aprobación inicial ao orzamento xeral desta entidade, do seu organismo autónomo e das sociedades mercantís de capital integramente municipal para o exercicio 2016.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o

expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, o cal tivo lugar mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do día 18 de marzo de 2016 (BOP nº 53), comezando a súa exposición o día 19 de marzo e rematando o prazo da mesma o día 7 de abril.

No citado período, e de conformidade coa certificación que se achega de data doce de abril de 2016 emitida polo Sr. Secretario Xeral do Pleno do Concello, foron presentadas polos interesados un total de 2 alegacións (unha por parte da Fundación Amigos de Galicia e outra da Confederación Intersindical Galega (C.I.G.)), as cales forman parte da documentación que conforma o expediente de Orzamento Xeral para o ano 2016.

Con posterioridade, solicitouse informe á Secretaría Xeral en relación coa tramitación das alegacións presentadas no período de información pública co obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 54 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Pública e do Procedemento Administrativo Común.

En consecuencia co anterior, tendo en conta o informe da Secretaría Xeral que figura no expediente referenciado como “Alegacións ao Orzamento 2016”, propónse ao Concello Pleno da Corporación, unha vez que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, emita o seu preceptivo ditame, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar non admisible, a reclamación presentada D. Jesús Busto Peteiro, en calidade de Director Xeral da “Fundación Amigos de Galicia”, ao expediente de aprobación do Orzamento municipal ordinario correspondente ao exercicio 2016, por non corresponder o motivo da alegación con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razoa e argumenta no informe do data 12 de abril de 2016 subscrito polo Asesor Xurídico_Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ao expediente.

SEGUNDO.- Declarar non admisible, a reclamación presentada por D. Francisco Xavier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago (CIG), ao expediente de aprobación do Orzamento municipal ordinario correspondente ao exercicio 2016, por non corresponder o motivo da alegación con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razoa e argumenta no informe do data 12 de abril de 2016 subscrito polo Asesor Xurídico_Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ao expediente.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).

CUARTO.- Aprobar as bases de execución que serán de aplicación á Entidade Local e o seu Organismo Autónomo.

QUINTO.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

SEXTO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran.

SÉTIMO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial ó que se refire o apartado anterior.

OITAVO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma previsto no artigo precitado e surtirá efectos dende o un de xaneiro.

NOVENO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.”

Alcalde: Pasamos agora ao punto de resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do orzamento e cadro de persoal do concello para o ano 2016.

Por acordo da Xunta de Voceiros antes de iniciar o debate, e sen ánimo logo de andar mareando, chegouse a un acordo a petición dos grupos, de someter os diferentes puntos á votación por separado.

Primeiro, a declaración de non admisibilidade dunha das alegacións a de Fundación Amigos de Galicia.

Segundo, a declaración de non admisibilidade da reclamación presentada pola CIG.

E o terceiro punto, englobaría o resto, que sería a aprobación definitiva do orzamento, bases de execución, cadro de persoal e todo o que é o relatorio para a posta en vigor do orzamento.

Polo tanto serían tres votacións deste asunto que vamos a pasar a debater globalmente.

Cédolle a palabra a compañeira de facenda, Dona María Rozas.

Dona María Rozas Pérez: Boas tardes a todas e a todos.

Traemos a pleno hoxe a proposta de resolución das alegacións ao orzamento de 2016, para a súa aprobación definitiva.

Despois do período das alegacións, dos quince días de exposición ao público foron dúas as alegacións presentadas, como acaba de comentar o alcalde.

Unha presentada pola Fundación de amigos de Galicia, pedindo unha subvención nominativa de 25 mil euros, e outra polo sindicato a CIG, en relación ás bases de execución do orzamento.

A nosa proposta é de ratificación do informe da secretaría municipal de inadmisión á trámite das alegacións presentadas, por non corresponder ningunha das alegacións, cos requisitos legais, cos motivos taxados e establecidos polo artigo 170 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, segundo se subscribe no informe da Secretaría Municipal.

Os motivos taxados son tres, son tres motivos polos que se pode alegar ao orzamento, motivos, que non dan lugar a interpretación ou a discrecionalidade nesta cuestión, que é algo máis técnica que política, unha cuestión máis xurídica.

O primeiro dos motivos polos que se pode alegar, e que o orzamento non se teña axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos pola lei.

Recóllese neste motivo, pois a falla de documentación no orzamento, a falla de aprobación previa da liquidación do ano anterior, a falla de ditame previo da comisión especial de contas.

En ningún dos casos están as alegacións presentadas.

O segundo motivo polo que se pode alegar a un orzamento é omitir crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, é dicir, que non haxa crédito no orzamento para dar saída, para cumprir coas obrigas contractuais que ten con

anterioridade a corporación, que non haxa crédito para contratos de mantemento, ou calquera tipo outro de obriga contractual.

E, o terceiro motivo, é a insuficiencia de ingresos que tampouco é o caso das alegacións que se presentan ao orzamento; ou ben que os gastos non cumpran as necesidades para as que están previstas.

Recolle a diferente xurisprudencia neste apartado, pois que sexa por exemplo que non haxa orzamentado gastos que son correntes e recorrentes todos os anos no orzamento, como poden ser os gastos de electricidade.

En conclusión, ningunha das alegacións presentadas cumpren estes tres motivos taxados.

A primeira das alegacións, a presentada pola Fundación Amigos de Galicia, solicita unha subvención nominativa de 25.000 euros, subvención que nunca recibiu por parte do Concello de Santiago, e que tampouco nunca transmitiu ao departamento de políticas sociais, trátase como di o informe técnico, en definitiva, dunha petición recolleríase como unha petición que ten outro tipo de canle.

A segunda das alegacións, interposta polo sindicato CIG refírese ás bases de execución do orzamento, onde se recolle dende o ano 2014, o proceso de descentralización da xestión económica do concello.

Nas bases de 2015, dicía, literalmente: “o recoñecemento da liquidación de obrigas requirirá como trámite previo que o xefe de servizo de dirección de área e a concellaría delegada indiquen a súa conformidade en cada factura”, é dicir o xefe de servizo e a dirección da área.

Nas bases de 2016, coa vontade de adaptalo á realidade orgánica do concello, coa vontade non política, senón máis ben técnica de adaptalo á realidade orgánica, e ao que está a acontecer a día de hoxe no concello, que é o mesmo que acontecía no 2015 e no 2014, modificouse xefe de servizo ou dirección de área por responsables administrativos, unha cuestión máis de descripción.

Compartimos o fondo da cuestión que plantexa a CIG, compartimos que fai falla determinar cales son as funcións de cada un do persoal funcionario, e aclarar os circuítos que se estableceron no seu momento con esta descentralización económica.

Máis esta alegación, non cumpre eses requisitos legais, non está dentro dos motivos taxados para alegacións ao orzamento.

E, ademais, que non é vontade deste goberno en ningún momento, e así llo transmitimos ao sindicato, atribuír funcións ao persoal funcionario por encima da súa categoría, ou atribuír novas funcións non existentes en anos anteriores.

A única vontade era plasmar a realidade do concello, de moitos departamentos que non teñen direccións da área, xa que estas foron reducidas, e tampouco teñen xefes de servizo.

En definitiva, polo exposto, propoñemos declarar segundo subscriben os informes xurídicos, a inadmisión das alegacións por non cumprir os motivos taxados e especificados na lexislación e polo tanto a aprobación definitiva do orzamento.

Alcalde: Gracias María Rozas, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Dende o grupo municipal do BNG tal e como expuxemos no seu día na Comisión informativa de facenda, respectamos como non podía ser doutro xeito, o criterio e a interpretación que realiza o señor secretario a respecto do artigo 170 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, mais non o compartinos, nin ese nin a exposición que acaba de realizar a señora concelleira.

Nos cremos, que a alegación interposta pola Confederación Intersindical Galega, axústase ao recollido en concreto no artigo 170.2 no seu apartado a), no que se recolle explicitamente, por non se axustar a súa elaboración a aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

E cremos que a alegación plantexada pola Fundación dos Amigos de Galicia axústase ao recollido no artigo 170.2 no seu apartado c), onde se especifica por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que está previsto.

En calquera caso, como dicía antes, parécenos unha interpretación lexítima, por suposto, pero dende o noso punto de vista, cando menos ese artigo 170.2 é interpretable, e se pode interpretar doutro xeito.

E a interpretación do BNG dende logo, sempre será dende logo, a interpretación máis favorable e máis flexible posible, en aras de garantir unha verdadeira participación da veciñanza de Santiago e do asociacionismo de Santiago nunha tramitación como esta.

Eu, só quero facer unha reflexión que ten que ver co punto anterior. Neste pleno falamos bastante de transparencia, fai uns minutos no tema da ordenanza de

transparencia, directa e indirectamente falamos de participación hai uns minutos, referido ao consello de participación no ámbito do medio ambiente, e nos dous casos, facía referencia a que máis alá das normas o que ten que existir, tamén, é vontade política.

Eu fago unha reflexión en voz alta, co criterio que acaba de expor a señora concelleira, é imposible, e subliño, é imposible que ningunha asociación de Santiago faga ningún tipo de alegación ao orzamento municipal de Santiago, imposible, pois é unha forma curiosa de garantir a participación, eu creo que escusan gastar o diñeiro que se vai gastar o Concello de Santiago en explicar mellor o orzamento, en intentar crear canles de participación, si nas que xa están regladas agora, que é o período de alegacións, para que se expón ao público o orzamento municipal?, para que se da un prazo para que veciños e veciñas de Santiago de xeito xustificado poidan facer alegacións ao orzamento municipal, porque claro, con esa interpretación do 170.2, repito, ningunha entidade de Santiago, nin asociación de veciños, nin entidades sindicais, nin veciño ou particular, podería facer, porque nunca estaría neses supostos taxados, ningún tipo de consideración ao respecto do orzamento municipal.

Dende logo, creo que non é nin o xeito, pois máis acaído de interpretar un artigo que como digo, cando menos, creo que é interpretable.

E xa entrando no fondo, eu respecto, respecto á forma creo que se podía facer unha interpretación cando menos máis flexible, e someter á consideración deste pleno ambas alegacións. Dáme a impresión que iso non vai ser así, e polo tanto, adianto, que incluso no caso de que fose así, por parte do noso grupo non só estamos de acordo coa forma senón que tamén estamos de acordo co contido de ambas alegacións.

Alcalde: Gracias señor Rubén Cela, Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Dende logo, a primeira cuestión é dirimir se se deben aceptar a trámite as dúas alegacións presentadas ao texto do orzamento do 2016 deste concello, das súas bases de execución, para o seu debate, e polo tanto, a súa aprobación ou rexeitamento no pleno.

Dende o máximo respecto á opinión da secretaría xeral deste concello, nos entendemos que a primeira das alegacións a presentada pola Fundación Amigos de Galicia estaría lexitimada para presentar alegacións, e en canto estaría incluída como tal no disposto no artigo 170.1 letra c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, cando di que terán a condición de interesados os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións constituídas para velar por intereses profesionais, económicos e veciñais,

cando actúen en defensa dos que lle son propios, e igualmente, polo establecido non artigo 31 apartado 2) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O motivo da reclamación, entendemos que estaría a súa vez soportado polo disposto no artigo 170.2 letra c) do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, ao establecer como motivo taxado da reclamación por ser de insuficiencia os gastos respecto das necesidades para as que estea previsto.

Desta cuestión, entendemos que debemos estar ao establecido na disposición adicional segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril, disposición que recolle a normativa a respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal, polo que hai que dicir, que esta alegación entendemos que non pode ser obxecto de informe nin da intervención, nin da secretaría xeral, dende o punto de vista técnico e orzamentario, posto que entran en xogo criterios de carácter político, no que se refire á conceptualización política de que gastos deben incluírse e cales outros non, que sendo opcionais non deban estalo, sempre que se respecte a regra de gasto, e a previsión contida no artigo 170.2 letra b), por transcender da competencia da intervención e da secretaría xeral municipal, determinar se a cantidade consignada considerase ou non suficiente para que o servizo se preste coas debidas condicións de calidade e eficiencia; polo tanto, esa determinación debe ser despois dun debate aquí no pleno, por iso nos imos votar a favor de que se admita a trámite e se debata no pleno esta alegación.

Alcalde: Moitas grazas, señor Manuel Martínez.

Don Manuel Martínez Varela: Eu vou ser moi breve neste punto, porque nos partimos de que todo o que había que debater sobre os orzamentos municipais xa se fixo no pleno de marzo, e aí quedaron totalmente clarificadas as posturas de todos os grupos que temos representación neste pleno.

Nos xa dixemos que estabamos en contra dos orzamentos que presentou o grupo de goberno de Compostela Aberta, que eran uns orzamentos que chegaban tarde e mal, e hai que ter en conta que estamos case en maio, van cinco meses e aínda estamos a debater o que son os orzamentos, non sobre como se están executar, aínda non se poden executar.

Lémbrolles que no 2015 os orzamentos xa estaban en vigor o 7 de xaneiro.

Hai que ter en conta que somos o único grupo que votou en contra dos orzamentos, e polo tanto, que se opuxo ao que era este sistema de goberno por parte de Compostela Aberta.

Con respecto ás alegacións que se traen hoxe aquí, hai dúas alegacións, que para nos son curiosas, vendeuse que estes orzamentos eran os do gasto social, os de recuperación en materia de persoal, e resulta que as alegacións, unha é relativa ao tema do gasto social, e outra relativa, ao tema, de gastos de persoal.

Cando falamos de gasto social, pois bueno, teño que lembrar que foi o grupo popular o que propuxo que se cambiará o sistema de subvencións nominativas que se empezara o cambio deste sistema para eliminar este tipo de subvencións, progresivamente, como se quixera, pero que se empezara, e igual se se tivese feito, non estaríamos a debater agora este tipo de reclamación feita ao orzamento por unha entidade que solicita unha subvención nominativa. Esperemos que no 2016, se nos faga caso.

No que é en materia de persoal, nos sempre dixemos e mantemos unha postura moi clara, que o tema de persoal é unha materia que queda fora do debate político, e a concelleira xa manifestou anteriormente, tanto na Comisión informativa como agora en pleno, que o cambio que se introduciu nas bases de execución, da expresión xefes de servizo-directores de área por responsables administrativos, fíxose sen ningunha intención, ningunha mala intención, senón simplemente para adecuarse ao que é a realidade administrativa deste concello dende fai moitísimos anos, entón é algo que para nos, é totalmente solucionable cunha mera convocatoria dunha mesa de negociación e non ten maiores problemas.

Agora ben, este tipo alegacións, foron obxecto de informe por parte da secretaría municipal, que é o máximo responsable do asesoramento xurídico desta corporación, e manifestou claramente que non entra en ningún dos supostos taxados que recolle a lei de facendas locais para poder ser admitido por parte do pleno da corporación como alegacións a este orzamento.

Pódese falar de facer interpretacións máis amplas, ou menos amplas, pero a xurisprudencia é a que é, e a lei é a que é.

Entón, nos, repito, estes non son os nosos orzamentos, nos estamos en contra dos orzamentos que se aprobaron inicialmente en marzo e que se someteron a información pública, e no tema das alegacións, imonos abster en base ao informe do asesor xurídico municipal, porque de nada serviría votar unhas alegacións, se logo ante calquera tipo de reclamación se considera nulo o aprobado, iso carecería de calquera tipo de sentido, e ademais a cidade de Santiago non se merece, como capital de Galicia, que aínda esteamos sen orzamentos municipais.

E no tocante a aprobación definitiva do orzamento nos imos votar en contra, como votamos, e como mantivemos xa no pleno de marzo, sen ningún tipo de variación.

Moitas grazias.

Alcalde: Grazias señor Martínez, María Rozas segunda quenda.

Dona María Rozas Pérez: Tres apuntes só.

Paréceme preocupante que se cuestionen informes técnicos ou xurídicos, que entendamos que sabemos máis sen mirar xurisprudencia, e sobre todo, as interpretacións que se fan noutros concellos, noutras cidades, onde os mesmos grupos políticos que aquí se están a posicionar en contra desta valoración técnica, están a gobernar.

Pregunto que interpretación fai o Bloque no Concello de Pontevedra?, qué interpretación fai da inadmisión a trámite o Partido Socialista e o Bloque na Deputación da Coruña?, estaría ben, que o miraran, convidovos a que o miredes, que o faledes cos interventores e secretarios de ambas administracións.

Que non dependa o posicionamento de quen goberna, que non dependa de que en Santiago goberne Compostela Aberta.

Convidovos a que revisedes os criterios para inadmisión a trámite que se aplican nos concellos e nos organismos onde gobernades.

É falso, que ningunha alegación, como aquí se indicou se poida admitir a trámite, é falso, de feito hai exemplos e antecedentes neste concello, de admisión de alegacións cos mesmos criterios, paréceme moi perigosa a proposta que hoxe aquí se presentou, moi perigoso, porque no caso de saír adiante, abre unha espita complicada de xestionar para futuros gobernos.

Só para rematar unha única reflexión, fai un mes, mes e medio, cando estabamos no debate orzamentario, este goberno recibiu moitísimas críticas polas subvencións nominativas, moitísimas, non deixa de ser curioso que hoxe veñamos a un pleno, e de que aqueles dos que recibimos críticas se posicionen a favor de subvencións nominativas, creo que o informe técnico-xurídico é claro, e a xurisprudencia tamén.

Eu teño aquí un lote de sentenzas relacionadas con este aspecto, que parece que vostedes non comprobaron, e o exemplo que dan nos organismos nos que gobernan, tamén é máis que claro.

Simplemente, pedimos, que non apliquen diferentes criterios porque goberno Compostela Aberta.

Nos votaremos a favor dos tres puntos, da inadmisión a trámite en función dos informes de secretaría municipal, e a favor do orzamento de 2016.

Nada máis.

Alcalde: Rubén Cela segunda quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Mire certamente dende o grupo municipal do BNG sen ningún tipo de demagogia entendiamos que un novo goberno que se lle presupón, pois unha forma de actuar en determinados ámbitos diferente a de anteriores gobernos, pois tería unha pauta de comportamento no que ten que ver coas subvencións nominativas diferente.

Eu persoalmente pensaba que as cousas irían por aí, sen demagogia. Demagogia sería dicir, eliminen de golpe as subvencións nominativas, unha cousa é non eliminalas, e outra ampliar o número de subvencións nominativas.

Neste caso concreto, hai unha entidade, que certamente, sente un agravio, porque como as subvencións nominativas son a dedo, e son nominais, esta entidade, en concreto, di mire hai outras entidades do ámbito do asociacionismo católico ou doutros ámbitos que realizan traballos similares aos que realizamos nos en Santiago de Compostela, e hai entidades que reciben subvencións nominativas de 20, 30 ou 60 mil euros, e nos recibimos cero euros do Concello de Santiago de Compostela, polo tanto, entendemos que as necesidades que hai no ámbito en concreto na que realiza a súa actuación esta entidade, que é sobre todo no que ten que ver con menores, co que ten que ver con material escolar, co que ten que ver con alimentación básica, pois entendía, que en relación a outras subvencións nominativas pois que estaba en disposición de recibir axuda do Concello de Santiago, e entendeu, que a forma de facelo era a través dunha alegación aos orzamentos.

Quere dicir iso, polo feito de que o Bloque Nacionalista Galego entenda que iso hai que admitilo a trámite, que esteamos xustificando todo o modelo de subvencións nominativas, ou que sexa contraditorio co que defendemos, sinceramente, creo que non.

Con respecto ao segundo que se plantexaba, eu manteño o mesmo criterio, que a literalidade e a interpretación que se acaba de facer do artigo 170.2 digo e reafirmo e reitero que non é posible admitir a trámite ningunha alegación de ningunha entidade. Digo con clareza, porque claro, certamente, é interpretable, como todo, no ámbito xurídico pois pode admitir dúbidas, en concreto o apartado c) di: “por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados, ou ben, deste a respecto das necesidades para as que está previsto”. Vamos a deixalo que cando menos

é un pouco subxectivo, e que cando menos, poden existir diferentes interpretacións, de cando é manifesta esa insuficiencia nos ingresos con relación aos gastos orzamentados, ou ben, deste a respecto das necesidades para as que está previsto; cando menos que é discutible.

Entón, nos o único que dicimos, é que con ese criterio, dende logo as entidades asociativas de Santiago, non lles paga moito a pena, nin lerse os orzamentos, nin estudarse os orzamentos, nin facer ningún tipo de alegación ao orzamento, porque nunca se van admitir a trámite.

Alcalde: Gracias Rubén Cela, señor Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Bueno, eu insisto, porque penso que non nos entendemos moi ben, porque o certo é que nos o que estamos, o que entendemos que estamos a plantexar neste momento, se se vota a admisión a trámite para o debate en pleno destas alegacións, para ver se incorporan aos orzamentos, pero de momento, aínda estamos simplemente en votar, se se debaten en pleno. Eu volvo a dicir, novamente, dende ao máximo respecto aos habilitados nacionais, que nos entendemos que pola propia lei, a competencia non é nin de intervención municipal, nin da secretaría xeral municipal non é determinar se unha cantidade consignada, se considera ou non suficiente para que o servizo se preste coas debidas condicións de calidade e eficiencia, iso se determinará politicamente neste pleno, que para iso estamos esta tarde, iso por unha banda.

Por unha segunda banda, se ten sentenzas, pois mire, a segunda alegación que é a presentada polo CIG, pero en relación ás bases de execución, a lexitimidade para presentalas xustas e o disposto no artigo 170.1 letra c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o mesmo que comentamos antes, e o motivo da reclamación, nesta ocasión, estaría polo disposto no artigo 170.2 letra a) que di: “por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei”. Nós entendemos, que na cuestión alegada polo referido sindicato, incumpríronse os artigos 62.1 letra a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, o artigo 31 da citada lei nos seus apartados 1.a), 1.b) e 1.c), así como apartado 2 do devandito artigo, e iso, o di a sentenza do Tribunal Supremo do 4 de xullo de 2007, a sentenza do Tribunal Supremo de 18 de novembro de 2008, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 1 de xullo de 2008, e ademais, tamén, se incumpriron o artigo 40.1, letra a) e letra f), e o artigo 37.1 letra m) do Estatuto Básico do Empregado Público, como así o sostén a Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de xaneiro de 2014, e a do 30 de xuño de 2013, por iso, nesta primeira fase, sen entrar aínda no debate de se se deben incorporar as alegacións ao orzamento ou non, nos o que dicimos é que estas dúas alegacións

entendemos que están xustificadas e polo tanto, que teñen que admitirse a trámite, para debatelas politicamente neste pleno.

Alcalde: Algo que engadir?

Eu por aclaración dicir que comparto a análise que fai o señor Paco Reyes, que en caso de ser admitidas, logo habería que entrar a debater o fondo, porque senón entre outras cousas, podería provocar un desequilibrio orzamentario, e habería que detraer onde se pode incorporar, procedimentamente, así o entendo e así o comparto.

Imos pasar á votación, señor secretario.

Rematado o debate, consonte coa proposta transcrita, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión ordinaria de 21 de abril de 2016, o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 10 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, 6 votos en contra dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/ás concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, inadmisión a trámite das alegacións presentadas pola D. Jesús Busto Peteiro, en calidade de Director Xeral da “Fundación Amigos de Galicia” e por D. Francisco Xavier Picón Picillos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago (CIG).

b) Por 10 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, 6 abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, aprobar definitivamente o orzamento do Concello de Santiago de Compostela, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA), as súas bases de execución e o cadro de persoal para o ano 2016.

13. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA MELLORAR A INFORMACIÓN DAS INCIDENCIAS DE TRÁFICO POLAS OBRAS.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 4 de abril de 2016, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tránsito habitual no noso concello está a verse alterado notablemente nos últimos tempos por mor das obras que se están a executar no sistema viario. Non se trata tanto do número das obras como da súa intensidade, efectos e duración dos traballos, que obrigan a adoptar itinerarios alternativos que afectan á veciñanza e tamén as numerosas persoas que a diario se trasladan por diferentes motivos á nosa cidade.

Obras que, como o paso inferior de Conxo, a ampliación da autoestrada AP-9 ou a mellora da sección da ponte de acceso ao polígono do Tambre, inflúen principalmente no tránsito interurbano; e outras, como as de Carretas ou Montero Ríos, que teñen unha incidencia máis local. Pero todas elas teñen en común a necesidade de arbitrar solucións alternativas para paliar as dificultades que comportan para a circulación rodada. Unhas opcións que deben ser axeitadamente difundidas e coñecidas de antemán polas persoas condutoras para que sexan verdadeiramente eficaces e contribúan á unha maior fluidez.

Cómpre indicar que, certamente, desde os servizos da Policía Local véñense realizando un inxente labor para minimizar as molestias, tanto no tocante á asistencia para ordenar o tránsito, na sinalización ou na actualización das incidencias que se recollen na páxina web ou se difunden nos medios informativos. Pero son moitas as persoas, residentes e visitantes, que se queixan de insuficiencias na información e que reclaman unha maior claridade para visualizar e empregar os itinerarios alternativos que eviten acceder a esas zonas saturadas polo efecto das obras.

Desde o Grupo Municipal do Partido Popular, aínda valorando moi positivamente ese labor, entendemos que se poderían mellorar esas medidas de información e apoio aos condutores, para evitar ou cando menos reducir as molestias que as obras producen, tanto as propia de infraestrutura viaria local, como aquelas doutras administracións e tamén as relacionadas coa creación ou reparación de servizos diversos que, con frecuencia, causan problemas na circulación.

Con ese fin propoñemos que se leven a cabo diversas medidas, de fácil implantación e sen un custo excesivo, na liña de ofrecer unha información máis clara, detallada e en tempo real das incidencias que se produzan na cidade. A este respecto, no anterior mandato iniciáronse uns traballos que poderían ser continuados e postos en práctica nestes momentos en que se manteñen importantes obras en marcha, se demoran os prazos doutras e cabe supoñer que se poidan acometer algunhas novas ao longo deste ano.

Unha das medidas sería introducir cambios na páxina web, realzando a presenza do apartado da Policía Local, incorporando unha maior claridade nas incidencias do tráfico, facilitando a visualización da información que actualmente se ofrece. Unha información que resulta complicado atopar, mesmo ver, e que ignora pequenas actuacións que se están a executar con repercusión na mobilidade veciñal. Ofrecer un gráfico individualizado de cada unha das principais obras co resalte e o deseño das alternativas viarias sobre o mapa, sería un axeitado complemento.

Pero sobre, sobre todo, o que tería o máximo interese sería a implantación dun eficaz sistema de información en tempo real que lle permita a cada persoa acceder ou informar sen dificultade do conxunto de incidencias que condicionan a mobilidade diaria na cidade. A este respecto, propoñemos a creación dun perfil propio nas redes sociais, nomeadamente en *twitter*, dedicada á mobilidade municipal, que fomenta a creación dunha comunidade ao servizo dunha eficaz información sobre esta materia no ámbito municipal. Este perfil, ben podería denominarse @movescq, tal e como se prevía nos traballos desenvolvidos no anterior mandato.

A creación desta conta permitiría unha interacción directa entre o cidadán e a administración municipal, facilitando a participación e o concepto de viralidade que incrementa o poder expansivo da información a transmitir.

Esta información podería ter como potenciais usuarios ao conxunto da cidadanía do concello, pero tamén doutros concellos da área metropolitana, visitantes e turistas, co obxectivo principal de estender a información, fomentar a retroalimentación por parte dos seguidores e conseguir así unha progresiva ampliación do contorno e da poboación receptora da información.

En definitiva, do que se trata é de incorporar novas propostas que melloren a información e a toma de decisións no ámbito da mobilidade, tratando de evitar os atrancos e as molestias ocasionadas nos tráfico polas obras que se executan no termo municipal. En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a que:

1.- Adopte melloras e amplíe a información que actualmente se ofrece sobre as incidencias do tránsito e a mobilidade no termo municipal, incorporando unha maior claridade e visualización na páxina web das alternativas viarias no caso de obras e, sobre todo, poñendo en marcha un sistema de información en tempo real a través das

redes sociais que, baixo a premisa da coordinación e a participación pública, permita a máxima divulgación das distintas incidencias e coñecer de forma inmediata as correspondentes alternativas.

2.- Constitúa un grupo técnico (TUSSA, Tráfico, Policía Local, empresa encargada dos subministros de xestión de tráfico, Informática ou Innovación), a fin de desenvolver unha liña de traballo orientada a incorporar as novas tecnoloxías á xestión da mobilidade.”

Alcalde: Pasamos á proposición do grupo do Partido Popular, quen vai facer defensa, señor Brunete a súa quenda?

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Grazas señor alcalde.

Como vostedes saben, Santiago de Compostela é unha cidade cruzada diariamente por decenas de miles de vehículos, creo se non lembro mal, que pasa de 100 mil os vehículos que atravesan a diario a cidade.

Esta presión dos vehículos é unha situación ata certo punto, ata certo punto inevitable, con independencia de que segamos que teñamos que seguir traballando na mellora do reparto modal da mobilidade.

Os modos brandos, o transporte público colectivo, o coche compartido teñen que gañar cuota, pero o vehículo seguirá sendo si ou si un modo de transporte inevitable para milleiros de persoas.

Inevitable pola propia xeografía humana da cidade, pola propia xeografía humana do país, e inevitable, pola condición de capital dunha área urbana, e capital da propia comunidade.

O certo é que a condución é unha tarefa habitual para moitas mulleres e para moitos homes, e ademais é unha tarefa vinculada ás relacións de mobilidade obrigada.

Din os expertos que dende un punto de vista cognitivo a condución responde a tres niveis, por unha parte, un nivel de control, un nivel táctico e a un nivel de planificación, que é o nivel máis complexo, pensar todos os días cal é a mellor ruta posible, esa é a actividade máis complexa, e especialmente se o sistema viario pois está afectado por cambios, por obras, ou por incidencias.

Atenuar esta complexidade na tarefa de planificar os desprazamentos cotidianos das persoas, é o sentido desta proposición.

Hai que lembrar que neste momento hai en execución en Santiago obras de infraestrutura viaria e obras de reurbanización, xa sexa en tramos urbanos, ou xa sexa en tramos interurbanos, e de esperar tamén que se segan a executar obras no futuro, aínda que bueno, co goberno de Compostela Aberta tamén cabe a posibilidade de que no futuro as maiores transformacións nos viario veñan dadas pola progresión das fochancas.

Hai que lembrar, tamén, que cotidianamente, pois se producen obras de reposición de servizos, e tamén a título anecdótico, ou non anecdótico hai que recordar que de cando en vez, pois quedan os autobuses varados no centro da cidade, e máis posibilidades habera de que isto se volva a repetir senon se renova a flota de autobuses.

En definitiva, á vista das obras, á vista das incidencias, e a vista dos cambios no viario, compre ofrecerlle aos cidadáns, aos propios veciños de Santiago e a xente que nos visita, compre digo, ofrecerlles información e itinerarios alternativos, pero coa antelación suficiente.

Aínda que non queremos deixar de recoñecer o labor da policía local, no que integramos tamén, o labor dos técnicos de tráfico, que minimizan as afeccións no viario a pe de rúa todos os días, e ofrecen información, tamén, todos os días a través dos medios, pensamos que son diversas posibilidades de seguir mellorando a información relativa ou referida á mobilidade.

Hai que lembrar que no mandato anterior, se impulsaron iniciativas orientadas a mellorar a información, e a planificación na mobilidade das persoas. Lembremos que se retomaron os traballos e os trámites administrativos para a cesión dos paneis da DGT, que agora pronto asinara o alcalde de Santiago.

Adquiríronse con cargo a remanentes, tamén, cámaras de tráfico que facilitan a información.

Ultimouse a páxina web da policía local, e se fixo unha aposta moi decidida polas novas tecnoloxías aplicadas á mobilidade.

En orde a seguir mellorando pensamos que unha posibilidade sería realzar, pois o apartado de tráfico da páxina web incrementando información e mellorando, tamén, a visualización e a claridade de información que agora se ofrece, posibilidade que apuntamos dende o recoñecemento ao labor que todos os días fan os axentes da policía local encargados do mantemento desa páxina web.

Outra posibilidade sería a implantación dun sistema de información sobre a mobilidade en tempo real a través dun perfil propio nas redes sociais, nomeadamente en twitter, que

ben se podería denominar movesca, tal e como se prevía nos esbozos que xa desenvolvemos no tramo final do anterior mandato.

E por suposto, entendemos que se debe seguir apostando polas novas tecnoloxías.

Son moitos os datos que se poden transformar en información, en información útil, para facer máis planificable, máis eficiente, máis eficaz, máis lóxica e máis sustentable a circulación dos condutores pola cidade.

E neste sentido, tamén propomos que se constitúa un grupo de traballo que estea integrado pola policía local, polos técnicos de tráfico, por suposto tamén, polos profesionais da empresa de servizos que leva a xestión dos subsistemas de tráfico.

Un grupo de traballo que dedicaría os seus esforzos pois a incorporar as novas tecnoloxías a xestión de mobilidade, tal e como se fixo no último mandato, especialmente no último tramo do último mandato, no que grazas ao labor brillante do departamento de innovación, finalmente extinguido, recentemente extinguido, descubrimos posibilidades tecnolóxicas que entendemos que se deberían desenvolver, ou que se deberían recuperar.

Máis nada e grazas.

Alcalde: Moitas grazias, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Nos imos votar favorablemente a esta proposta do Partido Popular, aínda que nos gustaría matizar unha cuestión.

Nos estamos de acordo, dende logo, con todo o que teña que ver con mellorar a sinalética e a información a respecto das obras que se realicen na cidade, nese sentido temos trasladado a este pleno a través de diferentes iniciativas propostas concretas de mellora tanto da sinalética como da información ante cambios na rede viaria.

Iso si, cremos que o uso de instrumentos como o tema das redes sociais, pode ser un complemento, pero que non debe ser nin o fundamental nin o prioritario na información neste eido.

Consideramos que o primeiro debe ser fornecer de información aos veciños e veciñas sobre o plan de actuación e a duración temporal das obras en cada lugar.

Ter reunións explicativas dos proxectos e carteleira sobre todos os cambios que se van producindo, e lamentablemente, non sempre se cumpre con isto, ou non sempre se fai acoidadamente. Aínda hai poucas semanas lembrarán que traíamos un caso concreto a respecto de cando empezaron parte das obras do paso inferior da rotonda de Conxo, a respecto da mala sinalización do desvío provisional para acceder ao Hospital Provincial de Conxo, ou outro tipo de actuacións deste estilo.

Polo tanto, nos todo o que sexa mellorar esa capacidade de información, pois sempre nos vai parecer favorable, pero bueno, hai que ter tamén en conta que precisamente as redes sociais como twitter que se propón nesta iniciativa, pois non deixa de ser como dicía antes, un complemento, pois a maioría da poboación non dispón destas rede social, nin está permitido por certo, usala mentres se conduce, de aí que entendemos o factor de inmediatez que proporciona o uso das redes sociais, todos eses usos dende o noso punto de vista son positivos, axudan a minimizar as molestias á veciñanza e polo tanto, imos votar favorablemente esta proposta, pero recalando que o fundamental dende o noso punto de vista, seguen a ser os métodos tradicionais, que non son outros que ter xuntanzas cos veciños, informar, dar información veraz, e despois todo o que ten que ver coa sinalización nas propias vías públicas, pois que estea en tempo e forma e que sexa clara.

Alcalde: Moitas gracias Rubén, señor Muíños.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boas tardes alcalde, e compañeiros e compañeiras de corporación.

Todos e todas somos conscientes dos graves atrancos e das molestias que nos supoñen as obras e as graves incidencias de tráfico que as mesmas conlevan.

Por iso consideramos que unha ferramenta fundamental sobre de todo, é a previsión, e non a improvisación como moitas veces está a acontecer.

É imprescindible que ese equipo técnico se reúna para que non só poña en marcha e desenvolva esa liña de traballo orientada á incorporación das novas tecnoloxías, senón que ese equipo técnico busque os itinerarios máis axeitados, sobre todo, se por algún deles ten que pasar tráfico pesado.

Moitas veces os itinerarios alternativos non están capacitados para soportar tanto volume de vehículos, un exemplo, pois é o que está a acontecer na zona do hotel os Abetos, que por mor do desvío das obras de ampliación da autoestrada, pois está a causar, día si e día tamén, graves destrozos.

Outro exemplo que temos aquí máis cerca, é o estado no que se atopa a Avda. de Coimbra, que por mor das obras de Basquiños, Pastoriza, sofre un deterioro e dunha intervención urxente.

E tamén consideramos que sería necesario que todos os paneis informativos funcionasen perfectamente, e que tamén, como dicía Rubén, pois a sinalización fose o máis axeitada posible.

Son moitas as queixas de condutores por mor da deficiente sinalización, o exemplo máis clarividente o temos aí nas obras de Conxo.

Estamos totalmente de acordo en que se poña en marcha calquera tipo de ferramenta que axude a informar, sexa twitter, facebook, xa que iso conlevaría a que todos estaríamos informados en tempo real a través das distintas redes sociais, e tamén coidamos, que sería importante, que se faga difusión do inicio de obras e dos distintos desvíos alternativos, pois se fixera tamén nos concellos limítrofes, todos sabemos que son moitos os vehículos que se achegan a nosa cidade para vir a traballar, e deste xeito, pois xa virían con esa planificación suficiente, tanto de tempo para chegar ao seu traballo, como xa coñecendo a ruta pola que vir.

Polo tanto, o voto do grupo municipal socialista vai ser favorable.

Alcalde: Moitas gracias, señor Xan Duro a súa quenda.

Don Xan Duro Fernández: Ben como supoño que os membros desta corporación coñecen a policía local ten unha páxina web onde recolle incidencias xeolocalizadas, duración das obras, con inicio e remate previsto, listado de parkings, listado de prazas para persoas con diversidade funcional, non dubido que ao mellor unha conta de twitter, a pesares de non poder consultala cando estas conducindo, pode ser interesante, non o discuto, pero bueno, aquí se está a informar, penso que bastante ben, úsanse notas de prensa, danse roldas de prensa, pégase información en autobuses, a policía local, como dixo Alejandro Brunete, impagable nese eido, e todo no que sexa mellorar, é indiscutible que estamos de acordo.

Tamén informar aos membros da oposición, por se non o coñecen, que temos todos os luns pola mañá unha xuntanza de grupo de coordinación que implica policía, tráfico, mobilidade, urbanismo e Tussa, onde se coordina, se fala, se proxecta e se planifica todo este tipo de incidencias.

Aclarar dúas cousas das que se fala aquí. Toda a sinalización que fai este goberno nas vías esta respaldado por informes e propostas técnicas, e ao respecto dos paneis informativos, creo que funcionan todos correctamente, estamos no proceso de que nos

ceda a Dirección Xeral de Tráfico uns paneis que ten na zona da Praza da España, e que as obras da rúa dos Abetos, efectivamente, esta causando un importante destrozo, pero hai o compromiso firme da empresa en non moito tardar, repavimentar toda esa zona.

En definitiva, isto é algo que xa estamos facendo co cal non temos ningún problema en votar a favor.

Alcalde: Señor Brunete algo que engadir?

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Simplemente matizar a respecto da correcta utilización das contas twitter, que esta proposición vai referida a unha planificación da condución, e polo tanto quen consulte a conta terá que consultala loxicamente antes, é dicir iso vai de seu.

A respecto do que dicía o señor Cela, esta proposta que faciamos de incorporar ás novas tecnoloxías, non o faciamos en detrimento dos sistemas tradicionais ou convencionais de información.

É certo que eu ao mellor fun un pouco inxenuo o dar por certo que o actual goberno estea respectando eses sistemas tradicionais, moito non pode levar sinalizando, porque levamos un ano sen contrato de sinais, polo tanto, moito non pode estar sinalizando, e a verdade é que me estraña un pouco, que si teño que dicir, que me estraña un pouco a escasa información a respecto das obras do túnel de Conxo, digo isto, porque nos creo que nos fartamos de ter reunións cos veciños, roldas de prensa, explicacións, e dende hai meses, a verdade é que non volvemos a ter noticias de informacións públicas, cambiáronse por exemplo as liñas de autobuses, e non temos novas de que iso se tivese consensuado cos veciños, por poñer un exemplo, pero efectivamente, ao mellor tiña eu que ter sido máis precavido e incidir máis, pois no respecto ás fórmulas convencionais, pero dando por seguro que retomaran esas fórmulas convencionais, lles animamos a incorporar o que son as novas tecnoloxías.

Por certo que na web municipal falta o aparcadoiro de Pontepedriña.

Nada máis, grazas.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda instar ao órgano de goberno a que:

1.- Adopte melloras e amplíe a información que actualmente se ofrece sobre as incidencias do tránsito e a mobilidade no termo municipal, incorporando unha maior claridade e visualización na páxina web das alternativas viarias no caso de obras e,

sobre todo, poñendo en marcha un sistema de información en tempo real a través das redes sociais que, baixo a premisa da coordinación e a participación pública, permita a máxima divulgación das distintas incidencias e coñecer de forma inmediata as correspondentes alternativas.

2.- Constitúa un grupo técnico (TUSSA, Tráfico, Policía Local, empresa encargada dos subministros de xestión de tráfico, Informática ou Innovación), a fin de desenvolver unha liña de traballo orientada a incorporar as novas tecnoloxías á xestión da mobilidade.

14. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A IMPLANTACIÓN DE NOVOS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓN NO LUGAR DE CABINAS TELEFÓNICAS.

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 6 de abril de 2016, núm. 113, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta unha evidencia, de doada constatación, que as cabinas telefónicas se están a converter cada paso máis nun obxecto de moi escaso uso por parte da cidadanía. A súa decadencia garda unha lóxica correlación co auxe experimentado pola telefonía móbil e a súa expansión practicamente xeneralizada na nosa sociedade. A falta de uso das cabinas garda relación tamén co seu constante deterioro e está a provocar a súa paulatina desaparición dos espazos públicos. O custo e mantemento deste servizo é maioritariamente público, posto que unicamente en moi contados lugares, de efectivo ou potencial uso, se dá algún caso de oferta privada deste servizo, que convive coa maioritaria oferta promovida pola Administración do Estado.

A lexislación actualmente vixente regula o dereito da cidadanía a un servizo universal de telecomunicacións, sinalando a obriga de dispoñer dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento no dominio público, que se concretan, polo menos, nun teléfono público e un máis por cada 3.000 habitantes en cada municipio de máis de 1.000 habitantes. No caso de Santiago esta “oferta suficiente” que sinala a actual lexislación obriga a dispoñer de máis de 30 teléfonos deste tipo.

Para levar a cabo a prestación deste servizo, o Ministerio de Industria ten designado desde o ano 2012 e ata finais deste ano 2016 á empresa Telefónica Telecomunicaciones Públicas, S.A.U.

Hai poucas semanas, un informe emitido pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) para analizar a situación da telefonía como servizo universal ten advertido da diminución “drástica” do uso dos servizo das cabinas en dominio público no conxunto de España entre os anos 2012 e 2014.

A contracción da demanda –as enquisas públicas cifran nun 88% as persoas que nunca teñen empregado este servizo- está a provocar unha retirada progresiva de cabinas en todo o territorio nacional nos últimos anos, en paralelo co acontecido no conxunto da Unión Europea, aínda que mantendo a cifra esixida pola normativa vixente.

O informe da CNMC incide na “importante diminución da demanda dese servizo e no incremento de custos da súa prestación”, sinalando un descenso rexistrado no número de cabinas nos últimos anos (unha redución do 83% desde o ano 2000 pasando de superar as 100.000 a apenas 18.000 cabinas en toda España) e nos custos do seu mantemento que se teñen triplicado neste período (de 400.000 euros a máis de 1,2 millóns de euros).

Esta realidade fai que a citada Comisión lle suxira ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que “á vista desta tendencia observada e as decisións adoptadas noutros países da UE, sería necesario que se plantexara a revisión da conveniencia de manter o carácter obrigatorio na prestación deste servizo como parte do contido das obrigas do servizo universal”, tal e como xa teñen feito Francia, Estonia ou se comezou a facer en Bélxica, seguindo as conclusións do Eurobarómetro de 2014 a este respecto.

En consecuencia, tendo en conta que o encargo realizado polo Goberno para o mantemento das cabinas de servizo público remata en decembro de 2016, cabe supoñer que estas instalacións públicas tal e como as coñecemos, teñan os seus días contados.

Por este motivo o Grupo Municipal Popular propón afrontar esta circunstancia e poñer en marcha unha planificación que aproveite e mellore esta infraestrutura existente no termo municipal, dotándoa de novos servizos de utilidade pública.

A este respecto, no camiño cara a unha cidade aberta á incorporación das novas tecnoloxías (que preside a estratexia SmartiAGO, iniciada no anterior mandato), a través do diálogo coa empresa que actualmente presta o servizo de telefonía pública e coa posible participación doutras Administracións, poderíase deseñar e poñer en práctica unha medida que implantara, no lugar das cabinas en desuso, un punto de servizos avanzados de telecomunicacións a disposición non só da veciñanza, senón tamén do conxunto das persoas que ao longo do ano visitan a nosa cidade.

Estamos a falar da posibilidade de ofrecer nun mesmo lugar distintos servizos, seguindo o modelo que están comezando a desenvolver algunhas grandes cidades como Nova York, incorporando un punto de conexión wifi gratuíta e recarga de dispositivos móbiles, podendo incluír outras prestacións como un sistema gratuíta para as chamadas de emerxencia, a cumprimentación de trámites municipais ou un sistema para difundir mensaxes multimedia de interese cultural, turística e mesmo publicitaria que cubrira o custo e mantemento da nova infraestrutura.

Deste xeito, a través da iniciativa municipal e co procedemento administrativo que se considere máis eficaz e menos oneroso para o interese público, podería renovarse a estética destas instalacións, crear un novo servizo que consideramos de interese xeral e procurar unha solución desde o ámbito local á inminente e ineludible desaparición de, cando menos, a maior parte das cabinas telefónicas públicas.

Obviamente, non se trataría inicialmente de implantar este tipo de servizos en todas as cabinas públicas existentes (nunha rápida estimación, o noso concello pode ter preto de medio cento de cabinas destas características, moitas delas por certo carentes xa do propio aparato telefónico e nun estado de conservación e cun aspecto moi mellorable), pero si de abordar un programa piloto centrado en dous ou tres puntos estratéxicos da cidade que permitan poñer en servizo a nova experiencia, avaliar os seus resultados e a súa posible extensión no termo municipal.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para a súa consideración e, se procede, aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que proceda ao estudo, deseño e posta en marcha de medidas para a implantación novos servizos para as telecomunicacións de uso gratuíta (rede wifi, cargadores de dispositivos móbiles, chamadas de emerxencias ou difusión de contidos multimedia) que aproveiten o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas en desuso dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.”

Alcalde: Proposición do Partido Popular.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: A iniciativa que presentamos trata de poñer remedio a unha situación moi habitual na nosa, e por certo en moitas de cidades de Galicia, de España, e mesmo a nivel mundial.

Unha situación que ten que ver coas transformacións sociais e coa extensión das novas tecnoloxías, en especial, da rede de telefonía móbil, e coa progresiva universalización dos terminais telefónicos persoais.

Os avances producidos están a provocar cambios nos hábitos e nos usos da poboación, deixando obsoletos servizos e infraestruturas públicas que ata fai poucas décadas se consideraban indispensables, como acontece cos teléfonos públicos, e a súa instalación nas rúas.

Na xeografía da nosa cidade a maior parte das cabinas telefónicas estánse a converter, obviamente, en reliquias, na procura de reactivar o papel das cabinas que non teñen uso, e darlles unha nova utilidade que aproveite a súa infraestrutura, o noso grupo, trae esta iniciativa para a implantación de novos servizos de telecomunicación no lugar das cabinas telefónicas públicas.

Ou o que é o mesmo, a substitución das cabinas telefónicas en desuso, por puntos de recarga e acceso a wifi gratuito.

É unha alternativa que permite que a imaxe da nosa cidade mellore e evitar a proliferación das cabinas telefónicas en desuso.

Moitas delas, destas cabinas, presentan un estado lamentable que xa comeza a converterse na parte máis fea do mobiliario urbano.

As enquisas públicas sobre o uso da telefonía pública urbana, cifra nun 88% as persoas que nunca empregaron este servizo.

Esta falta de uso, garda relación, obviamente, co seu constante deterioro.

Na nosa cidade abundan exemplos, na Praza de Cervantes, aquí o lado, na proximidade do aparcadoiro de San Clemente, na Praza de Galicia, ou na mesma Praza Roxa.

A súa falta de uso, e o seu elevado custe de mantemento, o seu estado lamentable, e a inminente revisión do concepto de servizo universal destas instalacións, deberían obrigarnos a repensar a súa presenza e formular alternativas.

Tendo en conta, en definitiva, a fin do período da actual concesión deste servizo público, que se non teño mal a información, remata en decembro deste mesmo ano o contrato con CABITEL, filial de Telefónica, e o cuestionamento do seu carácter de servizo universal, non só polas propias evidencias da falla de uso, senón polos informes específicos de carácter oficial, todo fai indicar que a era das cabinas telefónicas chega ao seu fin.

Un recente informe de marzo de 2016 da Comisión Nacional do Mercado e a Competencia, calcula que dende o 2000 se ten reducido o número de cabinas en España nun 83%, isto é, das máis de 10.000 cabinas que había a principios do ano 2000 en toda España, pasouse a apenas 1800 nestes momentos, e a nosa cidade, obviamente, non é allea a esta tendencia.

Esa contracción da demanda esta a provocar unha retirada progresiva das cabinas en todo o territorio nacional nos últimos anos e en paralelo co acontecido no conxunto da Unión Europea, aínda que mantendo a cifra esixida pola normativa vixente.

O informe da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, incide tamén nos crecentes custos do seu mantemento.

Esta realidade fai que este organismo independente para a libre competencia e a regulación dos mercados, lle suxira á administración do Estado que a vista da tendencia e das decisións adoptadas noutros países da Unión Europea, sería necesario que se revisará a conveniencia de manter o carácter obrigatorio na prestación deste servizo, como parte do contido das obrigas do servizo universal.

Así o teñen feito por exemplo en Francia, que retirará as cabinas en 2017, Bélxica que comezou a súa retirada en 2015, ou mesmamente en Estonia.

En consecuencia, tendo en conta que o encargo realizado polo goberno de España para o mantemento das cabinas do servizo público remata en oito meses, cabe supoñer que estas instalacións públicas tal e como as coñecemos teñen os seus días contados.

Por este motivo o grupo municipal popular propón a posta en marcha dunha planificación que aproveite e mellore esta infraestrutura existente no termo municipal, dotándoa de novos servizos de utilidade pública.

A este respecto, no camiño cara a unha cidade aberta á incorporación das novas tecnoloxías, que está no orixe da estratexia SmartiAGO, iniciada no anterior mandato, nos cremos que se podería deseñar e poñer en práctica unha medida novidosa.

Unha medida que implantará no lugar das cabinas en desuso, un punto de servizos avanzados de telecomunicacións.

Estamos a falar da posibilidade de ofrecer nun mesmo lugar distintos servizos, seguindo, por certo, o modelo que están comezando a desenvolver algunhas cidades importantes e coñecidas do mundo, como Londres, Nova York, incorporando un punto de conexión wifi gratuíta e a recarga de dispositivos móbiles.

Tamén se podería incluír outras prestacións, como un sistema gratuíto para as chamadas de emerxencia, a cumprimentación de trámites municipais ou un sistema para difundir mensaxes multimedia de interese cultural, turística ou simplemente publicidade, que por certo, axudará a cubrir o custo e mantemento da nova infraestrutura.

Deste xeito, a través da iniciativa municipal e co procedemento administrativo que se considere máis eficaz e menos oneroso para o interese público, podería renovarse a estética destas instalacións. E tamén crear, por certo, un novo servizo que consideramos de interese xeral e procurar unha solución desde o ámbito local á que parece inminente e ineludible desaparición destas cabinas telefónicas públicas.

Obviamente, non se trataría inicialmente de implantar este tipo de servizos en todas as cabinas públicas existentes, o obxectivo sería abordar un programa piloto ou unha fase inicial que se centrara en dous ou tres puntos estratéxicos da nosa cidade para poñer en servizo a nova experiencia, avaliar os seus resultados e a súa posible extensión no termo municipal.

Por iso avogamos, por aproveitar esta infraestrutura, melloralas e dotalas de novos servizos de maior utilidade pública.

De momento, só unhas poucas das grandes cidades, como dixemos, comezan a desenvolver esta iniciativa, Santiago, polo tanto, situaríase na vangarda e por iso presentamos á corporación este acordo, que en definitiva o que fai é:

Instar ao corresponde órgano do goberno local a que proceda ao estudo, deseño e posta en marcha de medidas para a implantación novos servizos para as telecomunicacións de uso gratuíto, que aproveiten o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas en desuso dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

Moitas grazas.

Alcalde: Gracias Agustín, señor Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Se o Ministerio de Industria atende a unha suxestión da Comisión Nacional dos Mercados e as Comunicacións, porá fin á consideración das cabinas telefónicas como un servizo universal, unha cualificación, que agora o que fai é obrigar por lei, a que exista unha rede de cabinas na vía pública.

O Real Decreto que regula este servizo universal obrígalle a mantelo a adxudicatira, que é Telefónica, ate decembro deste ano 2016, pero non se sabe, se haberá outro decreto a partir de 2017, e de habelo cales serán as súas condicións.

Como comentaba agora mesmo o portavoz do Partido Popular, é evidente que a sociedade compostelá, a sociedade galega, a do conxunto do estado e do mundo, ten sufrido importantes cambios nos hábitos, en todo o que ten que ver coas súas relacións, e todo o que ten ver co uso de novas tecnoloxías e de tecnoloxías vinculadas ás comunicacións.

Posiblemente, se nos fixeramos calquera de nos a pregunta de cando foi a última vez que utilizamos unha cabina telefónica, pois posiblemente nin o lembremos.

O certo é que as utilidades das cabinas poden chegar a ser particularmente interesantes en casos de destinos turísticos masivos, en aglomeracións, ou en grandes concentracións, por exemplo, hai experiencias de instalacións de SmartCells pequenos dispositivos que se sitúan en cabinas en puntos estratéxicos das cidades, para permitir, por exemplo para amplificar o sinal 4G, e mellorar a cobertura en zonas de difícil acceso.

Para o BNG, máis que eliminar as cabinas, na liña do que comentaba o portavoz do Partido Popular, o que compre é nunha cidade coas características da nosa, é adaptalas á realidade actual, posto que as telecomunicacións como comentaba antes evolucionaron de xeito considerable dende o nacemento dos teléfonos móbiles.

Entre as vantaxes dos teléfonos situados na vía pública está que non necesitan batería, e que sempre teñen cobertura, e ademais se unha persoa non dispón de saldo suficiente e ten unha urxencia, as cabinas permítenlle de forma gratuíta contactar, xa actualmente, con emerxencias ou co 112.

As cabinas permiten o pago con tarxetas, pero tamén con moedas de 5 céntimos a 2 euros, porque a maioría dos estados da nosa contorna, non admiten o pago con moeda, e uso de tarxeta e outro factor limitante para moita xente que viaxa.

Así compartimos que as novas cabinas deben ofrecer conectividade a Internet, e portos USB para cargar a batería dos móbiles ou tablets, como xa acontece, como comentaba tamén o portavoz do Partido Popular, nalgúns cidades que mesmo están equipados nalgúns casos, incluso, con pantallas táctiles dende onde se pode navegar e tamén realizar chamadas.

Na liña do que se propón hoxe, as empresas tecnolóxicas están a pensar en novas utilidades dixitais, para adaptar as funcións tradicionais das cabinas telefónicas ás necesidades da realidade actual.

Máis non esquecemos que as cabinas son tan necesarias nas zonas urbanas, como tamén no rural, polo que a distribución destas novas instalacións de telecomunicacións que se propoñen, tamén deben implantarse nas parroquias para favorecer o dereito a acceso a internet, independentemente da zona de residencia.

Deste xeito, tendo en conta estas consideracións, o Bloque Nacionalista Galego votará a favor desta iniciativa.

Alcalde: Gracias Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: É certo o manifestado aquí neste pleno polo voceiro do Partido Popular con respecto a esta proposición, que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia no seu informe sobre o servizo universal de telefonía, fai referencia a que nos últimos anos, o uso dos servizos de telefonía dende as cabinas, diminuíu de maneira drástica.

É certo que o ingreso medio por cabina tamén diminuíu notablemente no 2014 con respecto ao ano anterior, para o que son os beneficios, neste caso, de Telefónica.

É certo que a contracción da demanda tense traducido na retirada das cabinas por parte de Telefónica nos últimos anos, entre outras cousas, debido, o incremento dos custes do mantemento.

É certo que o informe achega exemplos, como o de Francia, que vai comezar, efectivamente, a retiralos e que vai permitir a outra multinacional para a desinstalación das mesmas, ou por exemplo, o exemplo de Estonia, que a finais de 2010 xa retirou ese servizo.

É certo, tamén, como xa indicou, que operadores e empresas tecnolóxicas participan por exemplo en Nueva York e noutras cidades na transformación en puntos de acceso a wifi, en centros de carga para móbiles e tabletas, e en puntos clave de emerxencias de cidades ou de pobos, un exemplo que non esta tan lonxe como Nova York, e Serra de Gata cos incendios.

Telefónica mesma, tamén instalou nas fallas de Valencia, nas últimas fallas pequenos dispositivos que se situaron nas cabinas situadas en puntos estratéxicos da cidade, e que permitiron amplificar o sinal 4G, e mellorar a cobertura en zonas de difícil acceso.

Mesmo, hai propostas como as do SolarBox para as emblemáticas cabinas de Londrés, que no interior instala unha pantalla que vai amosar publicidade, ou indicacións con respecto as posibilidades de visitar a cidade aos usuarios mentres recargan os seus móbiles rendabilizando así o investimento.

Mesmo, e aínda que pareza curioso na nosa propia cidade, podemos atopar en Montero Ríos, dun operador que non é Telefónica, concretamente, que xunto á cabina clásica, oferta tamén, precisamente, ese servizo gratis de wiffi na rúa.

De todos xeitos, como moi ben establece a profesora .. da Complutense de Madrid, que estudou este problema, o certo é que en calquera caso, o obxectivo é garantir a existencia dunha oferta suficiente en todo o territorio nacional de teléfonos públicos de pago situados no dominio público de uso público, non podemos esquecer que a vixente lei 32/2003, de 3 de novembro, e o Regulamento que a desenvolve, e a carta dos dereitos dos usuarios dos servizos de comunicacións electrónicas, aprobado polo Real Decreto 899/2009, de 22 de maio, o que fan é traspoñer a vixente directiva 2002/22, e polo tanto, do que se trata en definitiva, é de facilitar ao acceso ao servizo telefónico fixo dispoñible ao público a aqueles usuarios finais que de forma continuada ou esporádica queiran ou necesiten utilizar o servizo fora dos seus domicilios.

Segundo a expresión do propio lexislador no artigo 22.1 letra c) da Lei das Comunicacións, moi próxima a do artigo 6 da directiva comentada, esta oferta debe satisfacer razoablemente as necesidades dos usuarios finais, en cobertura xeográfica, en número de aparellos, accesibilidade destes teléfonos polos usuarios con discapacidades, e calidade dos servizos.

Imos ver que é o que di en última instancia de cara a garantía última do cumprimento do que ata o de agora, e neste momento aínda o é, un elemento do servizo universal, o que di a Dirección Xeral de telecomunicacións e tecnoloxías da información, que é a quen en definitiva lle corresponde decidir, esperando que decida a Dirección Xeral e se segue a cumprir o que marca a directiva, nos imos apoiar que se faga ese estudo, para tentar que se estenda a posibilidade que ben nas antigas cabinas, ou ben compartindo as antigas cabinas e o servizo universal se poidan dar esas outras ofertas tecnolóxicas como por exemplo o servizo wiffi gratuito.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas gracias Paco, Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Boas tardes de novo a todos e a todas.

Cando falamos de cabinas, paso a recordar aqueles tempos nos que había aquelas colas, naquel Santiago estudantil, con colas para chamar, pero bueno, o tempo tecnolóxico ten cambiado, e evidentemente compartimos todo o que se expuxo aquí, e polo tanto, nos compartimos no fondo o que din, e a non necesidade de mantelas como servizo público a finais de 2016 fainos ter que dar un paso adiante.

Froito dese paso adiante, vou ler un par de parágrafos, do convenio que temos cun operador, pendente de asinar, pero no cal, precisamente vai nesta liña de propoñer unha solución wifi gratuíto temporal para peregrinos e turistas e

Solución wifi que deberá respectar a lexislación existente en materia de identificación de usuarios, e redes de comunicación electrónica.

O operador se compromete, así mesmo, a propoñer ubicacións específicas para equipos receptores de datos de sensores, que poden servir para desenvolver futuros proxectos relacionados co concepto de cidade intelixente.

A petición da comisión de dirección o operador se compromete a establecer unha plataforma receptora de datos de sensores, que poida ser utilizada polos servizos informáticos do concello

Compartimos a filosofía, estamos agora mesmo en negociacións con compañías de prestación de servizos telefónicos, para poder precisamente, establecer este punto, porque é un camiño que cremos que non ten volta atrás.

Polo tanto compartindo si que temos claro que hai que buscar solucións, que non resulten onerosas aos cidadáns de Compostela, e que ademais poidan ser igualitarias entre todos os cidadáns, e con eses dous obxectivos seguiremos a traballar.

A postura vai ser votar a favor da proposta.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao corresponde órgano do goberno local a que proceda ao estudo, deseño e posta en marcha de medidas para a implantación novos servizos para as telecomunicacións de uso gratuíto (rede wifi, cargadores de dispositivos móbiles, chamadas de emerxencias ou difusión de contidos multimedia) que aproveiten o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas en desuso dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

15. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A MELLORA DE INFORMACIÓN E ACCESO AO BOSQUE DE GALICIA E CIDADE DA CULTURA.

Con data 20 de abril de 2016, núm. 130, o grupo municipal do Partido Popular, presenta a seguinte proposición:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A árbore é un elemento fundamental na cultura e no modo de vida tradicional de Galicia, como o ten advertido Castelao ao consideralo, xunto coa vaca e o peixe, formando parte do triángulo esencial da economía galega ao longo da historia.

Á árbore ten, ademais do seu intrínseco valor económico ligado a moitos outros sectores produtivos, un especial valor ligado á redución da contaminación e a loita contra o cambio climático.

En Galicia estímase que arredor de 1,5 millóns de hectáreas teñen árbores (case a metade da superficie total galega), unha porcentaxe moi superior á do conxunto do territorio español (un 36%) que ocupa o 4º lugar en Europa.

Consciente desta implicación da árbore na historia, na economía e na calidade ambiental da nosa terra, o Goberno galego decidiu no seu día crear na capital do país un referente desa riqueza natural, iniciando unha gran plantación de especies autóctonas na aba do Monte Gaiás, intimamente ligada física e conceptualmente coa Cidade da Cultura de Galicia. Un lugar que recibiu o nome de Bosque de Galicia.

O Bosque de Galicia vén a cumprir unha importante función ecolóxica, ao incidir sobre flora e fauna no contorno, na conservación de solos e na regulación do ciclo hidrolóxico da cabeceira do Sar. As súas 24 hectáreas, onde están plantadas máis de 6.000 árbores, equivalen a 3 veces a superficie da Alameda de Santiago, ás que se lle suman outras 2,2 hectáreas dunha parcela municipal que o Concello de Santiago acordou ceder no pasado mandato, nas proximidades do Multiusos Fontes de Sar, para unha completa actuación de limpeza, roza e plantación de carballos, castiñeiros, bidueiros, acivros, abeleiras, érbedos, teixos ou faias, entre outras especies autóctonas.

Os labores de roza e limpeza comezaron en setembro de 2014, uns días despois da súa presentación e desde entón os cidadáns puideron participar na plantación das novas árbores a través dun programa que permitía tamén percorrer e coñecer a zona.

Co Bosque de Galicia, Santiago vai incrementar o seu patrimonio natural, cuns ratios entre os mellores de España e Europa, achegándonos aos 27 m² de zonas verdes por habitante, situándonos arredor das 4 árbores por habitante.

Esta iniciativa ambiental da Xunta de Galicia, na que colabora a Fundación Juana de Vega, a empresa pública SEAGA e o propio Concello de Santiago, supón tamén a creación dunha rede de camiños, para facilitar a accesibilidade ao monte Gaiás, abrindo a zona para actividades deportivas e de lecer en íntimo contacto coa natureza.

O esforzo e o resultado desta iniciativa –que en moi pouco tempo estará aberta ao público– podería reforzarse cunha serie de medidas que permitiran difundir e achegar este gran patrimonio natural a toda a veciñanza do Concello e a todas aquelas persoas que nos visitan. Por este motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular presente á consideración da Corporación o seguinte

ACORDO

Ante o inminente remate e posta a disposición do público do Bosque de Galicia na aba do monte Gaiás, o Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Concello a que elabore e leve a cabo coa maior dilixencia posible un conxunto de medidas (como melloras no transporte público urbano, sinalización de itinerarios de acceso peonil ou unha app para acceder e divulgar este espazo) que permitan facilitar o acceso á Cidade da Cultura de Galicia e ao seu contorno, reforzando o atractivo e a utilidade deste singular enclave ambiental e cultural.”

Alcalde: Pasamos á seguinte proposición do grupo municipal do Partido Popular.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Boas tardes.

Traemos ao pleno unha iniciativa para a mellora de información e acceso ao Monte Gaiás da Cidade da Cultura, ante o inminente remate e posta a disposición do público por parte da Xunta de Galicia do Bosque de Galicia, pero tamén, ante a evidencia de que a cidade da cultura, é unha parte imprescindible e importante, e absolutamente vinculada á cidade de Santiago de Compostela.

Propoñemos ao concello a posta en marcha dun plan integral que contemple actuacións en diferentes ámbitos, no cultural, no tecnolóxico, e tamén no da mobilidade.

En primeiro lugar, incrementar as conexións por transporte público dende o centro urbano á Cidade da Cultura, cremos que actualmente a situación que temos, que é soamente cunha liña diaria coa Cidade da Cultura, que opera de luns a venres, e os sábados pola mañá cada hora a liña 9. Por outra parte a liña C11 circular de Fontiñas,

opera só nalgunha frecuencia os sábados, domingos e festivos, pois esa oferta de transporte público, creemos que non é suficiente, tendo en conta o volume de persoas e de axente que acode e que traballa tamén na Cidade da Cultura.

Polo tanto, cremos que se podería aproveitar a nova definición de liñas de transporte público vinculada á nova contratación do servizo de transporte público, posto que o transporte público está prorrogado ata febreiro de 2017, para considerar a Cidade da Cultura como un núcleo de referencia na mobilidade urbana.

Paralelamente, tamén, se podería valorar novas posibilidades para establecer algunha parada de transporte discrecional que poidera mellorar a conexión coa Cidade da Cultura.

Tamén cremos que outra das actuacións que se podería desenvolver é a mellora da sinalización co anuncio de itinerarios de acceso peonil cara a Cidade da Cultura, neste caso, aproveitando especialmente as sendas que están a piques de ser entregadas para uso público por parte da Xunta de Galicia, as propias sendas que conforman o denominado bosque de Galicia, que van significar a creación dunha importante rede de camiños que facilitará a accesibilidade ao Monte Gaiás, e por outra abrirá esa zona da cidade para actividades deportivas, de lecer, e para que a xente poida estar en permanente contacto coa natureza.

Consideramos positivo e necesario, tamén, a posta en marcha dunha aplicación móbil que serva tamén, como unha visita guiada á instalación con información ao respecto da súas actividades, da súa contorna, que conteña tamén a axenda de ocio de cultura da Cidade da Cultura. Unha aplicación pensada para mellorar a experiencia dos visitantes, para incrementar a información e que evidentemente debería de ser en colaboración coa Cidade da Cultura e coa Xunta de Galicia.

A iniciativa trata en definitiva de incidir nunha necesaria potenciación do bosque de Galicia e da Cidade da Cultura, partindo da convición de que non é un espazo máis da cidade, é un espazo singular, é un espazo que require unha posta en valor, e un coñecemento por parte dos veciños e tamén dos turistas.

En definitiva, o que pretendemos é aproveitar ese pulmón natural, ese pulmón cultural, esa zona deportiva, que vai significar a apertura do parque situado na ladeira do Monte Gaiás, vinte e seis hectáreas de zona verde, que van permitir incrementar substancialmente a oferta de zona verde da nosa cidade, e que vai estar conectada coas Brañas de Sar, a través desa senda que foi posta en servizo fai uns días polo propio alcalde e a corporación, aproveitando ese obradoiro feito nos pasados meses, en definitiva que vai permitir mellorar a accesibilidade da Cidade da Cultura co resto da cidade.

En definitiva, pretendemos que os cidadáns, os veciños e os visitantes aproveiten o espazo de natureza que vai conformar ese bosque de Galicia, e tamén, polo tanto, incrementar e aumentar o número de visitantes anuais que acoden á Cidade da Cultura.

Temos que lembrar que no pasado ano 2015, pasaron pola Cidade da Cultura aproximadamente 480 mil visitantes, que ese número de visitantes foron un 45% máis que os rexistrados no primeiro ano de funcionamento, ano 2011, e por iso e tendo en conta o momento que estamos a vivir, esa apertura do bosque de Galicia, facemos a proposta seguinte ao Pleno do Concello:

Que ante o inminente remate e posta a disposición do público do Bosque de Galicia na ladeira do monte Gaiás, o Pleno Municipal inste ao correspondente órgano do Concello a que elabore e leve a cabo coa maior dilixencia posible un conxunto de medidas, que permitan facilitar o acceso á Cidade da Cultura de Galicia e ao seu contorno, reforzando o atractivo e a utilidade deste singular enclave ambiental e cultural.

Alcalde: Gracias Agustín Hernández, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Si moitas grazas señor alcalde.

Eu simplemente, porque de todos e todas é coñecida a posición do Bloque Nacionalista Galego ao respecto da Cidade da Cultura, e tamén, trouxemos ao pleno non fai demasiados meses, a nosa posición contraria a formulación de plantación do denominado bosque de Galicia, pero con independencia diso, cremos que todo o que sexa mellorar os accesos peonís e a sinalética de cara a poder dotarse duns accesos máis accesibles, e favorecer o transporte de persoas a pé e por camiños transitables e no mellor estado posible, pois sempre vai contar co noso apoio e, polo que vamos votar favorablemente esta proposición.

Alcalde: Gracias Rubén, señor Gonzalo.

Don Gonzalo Muños Sánchez: Boas tardes alcalde, compañeiras e compañeiros de corporación.

A postura do grupo municipal Socialista vai ser favorable á proposta do Partido Popular, aínda que nos gustaría facer unha serie de consideracións ao respecto.

Resúltanos paradóxico esa moda agora pola Cidade da Cultura por parte do Partido Popular, é unha mágoa que nestes derradeiros catro anos, pois non se fixera un esforzo para a mellora do transporte público nese aumento de frecuencias de acceso á Cidade, e o mesmo pasa coa sinalética da mesma dende distintos puntos da cidade.

Logo se a Xunta de Galicia destinou eses trescentos mil euros á plantación de distintas árbores, máis de seis mil árbores, e paréceme que foron outros trescentos mil pois a iluminación das sendas peonís, non tería estado de máis, que ao mellor unha pequena partida fose destinada á sinalización dos distintos itinerarios ao bosque, e polo bosque de Galicia.

Respecto ao bosque, aí supoño que todos estamos de acordo, de momento moito bosque non hai, supoño que o haberá, pero de momento moito bosque non hai, pero ata que medren os que hai actualmente, coidamos que temos tempo dabondo a que realmente vexamos un auténtico de bosque de Galicia.

De todos os xeitos, todo o que sexa, pois divulgar, potenciar, mellorar eses accesos pois vai ser bo para a nosa cidade, e de aí, pois o noso voto favorable.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Gracias Gonzalo, Marta Lois.

Dona Marta Lois González: Si moitas grazas.

Dende o goberno municipal temos unha disposición activa a colaborar coa Cidade da Cultura, co obxectivo de promoci^onalala como un dos principais atractivos da cidade, e baixo esta premisa, existe nos últimos meses, tamén, unha relación fluída entre turismo de Santiago e a Cidade da Cultura, cun intercambio de información, de ideas, e de proxectos.

Esta relación, por exemplo, permitiu que para a Semana Santa se asínase por primeira vez un convenio de colaboración específico para que o persoal da Cidade da Cultura puidese ter presenza propia na oficina de información de turismo de Santiago, na rúa do Vilar, co obxectivo de promocionar, tanto a propia Cidade da Cultura en xeral como o que foi a exposición “con fío en Galicia”, en particular.

Esta relación fluída, tamén permitiu que o pasado 5 de abril, o persoal técnico de turismo de Santiago, puidese visitar os futuros roteiros peonís do bosque de Galicia, acompañados por técnicos e técnicas da Cidade da Cultura, esta visita permitiu que este persoal técnico de turismo de Santiago, coñécese de primeira man, ese futuro que coincido tamén co compañeiro do grupo do Partido Socialista, futuro bosque de Galicia, a día de hoxe, poderíamos aínda chamarlle futuro bosque de bonsais de Galicia, e intercambiar ideas e experiencias con persoal da Cidade da Cultura.

Tamén estamos traballando conxuntamente, como dicía, entre turismo de Santiago e a Cidade da Cultura na definición e posterior promoción dun roteiro dende o casco histórico ata a Cidade da Cultura, pasando por diferentes recursos turísticos da cidade, e subindo polas rutas peonís deste bosque de Galicia.

Por outra banda, a respecto a outras solicitudes que se incorporan na proposición, respecto ao tema vinculado ás melloras no transporte público urbano, nestes momentos estamos a caracterizar as liñas de autobuses e as súas posibles modificacións para melloralas, incluíndo, tamén precisamente a liña que leva á Cidade da Cultura.

Respecto a solicitude da sinalización de itinerarios de acceso peonil, tamén dicir que estamos abertos a colaborar coa Cidade da Cultura, pero para iso tamén precisaríamos que nos achegasen unhas demandas concretas e específicas deses itinerarios, e desas sinalética para o acceso peonil.

Bueno, tendo en conta, todo isto, e a colaboración da que falabamos antes, ímonos abster na medida de que xa estamos a colaborar coa Cidade da Cultura.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 10 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano do concello a que elabore e leve a cabo coa maior dilixencia posible un conxunto de medidas (como melloras no transporte público urbano, sinalización de itinerarios de acceso peonil ou unha app para acceder e divulgar este espazo) que permitan facilitar o acceso á Cidade da Cultura de Galicia e ao seu contorno, reforzando o atractivo e a utilidade deste singular enclave ambiental e cultural.

16. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, EN RELACIÓN A OBRAS A LEVAR A CABO NOS BARRIOS AMIO-SAN LÁZARO.

A proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con data 21 de abril de 2016, núm. 18647, ten o seguinte contido:

“O barrio de Amio-San Lázaro experimentou nos últimos anos un destacado crecemento; crecemento que non vai parexo cos investimentos realizados pola Administración Local. Dende hai anos, a veciñanza desta zona da cidade, que conta cun número importante de poboación moza, leva reclamando unha serie de actuacións básicas e necesarias, como urbanizacións de rúas, construción de beirarrúas e mesmo unhas pistas polideportivas nas que poder xogar ao aire libre.

Ademais, non podemos esquecer que o barrio acolle un bo número de edificios administrativos e de institucións, como é o caso de Consellerías da Xunta de Galicia, o Sergas, o Igape, os campos de fútbol de San Lázaro e do Sergas, os sindicatos ou o Palacio de Congresos, o que supón que ao longo do día son moitas as persoas que transitan polas súas rúas.

Este grupo municipal é consciente das limitacións orzamentarias do Concello, pero tamén de que existen actuacións que deben ser prioritarias, ademais das propias de mantemento que teñen que executarse periodicamente para manter en bo estado os espazos públicos. Así mesmo, existen axudas e subvencións doutras administracións, como é o caso da Deputación, que poden ser solicitadas para, como é o caso de Amio, poder desenvolver iniciativas que con fondos propios serían máis dificultosas ou inasumibles.

En definitiva, resulta necesario que o Goberno Local elabore un plan de actuacións para Amio-San Lázaro, no que se reflexen as necesidades do barrio e compromisos concretos, con datas e partidas, para levalo a cabo.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte **proposición** de resolución:

1º.- Que o goberno local leve a cabo a construción da beirarrúa de Amio, no enlace entre o campo da festa e a vía de acceso ao polígono de Costa Vella. Esta actuación, demandada dende 2011, resulta de especial importancia e urxencia dada a perigosidade que se xenera pola cantidade de xente que transita pola vía e o inxente tráfico que rexistra.

2º.- Que o goberno local promova a urbanización da rúa Cubelo, entre a praza da Muíña e Penamaría. Os terreos para esta actuación xa están a disposición do Concello, polo que sería urxente redactar o proxecto de urbanización.

3º.- Que o Concello execute urxentemente a reparación do muro de contención da ponte sobre o río do Porto do Medio, danado dende principios de febreiro.

4º.- Que o goberno municipal arranxe a ponte de San Lázaro.

5º.- Que se proceda ao regulamento do tráfico na rúa A Muíña, que malia estar limitada a 30 Km/h, non se está a cumprir. Resulta de especial importancia facelo, por exemplo a través dunha bandas, porque na rúa están ubicadas unha escola e un parque infantil.

6º.- Que o goberno local impulse a construción dunhas pistas polideportivas nun barrio que non conta con instalacións deportivas ao aire libre.

Alcalde: Proposición do grupo municipal PSdeG-PSOE, se fai defensa Gonzalo.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boas tardes de novo.

O barrio de Amio-San Lázaro experimentou nos últimos anos un destacado crecemento. Crecemento que ultimamente non vai parello cos investimentos realizados pola Administración Local. Dende hai anos, a veciñanza desta zona da cidade, que conta cun número importante de poboación moza, leva reclamando unha serie de actuacións básicas e, consideramos que necesarias, como urbanizacións de rúas, construción de beirarrúas e mesmo unhas pistas polideportivas nas que poder xogar ao aire libre.

Ademais, non podemos esquecer que o barrio acolle un bo número de edificios administrativos e de institucións, como é o caso de Consellerías da Xunta de Galicia, o Sergas, o Igape, os campos de fútbol de San Lázaro e do Sergas, os sindicatos ou o Palacio de Congressos, o que supón que ao longo do día son moitas as persoas que transitan polas súas rúas.

Con formato: Justificado

Este grupo municipal é consciente das limitacións orzamentarias do Concello, pero tamén de que existen actuacións que deben ser prioritarias, ademais das propias de mantemento que teñen que executarse periodicamente para manter en bo estado os espazos públicos.

Así mesmo, existen axudas e subvencións doutras administracións, como é o caso da Deputación, que poden ser solicitadas para, como é o caso de Amio, poder desenvolver iniciativas que con fondos propios serían máis dificultosas ou inasumibles.

Con formato: Justificado

En definitiva, resulta necesario que o Goberno Local elabore un plan de actuacións para Amio-San Lázaro, no que se reflectan as necesidades do barrio e compromisos concretos, con datas e partidas, para levalo a cabo.

Eliminado: exe

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte proposición de resolución:

Eliminado: é polo que

Con formato: Fuente: Sin Negrita

1º.- Que o goberno local leve a cabo a construción da beirarrúa de Amio, no enlace entre o campo da festa e a vía de acceso ao polígono de Costa Vella.

Eliminado: c

Esta actuación, demandada xa dende 2011, resulta de especial importancia e urxencia dada a perigosidade que se xenera pola cantidade de xente que transita pola vía e o inxente tráfico e a velocidade a que circulan os vehículos.

Eliminado:

Eliminado: r

Eliminado: que rexistra.

2º.- Que o goberno local promova a urbanización da rúa Cubelo, entre a praza da Muíña e Penamaría. Os terreos para esta actuación xa están a disposición do Concello, polo que sería importante redactar este proxecto de urbanización.

Con formato: Justificado

Eliminado: urxente

Eliminado: o

3º.- Que o Concello execute urxentemente a reparación do muro de contención da ponte sobre o río do Porto do Medio, danado dende principios de febreiro.

Eliminado: i

4º.- Que o goberno municipal arranxe a ponte de San Lázaro.

5º.- Que se proceda ao regulamento do tráfico na rúa A Muíña, que malia estar limitada a 30 Qm/h, non se está a cumprir. Resulta de especial importancia facelo, por exemplo a través dunha bandas, porque nesta rúa están ubicadas escolas e un parque infantil.

Eliminado: Km

Eliminado: a

Eliminado: unha

Eliminado: c

6º.- Que o goberno local impulse a construción dunhas pistas polideportivas nun barrio que actualmente non conta con instalacións deportivas ao aire libre.

Alcalde: Gracias Gonzalo, señor Rubén Cela.

Con formato: Fuente: Negrita

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Con formato: Fuente: Negrita

Moi brevemente, imos votar favorablemente esta proposición do Partido Socialista, basicamente, porque o groso do que plantexa pois é o mesmo que o noso grupo trouxo xa a debate ao pleno do mes de marzo, a respecto da substitución da rede de subministro de auga na súa totalidade, a dotación de beirarrúas na rúa de Amio e arranxo, tamén, do muro de contención sobre o río Porto.

Daquela por parte do grupo de goberno, pois se recoñecía que certamente era necesario ese tipo de actuacións no barrio de San Lázaro, e polo tanto, parécennos positivas reafirmar esas propostas e as novas que acaba de comentar o compañeiro do Partido Socialista, polo que imos votar favorablemente.

Alcalde: Señor Agustín Hernández.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Estamos de acordo en que os barrios de Amio e San Lázaro precisan de novas actuacións, melloras que complementen as realizadas nas urbanizacións, especialmente impulsadas pola Xunta de Galicia, nos últimos anos.

Con formato: Justificado

Como moi ben recolle a iniciativa socialista o crecemento dos últimos anos desta zona ten moito que ver con actuacións desenvolvidas polo goberno galego, co seu propio orzamento, e en colaboración con outras administracións, edificios administrativos,

sedes de organismos públicos, instalacións deportivas, o campo de fútbol, e tamén culturais, Pazo de Congresos, MUPEGA, etc.

Mención especial merece a actuación desenvolvida en Amio, con labores de urbanización e accesos vinculados á execución do parque empresarial da Sionlla, comezando en 2009, que como saben, tivo un investimento total de oitenta millóns de euros, e que tivo tamén actuacións, por exemplo, na rúa Amio nesa senda peonil, que por certo, era a que se refería o señor concelleiro respecto desa zona onde existe un perigo para os peóns, pero tamén é certo que hai un Hórreo, un zona dun cano, pois unha problemática que non é fácil, pero obviamente cremos que é importante solventar.

Tamén me gustaría lembrar que durante os anos 2012 e 2013 se realizaron algunhas actuacións por parte da administración local por importe duns cen mil euros, con actuacións puntuais, e evidente que son necesarias máis actuacións, e evidente que son necesarias máis actuacións, é evidente que é necesario actuar na zona da Muíña para completar esa urbanización que amosa problemas, como consecuencia do estoupido da burbulla inmobiliaria.

E, polo tanto, nos imos apoiar esta proposición, porque estamos de acordo en que lamentablemente e como noutras zonas desta cidade, é necesario seguir mellorando tamén a zona de Amio e a zona de San Lázaro.

Alcalde: Rafa a súa quenda.

Con formato: Fuente: 12 pt, Negrita

Don Rafael Peña Vidal: Bueno boa tarde a todos e a todas, compañeiros e compañeiras de corporación.

Con formato: Fuente: 12 pt, Negrita

A nosa posición de voto vai ser de abstención, estamos maioritariamente de acordo co que se está a poñer encima da mesa, basicamente é a relación de peticións que ten a Asociación de Veciños, e ata ven na mesma orde.

Con respecto a isto, hai unha serie de actuacións, que xa o señor Agustín avanzou, que teñen unha serie de dificultades de execución, nin tan sequera é unha cuestión, sobre todo o que ten que ver co tramo da rúa Muíña, que é un tramo que agora mesmo, si é certo, que necesitaría unha urbanización, pero hai aí uns problemas técnicos, e iso fai que leve anos parada, non é unha cuestión de que a pararemos nos.

Con respecto ao resto de actuacións, pois na medida en que vaiamos tendo dispoñibilidade orzamentaria e poidamos ir avanzando nas urbanizacións dos barrios, pois teremos en conta, practicamente, todo o que ven aquí.

Hai un par delas que executaremos en breve, como é a reparación da ponte, que non se fixo ata o de agora, porque estabamos a espera de que baixará o caudal do río, pero farase nunhas semanas.

Alcalde: Algo que engadir?

Con formato: Fuente: 12 pt, Negrita

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: A verdade é que en relación con esta proposición e coa anterior, ao fío do plantexado ao principio deste pleno, gustárame coñecer, cal é o nivel de compromiso, e cal é o resultado deste debate tan intenso.

Con formato: Fuente: 12 pt, Negrita

Alcalde: Eu tiña previsto facer esa aclaración.

Con formato: Fuente: 12 pt, Negrita

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Estou no uso da segunda quenda.

Con formato: Fuente: 12 pt, Negrita

Gustárame saber cal é o resultado desta votación, a vista de que o grupo de goberno que ten a obriga de gobernar, de decidir, e de levar os temas a Xunta de Goberno, abstívose, a Corporación aproba tanto a primeira como a segunda proposición, e polo tanto, gustárame saber o significado, e para que serve todo este debate, e o resultado final se vai ter algún traslado e o alcalde vai pasar olímpicamente do decidido democraticamente por esta Corporación.

Alcalde: Voulle contestar señor Agustín Hernández.

Con formato: Fuente: 12 pt, Negrita

A min non me importa intentar explicarlle o que é a cuestión competencial das administracións locais, outra cousa, é que vostede xogue a facer política demagoxicamente.

Se vostedes entenderán que aquí hai unha serie de competencias de pleno, que tamén poden vencellar o que é a execución de obras públicas a través de documento orzamentario, pois no momento do debate orzamentario terían priorizado unhas obras sobre outras, e iso é competencia do pleno.

Aprobar sistematicamente mocións de melloras en barrios sen consignación orzamentaria que é competencia plenaria, expresa vontade, pero evidentemente a nos non nos vencella dentro das competencias, nos podemos, xa nos gustaría a nos, a min o que pasa é que me parece un xogo perigoso, e eu prefiro, incluso, marcar posicións de abstención, para que logo non digan que non temos unha conexión coa Cidade da Cultura, ou para que logo digan, non é que non executaron esas obras, home, todos sabemos como se executan as obras, ten que ter consignación orzamentaria, ten que haber proxecto, e ten que estar nos propios orzamentos municipais, ou nos plans, por exemplo, que estas obras poidan ir incluídas noutro plan porque así o acordou a corporación, si, que poden ter remanentes e se poidan incorporar, si, agora que de

obrigado cumprimento un posicionamento, que eu respecto no simbólico de necesidades para execución do que son competencias de grupo de goberno, eu non me sinto vencellado a ese nivel, porque entre outras cousas, se cada pleno aprobamos actuacións millonarias, ou actuacións de centos de miles de euros, aquí simbolicamente a petición, eu tamén podo pedir, todas as semanas vou a Asociacións de Veciños onde nos entregan dossieres con necesidades de obras, moitas delas dende o ano 2009 e 2010, hai unha mesa que cubriría con dossieres de necesidades de obras en todos os barrios para adoptar aquí acordos, e a min gustárame facelos todos, todos, e se queren traemos todos os dossieres, e dicimos debatemos aquí e imos facelo todo, pero estaríamos xogando, a min paréceme xerar falsas expectativas, e a unha cuestión que entra no competencial, claro que si, e eu así o expreso, ou sexa acabamos de ter os debates orzamentarios, marcar as obras, facer engádegas ou substitucións, e vimos a pleno e dicimos hai que facer tal obra, tal obra, tal obra, estou de acordo totalmente co señor Gonzalo Muíños, hai que facelas, pero síntome de obrigado cumprimento, pois na medida das posibilidades, entendo que é unha cuestión de execución do goberno, e tamén que a corporación está vencellada nas cuestións competencias, como son os propios orzamentos, ou determinados plans supramunicipais que poidan debaterse aquí, ou busca de fondos europeos.

Dou esta explicación que ademais o estaba pensando, xusto antes no debate, son posicionamentos que expresan a vontade política dos grupos, agora que me obriguen competencialmente, non, eu entendo que non, porque senón entramos nunha cuestión que nos volvemos ao inicio da lexislatura, é vostede un ditador porque non deixa debater aquelas cousas que non son competencia de pleno, e claro, non era caprichoso, o señor secretario informara desas cuestións, porque evidentemente, buscamos unha fórmula intermedia, debatamos de todo, instemos dentro das competencias de cada quen, e entendámolo como unha posición democrática que ademais serve este pleno para debater, agora que iso sexa de obrigado cumprimento, os orzamentos son de obrigado cumprimento e determinados acordos son de obrigado cumprimento.

Traer mocións para facer obras en tal, en cal, en tal ao pleno, de obrigado cumprimento, vostede ten a resposta, se quere xogar a este tipo de política a min paréceme moi ben.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 10 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda:

1º.- Que o goberno local leve a cabo a construción da beirarrúa de Amio, no enlace entre o campo da festa e a vía de acceso ao polígono de Costa Vella. Esta actuación, demandada dende 2011, resulta de especial importancia e urxencia dada a perigosidade

que se xenera pola cantidade de xente que transita pola vía e o inxente tráfico que rexistra.

2º.- Que o goberno local promova a urbanización da rúa Cubelo, entre a praza da Muíña e Penamaría. Os terreos para esta actuación xa están a disposición do Concello, polo que sería urxente redactar o proxecto de urbanización.

3º.- Que o Concello execute urxentemente a reparación do muro de contención da ponte sobre o río do Porto do Medio, danado dende principios de febreiro.

4º.- Que o goberno municipal arranxe a ponte de San Lázaro.

5º.- Que se proceda ao regulamento do tráfico na rúa A Muíña, que malia estar limitada a 30 Km/h, non se está a cumprir. Resulta de especial importancia facelo, por exemplo a través dunha bandas, porque na rúa están ubicadas unha escola e un parque infantil.

6º.- Que o goberno local impulse a construción dunhas pistas polideportivas nun barrio que non conta con instalacións deportivas ao aire libre.

17. DESIGNACIÓN DUN/UNHA CONCELEIRO/A NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DA COMARCA DE COMPOSTELA.

A proposta do Sr. Alcalde de data 28 de abril de 2016, con respecto ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“1.- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu capítulo II, artigo 135, establece que os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos ou actividades da súa competencia.

2.- Con data 24 de abril de 2002 publícanse no DOG (num. 79), Resolución do 11 de abril de 2002, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos estatutos da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Compostela.

3.- Segundo o recollido no artigo 1º “*Denominación*” dos mencionados estatutos, os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, acordan constituír unha entidade local supramunicipal Baixo a denominación de Mancomunidad de Municipios da Comarca de Compostela. Dita mancomunidad conta con plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e terá como fins a execución de obras e prestación parcial ou integral de servizos e actividades do seu interese e competencia, xa sexa como consecuencia da posta en común das

competencias dos municipios asociados ou ben aquelas que lle sexan delegadas ou encomendadas por outras administracións.

4.- O seu artigo 7 regula os órganos de goberno, que son o Pleno da Mancomunidad, a Presidencia, dous Vicepresidentes e o Consello de goberno.

5.- Respecto do Pleno da Mancomunidad, o artigo 8 dos seus estatutos recolle que estará formado polos alcaldes dos respectivos concellos mancomunados e inclúese ademais, polo Concello de Santiago de Compostela que formará parte del, con voz e sen voto, un concelleiro designado polo Pleno .

Á vista do disposto nos estatutos da Mancomunidad e tendo en conta a conveniencia de que a representación do Concello de Santiago no plenario reflecta e traslade do xeito máis fiel posible a composición política da Corporación, os portavoces dos grupos municipais do BNG, PSdeG, PPdeG e C.A., acordan:

1.- Que o concelleiro/a designado polo Pleno de Santiago como representante con voz e sen voto no plenario da Mancomunidad, sexa con carácter rotatorio, un concelleiro/a de cada un dos Grupos Municipais que integran a oposición municipal. O período de permanencia do referido concelleiro/a no posto será dun ano comezando polo Grupo con maior número de concelleiros/as en sentido descendente. No caso de que dous Grupos da oposición teñan o mesmo número de concelleiros/as, a prioridade marcarase polo número de votos acadado nas eleccións municipais.

2.- Con carácter previo á celebración de cada unha das reunións do plenario, convocarase unha Xunta de Portavoces para analizar os asuntos a tratar na referida reunión.”

Alcalde: A proposta que se trae a debate deste pleno, despois de ter varias xuntanzas na Xunta de Portavoces, é a seguinte:

Que o concelleiro/a designado polo Pleno de Santiago como representante con voz e sen voto no plenario da Mancomunidad, sexa con carácter rotatorio, un concelleiro/a de cada un dos Grupos Municipais que integran a oposición municipal. O período de permanencia do referido concelleiro/a no posto será dun ano comezando polo Grupo con maior número de concelleiros/as en sentido descendente. No caso de que dous Grupos da oposición teñan o mesmo número de concelleiros/as, a prioridade marcarase polo número de votos acadado nas eleccións municipais.

Con carácter previo á celebración de cada unha das reunións do plenario, convocarase unha Xunta de Portavoces para analizar os asuntos a tratar na referida reunión.

Don Rubén Cela Díaz: Nada que engadir, tal e como falamos na xunta de portavoces, creo que o acordo recolle o espírito do que se plantexou, de intentar, que os grupos da oposición estean presentes nese ámbito, que sexa rotativo, e sobre de todo, o máis importante para o noso grupo que antes da reunións haxa polo menos unha reunión da xunta de portavoces, onde se poidan por en comúns os temas que se van a tratar, en aras de poder fixar unha posición de consenso e de conxunto por parte do Concello de Santiago.

Polo tanto imos votar favorablemente.

Alcalde: Señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Nos imos votar favorablemente, porque estamos de acordo co acordo que se trae, e tamén coa satisfacción que temos que expresar, de que a Mancomunidade se recupere, e polo tanto, que ten xogar o que nos sempre dixemos que tiña que xogar que era un papel moi importante para toda a comarca e dende logo, tamén, para Santiago de Compostela.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Tal e como avanzamos na xunta de portavoces estamos de acordo coa decisión, posto que foi froito dunha iniciativa dos grupos da oposición.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1.- Que o concelleiro/a designado como representante con voz e sen voto no plenario da Mancomunidade, sexa con carácter rotatorio, un concelleiro/a de cada un dos Grupos Municipais que integran a oposición municipal. O período de permanencia do referido concelleiro/a no posto será dun ano comenzando polo Grupo con maior número de concelleiros/as en sentido descendente. No caso de que dous Grupos da oposición teñan o mesmo número de concelleiros/as, a prioridade marcarase polo número de votos acadado nas eleccións municipais.

2.- Con carácter previo á celebración de cada unha das reunións do plenario, convocarase unha Xunta de Portavoces para analizar os asuntos a tratar na referida reunión.

18. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DE COMPARECENCIA DO ALCALDE.

O grupo municipal do BNG, presenta solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde, que ten por obxecto coñecer a folla de ruta dos servizos públicos externalizados, que tivo entrada no Rexistro de Secretaría o día 20 de abril de 2016, co núm. 128.

Alcalde: Hai que sometelo a votación, a posición do grupo de goberno é de aceptar as solicitudes de comparecencia no seguinte pleno.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación acepta por unanimidade dos/as concelleiros/as dos grupos municipais (10 CA, 9 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), a comparecencia para o vindeiro pleno ordinario.

Don Rubén Cela Díaz: É unha intervención para aclaración, nos faciamos a petición dirixida ao alcalde, porque entendíamos que era interdisciplinar e interdepartamental a petición de comparecencia que facíamos, pero non temos ningún problema se quere dar conta cada un dos concelleiros do ramo.

Nós o que pedimos en aras de algo do que falabamos neste pleno en puntos anteriores, en aras da transparencia e de poder facer nos mellor a nosa labor de fiscalización, ter unha idea, pois o máis realista posible e de conxunto da folla de ruta que ten o goberno municipal a respecto dos servizos que actualmente están externalizados e que van cumprindo ou se van aproximando as datas de remate desas concesións administrativas, e polo tanto saber que tipo de servizos, pois están en disposición de renovar, de non renovar, de modificación de pregos e en qué condicións, ou de intentar outro tipo de procesos de remunicipalización ou outro tipo de alternativas, e polo tanto, válenos unha comparecencia do alcalde, ou nos vale unha comparecencia coral dos diferentes concelleiros e concelleiras implicados en cada caso.

Alcalde: Gracias Rubén. Reitero que por parte do goberno non hai ningún problema na comparecencia sexa miña ou sexa coral dos/as diferentes concelleiros/as no vindeiro pleno ordinario.

19. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE.

O grupo municipal do Partido Popular, presenta solicitude de comparecencia do Sr. Concelleiro de espazos cidadáns e dereito á vivenda, para coñecer as cuestións relativas ao expediente da obra de reurbanización da rúa de Carretas, que tivo entrada no Rexistro de Secretaría o día 20 de abril de 2016, co núm. 131.

Sometido á votación, é aceptada polo Pleno por unanimidade dos/as concelleiros/as dos grupos municipais (10 CA, 9 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), dita comparecencia para o vindeiro pleno ordinario.

20. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Dáse conta dos seguintes Autos:

- Auto do Tribunal Supremo de data 4 de febreiro de 2016, que inadmite o recurso de casación nº 1949/2015 interposto polo Concello contra unha sentenza do TSXG -de data 26 de marzo de 2015- ditada no PO 4350/2011, este último interposto por don José Anibal García Dono contra o acordo de aprobación definitiva do Plan especial de Brañas de Sar (PE-3R).
- Auto do TSXG, de data 30 de marzo de 2016, confirmatorio doutro anterior, denegatorio da medida de suspensión cautelar derivada do PO 4176/2015, interposto pola Asociación de Propietarios dos SUD-16 e 17.
- Auto do TSXG de data 18 de febreiro de 2016, que declara inexecutable a sentenza ditada no PO 4409/2005, relativa ao PERI-12 (Colexio Manuel Peleteiro).
- Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 25 de novembro de 2015, mediante o cal se declara a caducidade do procedemento ordinario 4190/2015, interposto por don Manuel Ramos Costa e outra contra a aprobación definitiva do Plan parcial do SUD-17 (Monte do Gozo-Aríns).

21. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas:

Do 26 de febreiro ao 12 de abril de 2016 (núms. 1080 ao 2195).

Así mesmo, dáse conta, das seguintes actas das sesións da Xunta de Goberno:

- Acta sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2016 (Núm. 15).
- Acta sesión extraordinaria urxente do día 7 de marzo de 2016 (Núm. 16).
- Acta sesión extraordinaria do día 10 de marzo de 2016 (Núm. 17).
- 0Acta sesión extraordinaria urxente do día 10 de marzo de 2016 (Núm. 18).
- Acta sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2016 (Núm. 19).
- Acta sesión extraordinaria urxente do día 15 de marzo de 2016 (Núm. 20).
- Acta sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2016 (Núm. 21).
- Acta sesión extraordinaria do día 22 de marzo de 2016 (Núm. 22).
- Acta sesión extraordinaria urxente do día 22 de marzo de 2016 (Núm. 23).

Acta sesión extraordinaria do día 28 de marzo de 2016 (Núm. 24).
Acta sesión ordinaria do día 1 de abril de 2016 (Núm. 25).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 7 de abril de 2016 (Núm. 26).
Acta sesión ordinaria do día 8 de abril de 2016 (Núm. 27).

22. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 13 de abril de 2016, núm. 117.
- 2.- Rexistro de entrada do día 20 de abril de 2016, núm. 127.
- 3.- Rexistro de entrada do día 20 de abril de 2016, núm. 129.

PREGUNTA (Resposta por escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 25 de abril de 2016, núm. 138.

ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 15 de abril de 2016, núm. 123.
- 2.- Rexistro de entrada do día 15 de abril de 2016, núm. 124.

PREGUNTAS (Resposta por oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2016, núm. 114.
- 2.- Rexistro de entrada do día 12 de abril de 2016, núm. 115.
- 3.- Rexistro de entrada do día 13 de abril de 2016, núm. 116.
- 4.- Rexistro de entrada do día 15 de abril de 2016, núm. 122.

PREGUNTAS (Resposta por escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 22 de marzo de 2016, núm. 108.
- 2.- Rexistro de entrada do día 29 de marzo de 2016, núm. 109.
- 3.- Rexistro de entrada do día 4 de abril de 2016, núm. 110.
- 4.- Rexistro de entrada do día 5 de abril de 2016, núm. 112.
- 5.- Rexistro de entrada do día 14 de abril de 2016, núm. 119.

ROGOS DO PSdeG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2016, núm. 133.

2.- Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2016, núm. 134.

Alcalde: O primeiro dos rogos que teño que figura por orde de rexistro de entrada, é un rogo do BNG, sobre a mellora da seguridade viaria.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Do que trata neste caso o rogo é de conseguir mellorar a seguranza viaria nalgúns lugares da cidade, sobre todo de maneira especial, nalgúns en que hai pasos de peóns que nalgúns casos están mal sinalizados, non teñen iluminación suficiente e mesmo, noutros casos, son insuficientes.

Facemos referencia aí a dúas zonas en concreto, unha no Polígono das Fontiñas onde hai varios pasos peonís dos que nos fixeron chegar queixas de diferentes persoas da veciñanza, onde están sen pintura, mal iluminados, algún, ademais, esta situado en zonas próximas a centros escolares, e hai pouca visibilidade, o que esta situado na rúa París, moi próximos aos colectores de residuos.

Tamén na Avda. de Lugo, hai claramente, e ademais é algo comprobado, persoalmente, insuficiencia de pasos nalgúns zonas, o que fai, que hai moitísima veciñanza que atrevese polo medio entre varios pasos de peóns.

Hai falta de iluminación, tamén, na parada de bus fronte ao multiusos de Sar, e fai falta tamén instalar pois sinais, e pasos peonís elevados e sinais verticais horizontais na zona da rúa das Santas Mariñas.

Insistimos en que teñen que ser pasos peonís elevados, que deberíamos ir a ese modelo que estean a altura das beirarrúas para mellorar xustamente a mobilidade das persoas viandantes, en especial das persoas que teñen dificultades, que se moven en cadeira de rodas, as que levan carros de bebe ou carros da compra.

Hai moitos proxectos piloto con pasos de peóns diferentes, que poderían facer mesmo que se iluminasen cando se detecta que chegan persoas viandantes, non é necesario que vaíamos a ese modelo, máis si, polo menos a de pasos peonís elevados.

Tamén cabería lembrar aquí que hai algún paso de peóns que quedaron ocultos baixo o novo firme co plan de rebacheo, por exemplo en Diego Bernal, fronte ao centro sociocultural de Sar.

Este é o rogo que quería trasladar.

Alcalde: Moitas gracias Goretti, Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Ningún problema en aceptar o rogo. Só informar que polas últimas noticias que teño, en aproximadamente dez días imos ter o contrato de sinalética vertical e horizontal para alegría conxunta deste concello e poderemos empezar a solventar todas esas incidencias.

Grazas.

Alcalde: Non sabe o que me alegra escoitalo, señor Xan Duro.

O seguinte rogo é un rogo do Partido Popular, sobre unha placa informativa na Perona.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Para todas aquelas persoas que a mediados dos anos 40 eran nenos e nenas en Santiago, a visita coñecida como Evita Duarte, ou Evita Perón, deixou unha fonda pegada, e todos eles lamentan que a placa conmemorativa daquela visita, se perdesa, a vostede faille grazas, pero hai xente maior, xente de idade, pois que aquela visita máis alá da valoración política que se poida facer da señora Duarte, aquela visita deixou unha pegada, porque bueno eles percibían aquilo como unha visita benefactora, lamento que vostede non entenda os sentimentos da xente maior. E moita xente maior bota de menos esa placa, e por outra banda, hai que lembrar tamén que a propia concellaría de acción cultural, programou unha serie de visitas e de itinerarios culturais, que pasan precisamente por esa árbore que perdeu a placa.

Por outra parte falamos dunha árbore senlleira, e sería bo, dar algunha información sobre o valor natural da árbore, iniciativa que se pode estender a outras árbores.

Nada máis, grazas.

Alcalde: Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Atenderemos a petición do señor Brunete.

Alcalde: Paréceme acaída señor Brunete, de feito foi unha das preguntas que entraron no cuestionario da campaña electoral, que era a Perona?

Pasaríamos ao terceiro rogo do Partido Popular, que é o de dotar o aparcadoiro de Xoán XXIII dun cargador de baterías. Claudio Montiel que coido que quedou sen batería, é a súa quenda?

Don Claudio Montiel Carracedo: A empresa municipal TUSSA xestiona directamente, ademais do servizo de transporte na nosa cidade, varias instalacións

destinadas ao aparcamento público, entre elas, o aparcadoiro Xoán XXIII, situado na principal zona de acceso rodado ao núcleo histórico.

A pesar de ofrecer varios servizos complementarios á inxente cantidade de persoas, veciñas e visitantes, que ao longo do ano empregan as súas instalacións, polas informacións que dispoñemos non conta cun servizo que consideramos importante e necesario, e do que podería dispoñer cun custo moi asequible, xa que no mercado se poden atopar por menos dun centenar de euros.

Trátase dun cargador de baterías, un mecanismo de gran utilidade nunhas instalacións con capacidade para varios centenares de vehículos, onde resulta moi probable, de feito temos constancia de casos concretos, que algún deles precise axuda para a posta en marcha, como consecuencia da eventual descarga da súa batería, simplemente polo feito de deixar prendida algunha lámpada ou cuestión semellante.

Aínda que este é un servizo que poderían prestar as compañías aseguradoras dentro da súa modalidade da asistencia en viaxe, a facilidade do seu emprego, e inmediatez e o baixo custo da súa adquisición e mantemento, fan moi aconsellable a existencia deste servizo nestas instalacións, como xa se oferta noutros aparcadoiros de pagamento na nosa cidade e en moitos outros aparcamentos en España.

Tendo en conta o anterior, o grupo municipal Popular presenta o seguinte rogo:

Que o goberno local se dirixa á empresa municipal TUSSA para que proceda a dotar ao aparcadoiro público de Xoán XXIII-Catedral dun cargador de baterías, como servizo gratuíto para as persoas usuarias e que contemple a posibilidade de estender este servizo ás demais instalacións de aparcamento que xestiona no termo municipal.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Montiel.

Don Jorge Duarte Vázquez: Entendendo que se trata dun servizo engadido, que realmente é moi interesante para todos e todas os e as usuarios e usuarias, e tamén para os concelleiros, por iso teño a ben informarlles que a partir do vindeiro día 2 de maio, a instalación contará co devandito servizo.

De todas formas quería engadir algo máis, conviría lembrar aos membros da corporación, que a xestión deste estacionamento correrá a cargo da empresa municipal TUSSA que conta con suficientes órganos e canles de comunicación, para que a través do consello do cal sodes membros e participantes, poidades se o estimades oportuno, trasladar estas suxestións, sen ser necesario que veñan ao pleno.

Alcalde: Pasaríamos a un rogo do BNG, para realizar traballos de prevención de incendios.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Para a prevención de incendios forestais existen traballos como todos e todas saben, que se deben facer na primavera, algúns incluso no inverno, para contribuír a reducir o risco de lume na tempada estival, como a necesidade de rozar os terreos de titularidade municipal cubertos de maleza e darlle facilidades e indicacións á veciñanza sobre a responsabilidade de controlar a vexetación próxima as vivendas.

Santiago de Compostela require unha atención especial para evitar os lumes do verán, hai que ter en conta que está declarada zona de alto risco no plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza.

Así, faise imprescindible actuar con medidas de prevención nos montes de titularidade municipal e da Xunta de Galiza, como pode ser a aba do Pedroso ou a Selva Negra, zonas especialmente castigadas polos incendios forestais nos últimos anos.

Deixar de facer o traballo de prevención, na época propicia para iso, é dende o noso punto de vista, unha temeridade, tanto para o patrimonio natural e forestal como para os intereses económicos, ademais de por en perigo a seguridade das persoas que viven no ámbito rural.

Polo exposto, solicitamos, que se axilicen o máximo posible os procedementos para a realización destes traballos de prevención que lle corresponden ao concello, co fin de contribuír a reducir o risco de lume no verán e para darlle cumprimento á normativa vixente en materia de prevención e loita contra incendios forestais.

Alcalde: Gracias Rubén, Rafa.

Don Rafael Peña Vidal: Aceptamos a proposta que acaba de facer o Bloque Nacionalista Galego, e dicir que xa están os pregos feitos e están nese sitio onde tardan tanto en saír as cousas, pero unha vez estean listos, levaranse a Xunta de Goberno, xa fai dous meses que iniciamos eses trámites.

Mentres tanto, e como é unha obviedade, polos prazos administrativos, iso non estaría listo ata o verán, polo que sacaremos unha pequena partida para poder ir facendo fronte, sobre todo, á limpeza de fincas municipais.

Avanzando no tema do ámbito competencial, non temos capacidade de facer fronte ás labores de mantemento que necesitarían os montes do rural.

En materia de prevención de incendios, a verdade, creo que a día de hoxe, para o Concello de Santiago de Compostela o que sería máis acaído, sería que se instará á Xunta pois que desbloqueará as concentracións parcelarias das parroquias da zona de Figueiras, Vilvestro, etc., para que polo menos poidan habilitar as pistas forestais e poidan favorecerse as labores de extinción.

Con respecto ao convenio que pretende que asine a Xunta de Galicia co Concello de Santiago, que é totalmente desfavorable, pois trátase dunha magnífica achega de dezanove mil euros para un territorio tan grande como o noso e a executar en setembro.

Valoraremos se aceptaremos iso ou non, ou se utilizaríamos os recursos que teríamos para executar ese convenio, e utilizaríámolo e executariámolo nestes meses, nun mes cando iniciaremos as labores de desbroce.

Alcalde: Moitas gracias Rafael. Pasaríamos a un rogo do Partido Socialista en relación coa presenza de efectivos da policía local no mercado de Salgueiriños.

Dona M^a José Tobar Quintanar: Moitas grazas señor alcalde e boas tardes a todos e a todas.

O pasado día 24 de marzo, xoves Santo, podo dar fe, que o mercado de Salgueiriños estivo ategado de xente. Os coches dos visitantes ocuparon non só as prazas do aparcamento situado a carón, senón tamén as beiras das rúas lindeiras que teñen liña amarela continua, e outras zonas non habilitadas para aparcar.

Mesmo algúns vehículos estacionaron diante dalgúns garaxes das comunidades de veciños desa zona, deixando a metade do espazo previsto para a entrada e saída de coches. Malia esta situación, non percibimos, durante varias horas ao longo da mañá, que a Policía Local tivera intervención para reconducir ou sancionar ditos comportamentos.

Ademais, na explanada de Salgueiriños, soe aparecer con certa asiduidade, como mínimo semanalmente, lixo procedente do consumo de comida rápida dun local próximo, que os seus clientes, nomeadamente mozos e mozas, comen sen baixarse dos seus coches.

Ditos restos, tanto orgánicos como inorgánicos, quedan ás veces durante días tirados e espallados no chan nun recuncho en concreto, na explanada de Salgueiriños, sen

ninguén que os recolla, aínda que é certo que hai unha papeleira xusto ao lado, é o incivismo destes mozos, evidentemente.

Por todo isto, o rogo que facemos é o seguinte:

Que o goberno local coordine coa Policía Local a presenza dun número de efectivos suficientes os xoves no Mercado de Salgueiriños para vixiar que de xeito efectivo, se cumpren as normas de tráfico.

E en segundo lugar, que se garanta que as brigadas de limpeza revisen a explanada de Salgueiriños e as zonas axardinadas próximas non só as tardes dos xoves, senón ao longo da semana, despois da celebración do mercado.

Grazas.

Alcalde: Moitas gracias María, Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Ben todos os xoves hai no mercado de Salgueiriños por norma unha patrulla máis un oficial con reforzos puntuais, en función do que se necesite ou das incidencias que poida haber.

É curioso, pero a miña concellaría o único que chegaron foron queixas sobre o uso abusivo da grúa municipal no entorno de Salgueiriños o día do mercadillo, e debemos ter canles de información distintas.

E sobre o que é limpeza de Salgueiriños, sabe que é unha zona de limpeza que non é de varrido diario, agás os xoves, tamén as únicas queixas que recibimos sobre ese establecemento comercial que é o Macdonals que está na Praza de España, viñeron da parte das Cancelas, que tamén no mirador de arriba acumulan moito lixo, de feito temos un reforzo continuamente vixiando iso, trasladareille aos servizos de limpeza municipais as necesidades de Salgueiriños, pero manteremos o mesmo dispositivo policial que temos ata o de agora, porque non percibo que haxa necesidade de reforzar.

Alcalde: Gracias, Xan. Salteime sen querer un rogo do BNG, para que se mellore o servizo de transporte urbano, e se limpen, reparen e repoñan marquesiñas, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: O rogo ten dúas parte, por un lado, referíase á mellora do servizo de transporte urbano na liña 7, na que vai a Sar, Angrois e Aríns, e xa sabemos que dende onte a mañá esa cuestión ficou solucionada.

Aínda así, igual habería que pensar, nalgún momento se ese percorrido case circular, non no referido ás frecuencias que si que xa está solucionado, se é o máis acaído pola duración da viaxe.

De todas maneiras quérome centrar aquí na cuestión das marquesiñas, da necesidade de reparar, repoñer e limpar as marquesiñas.

Segundo os propios datos facilitados pola empresa Tussa, sobre limpeza, reparación das marquesiñas do rural dos 14.000 euros que aparecían nos orzamentos de 2015 só se executaron 3.000 euros, parece que iso un pouco que non eran necesarios, que non había que actuar sobre tantas marquesiñas, porque xa houbera unha limpeza integral con anterioridade, máis o certo, é que nos detectamos moitas marquesiñas no rural e nas proximidades do núcleo urbano en mal estado, outras sen uso, como a da Volta do Castro, que xa denunciámos no seu día, e ademais no pleno de decembro por unha iniciativa levada polo BNG aprobouse un programa municipal para a instalación e adecuación de marquesiñas.

O certo, é que de momento non se avanzou niso, e non só non se avanzou, senón que mesmo se retiraron algunhas, por exemplo no lugar de Quintáns na Parroquia de Carballal, na estrada que une o aeroporto con Sigüeiro retirouse os últimos días unha marquesiña que era empregada habitualmente pola rapazada que usa o transporte escolar.

Por iso, nós pensamos que é necesario limpar, reparar e repoñer marquesiñas que son absolutamente necesarias, e rogamos que se faga iso, na medida do posibel, pois o máis axiña.

Alcalde: Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Para nos e para a sociedade municipal TUSSA tamén é un tema importante a conservación das marquesiñas no rural, e de feito, a min sorprendeume que non se agotaran os fondos destinados, porque este ano foron dezasete as actuacións no que vai de ano, que cubriron todas as demandas que había, e todas as que se detectaron nas dúas inspeccións que se realizan anualmente.

Estas actuacións van dende a limpeza ata a reposición de cristais e das mesmas.

Na actualidade hai unha marquesiña pendente de reparación que é que está no lugar de Pardiñas.

Como dicía dende a sociedade municipal realízanse dúas inspeccións anuais no mes de maio-xuño e outra no mes de outubro-novembro.

A partir do coñecemento do dato de que o ano pasado non se utilizará todo o orzamento previsto para a mellora e mantemento das marquesiñas do rural, establecemos, pedíuselle a Tussa en concreto que fixera unha nova revisión das marquesiñas, para realmente, ampliar o control das mesmas, porque é bastante significativo que queden fondos e que haxa queixas, e esas queixas o triste é que non se canalicen a través de Tussa e poder dar a contestación a elas.

Alcalde: Moitas gracias Jorge. Pasaríamos logo a un rogo do Partido Socialista, para xestións ante o Ministerio de Fomento para arranxar a situación de perigosidade da estrada alternativa a Ponte Marzán, Gonzalo.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa tarde de novo.

O Ministerio de Fomento está levando a cabo na actualidade as obras de ampliación da AP-9 e, por esta razón, ven de pechar a Ponte Marzán, enlace habitual para moitos vehículos e peóns entre Aríns e a cidade.

Este peche, que se prolongará durante varios meses, non só supón unha serie de problemas, mesmo de seguridade, polas condicións na que se atopa a estrada alternativa á ponte pechada, senón que ademais afectaba, como ben dixo antes Goretti, pois ás frecuencias da liña 7 do autobús urbano. E iso por non falar de zonas desta parroquia que teñen quedado sen servizo público durante as fins de semana, malia contar con demanda veciñal.

Ademais, a estrada alternativa, moito máis longa que a ponte, está en mal estado e non conta con puntos de luz, nin con espazo propio para peóns, o que acarrea unha gran perigosidade.

Por outra banda, o proxecto que na actualidade está executando Fomento non contempla para a Ponte Marzán nin beirarrúa nin espazo ningún específico para o tránsito de peóns.

Por todo isto, é polo que o grupo municipal socialista, presentamos ao Pleno o seguinte rogo:

Que o Goberno Municipal realice as xestións oportunas ante o Ministerio de Fomento para arranxar urxentemente a situación de perigosidade da estrada alternativa á Ponte Marzán e para modificar o proxecto actualmente en execución, de modo que inclúa unha beirarrúa na Ponte Marzán, así como agora que xa está restablecida pois a frecuencia dos autobuses.

Don Rafael Peña Vidal: Dicar que xa se fixo esa xestión, que só por unha cuestión de cordialidade darémoslle un tempo razoable, para que poidan intentar facelo, e senón miraremos como facelo. Pero bueno, xa estivemos alí varias veces co director de obra, non só iso, senón no tramo dos Abetos, dicir que esta obra require un protocolo previo por parte do Concello que foi asinado antes que está xerando bastantes problemáticas esta obra, e que bueno como comentei, se a deixan ben e a finalizan ben, conseguiremos que o enfado que agora mesmo ten parte da veciñanza, que é moi razoable, pois quede mitigado.

Polo tanto, darémoslles como é lóxico un prazo razoable, para poder solventar esa problemática, e senón veremos o que facemos.

Alcalde: Gracias Rafa.

Agora as preguntas para resposta oral no pleno. Pregunta do Partido Popular sobre a postura do concello de non persoarse no recurso contencioso que afecta ao servizo de transporte entre Santiago e os Tilos.

Don Claudio Montiel Carracedo: Boas tardes de novo.

O actual alcalde de Santiago, señor Martiño Noriega, asinou con foto incluída o convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago, Concello de Teo, que blindaba o transporte público, entre Santiago e os Tilos, superando así, unha situación de precariedade xurídica na que este se atopaba.

Blindar este servizo, indudablemente é bo para Santiago, tanto en termos económicos como sociais e medio ambientais.

Resulta incomprensible que recorrido este convenio por unha empresa privada o concello se desentenda da súa defensa.

Persoarse en dito procedemento permite defender mellor ese convenio, e de non facelo poderíase pensar que o alcalde se está a subordinar aos intereses desta empresa recorrente.

Así, as cousas, fago a seguinte pregunta:

Reconsiderou o ten pensado reconsiderar o Alcalde a postura de non persoarse o concello no recurso contencioso administrativo promovido por unha empresa privada contra o convenio que garante o servizo público de transporte colectivo urbano entre Santiago e os Tilos?

Moitas grazas.

Alcalde: Vai contestar Jorge, pero Claudio por alusións eu creo que non ten lugar, un posicionamento nese sentido vencellalo a cuestión de favoritismo sobre unha concesionaria, eu non me sinto reflectido polo menos nin na alusión, pero bueno, Jorge.

Don Jorge Duarte Vázquez: Bueno o concello non reconsiderou esa postura, e de feito había motivos que estudados coa asesoría xurídica, para tomar esa decisión de non recorrer no seu momento.

O artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía atribúe á Xunta de Galicia a competencia exclusiva sobre o transporte público de viaxeiros.

No seu desenvolvemento aprobouse 6/96, de 6 de xullo, de coordinación dos servizos urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.

Nesta exposición prevese a coordinación desta problemática a través de plans comarcais ou metropolitanos.

Para solución dos problemas non é allea a cuestión das concesións, cuxa competencia por certo é da Xunta, e que a día de hoxe está por sentenza anulado o convenio polo que se prorrogaban as concesións.

Polo tanto, eu vou numerar os motivos que puxemos no seu momento enriba da mesa.

A través da Mancomunidade da Comarca de Compostela, tratouse dende máis de dez anos, de conseguir unha actuación coordinada, sendo infrutuosa esta xestión por parte da Xunta.

O Presidente do Goberno continuou colaborando nunha fórmula que baixo as indicacións da Xunta puidera solucionar a problemática dos usuarios residentes nos Tilos, aínda que como dicía, deberíamos ter ido a un plan metropolitano de transporte que tería resolto situacións como esta.

A Xunta, no seu momento, presentou un documento pechado para ser aceptado polos dous municipios afectados. O devandito documento, e seguindo as indicacións dos técnicos, tentamos facer algún cambio derivado sobre todo dun problema que tiña, que era o non recoñecemento das competencias exclusivas da Xunta, para evitar problemas se se plantexaran determinadas incidencias, é un servizo que ten que prestar a Xunta, e iso era o que se quería engadir no convenio.

As observacións foron rexeitadas pola Xunta, polo que o clausulado do documento converteuse virtualmente nunha adhesión, optándose para a súa aprobación, como mal menor, para evitar máis demora na solución dos problemas da cidadanía.

Aprobado o convenio presentáronse reclamacións por parte de transportistas concesionarias en vía administrativa, e as devanditas alegacións foron trasladadas á Xunta de Galicia, contra a súa desestimación e por parte da entidade mercantil Castromil interpúxose un recurso contencioso-administrativo contra a Xunta de Galicia, xa que é quen posúe as competencias nesta materia.

A cuestión controvertida radica esencialmente nos aspectos que sobre as concesións dos transportes, competencia da Xunta de Galicia, que por certo agora está anulada a prórroga.

Como dicíamos o pasado ano, en decembro do pasado ano, xa estaba sinalada para fallo a sentenza do Tribunal Supremo recaída o día 14 de marzo pasado, despois dun recurso da Comisión Nacional de Competencia e o Fallo do Tribunal foi a anulación da prórroga das concesións administrativas sobre o transporte que xa finalizaran facía máis de seis anos.

En decembro do ano pasado recíbese na Asesoría Xurídica o emprazamento como interesado pola Xunta de Galicia no recurso planteado pola entidade mercantil, de acordo co disposto no artigo 9, concédese un prazo de 9 días para que o concello se persone como codemandado se o estima oportuno, por en, dito prazo é só acelatorio, é dicir, poderíase persoar máis tarde, incluso neste momento, máis decidimos non facelo e por algúns motivos, despois de estudar a conveniencia, os motivos para non facelo, poderíamos resumilos en:

Punto primeiro, o asunto entendemos que debe estar perfectamente defendido polos letrados da Xunta que coñecen, perfectamente, a defensa das competencias da Xunta.

O convenio ten no fondo un contido de adhesión, sen que o concello participará máis alá do seu acatamento, amosando a súa boa vontade para a solución da problemática e dende a confianza lexítima de que a Xunta actuaba correctamente no exercicio das súas competencias, pero non incluía aquelas condicións que este concello poñía no convenio.

Digamos, que a cuestión complicase máis xuridicamente, unha vez que se anulaban as concesións outorgadas pola Xunta, e non temos coñecemento a día de hoxe, despois de intentalo en repetidas ocasións, a última hoxe na reunión sobre a comisión de seguimento metropolitano, cal é a opinión da Xunta sobre os expedientes de concesión.

E, por último, como calquera outro servizo, o de asesoramento xurídico, este Concello ten que pagalo, e entendemos que hai saber en qué gastamos os cartos e nas que non, e entendemos que a Xunta ten que ser suficientemente competente para defenderse nun tema como este.

Alcalde: Outra pregunta oral do Partido Popular sobre o pago das facturas á empresa Serunión a un prezo superior ao que a empresa viña facturando.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Como é sabido á Xunta Local de Goberno aprobou este mes un recoñecemento extraxudicial de crédito en favor da empresa Serunión, pola prestación sen contrato, do servizo de comedores escolares entre mediados de novembro e o 31 de xaneiro de 2016, e iso o fixo por un prezo unitario superior a nun 130% que viña facturando a empresa.

Tal recoñecemento extraxudicial foi aprobado malia a existencia dun reparo suspensivo no que a intervención advirte literalmente: “que se descoñecen as causas das diferenza entre o prezo do contrato menor e o prezo da prestación posterior”.

Isto é o goberno local fai un uso presumiblemente arbitrario dos fondos públicos para incrementar a facturación dunha empresa privada, sen explicar a sorprendente causa dese incremento.

Afirmou o alcalde ante os medios, que ese incremento, vai destinado a mellorar as condicións laborais dos traballadores e concretamente dunha media hora que reclamaban, está vostede seguro señor alcalde?

O certo é que esa explicación non figura no expediente.

O certo é que esa explicación mete ao señor alcalde nun berenxenal, porque se presentan os traballadores de Urbaser e piden unha mellora das condicións laborais e salariais, tamén vaise asumir directamente polo concello e non polo empresario.

En terceiro lugar, esa explicación non nos cadra, e non nos cadra, porque aínda sen ver o escandallo de custos, dubidamos que media hora de incremento, supoña semellante incremento na factura.

En segundo lugar, porque nunhas declaracións públicas o autor intelectual deste turbio expediente de contratación, afirmou que na nómina de xaneiro todos os traballadores cobrarían a media hora que reclamaban, pero o certo, é que estas facturas incrementadas, non se limitan a nómina de xaneiro, non se limitan ao mes de xaneiro, inclúen tamén mediados do mes de novembro e todo o mes de decembro.

En definitiva non vemos, a causa que xustificaría un uso adicional dos fondos públicos para incrementar a facturación dunha empresa privada.

En definitiva señor alcalde, preguntamos cómo se explica o pago á empresa Serunión dun prezo moi superior ao que viña facturando.

Alcalde: Grazas señor Brunete, señor Manolo Díos.

Don Manuel Díos Diz: Grazas señor alcalde, compañeiras e compañeiros boa tarde.

Señor Brunete moitas grazas pola súa pregunta, a verdade é a súa pregunta nos daría para unha reflexión para a diferenza entre os sofistas e os retóricos, pero me parece que nin a vostede nin a min, nos vai dar tempo de semellante discusión en tres minutos.

En primeiro lugar, e antes que nada, dicirle que os comedores escolares en Santiago de Compostela, funcionaron dende o primeiro día de curso hábil a estes efectos, con total e absoluta normalidade, seguen a facelo hoxe, e continuarán así ata finais do curso académico o vindeiro 22 de xuño.

En segundo termo, permítame lembrarlle que os pais e as nais en Santiago seguen a pagar exactamente o mesmo que pagaban no curso pasado, é dicir 2,93 euros, non houbo variación algunha.

Lémbrolle que a media e vostede o sabe, no conxunto do estado supera os 4,50 euros, dende o criterio prioritario de garantir o funcionamento do servizo de comedores e de madrugadores como un servizo esencial, educativo e de conciliación familiar e persoal, o goberno municipal asumiu as condicións expostas pola empresa Serunión, para asegurar en todo momento a continuidade do servizo, e que certamente variaron ao longo do actual curso académico, polas razóns que vostede coñece como parte que é da mesa de contratación.

Aínda que en ningún caso, por cantidades superiores nun 130% como afirma, como poderá comprobar nas facturas que vostede solicitou.

Durante todo curso estivemos e estamos en contacto, en diálogo permanente con toda a comunidade educativa dos centros escolares, coa Federación de Anpas, cos representantes dos monitores e monitoras, coas familias, e cos directores escolares, así como coa propia empresa, para asegurar o normal funcionamento do servizo e a súa continuidade.

Dende o 10 de setembro ata o 13 de novembro, data a que vostede se refire, o prezo estableceuse en 3,55 euros, IVE engadido, para o servizo de comedores, aínda que as

familias como dixeron seguiron a pagar os 2,93 euros establecidos; do 14 de novembro ata o 10 de febreiro, período mentres non se resolvía o procedemento de adxudicación, o prezo establecido foi de 4,54 euros, IVE engadido, que é o prezo máximo marcado no concurso do día 5 de agosto, mantendo para as familias como dixeron, os 2,93 euros

E por último, do 11 de febreiro ate finais de curso, o vindeiro 22 de xuño, co novo procedemento xa resolto, acordouse un prezo de 5,64 euros, IVE engadido, que inclúe todas as melloras de condicións establecidas nos pregos e que rexen este contrato, no que se refire a horarios, a ratios, a plantillas, etc.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Pasaríamos a unha nova pregunta, tamén do Partido Popular, sobre a construción da senda peonil entre a estrada C-543 e o lugar de Larañiño.

Dona M^a José Castro Carballal: Alcalde, compañeiras e compañeiros de corporación, boa tarde.

Na sesión plenaria do 9 de novembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo Partido Popular para a construción por parte da Xunta de Galicia dunha senda peonil para a mellora da seguridade viaria na estrada AC-543, Santiago-Noia, nos seus dous primeiros quilómetros.

Esta obra debería de ser complementada cun pequeno ramal duns 250 metros que partindo da propia estrada enlazara co lugar de Larañiño, a través da rúa da Xunlla, que serve de acceso á residencia de Aspas “Juan Vidán Torres”.

A Xunta de Galicia nos últimos meses deu os pasos decisivos para avanzar na execución do proxecto que lle corresponde.

En febreiro procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos terreos necesarios.

En marzo dábase a coñecer o anuncio da licitación das obras.

E, en abril, publicábase o inicio do proceso expropiatorio.

Estes traballos contan cunha previsión de preto de 600.000 euros, e un prazo de execución de seis meses.

Ante esta dilixencia mostrada pola administración autonómica, cabe supoñer que o Concello de Santiago tratará de acompañar a parte que lle corresponde no acordo plenario. Impulsando, polo tanto, a obra complementaria da súa competencia.

Unha obra que supón unha clara mellora da seguridade viaria, e como tal debería ser tramitada para evitar demoras, axilizar a súa execución e aproximar a posta en servizo en paralelo coa actuación que desenvolve a Xunta.

Por este motivo, este grupo municipal presenta a seguinte pregunta:

En qué situación se atopa o procedemento de contratación das obras de seguridade viaria para unha senda peonil entre a estrada AC-543 e o lugar de Larañiño, a través da rúa Xunlla?

Segundo, qué previsións manexa o concello para a súa execución e posta en servizo?

Moitas grazas.

Alcalde: Gracias Pepa, Rafael.

Don Rafael Peña Vidal: Para poder realizar este proxecto fai falta de ter unha serie de pasos previos, antes de xerar falsas expectativas.

Parabéns de que a Xunta vaia afrontar ese plan de sendas que acelere o proceso de expropiación, e agora veremos o tema da súa execución.

Existen dous proxectos con respecto a este tramo, encargados por vostedes a Gilberto Silva, que nos propios procesos de contratación dixeron que tiñan que ser executados nunha única peza, preguntado abaixo, pois non se procedeu ao proceso de cesión de terreos imprescindible para facer esa actuación, e que puideron facer vostedes fai moito meses, xa que foron vostedes quen encargaron este proxecto, ata que teñamos eses pasos dados, e xa así nos comprometemos coa veciñanza, e en principio non vamos atopar problemas para a cesión de terreos, e unha vez que xa temos encargado o proxecto, tal e como xa dixeran no pasado mes de novembro, incluíremolo como obra prioritaria para a parroquia de Laraño nas vindeiras convocatorias de plans de obras que se saquen, igual que xa dixeran no mes de novembro.

Alcalde: Grazas Rafael. Pregunta tamén oral do Partido Popular, sobre a concesión dos postos libres existentes na nave 5 da Praza de Abastos.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: A verdade é que gobernar en minoría ten un inconveniente “de que tes aceptar o que resulta da maioría”, obviamente se tes convicións democráticas e non autoritarias.

Vostedes, os señores de Compostela Aberta deben na miña opinión, negociar, consensuar e tamén gobernar, que obviamente é decidir, e dicir si ou non, non vivir na ambigüidade como fan vostedes de xeito habitual.

Esta pregunta que facemos hoxe, é a respecto da nave 5, vostedes no seu día aceptaron o debate a respecto da forma de tramitar o expediente da nave 5, se aceptaron o debate, loxicamente, se son demócratas deben de aceptar o resultado dese debate.

O Pleno é un órgano político, de representación política da veciñanza, o que aprobamos neste pleno, foi unha audiencia, unha audiencia do prego na información pública, como paso previo a súa aprobación.

Participación sinal de identidade de Compostela Aberta, non aprobamos a modificación do órgano que aproba ese prego.

Non aprobamos unha modificación das competencias, non significaba unha achega económica, simplemente vinculaba politicamente o cumprimento dun trámite que incrementaba a participación.

As formas, loxicamente, foron absolutamente impresentables, pero tamén señor alcalde, o fondo tamén é absolutamente impresentable, supoño que vostede coñecerá o informe da interventora, que precisamente reflicte a ausencia desa audiencia, precisamente, á cooperativa.

Esta pregunta foi formulada o día 15 de abril, loxicamente, hoxe xa sabemos o que fixeron vostedes ao respecto dese acordo, incumpriron o acordo, obviamente vostedes non respectan o que acordamos neste pleno, pasaron e leo textualmente o que recolle o seu programa do empoderamento do pleno, loxicamente se o alcalde autoriza e bendice esta cerimonia, nos non imos permitir, nin imos participar, imos seguir loitando para que se respecte a vontade da maioría, a vontade do pleno, e polo tanto, despois de anunciar o que anunciamos, a principios do pleno, imos retirar esta pregunta e imos abandonar este pleno.

Os/as concelleiros/as do grupo popular abandonan á sesión plenaria e xa non se volven incorporar á mesma.

Alcalde: Imos facer un descanso de dez minutos.

Alcalde: Retomamos o pleno e seguimos agora coas mocións presentadas polos grupos municipais, e unha declaración institucional que acordamos hoxe en xunta de portavoces.

Entendo como en cada pleno que a urxencia das presentadas queda aprobada.

Entendo que ao ausentarse os/as concelleiros/as do Partido Popular decae o pactado na Declaración Institucional que era a proposta deles.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as dos grupos municipais presentes, (CA, PSdeG-PSOE e BNG), acordan a seguinte Declaración institucional, que ven asinada polos catro voceiros dos grupos municipais:

23. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON MOTIVO DO FALECEMENTO DE JEANNINE WARCOLLIER, SECRETARIA XERAL DA SOCIEDADE FRANCESA DOS AMIGOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

“1.- O pasado 16 de abril de 2016 falecía aos 92 anos Jeannine Warcollier, quen foi durante máis de medio século a secretaria xeral da Sociedade Francesa dos Amigos de Santiago de Compostela, a primeira asociación de amigos do Camiño de Santiago creada no mundo en 1950 e na que ela ingresou en 1958.

2.- O seu labor entusiasta e infatigable a prol da difusión e promoción da nosa Cidade e da rota xacobeá, levouna a loitar a través deste colectivo por achegar o valor do Camiño no país veciño, actuando como defensora e guía de excepción para cantos ían na procura de información.

3.- O seu profundo coñecemento, que a tiña convertido nunha referencia do mundo xacobeo, fixo que participara en numerosos encontros e actos, sobre todo en Francia e España. Así, o pasado ano 2015, foi convidada a pronunciar a conferencia inaugural do Primeiro Encontro Mundial en Galicia de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, celebrado entre os días 4 e 6 de xuño en Compostela, en atención a súa traxectoria a favor da promoción do Camiño de Santiago.

Posteriormente, retornaría á nosa cidade para a celebración do “Jour de la France” en agosto pasado.

4.- O seu demostrado amor por Santiago e por Galicia fixo que fora distinguida polo Goberno galego no ano 1999 coa Medalla de Galicia na súa categoría de prata e trece anos despois, en 2012, recibiría unha Mención Especial do Premio Elías Valiña,

instituído para recoñecer os méritos daquelas persoas que, como o admirado crego do Cebreiro, traballan para manter e dinamizar o Primeiro Itinerario Cultural Europeo.

5.- Por todo o anterior, a Corporación do Concello de Santiago de Compostela en Pleno acorda manifestar o seu pesar polo falecemento de dona Jeannine Warcollier e recoñecer o seu gran labor a prol da promoción e difusión do Camiño e da Cidade de Santiago de Compostela, así como a súa contribución a fortalecer o coñecemento e expansión da tradición xacobeá e da cultura de Galicia no continente europeo e de forma especial entre os habitantes de Francia.

23. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

O grupo municipal do Partido Popular retira as mocións que tiña presentadas para esta sesión.

O texto das mocións presentadas polos grupos municipais de CA, PSdeG-PSOE e BNG, teñen o seguinte contido:

MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 13 de abril de 2016, núm. 118 para contratar a subministración eléctrica municipal con garantía 100% renovábel

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para contratar a subministración eléctrica municipal con garantía 100% renovábel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O modelo enerxético actual causa graves problemas, que se manifestan tanto a escala global como a nivel local. Aos coñecidos problemas medioambientais, como o quecemento global ou a contaminación atmosférica, únense problemas sociais e económicos cada vez máis urxentes, como son o preocupante incremento da poboación que carece dun acceso axeitado á enerxía, ou a falta de transparencia e información dos mercados enerxéticos.

O modelo enerxético debe transitar dende un modelo fundamentado no consumo desmesurado de recursos, baseado nos combustíbeis fósiles e a enerxía nuclear, cara a outro modelo cimentado no aforro, a eficiencia e as enerxías renovábeis. Por sorte, os avances tecnolóxicos en materia de enerxías renovábeis permiten hoxe en día afrontar

este cambio de modelo enerxético a prezos incluso inferiores aos que pagamos na actualidade.

As administracións municipais non deben permanecer alleas a esta situación e á necesidade dun cambio. Trátase das administracións públicas máis próximas á cidadanía, e por iso son as primeiras que deben xogar un papel exemplarizante e informativo. Por outro lado, todas as administracións públicas, en particular as municipais, son xestoras dun enorme patrimonio e teñen uns custos crecentes en materia de enerxía. Existe un gran potencial de xerar aforros importantes, que poden destinarse a usos máis axeitados. Deben utilizar os recursos á súa disposición para garantir, dentro do marco das súas competencias, unha transición ordenada cara a un modelo de produción e consumo enerxético que ofrezca maiores cotas de liberdade, transparencia e coidado medioambiental e social.

En Galiza existen cooperativas que xeran enerxía de xeito limpo e sostíbel facendo un uso ético e social da enerxía. Ademais, este modelo alternativo que propoñen é respectuoso co medio. Son as grandes eléctricas as que teñen os nosos ríos secuestrados cobrando de máis e cobrándonos por transportar a enerxía que se produce en Galiza a outras zonas do Estado español mentres aquí producimos máis enerxía eléctrica da que consumimos, pagámola máis cara e temos peor servizo.

A enerxía ten que verse como un servizo universal e non o actual modelo eléctrico que está estruturado como un oligopolio. Neste sentido, cremos que o Concello de Santiago debe estudar a fondo a posibilidade de cambiar as empresas subministradoras de enerxía para que poida contratar a electricidade a través dunha cooperativa eléctrica co fin de ir abandonando as grandes empresas.

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal do BNG, solicita a adopción do seguinte

ACORDO

Estudar a posibilidade de darse de alta como socio dunha cooperativa galega de enerxía verde e contratar a subministración eléctrica a través dunha cooperativa de enerxía verde galega.

2.- Rexistro de entrada do día 14 de abril de 2016, núm. 120, para dotar a cidade de contedores accesíbeis

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para dotar a cidade de contedores accesíbeis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago ten entre as súas competencias prestar o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos que na actualidade xestiona a través dunha concesión pública a empresa URBASER.

Hai unhas semanas prorrogouse esta concesión mais cómpre non deixar pasar o tempo sen que o Goberno municipal lle reclame á empresa melloras no servizo, que ademais están reflectidas no contrato, no referido aos contedores de residuos sólidos urbanos do tipo orgánico onde a veciñanza e usuarios e usuarias teñen a obriga de depositar as bolsas de residuos para que a empresa proceda á súa recollida, transporte e tratamento.

Os contedores de residuos sólidos son de dous tipos, carga superior, máis lixeiros, e os de carga lateral, estes últimos contando con dúas tapas superiores de gran tamaño e peso unha das cales, por regra xeral, é accionada para a súa apertura por medio dunha barra inferior que debe ser pisada polo usuario/a para poder depositar as bolsas de residuos. Situación similar, pero pola altura da boca de vertido, danse no resto de tipos de contedores como son os casos do vidro, papeis ou envases plásticos.

O mecanismo de pedal, deseñado para persoas adultas, supón un impedimento á hora de depositar as bolsas por parte da veciñanza con mobilidade reducida ou con escasa forza ou peso corporal, como pode ser o caso de persoas con baixa estatura ou idade avanzada, xa que os imposibilita para poder accionar a barra inferior, ademais de non poder pola altura do borde superior do contedor ao chegar a introducir as bolsas de residuos. Ademais na maioría deste tipo de contedores foi retirada a barra inferior nos últimos anos e segue sen repoñerse.

Cómpre tamén pór en funcionamento os contedores soterrados que permanecen pechados, deseñados para ser accesíbeis, o que facilitaría á cidadanía a recollida selectiva de residuos urbanos.

Esta situación está xerando non só un claro menoscabo á autonomía de moitos veciños e veciñas impedíndolles cumprir coas obrigas como cidadáns, senón que en moitos casos, imposibilitados así de poder abrir o contedor, deben deixar as bolsas ao pé deste cos conseguintes problemas de salubridade, hixiene e ornato público que isto ocasiona.

Por todo isto sométese a consideración do Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Que o equipo de goberno xunto coa empresa concesionaria e da man das asociacións que traballan pola accesibilidade, que son as que mellor coñecen a realidade dos diferentes colectivos e quen nos poden axudar a que as melloras que se introduzan sexan realmente eficaces, estuden a localización de contedores accesíbeis, ou ben a execución de obras complementarias nos existentes, que garantan a correcta accesibilidade a estes por parte das persoas con mobilidade reducida así como da maioría da veciñanza.

2. Que se proceda á incorporación de novos colectores e, cando menos, á reposición dos colectores de lixo que presentan un deficiente estado de conservación, un modelo inadecuado á tipoloxía dos residuos ou unha capacidade que non se corresponde coas necesidades da poboación onde se localizan, co obxectivo de mellorar a limpeza e a imaxe da cidade, ademais de evitar potenciais problemas de salubridade por falta de hixiene urbana.

3. Que se poñan en funcionamento os contedores soterrados que permanecen pechados.

3.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2016, nú. 125, sobre a limpeza e a recollida de lixo na cidade histórica.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á limpeza e recollida de lixo na Cidade Histórica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na zona histórica, especialmente na rúa do Franco e da Raíña mais tamén na rúa Nova e en Cardenal Payá, existe un incumprimento da normativa da recollida de lixo por parte dos establecementos de hostalería. En concreto, deposítanse as bolsas fóra dos colectores, o que supón un risco de saúde laboral para os traballadores deste servizo, xa que conteñen vidros e outros obxectos punzantes.

Cómpre ter en conta que esta modalidade non está permitida na Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, que establece no seu artigo 18.2 que queda expresamente prohibido depositar bolsas ou residuos soltos fóra do colector ou da vía pública. Deste xeito, debe ser o Goberno local quen vele polo seu cumprimento.

Outro dos problemas é que non se cumpren os horarios e, así, é frecuente pasear por estas rúas e ver amoreadas caixas con botellas e bolsas de lixo con restos de comida ao pé dos establecementos hostaleiros, o que afea a imaxe dunha cidade Patrimonio da Humanidade.

Ademais, isto demostra que non se opta pola reciclaxe de vidro e cartón e, tendo en conta que o Concello de Santiago paga por tonelada recollida, ao consentir esta mala práctica encárase de xeito innecesario o servizo, ao tempo que non se favorece a sustentabilidade.

Cómpren alternativas para a recollida de lixo que sexan beneficiosas para o persoal que presta o servizo de limpeza, para as arcas municipais e para o medio ambiente, o que repercutirá na mellora da imaxe e hixiene da Cidade Histórica.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela velará para que se realice un correcto uso dos colectores de lixo da Cidade Histórica e para evitar que se depositen bolsas e caixas con botellas fóra dos mesmos.

4.- Rexistro de entrada do día 20 de abril de 2016, núm. 126, para tratar a mudanza do nome do Auditorio de Galicia

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para que se trate a mudanza do nome do Auditorio de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Auditorio de Galicia foi inaugurado o 20 de outubro de 1989 coa vontade de consolidar a oferta cultural da capital do País. É o espazo por excelencia para a recepción das manifestacións culturais que xera a cidade e o punto de referencia obrigada para a cultura musical e artística de Galiza.

Trátase dun feito único no País que o auditorio dunha cidade non se defina polo nome desta, senón pola do País, Galicia, o nome da nosa nación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, facéndose eco dunha iniciativa cidadá para que o Auditorio de Galicia pase a chamarse Auditorio Nacional de Galicia, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Que se convoque unha Xunta de portavoces para tratar a mudanza do nome do Auditorio de Galicia.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PSdeG-PSOE:

1.- Rexistro de entrada do día 26 de abril de 2016, núm. 141, sobre a Lei do Solo de Galicia (que substitúe a presentada con data 22 de abril núm. 137).

De acordo co previsto na disposición transitoria primeira, punto 4, da vixente Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, “4. *Nos municipios sen planeamento xeral unicamente se poderá edificar nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado...* “; polo que se darían situacións tan paradoxais como que en concellos marcadamente rurais, non se podería construír ningunha edificación dedicada a uso agrogandeiro, nin tampouco ningunha vivenda fóra do solo urbano consolidado, categoría de solo que non é precisamente a máis significativa nos municipios aos que nos estamos a referir.

Dada esta inseguridade é necesario proceder a unha modificación puntual da Lei do solo, na súa disposición transitoria primeira punto 4, no sentido de que sigan a ser de aplicación as normas subsidiarias provinciais, en tanto non estea aprobado o Plan básico autonómico, e ao mesmo tempo, circunscribir a prohibición de edificación ao solo urbano non consolidado, e non ao conxunto do municipio.

Por outra banda, coa entrada en vigor, o día 1 de xaneiro de 2003, da Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia, quedaron en situación de fóra de ordenación miles de instalacións agrícolas-gandeiras, preexistentes nos núcleos rurais en Galicia.

Ante a gravidade da situación creada, despois dun acordo entre as organizacións agrarias e a propia consellaría, incorporouse unha disposición transitoria, a número 11, á Louga, na que se garantía que as instalacións destinadas á actividade agropecuaria existentes con anterioridade á Lei 9/2002, e situadas en núcleos rurais, ou en solo rústico poderían manter a súa actividade. Contemplábase tamén, que estas construcións podían acometer obras de conservación e reforma, así como ampliacións que non superasen o 50 % do volume orixinal.

Esta disposición transitoria permitiu dar unha solución acaída e preservar a actividade de miles de pequenas explotacións no territorio de Galicia, e mesmo posibilitou a súa renovación, mellora e ampliación.

Sorprendentemente, na nova Lei 2/2016, do solo de Galicia, transcríbese a dita disposición transitoria pasando a ser agora a número catro, pero coa excepción de que desaparecen os núcleos rurais, polo tanto, os centos ou quizais miles de instalacións

agropecuarias preexistentes en núcleo rural volverían á situación de fóra de ordenación, excepto as determinacións que poida establecer o planeamento xeral do propio concello.

Tanto máis sorprendente canto que, por parte da Xunta de Galicia, acaba de se presentar o Plan de desenvolvemento rural, cun investimento previsto de 1.186 millóns de euros - 889 deles aportados pola Unión Europea- e que entre outras cousas prevé a modernización de máis de 4.000 explotacións agrogandeiras, evidentemente todas ou practicamente todas as existentes en núcleos rurais quedarían excluídas por imposibilidade legal, de non se modificar esta lei.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que promova no Parlamento de Galicia a modificación da vixente Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nos seguintes termos:

“Artigo único. Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

A Lei 2 /2016, do 10 de febreiro modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra a) do punto 4, da disposición transitoria primeira que queda redactada como segue:

“a) **No solo urbano** unicamente se poderá edificar nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17 a) desta lei.”

Dous. Modifícase o punto 4 da disposición transitoria primeira ao que se lle engade unha nova letra b bis), co seguinte contido:

“b bis)) En tanto non entre en vigor o Plan básico autonómico, no non previsto nesta lei, será de aplicación o establecido nas norms subsidiarias provinciais.”

Tres. Modifícase o punto 1, da disposición transitoria cuarta. Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes, que queda redactado como segue:

“1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico, ou **en solo de núcleo rural** que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade”.

2.- Rexistro de entrada do día 25 de abril de 2016, núm. 19265, sobre a necesidade de integrar as liñas de transporte no rural en TUSSA

A finais do pasado mes de marzo dábase a coñecer unha sentenza do Tribunal Superior anulando a prórroga por dez anos outorgada pola Xunta mediante resolución de febreiro de 2010 para o transporte por estradas.

Esta decisión xudicial que anula dita resolución afecta ao rural de Compostela, onde existen serios problemas de conexións, paradas e horarios. Esta queixa lexítima da veciñanza destas zonas do municipio tiña o problema para a súa resolución precisamente nesta licenza da Xunta, que agora queda en suspenso pola sentenza do Tribunal Supremo.

E, aproveitando esta circunstancia, o grupo socialista considera que é o momento para que o grupo de goberno municipal negocie coa Xunta de Galicia para que lle pase a titularidade destas liñas da zona rural ao Concello e, así, sexa Tussa a responsables das mesmas.

Para o Grupo Municipal Socialista, a única forma de resolver os problemas e necesidades específicas de transporte no rural é que sexa unha competencia do Concello e, ante esta sentenza, consideramos que se abre unha porta para poñer solución a estas queixas veciñais e, así, dar servizo axeitadamente a todo o municipio.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Que o Goberno local leve a cabo as negociacións pertinentes coa Xunta para que ésta outorgue ao Concello as competencias en materia de transporte público no rural e, así, ditas competencias sexan asumidas por Tussa, resolvéndose os moitos problemas existentes nalgunhas parroquias do termo municipal.

MOCIÓNS PRESENTADAS POR CA:

1.- Rexistro de entrada do día 25 de abril de 2016, núm. 139, en apoio ás peticións da plataforma de vítimas Alvia 04155.

María Rozas Pérez, Concelleira de Economía e Facenda, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de xullo de 2013, ás 20:41, o tren Alvia 04155 procedente de Madrid e con destino a Ferrol descarrilou na curva de A Grandeira da parroquia de Angrois, causando a morte de 81 persoas e ferindo a outras 140.

A Asociación Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 foi constituída despois do accidente para reivindicar a verdade e a xustiza, esixindo todo tipo de responsabilidades, incluso políticas, polos feitos que rodean esta traxedia. O cumprimento destes obxectivos melloraría a seguridade, tanto nos transportes como na acción da Administración, e evitaría que nun futuro se repetiran feitos similares.

Desde a súa constitución, a plataforma denunciou o maltrato e o esquecemento por parte das institucións públicas e dos seus responsables, que condenaron ao olvido o accidente sen indagar nas causas que o orixinaron, e máis en concreto as institucións galegas, que teñen unha especial débeda con estas vítimas. Porque se ben é certo que os veciños de Angrois, de Compostela, e de toda Galicia souberon estar á altura naquela data, non sucedeu o mesmo coas institucións.

Á marxe das investigacións xudiciais e das responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar todo tipo de responsabilidades administrativas e políticas. Tamén denunciaron a falta de independencia da Comisión de Accidentes Ferroviarios, pese ás obrigas da normativa europea.

As vítimas do accidente do Alvia levan anos esixindo que se dean explicacións pola falta de seguridade da parte do trazado na cal se produciu o sinistro, e que se asuman responsabilidades por parte dos responsables. Para lograr isto, están a presentar mocións, resolucións e exhortos, nas que se inspira esta mesma iniciativa. Pouco a pouco, esta presión comeza a dar tímidos froitos. A proposta de Comisión de Investigación Parlamentaria, bloqueada en ocasións anteriores, será finalmente debatida na Sesión do Congreso dos Deputados do 28 de abril de 2016.

A Plataforma de Vítimas Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das institucións ante a traxedia ferroviaria máis grave de toda a democracia española. Con esta moción non se pode reparar o dano que estas persoas sufriron, non se fai xustiza nin se esclarece a verdade do sucedido, pero cando menos se comeza a recoñecer e a dar dignidade ao sufrimento das vítimas. O Concello de Santiago de Compostela débelle, cando menos, esta satisfacción ás vítimas e a todas as persoas que altruistamente as socorreron naquel día que debeu ser o da festa grande da nosa cidade, e que se converteu na nosa peor traxedia.

Os antecedentes descritos recomendan a redacción da presente moción e a aprobación dos seguintes Acordos por parte do Pleno municipal:

ACORDOS:

1.- A Corporación Municipal de Santiago de Compostela celebrará audiencia para coñecer as demandas e reivindicacións da Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.

2.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a colaborar na difusión do documental Frankenstein 04155 a través da súa rede cultural.

3.- O Concello de Santiago, a través da Comisión de Credenciais, inclúa na relación de rueiro de Santiago unha rúa en recordo das vítimas deste accidente.

4.- O Pleno do Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu apoio á creación dunha Comisión de Investigación no Congreso dos Deputados, para determinar os erros de seguridade existentes na liña férrea que puideran causar o accidente, así como para establecer as posibles responsabilidades políticas.

5.- O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta á Goberno do Estado á creación dunha comisión de técnicos e expertos independentes que investiguen o ocorrido, e a que os resultados da súa investigación sexan feitos públicos.

6.- O Pleno do Concello de Santiago de Compostela solicita á Comisión Europea que faga público o informe que sobre este accidente elaborou a Axencia Ferroviaria Europea.

2.- Rexistro de entrada do día 25 de abril de 2016, núm. 140, para acordar unha declaración institucional en apoio á Comunidade Armenia en España sobre o recoñecemento oficial do Xenocidio Armenio con motivo do seu 101º aniversario (24 de abril de 2016).

Marta Lois González, Concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A convención das Nacións Unidas para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio, de 1948 recolle que o xenocidio xa sexa cometido en tempo de paz ou en tempo de guerra é un delito de dereito internacional que hai que previr e sancionar e entende que se trata de calquera acto dos taxados no seu artigo II, que son perpetrados

coa intención de destruír, total ou parcialmente, a un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso.

2.- A través da resolución de 18 de xuño de 1987, sobre unha solución política do problema armenio (reafirmada por resolucións de 28 de febreiro de 2002 e 1 de abril de 2004), o Parlamento Europeo recoñeceu os trágicos acontecementos que tiveron lugar entre 1915 e 1921 que afectaron á poboación armenia que residía no territorio do Imperio Otomano, e que constituíen de acordo coa Convención das Nacións Unidas un xenocidio, no que morreron 1.500.000 persoas e outras 2.000.000 delas tiveron que abandonar os seus fogares e espallarse por todo o mundo, formando a gran Diáspora Armenia.

3.- Foi o Xenocidio armenio, considerado o primeiro do século XX, o que Raphael Lemkin empregou como exemplo no 1951 para definir o termo “Xenocidio”.

4.- O Xenocidio armenio foi recoñecido oficialmente polas Nacións Unidas, o Parlamento Europeo, o Consello de Europa, o Parlamento do Mercosur, o Parlamento Latinoamericano, o Consello Mundial de Igrexas, a Asociación Internacional de Estudos sobre Xenocidio, o Tribunal Permanente dos Pobos, os máis grandes historiadores e un grande número de países entre os cales se atopan Francia, Italia, Chipre, Bélxica, Suíza, Países Baixos, Suecia, Polonia, Eslovaquia, Lituania, Rusia, Líbano, Siria, Arxentina, Chile, Uruguay, Bolivia, Venezuela, Canadá e o Vaticano.

5.- No ano 2015 novos países recoñeceron oficialmente o Xenocidio armenio. Trátase de Alemaña, Austria, Luxemburgo, República Checa, Bulgaria, Brasil e Paraguay.

6.- En España o Xenocidio armenio foi recoñecido oficialmente polos parlamentos de Aragón, Navarra, País Vasco, Cataluña e Islas Baleares, así como por varios concellos de outras comunidades de España.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta propón ao Pleno o seguinte:

ACORDO:

1.- O Pleno da Corporación, con motivo do seu 101º Aniversario (24 de abril de 2016), recoñece oficialmente o Xenocidio armenio a través dunha declaración institucional e súmase á lista de concellos de España que xa o fixeron, condenando deste xeito os crimes contra a humanidade, para que non se repitan nunca máis en ningunha parte do mundo, cara á representantes de ningunha nación, raza ou relixión.

2.- O Pleno da Corporación, acorda dar traslado do contido desta moción á Comunidade Armenia de España.

Alcalde: Pasaríamos logo a debater as mocións de urxencia. A primeira do BNG, para contratar a subministración eléctrica municipal con garantía 100% renovábel, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Do que se trata en plena coherencia con cuestións aprobadas aquí hoxe, de entrar na rede de cidades polo clima, e mesmo en coherencia con mocións aprobadas con anterioridade, en decembro pasado por exemplo, sobre os compromisos da corporación municipal en materia de cambio climático, que incluía tamén entre as propostas de resolución incorporar o criterio de enerxía renovábel nos pregos de contratación da enerxía eléctrica municipal.

Estou segura de que o grupo de goberno coincide na necesidade de transitar cara outro modelo enerxético, un modelo enerxético, pois cimentado no aforro, na eficiencia, nas enerxías renovábeis, e sabemos tamén que existen no país pois cooperativas que xeran enerxía de xeito limpo, de xeito sostíbel, que son ademais, e que fan un uso social da enerxía, e un modelo alternativo que compre como administración dar exemplo e apoiar, e é por iso que propomos dunha maneira clara e ademais nestes momentos que xa se iniciou o expediente de contratación da subministración de enerxía eléctrica, e o momento xusto de tomalo en serio, e estudar esa posibilidade de darse de alta como socios dunha cooperativa galega de enerxía verde, e contratar a subministración eléctrica dunha cooperativa dese tipo, como xa están facendo algúns concellos, concellos das proximidades como por exemplo o de Rianxo, e algo que ademais, non implica novas instalacións, nin enganches, senón que simplemente utilizando a rede eléctrica existente pode facerse, e podemos comezar a dar exemplo, tamén, e transitar cara a outro modelo.

Iso é o que solicitamos, e entendemos que debía ter a unanimidade neste caso das forzas políticas presentes.

Alcalde: Grazas Goretti, señor Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Nos imos votar a favor desta moción.

Temos que aclarar tres cousas:

A primeira delas é uniformizar, o que entendemos neste pleno, por enerxía limpa, quero dicir, todos estamos de acordo, que enerxía limpa van ser as enerxías renovables, a solar, a eólica, a biomasa, a minihidráulica, xeotérmica, pero a pregunta é, incluímos outras opcións como biogas procedente de residuos ou a enerxía obtida mediante a produción simultánea de enerxía-calor, ... si subsidiariamente, fago a pregunta porque por exemplo Greenpeace, eles o que plantexan é que estas últimas si pero subsidiariamente.

O segundo tema aclarar é que a única distribuidora de enerxía eléctrica que temos en España, é a Rede Eléctrica Española, que é a que ten toda a rede distribuída polas torres de alta tensión, ao longo de todo o territorio.

Claro o que si que acontece, é que un lle pode comprar a unha distribuidora neste caso, senón a unha comercializadora de enerxía lle podes comprobar enerxía verde, entón esta comercializadora comprará senon a produce, pois unha enerxía que estea certificada como verde, isto se vai incorporar obviamente a rede, é imposible saber, e iso tamén o temos que dicir, é se os electróns que estás consumindo son verdes ou non, porque claro, se verte toda a enerxía á mesma rede, tanto a limpa como a non limpa, polo tanto, pódese tentar de comprar a limpa, pero non sabes nunca se a que consumes é a limpa ou non, iso é imposible, alomenos neste momento.

No terceiro, a min paréceme acaído como se fai, precisamente, o acordo plenario, porque non estamos a falar simplemente dun cambio de provedor, senón de entrar a formar parte dunha empresa privada, unha cooperativa, pero unha empresa privada, e entón si que é necesario coñecer por parte dos servizos xurídicos como se desenvolve a cuestión, e por outra banda, no caso de que a enerxía pasemos a pagala máis cara, polo feito de ser verde, que pode ser ou non, necesitaremos tamén o informe, evidentemente, da intervención.

Nos votamos a favor, pero entendemos que estas cuestións, teñen que clarificarse.

Moitas grazas.

Don Xan Duro Fernández: Evidentemente, o noso grupo municipal ten como obxectivo chegar a consumir neste concello un 100% de enerxía renovábel.

De feito fai tres meses, senón lembro mal a data, sentámonos con “A nosa enerxía” a falar deste tema, no que se plantexaban as dúas situacións, evidentemente o concello como tal non pode ser socio dunha cooperativa, entendo que legalmente é imposible, e eles non tiñan claro, nese momento, canta enerxía podían garantir ao concello, entón o que decidimos foi sacar un prego de contratación a un ano, que está a piques de saír agora mesmo, onde se garante, se non lembro mal, un 30% de renovábeis que se esixe como mínimo, e deixar que a cooperativa fora traballando e medrando, e a partir do remate deste contrato, cando remate, empezar a explorar igual facelo por partes, ao mellor os centros socioculturais contratalos con ela, etc.

Hoxe en día, nin eles tecnicamente, nin o concello xuridicamente, podían garantir.

No caso do alcalde de Rianxo, entendo que se fixo el socio da cooperativa e cedeu un contrato, pero creo que neste concello non tería moita viabilidade económica, pero en xeral, evidentemente, é un obxectivo poder chegar a isto, dentro dunha, dúas ou cando fose, pero temos que ir cara isto, ou sexa que imos votar a favor tamén.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Agradezo o apoio e entendo que é lóxico ir dando pasos pouco a pouco, e de aí que se puxese tamén, estudar a posibilidade de, e contratar, pero os camiños, alégrome, de que estean iniciados, e que haxa, polo menos, unha porcentaxe coa que comezar a traballar.

Alcalde: Entendo secretario que por unanimidade.

Rematado o debate, da moción do BNG sobre contratación da subministración eléctrica con garantía 100% renovábel, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes (10 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda estudar a posibilidade de darse de alta como socio dunha cooperativa galega de enerxía verde e contratar a subministración eléctrica a través dunha cooperativa de enerxía verde galega.

Alcalde: Pasaríamos a seguinte moción do BNG, para dotar á cidade de contedores accesíbeis.

Auséntase a concelleira Noa Morales Sánchez.

Don Rubén Cela Díaz: Moi boa noite outra vez.

Esta moción do Bloque Nacionalista Galego ten que ver co que poderíamos denominar cousas miúdas, pero cousas miúdas, que dende o noso punto de vista tamén fan cidade.

Unha cidade a nosa que sempre se caracterizou pola limpeza das súas prazas, das súas rúas, e por amosar unha faciana, neste momento desgraciadamente de baixo nivel, e non a propia dunha cidade acolledora e dunha cidade que é patrimonio da humanidade.

O BNG xa trouxo a este pleno en varias ocasións nos últimos anos en formato de rogos, de preguntas, de mocións, relacionadas cos contedores de lixo, a última en febreiro do ano pasado, máis nin co anterior goberno, nin co actual, pois conseguimos que se mellorara substancialmente a situación.

Precisamente, na última iniciativa en febreiro de 2015, advertíamos da necesidade de dotar de suficientes colectores, e da necesidade de reparación ou substitución dos existentes, hoxe podemos reiterar o mesmo.

Chama a atención, o aumento de contedores de lixo que non dispoñen de pedal auxiliar, un elemento, dende o noso punto de vista, moi importante para poder introducir as bolsas de lixo orgánico e o resto, cando a persoa depositante non ten unha estatura elevada, ou ten calquera tipo de problema de mobilidade.

Non é posíbel, ademais, sen ese mecanismo, pois realizar simultaneamente a elevación da tapa e a introdución da bolsa, esta situación esta a xerar non só un menoscabo a autonomía de moitos veciños e veciñas, impedíndolles cumprir coas súas obrigas como cidadáns e cidadás, senón que en moitos casos, imposibilita poder abrir o contedor, e polo tanto se deixan as bolsas ao pe destes cos conseguintes problemas de salubridade, hixiene e ornato público que isto ocasiona.

Cómpre tamén, por en funcionamento os contedores soterrados que actualmente permanecen pechados, e que están deseñados, precisamente, para ser accesíbeis o que facilitaría á cidadanía a recollida selectiva.

A instalación dos mesmos é bastante custosa, non ten ningún sentido, que este tipo de colectores pois segan durante máis tempo fora de servizo.

Por último, entendemos que aqueles lugares onde non sexa posible instalar contedores soterrados, pois é necesario instalar contedores adaptados.

Hai contedores con carga lateral para persoas que están en cadeira de rodas, persoas de estatura reducida e persoas con mobilidade reducida.

Nos aquí o que plantexamos, tamén, é que puidera haber algún tipo de colaboración directa entre o concello e entidades do ámbito social que traballan, sobre todo, no ámbito da discapacidade e da mobilidade, para poder facer unha selección, e unha serie de probas piloto en diferentes puntos da cidade, cos novos formatos de contedores máis accesíbeis para todos e todas.

Alcalde: Grazas Rubén.

Dona Milagros Castro Sánchez: Boa tarde outra vez a todas e a todos.

Efectivamente moitos dos contedores de residuos sólidos da nosa cidade están na vía pública en superficie de xeito permanente, por iso requiren un coidado periódico, que nos creemos que neste momento non se está a cumprir, tendo en conta o estado no que se atopan moitos deles.

Suponse, ademais, que estes contedores no seu momento foron deseñados pensando na efectividade do seu uso, pero o certo é que efectivamente, como di o compañeiro do

Bloque Nacionalista Galego, son de dificultosa utilización para diferentes colectivos da nosa veciñanza, tales como as persoas de idade avanzada, ou persoas con diversidade funcional.

Deste xeito, veciños e veciñas, que se moven en cadeira de rodas, ou que sofren algunha discapacidade en pernas ou pes, vense imposibilitados de accionar o sistema de apertura premendo a barra inferior que teñen estes contedores.

Ademais as persoas en cadeira de rodas atópanse coa dificultade engadida de contedor, porque non poden chegar a altura da boca de entrada, isto fai que moitas veces, pola imposibilidade de manipular o sistema de apertura, non teñen máis remedio que deixar os residuos na vía pública.

Polo tanto, nos cremos, que a nosa obriga é adoptar medidas positivas para reducir estas desvantaxes estruturais e dar un trato apropiados ás veciñas e aos veciños que teñen estas dificultades.

Por todo iso, o grupo municipal socialista vai estar de acordo para que se introduzan as melloras que sexan necesarias para que se adapten á realidade dos diferentes colectivos da nosa veciñanza.

E do mesmo xeito, tamén, poderemos dicir que estaremos de acordo con esa posta en funcionamento dos contedores soterrados que permanecen pechados, porque, se ben é certo, que este tipo de contedores presentan o inconveniente do custe tanto para a súa implantación, como para o seu mantemento, xa que o funcionamento de elevación ao ser mecánico require dunha continua revisión para garantir o seu adecuado estado de uso, tampouco, é menos certo que as vantaxes que ofrecen son moitas, estamos a falar de boca de entrada de residuos esta a unha altura accesible para todos e todas, estou a falar tamén, que as tapas son livianas e, polo tanto, poden ser manipuladas sen esforzo, teñen, por suposto, un menor impacto estético que xeran os residuos na rúa, e como non, hai unha redución de cheiros importantes que saen á superficie.

Por todo o exposto, o grupo municipal socialista vai apoiar esta moción.

Alcalde: Moitas grazas Mila, Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Ben ao respecto dos dous primeiros puntos de acordo non teño que dicir, parécenme correctos. O terceiro tamén me parece correcto, pero quería aclarar un par de cousiñas.

Este concello previo a nosa presenza acordara as obras de contedores soterrados as últimas que se fixeron en zonas de nova urbanización, fíxose a obra, pero non se

instalaron os mecanismos, porque non había vivendas dabondo e sufrirían un desgaste innecesario, quedando a empresa que fixo obras, de acordo en instalalos no momento que o concello lles requirirá. Agora mesmo estamos a atopar problemas, para que a empresa que é “Formato Verde”, instale eses mecanismos que faltan que están valorados nun total de 175.000 euros, para poñelos todos en marcha, xa é o segundo que requirimento que mandamos, e chegará o momento que teremos que ver que outro tipo de medidas adoptamos.

E si que só hai dous contedores, unha na rúa Olvido e outro en Victoria Queen que son de mecanismos dunha empresa que quebrou, era un deseño propio caeu a empresa, non hai repostos, non hai nada que facer, e vains custar o redor de 45 mil euros repoñelos, que no momento en que estean os orzamentos en marcha, farémolo de contado, e outros, insisto, hai vontade de poñelos en marcha, pero a obriga de poñelos en marcha é da empresa que por iso recibiu o pago pola obra.

Evidentemente, votamos a favor.

Don Rubén Cela Díaz: Sen ánimo de alongar que xa non son horas, pero bueno, certamente na medida das posibilidades, eu son consciente de que en ámbitos como en Roxos, como nas Cancelas pois houbo problemas aos que facía referencia o concelleiro, na medida das posibilidades que se poñan a funcionar, entre outras cousas, porque ao final son recursos públicos, costa moito diñeiro ese tipo de contedores, e o que non ten ningún sentido e telos pechados, entre outras cousas polo que digo, porque a xente ademais, utilízalos para poñer o lixo fora.

E despois en relación ao outro tipo de contedores, eu a verdade que non coñecía, nin teño visto demasiados destes, pero bueno, un formato deste tipo con entrada lateral, o que si permite é que cunha cadeira de rodas, ou xente que non teña mobilidade, para persoas que teñen unha estatura reducida e non hai pedal, e cunha man levantar a tapa e coa outra man facer o exercicio de meter o lixo, pois é moi complicado, entón bueno, eu sei que iso leva o seu tempo, pero polo menos, cando se vaian renovando este tipo de contedores, se teña en conta este tipo de cuestións.

Agradecer o voto favorable dos outros grupos.

Rematado o debate da moción do BNG para dotar á cidade de contedores accesíbeis, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

1. Que o equipo de goberno xunto coa empresa concesionaria e da man das asociacións que traballan pola accesibilidade, que son as que mellor coñecen a realidade dos diferentes colectivos e quen nos poden axudar a que as melloras que se introduzan sexan

realmente eficaces, estuden a localización de contedores accesíbeis, ou ben a execución de obras complementarias nos existentes, que garantan a correcta accesibilidade a estes por parte das persoas con mobilidade reducida así como da maioría da veciñanza.

2. Que se proceda á incorporación de novos colectores e, cando menos, á reposición dos colectores de lixo que presentan un deficiente estado de conservación, un modelo inadecuado á tipoloxía dos residuos ou unha capacidade que non se corresponde coas necesidades da poboación onde se localizan, co obxectivo de mellorar a limpeza e a imaxe da cidade, ademais de evitar potenciais problemas de salubridade por falta de hixiene urbana.

3. Que se poñan en funcionamento os contedores soterrados que permanecen pechados.

Pasamos á seguinte moción do BNG que ten que ver coa limpeza e a recollida de lixo na cidade histórica, e que está vencellada a comparecencia de Ricardo Méndez Crespo do comité de empresa ao inicio do pleno.

O que non sei é se a cuestión da emenda de adición do Partido Popular se hai que debatela ou non hai que debatela.

Don Rubén Cela Díaz: En todo caso ia depender de que nos a aceptáramos, e nos imos defender a nosa moción orixinal.

Tal e como comentaba o Alcalde esta moción ten que ver coa intervención que tivemos ao comezo do pleno, por parte dunha representación de traballadores e traballadoras da empresa URBASER.

Como comentaban eles ao principio do pleno, na zona histórica, especialmente na rúa do Franco, pero non exclusivamente nesta rúa, tamén na Raíña, en menor medida rúa Nova, Cardenal Payá, bueno no conxunto, sobre todo na améndoa, e moi focalizado no entorno da rúa do Franco, pois hai un incumprimento da normativa de recollida de lixo, por parte dos establecementos de hostalería que é recoñecida, incluso, polos propios establecementos e pola propia a Asociación de Hostalería, en concreto, como calquera de nos pode ver calquera día, depositanse as bolsas fora dos colectores, e iso a parte de que supón un risco de saúde laboral para os traballadores e traballadoras deste servizo, pois da unha imaxe que non se corresponde novamente cunha cidade que é capital de Galiza e cidade patrimonio da humanidade.

O perigo está segundo a testemuña dos traballadores e xa sufriron varios accidentes e mancaduras, en que se atopan con vidros, moitas veces incluso con garfos, con coitelos no medio das bolsas, moitas desas bolsas teñen moito máis peso do permitido, rachan e se producen, pois bastantes accidentes laborais.

Cómpre ter en conta, ademais, que esta modalidade non está permitida na ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, xa que establece no seu artigo 18.2 que queda expresamente prohibido depositar bolsas ou residuos soltos fora do colector na vía pública.

Deste xeito, pois nos entendemos que hai que velar polo cumprimento desa normativa.

Outro dos problemas é que non se cumpren, tampouco, cos horarios, e así é frecuente pasear por estas rúas e ver a morea das caixas con botellas e bolsas de lixo, con restos de comida ao pé dos establecementos hostaleiros, o que afea, como digo, pois a imaxe e ornato da cidade.

Ademais, demostra outra cousa importante, dende o noso punto de vista, e na moción anterior, falabamos da necesidade dunha maior involucración do concello no uso de enerxías renovábeis, de enerxías limpas, aquí o estamos vendo cunha das zonas de uso máis intensivo de vidro de toda a cidade, a práctica da reciclaxe, pois é practicamente nula, e nese sentido, tendo en conta que o concello ten que pagar por tonelada de recollida, pois é un dobre custe, porque por unha parte non se recicla, e por outra todo ese vidro computa no custo que o concello ten que pagar polo tratamento dese lixo.

Polo tanto, nos cremos que compren alternativas para a recollida de lixo, que sexan beneficiosas para o persoal que presta o servizo de limpeza, para as arcas municipais e tamén para o medio ambiente, o que repercutiría na mellora da imaxe e da cidade.

Polo tanto, por esa triplo cuestión, por unha cuestión de seguridade laboral, por unha cuestión de imaxe da cidade no seu conxunto, e por esa aposta decidida por políticas de sostibilidade e reciclaxe, pois que entendemos que o concello ten que tomar cartas no asunto.

Alcalde: Gracias Rubén, Mila.

Dona Milagros Castro Sánchez: Grazas señor alcalde, boa tarde outra vez a todos e a todas.

O certo é que a iniciativa desta moción é acollida polo grupo municipal socialista cun pouca sorpresa e ademais parécenos moi acaída.

As dúas cousas teñen a súa orixe en conversas recentes con responsables sindicais de Urbaser, empresa que leva a xestión dos residuos da nosa cidade, conversas referendadas como xa se dixo hoxe aquí por D. Ricardo Méndez representando ao Comité de empresa Urbaser na súa intervención ao comezo deste pleno.

Á vista do exposto polo Bloque Nacionalista Galego, en referencia á recollida de lixo na cidade histórica, e tendo en conta, non só o explicitado no artigo 18.2 da ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, senón tamén o que se recolle nos artigos 26.2 e 27 onde se fai referencia, por unha banda, á recollida de vidro de hostalaría e restauración, e por outra banda, ao horario de recollida dos residuos destes establecementos, o grupo municipal socialista non pode máis que estar de acordo coa petición de velar por parte deste concello, para que a recollida de lixo, se faga de xeito doado para mellorar a imaxe da nosa cidade, contribuíndo así, ao menor impacto ambiental posible, e por suposto, en defensa da reciclaxe.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Grazas Mila, Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Ben, en xeral, eu creo que calquera persoa desta cidade pode concordar con esta moción, e por iso xa adianto que o novo voto vai ser favorable; pero tamén quería explicar algunhas cousas, conscientes desta problemática ao longo do pasado mes, mantivemos xuntanzas co Comité de empresa de Urbaser, que esta agora mesmo tamén inmerso na súa negociación de convenio colectivo; xuntámonos coa asociación Vicus Francorum que agrupa a meirande parte dos hostaleiros da rúa do Franco, reunímonos evidentemente coa prestadora do servizo, Urbaser, e tentando reconducir a situación que ten o Franco, hai que recoñecer que calquera solución alí, é complexa. Son rúas estreitas, moitísimos locais, moitísima xente na rúa, os horarios de recollida de lixo son os que son, entón o que estamos actualmente estudando é recuperar a compactadora que había, existe o firme compromiso garantido por esta Asociación de Vicus Francorum, de respectar escrupulosamente o uso desa compactadora, para que non apareza lixo, nin teñan que pasar os traballadores de Urbaser pola noite entre os visitantes a recoller o lixo, e bueno, quédame, bueno haberá que levalo á Comisión especial, bueno en fin os trámites que quedan, pero creo que vamos apostar por esa vía.

Logo, xa na rúa Nova e outras rúas, a problemática é bastante menor, si que é certo hai xente que deixa as bolsas fora, se repartiú nalgún momento, segundo me comentou Urbaser uns pequenos contedores para cada portal, pero parece ser que os roubaban, é o que me comentan, entón haberá que artellar algunha iniciativa, pero eu entendo que nesas rúas cun pouco de boa vontade por parte da cidadanía, non tiña porque existir ningún problema, o Franco xa é un asunto máis complexo.

De calquera xeito, concordamos 100% e votaremos a favor.

Don Rubén Cela Díaz: Si, en congratúlome que esa sexa a vontade do grupo de goberno, porque dende logo, creo que é a mellor das solucións, posiblemente a

compactadora o problema que teña sexa buscarlle unha ubicación razoable, pero dende logo, creo que solucionaría moitos dos problemas actuais, e tamén coincido co concelleiro, en que existe un problema, tanto en Cardenal Payá, como en rúa Nova, como nalgunha outra rúa concreta da améndoa, pero o que é evidente, é que o groso está no Franco e na Raíña, entón todo o que se avance nese sentido, pois eu creo que será positivo para os traballadores, para a imaxe da cidade e tamén dende unha perspectiva de educación ambiental, eu creo que é moi importante, que tamén o sector da hostalería dea exemplo, nun dos ámbitos onde se consume máis vidro da cidade, pois que tamén debería ser un dos ámbitos que máis vidro consegue reciclar.

Alcalde: Moitas grazas Rubén, eu entendo que se ninguén quere facer máis intervencións, que tamén hai un acordo por unanimidade.

Rematado o debate da moción do BNG sobre a limpeza e a recollida de lixo na cidade histórica, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda velar para que se realice un correcto uso dos colectores de lixo da Cidade Histórica e para evitar que se depositen bolsas e caixas con botellas fóra dos mesmos.

Alcalde: Pasaríamos a debater unha moción do BNG para tratar a mudanza do nome do Auditorio de Galicia, que xustificou a comparecencia hoxe de Luís Magariños a través dunha iniciativa cidadá ao inicio do Pleno, Rubén se fas defensa.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Como comentaba o alcalde, e hoxe ao longo do pleno falamos en diferentes ocasións de participación social, de participación veciñal, o motivo fundamental polo que o Bloque Nacionalista Galego trouxo a debate deste pleno esta moción, é precisamente, porque hai un grupo de veciños e veciñas de Santiago que nos trasladaron ao noso grupo a súa vontade de querer poder comentar no propio pleno municipal unha iniciativa que levan impulsando dende fai bastante tempo de cara a cambiar, modificar o actual nome do Auditorio de Galiza, incluíndo o de Auditorio Nacional de Galicia.

Como digo, creo, e o temos reiterado en moitas ocasións, creo que temos que revisar os mecanismos de participación da veciñanza no pleno, que teñen que ser máis flexibles, e que habería que garantir mecanismos para que veciños e veciñas que teñen propostas que facer a este pleno, non necesiten que previamente, haxa un grupo que introduza un punto na orde do día, e que polo tanto, haxa máis facilidades para que veciños e veciñas poidan vir aquí, como viñeron eles a trasladarnos calquera cuestión.

En calquera caso para nos é un pracer poder servir de autofalante de calquera iniciativa veciñal, neste caso, ademais, porque somos coincidentes coa mesma, cóstanos o

traballo e o esforzo dese grupo promotor por trasladar e dar coñecemento desta iniciativa ao conxunto dos grupos municipais con representación no pleno municipal.

Nos o que entendíamos é que se debía dar a posibilidade de que puideran falar, e que se así o entendía o pleno, que deberíamos abordar isto cando menos nunha xunta de portavoces, e se é vontade maioritaria do pleno é a da modificación do nome, pois a continuación actuar en consecuencia, tanto cunha aprobación plenaria, como dando traslado ao Consello Reitor do Auditorio de Galicia, máis alá da nosa coincidencia, dende unha perspectiva, evidentemente, somos unha organización nacionalista, que entendemos que Galiza é unha nación, e polo tanto a terminoloxía Auditorio Nacional non só nos plantexa ningún problema, senón coa que somos totalmente coincidentes.

Coincidimos tamén co grupo promotor en que máis alá diso, cando o Auditorio de Galicia, inauguraba en outubro do ano 89, facíase coa vontade de dotar dunha instalación, non a unha cidade, senón a un país, e de aí, tamén ven o seu propio nome.

Polo tanto, isto valería para reforzar esa identidade.

Polo tanto, nos o que traemos aquí a debate con esta moción, no caso de aprobarse, é precisamente que se poida abordar isto na xunta de portavoces, e en función do resultado dese debate na xunta de portavoces, pois que se tomen as medidas pertinentes.

Alcalde: Grazas Rubén, Paco a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Nos respectamos que neste caso o Bloque Nacionalista Galego fora un instrumento para facilitar a participación, e polo tanto, que se fixera esta petición a través dunha moción dirixida ao pleno, e a non a través dunha solicitude dirixida ao alcalde como se fai habitualmente. Por certo, lembro, que cando nos presentamos unha moción para solicitar un estudo para chegar dende Fontiñas a Triacastela, pois se nos dixo que non debía ser moción, que debía ser un rogo, en calquera caso, nos como o que se plantexa é que se convoque unha xunta de voceiros, para tratar a mudanza do nome do Auditorio de Galicia, pois senón ten inconveniente neste caso o alcalde que é quen habitualmente tería que recibir a solicitude dirixida, pois nós tamén estamos de acordo en que se convoque esta xunta de voceiros, e que se fale do tema.

Alcalde: Eu entendo a iniciativa do BNG, como unha iniciativa para facilitar o que é a posición cidadán no pleno, e pola nosa banda, independentemente que non sexa a canle para convocar unha xunta de portavoces, non imos facer cuestión, e estamos tamén, de acordo en que se trate en xunta de portavoces, e que en caso de acordarse adoptemos as medidas oportunas, e polo tanto, si que pregaria que a concelleira de cultura e do Auditorio puidera estar presente, non como unha cuestión cuantitativa, senón para poder

dar o debate como persoa responsable do Auditorio, e bueno, o noso voto vai ser favorable tamén.

Rematado o debate da moción do BNG para tratar a mudanza do nome do Auditorio de Galicia, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda que se convoque unha xunta de portavoces para tratar a mudanza do nome do Auditorio de Galicia.

Alcalde: Pasáramos logo a unha moción do Partido Socialista, respecto a Lei 2/2016, de 19 de febreiro, do Solo de Galicia, sobre explotacións e instalacións agropecuarias, se fan defensa.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, boas noites.

A boa noticia é que a que imos debater é que tivo a súa entrada por rexistro día 26 de abril de 2016, fai decaer a anterior a do día 22, e polo tanto soamente é unha, vou tentar de ser o máis breve e claro posible.

Como todo o mundo sabe, da nova Lei do Solo, a disposición transitoria primeira, punto 4, que non afecta concretamente ao Concello de Santiago, pero si a algúns concellos limítrofes, o que plantexa é que, agás de aqueles que teñan aprobado un plan xeral baseado na Lei de 2002, aqueles que teñen o Plan xeral aprobado antes da Lei de 2002, os que o teñan anteriormente a 1985, ou aqueles que non teñen Plan xeral nin normas subsidiarias municipais, só van poder edificar en chan urbano ou consolidado, excluindo, polo tanto, o chan rústico.

Máis alá da disposición transitoria 4, isto si que xa afecta ao noso concello, se substitúe esta disposición transitoria, a disposición transitoria décimo primeira, da Lei anterior.

A lei anterior o que fixo foi incorporar no ano 2010, esa disposición transitoria para regularizar a situación das explotacións agrarias, e en chan rural ou núcleos rurais.

Recoñeciase, entón, actividade agrogandeira, como propia do núcleo, as anteriores mesmo ao 2003, e permitía que se ampliarán ata un 50% as súas explotacións.

Na nova lei, curiosamente, e sen ter ningunha explicación, non xa suficiente, senón ningunha explicación, desapareceu a referencia aos núcleos rurais, e soamente queda o chan rural.

Polo tanto unha explotación agrogandeira, nun núcleo rural, queda fora de ordenación, e só se podería ampliar en base a unha modificación, se esta o contiña no plan xeral.

O Plan xeral noso, o certo é que non contemplaba esta cuestión, porque era con respecto a Lei de 2002, e ademais o plan é do 2002, polo tanto, o problema establecíase entre o 2002 e o 2010.

Isto levou, por exemplo, a unha cuestión a que dúas familias que no seu momento, pois marcharon a vivir a un núcleo rural, denunciaron a única persoa que tiña unha explotación agrogandeira. O concello naquel entón non tomou medidas, pero os dous veciños o levaron aos tribunais, e o Tribunal sentenciou, ordenando a clausura da explotación agrogandeira.

É dicir o único que verdadeiramente tiña unha explotación, pois tivo que pechala.

Ademais, existe un problema, porque o plan de desenvolvemento rural de 2016 a 2020, unha condición para poder solicitar esas axudas e, polo tanto, poder cobralas, e ter licenza municipal, con este sistema, polo tanto, atopámonos cunha situación francamente complexa, para aquelas persoas que si teñen unha explotación agrogandeira nun núcleo rural.

Polo tanto nos o que pedimos, exactamente no que pón no acordo é se inste ao goberno da Xunta a que modifique a Lei actual, volvendo a poñer a disposición transitoria décimo primeira, para que tamén, poidan estar dentro de ordenación aquelas explotacións agrogandeiras que están en núcleo rural.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas Paco Reyes, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Se ben dende unha perspectiva teórica, ten sentido a modificación que se fixo da Lei do Solo para intentar que as grandes edificacións asociadas a explotacións gandeiras, pois se sitúen fóra dos núcleos rústicos, cada situación, dende o noso punto de vista, require, dun estudo pormenorizado.

A pretensión destes artigos, é que ampliacións de naves agrarias, sobre todo as que son, de maior dimensión, pois se sitúen fora das aldeas, e non se opte por ampliar e dimensionar aquelas que están moi próximas aos núcleos.

Con todo, isto pode ocasionar controversia, cando hai interese en ampliar naves existentes, sen que iso cause problemas na veciñanza.

Si compre valorar se realmente no Concello de Santiago a maior parte das explotacións opta por ampliar naves antes que construír novas, e iso, non crea problemas ou conflitos nos núcleos rurais.

Así este debate, xorde a raíz da modificación da Lei do Solo que propón o Partido Popular nos por este motivo, si que queremos solicitar, é a votación por separado dos puntos, porque nos non temos ningún problema en votar favorablemente o punto 3, pero imos ter unha posición de abstención nos puntos 1 e 2.

Alcalde: A túa quenda Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Dende o grupo municipal de Compostela Aberta estamos claramente a favor no que atañe, a inclusión no punto 3 que modifica a disposición transitoria cuarta, de explotacións e instalación de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes, de tal forma que se inclúa en solo de núcleo rural, porque entendemos que a casuística pode ser moi especial.

Neste Concello, en concreto, non afecta, porque esta dentro do Plan xeral, pero si é unha casuística que temos detectado ao longo da lexislatura, en varias licenzas, e entendemos que cada caso é un mundo diferente, e que realmente hai que atender ao volume, a ampliación, que realmente de poder ou non poder ampliar.

Dentro da petición de votar por separado que sería

Alcalde: Entendo que en todo caso, a votación por separado tería que ser aceptada polo Partido Socialista, senón se votaría conxuntamente.

Don Francisco Reyes Santiás: Nos non temos problema en que se vote por separado.

Don Jorge Duarte Vázquez: No punto primeiro, modifícase a letra a) do punto 4, da disposición transitoria primeira que queda redactada como segue:

“a) No solo urbano unicamente se poderá edificar nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado.” Non lle vemos ningún problema.

E no punto dous, modifícase o punto 4 da disposición transitoria primeira ao que se lle engade unha nova letra b bis), co seguinte contido:

“En tanto non entre en vigor o Plan básico autonómico, no non previsto nesta lei, será de aplicación o establecido nas normas subsidiarias provinciais.”

Entendemos que é manter o status do que está agora, antes da modificación da Lei do Solo de 2016, entendemos que non son as solucións que realmente necesita o noso país, pero polo menos, debemos a situación anterior a esta Lei do Solo.

Creo que o grave problema que ten esta Lei do Solo, foi ter sido tramitada unilateralmente, cando entendemos que o tema do urbanismo, e a planificación territorial, en concreto, ten que ser unha cuestión de todos, para darlle estabilidade e máis ter moi clara, que temos que facer unha aposta rotunda e decidida polo medio rural, polo sector primario, no que todos son ataques, e para unha vez que se plantexa un plan gandeiro, que non aparezan os obstáculos dende a propia lexislación urbanística feita sen moito criterio.

Alcalde: Pasaríamos logo a votar os puntos por separado, nos imos votar a todos a favor, e o BNG vaise abster nos dous primeiros, e no terceiro vai votar a favor.

Rematado o debate da moción do grupo municipal Socialista, sobre a Lei do Solo de Galicia, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor (9 CA e 4 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións do BNG, acorda:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que promova no Parlamento de Galicia a modificación da vixente Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nos seguintes termos:

“Artigo único. Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
A Lei 2 /2016, do 10 de febreiro modifícase nos seguintes termos:

- Modificar a letra a) do punto 4, da disposición transitoria primeira que queda redactada como segue:

“a) No solo urbano unicamente se poderá edificar nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17 a) desta lei.”

- Modificar o punto 4 da disposición transitoria primeira ao que se lle engade unha nova letra b bis), co seguinte contido:

“b bis)) En tanto non entre en vigor o Plan básico autonómico, no non previsto nesta lei, será de aplicación o establecido nas normas subsidiarias provinciais.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

- Modificar o punto 1, da disposición transitoria cuarta. Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes, que queda redactado como segue:

“1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico, ou en solo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade”.

Alcalde: Pasaríamos logo a unha moción de Compostela Aberta, en apoio as peticións da plataforma de vítimas do Alvia 04155, vaina defender María Rozas.

Dona María Rozas Pérez: Boas noites.

A moción presentada aquí é en apoio ás peticións da Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.

Como todos sabemos o 24 de xullo de 2013, ás 20:41, o tren Alvia procedente de Madrid e con destino a Ferrol descarrilou na curva de A Grandeira da parroquia de Angrois, causando a morte de 81 persoas e ferindo a outras 140.

A Asociación Plataforma de Vítimas do Alvia foi constituída despois do accidente, para reivindicar a verdade e a xustiza, esixindo todo tipo de responsabilidades, incluso tamén das responsabilidades políticas, polos feitos que rodean esta traxedia.

O cumprimento destes obxectivos melloraría a seguridade, tanto nos transportes como na acción da Administración, e evitaría que nun futuro se repetiran feitos similares.

Desde a súa constitución, a plataforma denunciou o maltrato e o esquecemento por parte das institucións públicas e dos seus responsables, que condenaron ao olvido o accidente sen indagar nas causas que o orixinaron, e máis en concreto as institucións galegas, que teñen unha especial débeda con estas vítimas, porque se ben é certo que os veciños e as veciñas de Angrois, de Compostela, e de toda Galicia souberon estar á altura naquela data, non sucedeu o mesmo coas institucións.

Á marxe das investigacións xudiciais e das responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar todo tipo de responsabilidades administrativas e políticas.

Tamén denunciaron a falta de independencia da Comisión de Accidentes Ferroviarias, pese ás obrigas da normativa europea.

As vítimas do accidente do Alvia levan anos esixindo que se dean explicacións pola falta de seguridade da parte do trazado na cal se produciu o sinistro, e que se asuman responsabilidades por parte dos responsables. Para lograr isto, están a presentar mocións e resolucións, nas que se inspira esta mesma iniciativa. Pouco a pouco, esta presión parece que comeza a dar tímidos froitos. A proposta de Comisión de Investigación Parlamentaria, bloqueada en ocasións anteriores, débese hoxe na sesión do Congreso dos Deputados, máis novamente foi bloqueada cos votos do Partido Popular e do Partido Socialista.

Non sabemos que posición adoptaría o Partido Popular de Compostela que abandonou o pleno, máis esperamos que o Partido Socialista de Compostela se posicione a favor desta moción.

A Plataforma de Vítimas do Alvia denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das institucións ante a traxedia ferroviaria máis grave de toda a democracia española.

Con esta moción non se pode reparar o dano que estas persoas sufriron, non se fai xustiza, nin se esclarece a verdade do sucedido, pero cando menos, tentamos, que se comece a recoñecer e a dar dignidade ao sufrimento das vítimas.

O Concello de Santiago de Compostela débelle, cando menos, esta satisfacción ás vítimas e a todas as persoas que altruistamente socorreron naquel día que debeu ser o da festa grande da nosa cidade, e que se converteu na nosa peor traxedia.

Por estes antecedentes, propoñemos os seguintes acordos ao pleno municipal:

Primeiro: A Corporación Municipal de Santiago de Compostela celebrará audiencia para coñecer as demandas e reivindicacións da Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.

Segundo: O Concello de Santiago de Compostela comprométese a colaborar na difusión do documental Frankenstein 04155 a través da súa rede cultural.

Terceiro: O Concello de Santiago, a través da Comisión de Credenciais, incluírá na relación de rueiro de Santiago unha rúa en recordo ás vítimas deste accidente.

Cuarta: O Pleno do Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu apoio á creación dunha Comisión de Investigación no Congreso dos Deputados, para determinar os erros de seguridade existentes na liña férrea que puideran causar o accidente, así como para establecer as responsabilidades políticas.

Quinto: O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta á Goberno do Estado á creación dunha comisión de técnicos e expertos independentes que investiguen o ocorrido, e a que os resultados da súa investigación sexan feitos públicos.

E por último, sexto: O Pleno do Concello de Santiago de Compostela solicita á Comisión Europea que faga público o informe que sobre este accidente elaborou a Axencia Ferroviaria Europea.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Gracias María, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Si moitas grazas señor alcalde, brevemente, porque xa é un pouco tarde, pero creo que o tema merece, polo menos, comentar un par de cousas.

A primeira delas, que nestes últimos tres anos, o Bloque Nacionalista Galego trouxo, xa perdín a conta, en bastantes ocasións este tema ao pleno municipal, como a todas as demais institucións que nos foi posible, demandando unha comisión de investigación tanto no Parlamento de Galiza, como no Congreso dos Deputados, sempre co boicot e o bloqueo por parte tanto neste caso do Partido Popular, como do Partido Socialista, así como temos trasladado a última vez, hai escasas semanas a través da nosa compañeira, Ana Miranda, diferentes peticións no ámbito de Estrasburgo, sobre todo no que ten que ver co Comisario de Transportes, por certo, con bastante máis receptividade que os representantes do Goberno Español.

Eu creo, que non Santiago, senón o conxunto de Galiza e do Estado, teñen unha débeda que é absolutamente impagable coas vítimas, coas familias, cos amigos, e cos seres queridos das oitenta e un persoas que deixaron a vida na curva da Grandeira, e como comentaba a concelleira, iso non ten reparación posíbel.

Sen embargo, eu creo que si hai dúas cousas, que se poden facer, que nos levamos moito tempo demandando e que non se teñen materializado, non, e as dúas cousas que se poden facer é, primeiro, que se coñeza toda a verdade, e agora faciase referencia a un documental que aporta bastante desa verdade, pero polo menos que os familiares poidan coñecer exactamente que foi o que pasou e porque pasou.

E, en segundo lugar, que se depuren responsabilidades, e esas responsabilidades teñen un ámbito xurídico que xa vimos ata onde chega, por desgraza dende o meu punto de vista, e teñen un ámbito político.

Entón, nese sentido, son dúas cuestións, nas que o avance pois é moi limitado, eu dende logo, creo que non hai ningunha razón que xustifique que non se permita a realización dunha comisión de investigación habendo oitenta e pico mortes enriba da mesa.

E hai unha terceira cuestión, que tampouco é menor, e que mostra tamén a irresponsabilidade moitas veces dos responsables das administracións públicas, e é facer todo o posible para que algo así non volva a pasar.

A min, de verdade, que se me puxeron os pelos de punta, cando se inaugura o Eixo Atlántico, Santiago-Vigo, sen o RTMS funcionando, é dicir, o que é evidente é que algunha lección como país tamén deberíamos sacar diso, é que sería impensable, que nun país Europeo, ou incluso, noutras partes do Estado Español houbese un tramo destas características sen un sistema de seguridade, a alcance economicamente e tecnicamente, como era ese RTMS que tería evitado o problema.

Polo tanto, nos vamos apoiar, esta iniciativa como tantas veces temos feito nesta institución e en tantas outras.

Eu o único que lle pediría, imos apoiala igual, o que lle pediría neste caso ao grupo de Compostela Aberta que repensaran se acaso o punto do da rúa, porque iso xa tivo debate aquí, houbo interlocución no seu día cos veciños, falárase dun parque, falárase de diferente tipo de monumentos, e bueno a min paréceme ben e sempre van ser poucos os recoñecementos, pero bueno, eu a ese punto en concreto do da rúa daríalle unha pensada.

Alcalde: Gracias Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde e boas noites.

Eu estou convencido de que xamais esqueceremos aquel 24 de xullo do ano 2013, por iso todas as nosas palabras se teñen que pronunciar dende o máis profundo respecto ás vítimas deste accidente.

Por iso, entendo, que o noso traballo ten que estar movido principalmente por eles, cara eles, e absolutamente imprescindible que se coñeza a verdade de todo o acontecido.

Hai tres obxectivos ao noso xuízo, como consecuencia do accidente do Alvia na curva da Grandeira.

O primeiro temos que asegurarnos, antes que calquera outra cousa, de que as vítimas continúen debidamente atendidas.

O segundo, explicacións ata o último extremo.

O terceiro, imos aprender e imos mellorar para que isto non volva a acontecer nunca.

E que se dean obviamente explicacións concretas sobre as condicións de seguridade nas que se prestaba o servizo ferroviario Madrid-Ferrol no que se produciu o fatal accidente.

A primeira pregunta é obrigatoria derivada do que acabo de comentar, cúmprianse as normas de funcionamento dese servizo?, estaban certificadas as infraestruturas, a sinalización, a curva?, estaba debidamente acreditado o material móbil?; o Alvia esta acreditado, pasara os controis?; cúmprianse as normas o 24 de xullo?, isto é importante que todos os cidadáns o saiban.

Nos entendemos que a seguridade ferroviaria en xeral no noso país, e dende logo nese tramo en particular, polo que eu paso con moita frecuencia, é discutible, e con toda seguridade perfectible, pero trátase dunha seguridade conforme á norma, tratase dunha seguridade garantista, trátase dunha seguridade homologada, razoable.

Temos seguramente que revisar criterios, normas e aprender do sucedido para mellorar e previr co fin de que isto, dende logo, non volva nunca a suceder.

Nós o que solicitaríamos a Compostela Aberta, que é quen presenta a moción, sería a votación por separado dos puntos.

Grazas.

Alcalde: Segunda quenda María.

Dona María Rozas Pérez: En relación á petición do Bloque, sobre o punto número tres, de incluír unha rúa no rueiro de Compostela, en recordo das vítimas, a moción tal e como está presentada foi consensuada coa Asociación de Vítimas do Alvia, así que por parte de Compostela Aberta non queríamos modificala, polo menos, sen o seu consentimento, pero tamén tendo en conta, que a decisión de incluír no rueiro, é unha decisión da Comisión de Credenciais, onde todos os grupos están representados.

Polo demais non temos ningún problema en votar os puntos por separado.

Alcalde: Queres dicir algo Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: En calquera caso, nos non vamos ter ningún problema con que se dedique unha rúa, con se dedique un monumento, ou con que se dedique un parque e todo o que se faga en recordo das vítimas, e en intentar reparar, pois o que aconteceu, polo menos, para os familiares, amigos e achegados, pero nos vamos votar favorablemente, e se iso consensuado coa Asociación, pois non vamos por ningún problema, eu o único que trataba de dicir, é que este foi un tema moi sensible, e que aquí neste mesmo pleno deu para moito debate no seu día, e se intentou tratar cun coidado exquisito, entón, se por parte do goberno iso está consensuado e falado nos non vamos a por ningún problema.

Don Francisco Reyes Santiás: Adiantar que nos imos votar a favor do acordo: 1, 2, 3 e 6, e votaremos en contra dos acordos: 4 e 5 por entender, que a competencia para estes dous puntos está noutra sede.

Nada máis e moitas grazas.

Rematado o debate da moción de Compostela Aberta en apoio ás peticións da Plataforma de Vítimas Alvia 04155, o Pleno da Corporación:

a) Por unanimidade dos presentes (9 CA, 4 PSOE e 2 BNG) acorda:

1. Celebrar audiencia para coñecer as demandas e reivindicacións da Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.
2. Comprometerse a colaborar na difusión do documental Frankenstein 04155 a través da súa rede cultural.
3. Incluír, a través da Comisión de Credenciais, na relación de rueiro de Santiago unha rúa en recordo das vítimas deste accidente.
4. Solicitar á Comisión Europea que faga público o informe que sobre este accidente elaborou a Axencia Ferroviaria Europea.

b) Por 11 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de CA e BNG (9 CA e 2 BNG), e 4 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Manifestar o seu apoio á creación dunha Comisión de Investigación no Congreso dos Deputados, para determinar os erros de seguridade existentes na liña férrea que puideran causar o accidente, así como para establecer as posibles responsabilidades políticas.

2. Instar ao Goberno do Estado á creación dunha comisión de técnicos e expertos independentes que investiguen o ocorrido, e a que os resultados da súa investigación sexan feitos públicos.

Alcalde: Pasáramos a penúltima das mocións, tocaría a moción de CA para acordar unha declaración en apoio á Comunidade Armenia en España sobre o recoñecemento do Xenocidio con motivo do seu 101 aniversario, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Moi boa noite.

A moción que se presenta é unha iniciativa da Comunidade Armenia en España, a que pon voz este grupo municipal.

A convención das Nacións Unidas para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio, de 1948 recolle que o xenocidio xa sexa cometido en tempo de paz ou en tempo de guerra é un delito de dereito internacional que hai que previr e sancionar.

No seu artigo II, defínense como delitos de xenocidio, que son perpetrados coa intención de destruír, total ou parcialmente, a un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso.

A través da resolución de 18 de xuño de 1987, sobre unha solución política do problema armenio, o Parlamento Europeo recoñeceu os tráxicos acontecementos que tiveron lugar entre 1915 e 1921 que afectaron á poboación armenia que residía no territorio do Imperio Otomano, e que constituían de acordo coa Convención das Nacións Unidas un xenocidio.

Un xenocidio do que foron vítimas mortais 1.500.000 persoas e outras 2.000.000 tiveron que abandonar os seus fogares e espallarse por todo o mundo, formando a gran Diáspora Armenia.

O Xenocidio Armenio, foi considerado o primeiro do século XX. E foi Raphael Lemkin quen o tomou, como exemplo no 1951 para definir o termo “Xenocidio”.

Estes son algúns dos motivos polos que o Xenocidio Armenio, foi recoñecido oficialmente polas Nacións Unidas, o Parlamento Europeo, o Consello de Europa, o Parlamento do Mercosur, o Parlamento Latinoamericano, o Consello Mundial de Igrexas, a Asociación Internacional de Estudos sobre Xenocidio, o Tribunal Permanente dos Pobos, e moitos grandes historiadores e un importante número de países, entre os cales, se atopan Francia, Italia, Chipre, Bélxica, Suíza, Países Baixos, Suecia, Polonia, Eslovaquia, Lituania, Rusia, Líbano, Siria, Arxentina, Chile, Uruguay, etc. por citar algúns.

No pasado ano 2015 novos países recoñeceron oficialmente o Xenocidio Armenio. Trátase de Alemaña, Austria, Luxemburgo, República Checa, Bulgaria, Brasil e Paraguay.

En España o Xenocidio Armenio foi recoñecido oficialmente polos parlamentos de Aragón, Navarra, País Vasco, Cataluña e Illas Baleares, así como por varios concellos doutras comunidades.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta propón ao Pleno o seguinte acordo:

Que o Pleno da Corporación, con motivo do seu 101º Aniversario, recoñeza oficialmente o Xenocidio Armenio a través dunha declaración institucional e, así, se sume á lista de concellos de España que xa o fixeron, condenando deste xeito os crimes contra a humanidade, para que non se repitan nunca máis en ningunha parte do mundo, nin contra ningún representante de ningunha nación, etnia, raza ou relixión.

E o acordo de que este pleno dea traslado do contido desta moción á Comunidade Armenia de España.

Agardo o voto favorable de todos os presentes, dado que quen ten mala conciencia política cos delitos de xenocidio e cos procesos de recoñecemento e reparación de danos e de memoria histórica abandonaron este pleno.

Alcalde: Concha gracias, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: O coñecemento da verdade é tan importante como a posta en común, ou acordo a respecto da denominación que utilizamos para nomear esa verdade.

Polo tanto, o recoñecemento da palabra Xenocidio é absolutamente fundamental, e neste caso, no caso do Xenocidio Armenio, así que as dúas cousas unidas, en procura da verdade, da divulgación desa verdade, e posta en común sobre a denominación, son as únicas maneiras para as sociedades avanzaren, son as únicas maneiras de construír un futuro dende o coñecemento do pasado, así que por suposto, que imos votar a favor desta moción.

Alcalde: Gracias Goretti, Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Eu non vou insistir sobre o relatorio que Concha acaba de facer dos feitos, porque penso que son descritivos por si mesmos, pero si que me

gustaría, aínda que xa estamos rematando, simplemente, ler tres liñas concretamente dun artigo que se publicou na Tribuna do Diario “El País”, o 28 de abril de 2015, baixo o título Xenocidio Armenio, cénanos de impugnidade, e di así:

“As familias das vítimas e con eles toda a humanidade teñen dereito a ese recoñecemento da realidade que rodearon os actos comenzados en 1915, unha realidade que reflexa o máis obscuro do ser humano, e que só a través da memoria e a reparación poderá evitarse de novo.” O autor é Baltasar Garzón.

Moitas grazas.

Alcalde: Entendo que aprobada por unanimidade a moción de Compostela Aberta sobre o Xenocidio Armenio.

Rematado o debate da moción de CA, para acordar unha declaración en apoio á Comunidade Armenia en España sobre o recoñecemento do Xenocidio con motivo do seu 101 aniversario, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

a) Con motivo do seu 101º Aniversario (24 de abril de 2016), recoñecer oficialmente o Xenocidio Armenio a través dunha declaración institucional e sumarse á lista de concellos de España que xa o fixeron, condenando deste xeito os crimes contra a humanidade, para que non se repitan nunca máis en ningunha parte do mundo, cara á representantes de ningunha nación, raza ou relixión.

b) Dar traslado do contido desta moción á Comunidade Armenia de España.

Alcalde: Pasamos á última moción do día, moción do Partido Socialista, sobre a necesidade de integrar as liñas de transporte no rural en Tussa.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: A finais do pasado mes de marzo dábase a coñecer unha sentenza do Tribunal Superior anulando a prórroga por dez anos outorgada pola Xunta mediante resolución de febreiro de 2010 para o transporte por estradas.

Esta decisión xudicial que anula dita resolución afecta ao rural de Compostela, onde existen serios problemas de conexións, paradas e horarios. Esta queixa lexitima da veciñanza destas zonas do municipio tiña o problema para a súa resolución precisamente nesta licenza da Xunta, que agora queda en suspenso pola sentenza do Tribunal Supremo.

E, aproveitando esta circunstancia, o grupo socialista considera que é o momento para que o grupo de goberno municipal negocie coa Xunta de Galicia para que lle pase a

titularidade destas liñas da zona rural ao Concello e, así, sexa Tussa a responsables das mesmas.

Para o Grupo Municipal Socialista, a única forma de resolver os problemas e necesidades específicas de transporte no rural é que sexa unha competencia do Concello e, que esta sentenza, consideramos que abre unha porta para poñer solución a estas queixas veciñais e, así, dar servizo axeitadamente a todo o municipio.

Por todo o exposto anteriormente, vimos a propoñer a adopción do seguinte acordo:

Que o Goberno local leve a cabo as negociacións pertinentes coa Xunta para que esta outorgue ao Concello as competencias en materia de transporte público no rural e, así, ditas competencias sexan asumidas por Tussa, resolvéndose os moitos problemas existentes nalgunhas parroquias do termo municipal.

Alcalde: Gracias, Goretti a súa quenda.

Dona Goretti Sanmartín Rei: É evidente que o transporte público no rural é un problema histórico, e un problema sobre o que hai que traballar, e que algunhas das dificultades que ten veñen, en parte, condicionadas por esa necesidade de garantir a exclusividade de transporte nas liñas de competencia da Xunta, así que podemos compartir co Partido Socialista esta proposta de demandar a cesión de competencias, aínda que entendemos que dispor de competencia, pode non ser suficiente, nin é a única vía, con iso non entendemos que se resolven todos os problemas, por exemplo, o que habería que facer de maneira xa inmediata, é solicitar participar activamente no deseño que a Xunta esta a facer do novo mapa de transporte, para que iso se consiga, que as novas liñas e frecuencias pois poidan dar solución aos problemas dos distintos núcleos de Santiago, máis por suposto, non estamos en contra de que se demande a competencia, o único que entendemos, simplemente demandala e conseguila non garante a solución dun problema que é moi, moi complexo.

Alcalde: Gracias Goretti, Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Bueno sobre a moción que presenta o grupo socialista temos unha coincidencia bastante clara e de feito entendemos que a Sentenza do Tribunal Supremo, supón unha oportunidade.

Esta mesma mañá estivemos na Comisión de Seguimento do transporte público metropolitano da Área de Compostela, nesa mesma reunión, expuxémoslle claramente á Dirección Xeral de Mobilidade que necesitamos coñecer cal é a opinión da Dirección Xeral de Mobilidade, sobre algo que moitos concellos da nosa contorna e nos mesmos, entendemos que é unha oportunidade e non un problema.

Ante iso, a Xunta o único que fixo, foi recorrer a Sentenza do Supremo, e incapacitar a vía para tomar decisións que poidan abrir as liñas de transporte público municipais, e tamén metropolitanas de cara a esa mellora no medio rural.

Nesta mesma reunión, hoxe, tamén plantexamos a necesidade de crear un Consorcio metropolitano do transporte, no cal o Concello de Santiago, e os concellos das áreas limítrofes, aproveitando esta Sentenza, poidamos deseñar de novo, a rede de transporte metropolitano, para facela eficiente para xente do rural e tamén do noso concello.

O concello nestes meses ten traballado noutra liña específica que é a liña de 3 máis bus, na cal cabe a posibilidade de que nas áreas rurais do noso concello se puidera compatibilizar o transporte escolar, sempre e cando teña asistencia, o transporte escolar de primaria con acompañantes coa recollida de pasaxeiros, porque ademais, dáse non sei se a casualidade, non vamos a liar as cousas, pero que os concesionarios do transporte público desas áreas, en concreto, catro áreas na nosa cidade, a zona norte, que a concesionaria era Autos Grabanxa, a zona da Peregrina con Aucasa, a zona de Vilvestro e a zona de Aríns, con outras tres concesionarias, para que se puidera facer, esa cooperación interadministrativa e que eses autobuses que estaban prestando servizo, que son as mesmas empresas as que prestan o servizo escolar que os que prestan a concesión, poder incluír e dar mellor servizo ao rural, por qué, porque realmente non temos máis ferramenta que apostar pola que naquel momento era a atadura onde hai unha concesión, o transporte público municipal non pode estender o seu servizo.

Temos moi claro que o problema do transporte público no rural, é un dos máis graves para poder cumprir un dos compromisos de Compostela Aberta de intentar igualar, requilibrar os servizos a poboación entre o rural e a cidade.

Polo tanto, no redeseño no que estamos a traballar das liñas de transporte, na caracterización das liñas de transporte, que no próximo mes presentaremos para intentar avanzar, consensuar e dialogar con todas as asociacións de veciños do rural, e o resto da cidadanía, apostamos por modelizalo, caracterizalo, deseñalo, entendendo que non deberíamos ser cautivos xa desa concesión.

Polo tanto, facemos unha aposta moi clara, nese novo modelo de transporte público, por deseñar as liñas que realmente necesita a xente, ao marxe dos intereses dos concesionarios, porque entendemos que é unha oportunidade que non podemos desbotar.

Polo tanto, estas dúas cousas, foron transmitidas hoxe con claridade, despois de ter recibido, como dixen anteriormente, o rexeitamento por parte da Consellería de Educación a compartir a experiencia de tres máis bus, no cal a xente do rural, aldeas

como Lamasal, toda a zona norte, podería ser claramente unha solución axeitada para dar ese transporte coa cooperación interadministrativa para facer unha xestión máis eficiente para os cidadáns, entendíamos que non había ningún motivo, aínda así a Xunta de Galicia contestou que non o ía facer sen aportar argumentos.

Polo tanto, dende esta concellaría de mobilidade, demos todos os pasos, tanto no metropolitano, como na recuperación da capacidade de decidir as liñas de transporte no rural, e a nosa aposta é moi clara, entendendo que a sentenza abre unha oportunidade, e non como di a Xunta que lle crea un problema.

Polo tanto, temos unha cuestión moi clara, para redeseñar as liñas de transporte apostando claramente por mellorar o servizo no rural.

Alcalde: Algo que engadir?, pois entendemos que é aprobada por unanimidade a moción do grupo socialista en relación as liñas de transporte no rural.

Rematado o debate da moción do PSdeG-PSOE, sobre a necesidade de integrar as liñas de transporte no rural en Tussa, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (9 CA, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda, que o goberno local leve a cabo as negociacións pertinentes coa Xunta para que ésta outorgue ao Concello as competencias en materia de transporte público no rural e, así, ditas competencias sexan asumidas por Tussa, resolvéndose os moitos problemas existentes nalgunhas parroquias do termo municipal.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 23 horas e 5 minutos do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo